ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

David
Rodríguez Lorenzo

Tese de doutoramento

Variación e cambio lingüístico en tempo real. Un estudo sobre o galego con base en materiais xeolingüísticos

Santiago de Compostela, 2022

Programa de Doutoramento en Lingüística

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DE DOUTORAMENTO

VARIACIÓN E CAMBIO LINGÜÍSTICO EN TEMPO REAL

UN ESTUDO SOBRE O GALEGO CON BASE EN MATERIAIS XEOLINGÜÍSTICOS

David Rodríguez Lorenzo

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN LINGÜÍSTICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2022

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DO AUTOR DA TESE

Variación e cambio lingüístico en tempo real. Un estudo sobre o galego con base en materiais xeolingüísticos

D. David Rodríguez Lorenzo

Presento a miña tese seguindo o procedemento axeitado ó Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) Na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
4) A tese é a versión definitiva para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico.

Cabanas, 03 de marzo de 2022.

Asdo.: David Rodríguez Lorenzo

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

Variación e cambio lingüístico en tempo real. Un estudo sobre o galego con base en materiais xeolingüísticos

D. Xulio César Sousa Fernández

INFORMO:

Que a presente tese se corresponde co traballo realizado por D. David Rodríguez Lorenzo baixo a miña dirección/titorización e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC e que non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

De acordo co indicado no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, declaro tamén que a presente tese é idónea para ser defendida con base na modalidade de monografía con reprodución de publicacións, nas que a participación do doutorando foi decisiva para a súa elaboración e que se axustan ó plan de investigación.

Santiago de Compostela, 03 de marzo de 2022.

Asdo.: Xulio César Sousa Fernández

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Índice

Resumo ... 11

Parte I. Obxectivos, marco teórico, materiais e métodos ... 13

1 INTRODUCIÓN ... 15
1.1 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO ... 17
1.2 OBXECTIVOS ... 20
1.3 *CONSUETUDO LOQUENDI EST IN MOTU* ... 20
1.3.1 O estudo da relación entre as linguas e o espazo ... 22
1.3.2 Breve historia da xeografía lingüística como método para a dialectoloxía ... 26
1.3.3 Dialectoloxía e xeografía lingüística en Galicia ... 32
1.3.4 O cambio lingüístico a través dos atlas lingüísticos ... 43
1.3.5 Difusión e cambio en galego a partir de datos xeolingüísticos ... 45

2 MATERIAIS ... 46
2.1 ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA ... 46
2.1.1 Historia ... 46
2.1.2 O cuestionario ... 50
2.1.3 A rede de puntos ... 52
2.1.4 Os enquisadores ... 55
2.1.5 Os informantes ... 56
2.1.6 A enquisa ... 57

2.2 ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO ... 58
2.2.1 Historia ... 58
2.2.2 O cuestionario ... 61
2.2.3 A rede de puntos ... 63
2.2.4 Os enquisadores ... 65
2.2.5 Os informantes ... 65
2.2.6 A enquisa ... 66

2.3 NOVA ENQUISA ... 67
2.3.1 Historia ... 67
2.3.2 O cuestionario ... 68
2.3.3 A rede de puntos ... 70
2.3.4 O enquisador ... 71
2.3.5 Os informantes ... 71
2.3.6 A enquisa ... 73

3 MÉTODOS ... 75
3.1 ALGÚNS CONCEPTOS BÁSICOS ... 75
3.2 METODOLOXÍA DE TRABALLO ... 79

USC DE COMPOSTELA

Parte II. Análise das variables ... 83

4 EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DAS VARIABLES. VARIACIÓN NO ESPAZO, CAMBIO NO TEMPO ... 85
4.1 VARIABLES FONÉTICAS ... 85
4.1.1 Gheada ... 85
4.1.2 Seseo ... 101
4.1.3 Sibilantes sonoras no punto 150 ... 116
4.1.4 Resultados da terminación latina -ĀNA ... 125
4.1.5 Resultados da terminación latina -ĀNU ... 130
4.1.6 Resultados da terminación latina -ĪNU ... 142
4.1.7 Eira ... 145
4.1.8 Piollo ... 149
4.1.9 Hoxe ... 152
4.1.10 Distribución de [ʎ] e [ʝ] ... 155

4.2. VARIABLES MORFOLÓXICAS ... 161
4.2.1 Pronome tónico para a P2 en función de suxeito ... 161
4.2.2 Formación do plural de substantivos e adxectivos oxítonos rematados en *-ón* ... 165

4.3 VARIABLES LÉXICAS ... 170
4.3.1 Galo ... 170
4.3.2 Raposo ... 173
4.3.3 Saltón ... 181
4.3.4 Coello ... 186
4.3.5 Chícharo ... 192
4.3.6 Riles ... 215
4.3.7 Xonllo ... 221
4.3.8 Nó ... 227
4.3.9 Berce ... 231
4.3.10 Cedo ... 249
4.3.11 Onte ... 253
4.3.12 Agora ... 258
4.3.13 Concello ... 264

Parte III. Análise estatística dos datos ... 269

5 ABORDAXE ESTATÍSTICA DOS MATERIAIS ... 271
5.1 REDUCIÓN DO NÚMERO DE VARIANTES ... 271
5.2 AUMENTO DA PRESENZA DE CASTELANISMOS ... 272
5.3 ÍNDICE DE CAMBIO ... 278

Parte IV. Interpretación dos resultados ... 283

6 CONCLUSIÓNS ... 285

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bibliografía 305

Anexos 323

ANEXO I. CUESTIONARIO 325
ANEXO II. PUNTOS DE ENQUISA 329
ANEXO III. INFORMANTES 333
INFORMANTES DO ALPI 333
INFORMANTES DO ALGA 340
INFORMANTES DA NENQ 347

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Resumo

Esta tese de doutoramento ten como obxectivo principal analizar a variación e o cambio lingüísticos do galego falado nun período que vai desde o primeiro terzo do século XX ata a primeira década do século XXI. Os materiais que se estudan están tomados de tres proxectos de documentación xeolingüística realizados en tres momentos deste intervalo: o Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (1934-1935), o Atlas Lingüístico Galego (1974-1977) e a Nova Enquisa (2008), denominación coa que identificamos unha investigación de campo desenvolvida especificamente para rexistrar os datos do período máis recente.

O traballo enmárcase dentro do ámbito da lingüística variacionista e, de xeito específico, no estudo do cambio lingüístico en tempo real. Durante a investigación combinamos a observación do cambio lingüístico de variantes correspondentes a un conxunto de variables fonéticas, morfosintácticas e léxicas coa análise da súa distribución espacial ó longo de tres etapas marcadas pola datación dos materiais empregados. Grazas a esta dobre perspectiva que nos ofrecen uns materiais datados e xeorreferenciados, é posible observar e analizar a variación lingüística no tempo e no espazo.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Parte I. Obxectivos, marco teórico, materiais e métodos

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1 INTRODUCIÓN

En 2005, dentro da sección de dialectoloxía e xeografía lingüística do Instituto da Lingua Galega (ILG) comezouse a traballar no procesamento dos datos galegos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI)[1], uns materiais (na súa maior parte inéditos) recollidos coa metodoloxía da xeografía lingüística tradicional nos anos 1934 e 1935. Nese mesmo ano, no inicio do meu último curso de licenciatura en Filoloxía Galega, o Ministerio de Educación e Ciencia concedeume unha bolsa co fin de que me incorporase ó ILG e colaborase neste proxecto baixo a coordinación de Xulio Sousa. Na altura, no centro de investigación xa se contaba cunha copia dos cadernos orixinais correspondentes ós 53 puntos galegos do ALPI. Tendo estes materiais a disposición, o seguinte paso para o seu aproveitamento consistiu no deseño dunha base de datos que permitise a visualización das imaxes dixitalizadas dos cadernos, de xeito que facilitase a consulta e edición de toda a información (Sousa / Rodríguez 2017, 255).

Grazas á axuda de Francisco Dubert, logo de analizar ó detalle a transcrición fonética dos materiais e a descrición articulatoria da versión do alfabeto fonético da *Revista de Filología Española* (RFE) empregada no ALPI, estableceuse unha táboa de correspondencias entre os símbolos transcritos nos cadernos deste proxecto e o símbolos do Alfabeto Fonético Internacional (AFI). Esta táboa de correspondencias experimentou diversas actualizacións, sempre na procura da maior precisión posible e coa intención de non perder información, tratando de respectar a minuciosidade do proxecto orixinal. Máis adiante, o equipo do Centro Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) encargado de reemprender a edición do ALPI desde 2009 consensuaría as equivalencias entre o alfabeto usado no ALPI e o AFI que serían adoptadas por todos os equipos rexionais, incluíndo o do ILG, e que son as que empregamos neste traballo[2].

Unha vez establecidos os criterios de (re)transcrición dos materiais do ALPI, comezouse a trasladar a información a unha base de datos. Neste proceso fóronse atopando certas diverxencias entre os resultados do ALPI e os resultados do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa)[3], cuxos datos foron tomados entre 1974 e 1977. Cómpre sinalar que tanto no deseño do cuestionario coma no trazado da rede de puntos, os investigadores do ALGa tiveron presentes as características do ALPI, precisamente co fin de poder abordar unha análise contrastiva entre os materiais de ambos os dous proxectos. Por iso foi posible detectar que había diferentes respostas para as mesmas preguntas obtidas nas mesmas localidades. Tras estas observacións iniciais, fixose unha pequena selección de cuestións e procedeuse a un exame máis demorado dos datos. Este estudo preliminar revelou que se produciran algúns cambios notables na distribución de determinadas variables, mentres que outras semellaban

[1] Falaremos en detalle sobre as características deste proxecto na sección § 2.1.
[2] Pódese consultar a táboa completa de equivalencias dos símbolos fonéticos na seguinte ligazón: http://www.alpi.csic.es/sites/default/files/equivalencias_foneticas.pdf
[3] Falaremos en detalle sobre as características deste proxecto na sección § 2.2.

permanecer inalteradas. Comprobouse, por exemplo, que había modificacións sensibles na extensión da gheada ou do seseo, pero non nalgúns fenómenos de carácter morfolóxico (Rodríguez 2012, Sousa 2012, Sousa 2010). Á vista destes resultados, decidiuse facer unha análise en profundidade. Así, segundo avanzaba o procesamento dos materiais do ALPI, fóronse realizando diversos estudos contrastivos de tipo fonético, léxico e morfosintáctico que permitiron abordar a análise do cambio lingüístico en tempo real (Rodríguez 2008a, 2009a; Mouzo 2008) con base na información procedente destes dous proxectos.

Considerando que median uns corenta anos entre o traballo de campo nos puntos galegos do ALPI e o traballo de campo do ALGa e vendo a aparentemente rápida evolución na distribución diatópica dalgunha variable como a propia gheada ou a propagación de determinadas formas léxicas de orixe castelá, comezouse a valorar a posibilidade de facer un novo levantamento de datos que permitise ver cara a onde foran os cambios nas últimas décadas. Os materiais galegos do ALPI retratan unha realidade lingüística anterior á Guerra Civil, ós movementos de poboación e ás fondas mudanzas socioeconómicas que se producirían nos anos seguintes (xeneralización do ensino –vehiculado integramente en castelán–, difusión dos medios de comunicación de masas –tamén vehiculados maioritariamente en castelán–, transformación do tecido produtivo, desenvolvemento urbano…). Pola súa parte, os materiais do ALGa foron recollidos nun momento en que xa se estaban rematando de consolidar todas estas mudanzas e xusto antes de que, co fin do franquismo, chegasen novos cambios.

Con estes precedentes, en 2008, tendo en conta que xa pasaran máis de trinta anos desde a realización dos inquéritos para o ALGa, considerouse oportuno poñer en marcha un novo proxecto de recollida de materiais lingüísticos xeorreferenciados que puidesen ofrecer información comparable coa extraída no propio ALGa e no ALPI (Sousa / Rodríguez 2017, 256). Naceu así a idea de facer a *Nova Enquisa* (NEnq)[4], un proxecto que debía reproducir a metodoloxía dos dous anteriores a fin de que o estudo contrastivo dos datos das tres diferentes fontes se puidese facer dun xeito rigoroso. Dito dunha maneira moi sucinta, tratábase de visitar os mesmos lugares e facer as mesmas preguntas ó mesmo tipo de informantes para obter información lingüística que se puidese comparar coa xa dispoñible. Ó tempo, nace tamén o proxecto de investigación que derivaría nesta tese[5]. Este proxecto pretende, fundamentalmente, analizar a variación dalgúns aspectos da lingua galega no espazo e no tempo con base nas tres fontes documentais que acabamos de sinalar: ALPI, ALGa e NEnq. Trátase de observar a distribución diatópica dunha selección de variables en cada un destes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[4] Falaremos en detalle sobre as características deste proxecto no apartado § 2.3.

[5] Para a realización desta tese foille concedida ó autor unha axuda de apoio á etapa predoutoral (*Contratos predoutorais USC. Convocatoria 2009*). Algúns resultados da investigación realizada (§ 4.1.1, § 4.1.6, § 4.1.8, § 4.3.6, 4.3.7, § 4.3.8, § 4.3.9, § 5.1) foron presentados como parte de artigos e capítulos de libro (Rodríguez 2008a, 2008b, 2008c, 2009a, 2009b, 2012, 2019; Sousa / Rodríguez 2017), así como en diversos congresos e simposios especializados. Os apartados § 1.3.1, § 1.3.4 e § 1.3.5 son reproducións de distintos fragmentos da publicación de Sousa / Rodríguez 2017, cuxo emprego está autorizado polo coautor do traballo.

momentos históricos (1934-1935, 1974-1977 e 2008, respectivamente) e analizar os cambios que se producen nos períodos que median entre eles.

Os resultados da investigación preséntanse neste traballo, que consta de catro partes. Na primeira, á que pertence esta introdución, detállanse as motivacións e os obxectivos do propio proxecto de tese, así como o marco teórico xeral en que se inscriben os estudos de xeografía lingüística, entendida esta como unha ferramenta para abordar a relación entre a variación lingüística e o espazo. Tamén se ofrece un repaso sobre a historia dos estudos dialectais en Galicia e se trata de explicar de que maneiras é posible analizar o cambio lingüístico a partir de datos xeolingüísticos. A seguir detállanse as características dos tres proxectos de xeografía lingüística dos que se extraen os materiais empregados. Para rematar esta primeira parte, desenvólvense algúns conceptos básicos que serán empregados na análise das variables e descríbese a metodoloxía de traballo. Na segunda parte preséntase a análise dunha selección de variables clasificadas en fonéticas, morfolóxicas e léxicas. Ofrécese en cada caso unha descrición da distribución de variantes correspondente á interpretación dos datos de cada unha das tres fontes e dáse conta dos cambios experimentados ó longo do tempo. Logo desta abordaxe cualitativa dos materiais, na terceira parte preséntanse os resultados dunha análise cuantitativa centrada no estudo estatístico dalgúns aspectos do traballo. Na cuarta e última parte expóñense as conclusións da investigación.

1.1 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Son numerosos os traballos que se levan feito sobre a variación diatópica do galego, particularmente desde a década de 1970 (cf. apartado § 1.3.3). Boa parte deles están sustentados nos datos fornecidos polo ALGa, un materiais de gran valor recollidos nun momento clave para a historia do galego (cf. apartado § 2.2.1). Porén, son escasas as contribucións da lingüística galega neste eido anteriores a esa data e a maior parte delas son de carácter parcial, ben porque non atenden á totalidade do territorio, ben porque se centran só nalgúns aspectos concretos da lingua. Por iso adquiren tanta relevancia os materiais do ALPI en Galicia, porque foron tomados cunha metodoloxía rigorosa ó longo de toda a súa xeografía e porque dan conta de numerosas variables que permiten facer unha descrición bastante precisa do galego dese período, para o que non existen caracterizacións tan completas como a que fornecen estes datos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Tendo en conta a historia deste gran proxecto, dado que a meirande parte dos materiais permanecen inéditos ata hoxe, o mero tratamento desta información constitúe un valor de seu, máis alá do aproveitamento que se lle tira na presente investigación. Tamén achega valor a este estudo o emprego dos datos do ALGa, que son a base para numerosos traballos, como

vai dito, e que supoñen o marco de referencia para os estudos dialectais sobre o galego. Por outra parte, aínda que se veñen desenvolvendo, como se sinalou, moitas investigacións sobre a variación espacial do galego, non existe ningún estudo de carácter xeral que empregue datos recentes e que abranga por completo a totalidade do territorio de Galicia. Deste xeito, o proxecto da NEnq, desde o seu deseño e a realización do traballo de campo ata o cartografado e a análise dos datos, supón unha achega que pode resultar de interese para a lingüística galega actual. Abrangue a totalidade do territorio administrativo de Galicia e os seus materiais ofrecen unha perspectiva xeral sobre boa parte dos aspectos en que se teñen centrado os estudos dialectais sobre o galego. Trátase de dúas características que ningún outro traballo recente posúe, polo que o seu desenvolvemento tamén supón un valor de seu. Ademais, os datos da NEnq permiten observar cara a onde foron certas mudanzas que xa se podían apreciar na comparación entre os materiais do ALPI e os do ALGa.

Eis a clave da presente investigación: o cambio lingüístico. A súa abordaxe implica empregar unha perspectiva diacrónica. A lingüística histórica está presente desde os primeiros estudos sobre o galego (pensemos nas etimoloxías de frei Martiño Sarmiento) e tense desenvolvido con certa profusión ata os nosos días. Esta disciplina habitualmente traballa con fontes escritas, asumindo as particularidades que este tipo de textos adoitan ter. Non obstante, a xeografía lingüística permite afrontar o estudo diacrónico partindo de materiais procedentes de usos orais, datados e xeorreferenciados. Esta análise pode ser realizada de tres xeitos diferentes (Sousa 2016):

- A partir de mapas sincrónicos. É posible detectar nun mapa unha variante illada en dúas áreas diferentes sen continuidade xeográfica e deducir que a forma presente no territorio intermedio sexa unha innovación que se foi espallando. Tamén se pode reparar na distribución de formas que se saben máis antigas ou máis novas pola súa procedencia etimolóxica, como se mostra no traballo de González (2002), no que analiza as denominacións prerromanas e latinas existentes en galego para o anfibio *Salamandra salamandra*.

- A partir de datos que permitan a observación do cambio en tempo aparente. No exame de materiais procedentes de traballos de xeografía lingüística é común atopar varias formas recollidas nun mesmo punto. Nestes casos resulta habitual dispoñer dalgunha información adicional que indique se unha das formas é máis ou menos empregada, máis ou menos moderna, máis ou menos propia de falantes dunha determinada faixa de idade… Así, é posible observar un eventual cambio en marcha e supoñer cal será o sentido dese cambio. Por outra parte, existen tamén proxectos xeolingüísticos multidimensionais que inclúen a variable idade de maneira sistemática, como o *Atlas Linguístico do Brasil* (Cardoso *et alii* 2015).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

- A partir de datos que permitan a observación do cambio en tempo real. A xeografía lingüística ofrece a posibilidade de realizar estudos comparativos entre distintas sincronías sempre que se dispoña de información obtida en polo menos dous momentos da historia separados no tempo. Os resultados deste tipo de estudos veñen marcados pola fiabilidade e a calidade dos datos manexados. O ideal é que haxa un alto nivel de coincidencia na metodoloxía empregada na recolección e tratamento dos materiais. De ser o caso, ábrese a posibilidade de observar a secuencia temporal dos diferentes momentos e deste xeito avaliar os cambios que se deberon producir nos períodos intermedios. Un exemplo deste tipo de estudo sería o realizado por Sousa (2010) ó comparar a distribución da gheada e o seseo nos materiais do ALPI e do ALGa.

Dadas as características dos materiais con que traballamos, na nosa investigación realízanse estas tres abordaxes diferentes sobre o cambio lingüístico en galego. Con todo, o foco principal céntrase na análise en tempo real dos materiais dos tres proxectos xeolingüísticos mencionados, aínda que nos valeremos das outras dúas estratexias para tratar de explicar algunhas mudanzas. Existen na altura estudos que abordan a variación do galego no tempo e no espazo: algúns parten de fontes escritas, como os de Álvarez (2007), Dubert (2015) ou Monteagudo (2019); outros céntranse en diferentes aspectos, como o de Cidrás (2009) sobre a sintaxe, o de Regueira (2014) sobre fonética, o de Pérez (2017) sobre toponimia ou o de Suárez (2017) sobre cuestións de dialectoloxía perceptiva e actitudes dos falantes; hai tamén algún traballo sobre o cambio en tempo aparente, como o de Louredo (2019) e algún outro cunha perspectiva máis teórica, como os de Regueira (2016) ou Kabatek (2017). Así mesmo, é posible citar algúns estudos sobre o cambio lingüístico en galego en tempo real, tales como o de Sousa (2016), o de Sousa e Rodríguez (2017) ou os de Rodríguez (2008a, 2008b, 2009a, 2009b, 2012 e 2019), todos eles de carácter parcial, pois están centrados en aspectos particulares como a gheada, o seseo ou algúns campos semánticos. A diferenza destes traballos, o que aquí nos ocupa aborda a análise do cambio lingüístico en galego desde unha perspectiva máis xeral, contando con datos da meirande parte do dominio, empregando un número elevado de variables e abranguendo un período de tempo relativamente amplo.

Xa que logo, esta investigación vén cubrir unha necesidade percibida no eido da investigación lingüística en Galicia, que é a de estudar os cambios experimentados polo galego no último século dunha maneira sistemática e non meramente impresionista ou intuitiva, con base en materiais tomados cunha metodoloxía rigorosa e fiable, datados, xeorreferenciados e procedentes da lingua oral. Agardamos, ademais, que o modelo metodolóxico desenvolvido neste traballo poida servir de guía a futuros estudos que traten de profundar na variación lingüística espacial e temporal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.2 OBXECTIVOS

O principal obxectivo desta investigación é estudar a variación dalgúns aspectos do galego no espazo e no tempo con base en materiais procedentes de tres proxectos de xeografía lingüística correspondentes a tres momentos históricos diferentes: ALPI (1934-1935), ALGa (1974-1975) e NEnq (2008). Para lograr este fin, determínanse os seguintes obxectivos secundarios:

1. Estudar os datos de cada un dos tres proxectos, editalos e representalos en mapas e táboas que faciliten a súa interpretación en relación co espazo e co tempo.
2. Procurar posibles indicios de cambio lingüístico observables desde cada sincronía, atendendo á distribución de formas e á información sobre os seus usos e as actitudes dos falantes.
3. Comparar as respostas por punto de cada unha das tres fontes de datos empregadas para detectar se hai ou non diverxencias entre elas e determinar así cando e onde se producen os cambios.
4. Analizar a evolución na distribución de variantes a fin de identificar posibles tendencias de mantemento ou cambio lingüístico en tempo real.
5. Tratar de dar unha explicación ó mantemento, difusión e contracción de determinadas variantes.
6. Avaliar o impacto da lingua castelá nas falas galegas, particularmente no terreo léxico-semántico.
7. Avaliar o posible impacto de determinadas variedades galegas xeograficamente maioritarias sobre outras que teñen menor extensión.
8. Comprobar os cambios no rango de variabilidade ó longo do período estudado analizando a cantidade de variantes rexistradas para algunhas variables.
9. Elaborar un índice de cambio por punto e período.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.3 *CONSUETUDO LOQUENDI EST IN MOTU*

Marco Terencio Varrón, polígrafo e militar romano que viviu entre os anos 116 e 27 a. C., enunciou a máxima "*Consuetudo loquendi est in motu*". Esta afirmación encerra un pensamento sagaz, adiantado ó seu tempo, contraposto á concepción monolítica da lingua

que tiña a maior parte dos gramáticos na altura e que perviviría durante séculos. Recoñécense nela as dúas forzas que actúan coma unha constante sobre os sistemas lingüísticos: a centrípeta, representada pola *consuetudo*, pola necesidade que unha comunidade de falantes ten de empregar un código compartido, e a centrífuga, representada polo *motu*, polo cambio, pola capacidade humana de innovar, mudar e adaptarse. A afirmación do pretor retiano implica que as linguas non son uniformes e transmite tamén unha idea de normalidade respecto da variación, afastada da vella noción da mesma como un proceso de deturpación (a partir dunha suposta lingua primixenia ideal) que debe ser freado. Lamentablemente, o pensamento de Varrón non callou na súa época e ningunha escola adoptou os seus postulados. Así, permaneceu como unha figura illada na historia dos estudos lingüísticos (J. K. Chambers 2002: 6). Habería que agardar practicamente vinte séculos para que se desenvolvese este tipo de concepción dinámica das linguas e se observase o cambio como un elemento consubstancial a todas as variedades faladas.

Con todo, a reflexión sobre a variación pode ser tan antiga como a linguaxe humana mesma. Dentro dunha determinada comunidade de falantes debeu de existir sempre unha percepción intuitiva sobre as diferenzas coa lingua dos seus devanceiros ou en relación con outras comunidades de falantes. Noutras palabras, sempre se debeu de reparar en como falamos *nós aquí agora* respecto *doutros* (Rodríguez 2008b: 8). Xa o *Libro dos xuíces*, que forma parte do *Antigo Testamento* católico e do *Tanaj* hebreo, cuxa redacción é anterior ó século VI a. C., dá conta da observación da variación lingüística nunha das súas pasaxes máis cruentas. O relato sitúase á beira do Xordán, no combate entre galaaditas (procedentes da marxe oriental do río) e efraimitas (procedentes da marxe occidental). Conta que algúns efraimitas conseguiron infiltrarse entre as tropas inimigas, facéndose pasar por aliados. Pero a súa presenza comezou a xerar desconfianza e un xefe galaadita ideou un modo de identificar os impostores: chamaba a un sospeitoso, mostráballe unha espiga de trigo e pedíalle que dixese que nome lle daba a aquilo. Segundo consta na escritura (Xuíces 12, 6), os galaaditas chamábano *shibboleth*, o que fai presupoñer a pronuncia dunha fricativa palatal no inicio da palabra. Por contra, o infiltrado efraimita "dicía *siboleth* [enténdese que cunha articulación alveolar], porque non podía pronuncialo correctamente. Entón, agarrábano e degolábano". Trátase dunha das mostras máis antigas da consideración dun feito dialectal (Chambers / Trudgill 1998: 35-36). Ademais, encaixa perfectamente co seguinte pensamento de Leonard Bloomfield sobre a intersección entre lingua e sociedade:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> All the so-called higher activities of man –our specifically human activities– spring from the close adjustment among individuals which we call society, and this adjustment, in turn, is based upon language; the speech community, therefore, is the most important kind of social group (Bloomfield 1933: 42).

En efecto, a comunidade de fala talvez sexa o grupo social máis importante a que pertence un individuo e ese grupo social sempre estivo moi marcado polas relacións de proximidade. Aínda hoxe, con todas as tecnoloxías da comunicación de que dispomos, a contorna social elemental da maior parte das persoas encóntrase nunha área xeográfica relativamente pequena, pero antigamente, con sistemas de comunicación rudimentarios e con maiores dificultades para a mobilidade persoal, esta situación era aínda máis marcada. A relación entre grupo social e espazo foi e segue sendo moi importante. Así, esa forza congregadora actúa en comunidades de fala cohesionadas por diferentes motivos, mentres que a oposta, a forza disgregadora, adoita incrementar os seus efectos na medida en que aumenta a distancia xeográfica. Existe, pois, un vínculo moi estreito entre a variación lingüística e espazo.

1.3.1 O estudo da relación entre as linguas e o espazo

Como acabamos de ver, a relación entre lingua e territorio é obxecto de reflexión desde antigo. No entanto, nas últimas décadas abordouse esta cuestión desde perspectivas científicas moi diversas que están a permitir descubrir correlacións imprevistas entre a diversidade lingüística, en todos os seus sentidos, e factores externos de natureza moi heteroxénea (ambientais, biolóxicos, xenéticos, históricos, económicos, poboacionais etc.; (Axelsen & Manrubia 2014; Creanza et al. 2015; Roberts & Winters 2013). O interese polo estudo da vinculación entre o espazo, entendido en sentido euclidiano, e as linguas ilústrase con frecuencia na actualidade mostrando sobre un mapa como a diversidade lingüística se ordena sobre a superficie da terra. Se reparamos nun dos mapas que David Nettle incluíu no seu traballo de 1999 sobre a diversidade lingüística, non resulta difícil decatarse de que as áreas con maior pluralidade se concentran no ecuador e os índices de complexidade van decrecendo segundo nos afastamos desta zona, tanto para o norte como para o sur (Nettle 1999; Stepp, Cervone, Castand, Lasseter, & Stocks 2004). Con todo, a atención ás dependencias que se producen entre o espazo xeográfico e as linguas é antiga e comezou nunha dimensión moito menos global cá que agora chama a atención dos investigadores de disciplinas tan afastadas dos estudos lingüísticos como a xenética, a bioloxía ou as ciencias ambientais.

Os falantes sempre foron conscientes de que as diferenzas lingüísticas entre poboacións próximas acostuman ser escasas e raramente dificultan a comunicación; porén, estas diverxencias habitualmente acrecéntanse segundo a separación entre as localidades ou rexións aumenta, e a distancia lingüística acentúase aínda máis se no afastamento media a existencia de límites administrativos, fronteiras políticas ou barreiras naturais (montes, desertos, masas de auga etc.). En 1970 o xeógrafo suízo-americano Waldo Tobler enunciou

en forma de regra esta evidencia, da que calquera leigo en ciencias pode ser consciente só coa axuda da súa experiencia: "Everything is related to everything else, but near things are more related than distant things" (Tobler 1970). Este principio, que hoxe se considera básico na análise espacial e primeira lei da xeografía, ten aplicación en moitos feitos sociais e culturais implicados no espazo, entre eles a variación lingüística. Os estudos pioneiros de dialectoloxía e de tipoloxía lingüística asumiron esta estreita conexión entre o espazo topolóxico e a distribución de linguas e características lingüísticas (Mühlhäusler 2010).

A reflexión sobre a variación diatópica das linguas iniciouse na cultura occidental hai máis de dous mil anos e mantívose viva ata a actualidade (Pop 1950). A pesar desta continuidade, as análises sistemáticas das relacións entre lingua e espazo son recentes e xurdiron canda os primeiros estudos científicos de lingüística no século XIX. A interpretación máis simple da relación entre espazo e lingua represéntana os primeiros traballos de lingüística comparada, que pretendían encontrar e demostrar a influencia directa que sobre a lingua tiñan as variables de proximidade, distancia e illamento. As investigacións estaban condicionadas pola concepción de espazo compartida polas ciencias no século XIX, que restrinxía esta variable unicamente ó sentido topográfico. Esta interpretación do espazo mantívose durante moito tempo como un trazo definitorio da xeolingüística, subdisciplina da dialectoloxía que nace tamén a finais do século XIX.

A dialectoloxía tradicional recoñece a variación como unha característica esencial das linguas e céntrase no estudo da distribución das variantes de fala. Como veremos no seguinte apartado, a dialectoloxía e a xeografía lingüística naceron vinculadas ó estudo da historia das linguas, como disciplinas complementarias que podían fornecer información sobre variantes que contribuirían a coñecer e explicar mellor a evolución das variedades. Polo tanto, non é de estrañar que o primeiro interese dos estudosos se centrase na análise daquelas variedades que mellor puidesen poñer ós investigadores en contacto coa historia das linguas, é dicir, aquelas variedades que polas características das poboacións que as empregaban (illamento, incomunicación, afastamento de núcleos urbanos etc.) resultasen lingüisticamente máis conservadoras: as variedades faladas nas áreas residuais (Chambers & Trudgill 1998: 98). Os métodos dos primeiros traballos de xeografía lingüística estaban condicionados por este motivo. Unha vez identificadas as comunidades máis illadas e conservadoras, cumpría seleccionar para a investigación aqueles individuos que máis se achegasen a ese ideal de falante xenuíno: persoas de idade avanzada, pouco viaxadas, residentes en zonas rurais e de sexo masculino.

En Europa, os estudos de dialectoloxía, e de xeito particular os proxectos de xeografía lingüística, mantiveron este perfil de informantes modélicos durante moitas décadas. De feito, as tres fontes de datos empregadas neste traballo seguen, de maneira xeral, esta metodoloxía. O interese das investigacións estaba nas variedades rurais, consideradas como fósiles lingüísticos próximos á desaparición que precisaban ser documentados e estudados.

No seu primeiro estadio, os estudos de dialectoloxía conservaron a forte vinculación coa lingüística histórico-comparada do século XIX. A investigación sobre as variedades rurais realizábase desde unha postura pesimista que supoñía que a industrialización e urbanización das sociedades ían conducir inevitablemente á decadencia e perda desas falas idealmente enxebres que nos podían achegar ó pasado. Coñecer a distribución espacial das variantes era tamén unha forma de encontrar esa conexión cos períodos pretéritos da historia lingüística, en tanto que se consideraba que as áreas dialectais tiñan a súa xustificación ben en fenómenos topográficos, ben en divisións administrativas e eclesiásticas antigas (Schrambke 2010). Son ilustradoras desta concepción dos estudos dialectais as palabras coas que Fritz Krüger se lamentaba en 1930 de como o abalo imparable de modernidade facía difícil salvar e rexistrar os vestixios da cultura tradicional:

> «Sabemos todos que vivimos ahora en una época de transición, de transformación completa de lo heredado de nuestros padres, de lo tradicional, de lo antiguo. Debido a influencias diversas, lo autóctono, lo indígena de muchas regiones va retrocediendo, dando carrera a tendencias niveladoras y destructoras. Lo uniforme se va imponiendo a lo diferenciado, lo común a lo típico, lo banal a lo pintoresco, quitando a regiones y pueblos su nota característica, su sabor local, su historia. Cometeríamos una grave falta si no nos diésemos cuenta de este proceso que cada día va ganando más terreno, cada día se va revelando más fuerte y funesto. Que se queden los manuscritos dormidos en los archivos, no importa; pero lo que sí que importa es salvar lo que de aquí a poco ya no puede salvarse. Las manifestaciones de las tradiciones regionales son testimonios de la historia de un país que hay que respetar como cualquier documento histórico de valor. Es poco el contrapeso que el trabajo personal de los investigadores puede oponer a la destrucción inminente. Pero más vale algo que nada» (fragmento do texto dunha conferencia pronunciada en español por F. Krüger en Hamburgo en febreiro de 1930; apud (Paiva Boleo 1931: 251); as correccións son nosas).

A lingüística histórica e a dialectoloxía tradicionais contribuíron a chamar a atención sobre a variación lingüística temporal e espacial, demostrando que esta é sistemática e pode ser obxecto de investigación lingüística. Estas dúas disciplinas favoreceron a conformación da sociolingüística variacionista como disciplina lingüística nos anos sesenta do século pasado. O nacemento da sociolingüística é interpretado por algúns estudosos como unha reacción á lingüística chomskiana e, moi secundariamente, como un intento de darlle unha viraxe radical ós estudos de dialectoloxía e historia da lingua (Britain 2002). A variación e o cambio nas linguas son fenómenos complexos que non é posible explicar acudindo unicamente a factores históricos e xeográficos. Por tanto, os dialectos enxebres e as áreas residuais deixan os únicos focos de interese para a dialectoloxía. Coñecer as causas do

cambio lingüístico supoñía ter que acudir ó contorno en que este se produce e investigar factores de tipo social.

A sociolingüística variacionista, a diferenza da dialectoloxía tradicional, interpreta a evolución lingüística dun xeito positivo. A variación é consusbstancial á existencia das linguas, daquela os cambios non son signo de deterioro dos sistemas lingüísticos, senón mostra da súa vitalidade e do seu progreso (Villena Ponsoda 2012). As consecuencias desta viraxe metodolóxica e teórica dos estudos variacionistas afectaron directamente á investigación dialectal e xeolingüística. Os cambios lingüísticos deixaron de interpretarse como un problema e pasaron a converterse nun dos motivos principais da investigación lingüística. A dialectoloxía deixou de ser rural e tornouse urbana, dado que era preciso observar as mudanzas lingüísticas en tempo real e no lugar en que se estaban a producir: as cidades, as comunidades que eran identificadas como máis heteroxéneas e dinámicas. Como comenta Britain, este xiro de perspectiva levou incluso a defender, erradamente, que todas as mudanzas lingüísticas tiñan a súa orixe nas sociedades urbanas, identificadas coa modernidade e o dinamismo; segundo esta perspectiva nas comunidades rurais –arcaicas, illadas e estáticas– nunca se producían cambios que chegasen a difundirse e triunfar (Britain 2002).

O cambio de paradigma científico ocorrido na década dos anos sesenta mudou de maneira xeral a investigación nas ciencias humanas. Acentuouse o carácter social das pescudas e ademais cobraron maior relevancia os procedementos de análise baseados en métodos cuantitativos (Labov 1966). No ámbito dos estudos sobre a variación, as consecuencias desta revolución levaron a que se comezase a distinguir entre unha dialectoloxía social e unha dialectoloxía rexional, esta última continuadora dos principios e métodos da dialectoloxía tradicional. A nova dialectoloxía social, tamén denominada sociolingüística, centrábase na cuantificación da variación lingüística e na procura de correlacións con factores de tipo social que explicasen a variación e o cambio. O espazo (topolóxico) deixou de ser un factor considerado como primordial para explicar o cambio e a historia das linguas. A razón non era unicamente que os compoñentes sociais se considerasen máis relevantes, senón que dentro da xeografía lingüística non se chegaran a desenvolver contribucións teóricas suficientemente sólidas como para analizar e interpretar de xeito sistemático a distribución espacial das variantes. A pesar dos estudos variacionistas teren a súa orixe na dialectoloxía tradicional, o espazo como variable implicada na variación e no cambio lingüístico non mereceu a partir deste momento a mesma atención teórica ca outras categorías sociais implicadas nos mesmos fenómenos. Tiveron que pasar varias décadas para que as débedas da sociolingüística coa dialectoloxía fosen tidas en conta e os estudos de xeografía lingüística volvesen cobrar o recoñecemento merecido (Trudgill 1982). No seguinte apartado farase un repaso ó desenvolvemento histórico da disciplina.

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1.3.2 Breve historia da xeografía lingüística como método para a dialectoloxía

A xeografía comezou a desenvolverse como unha disciplina académica de prestixio a partir dos séculos XVIII e o XIX, no contexto do colonialismo europeo. Nesta época, os xeógrafos empezaron a presentar o seu traballo dunha maneira científica e a súa disciplina deixou de ser vista como unha simple ferramenta para a navegación (Johnston 2010: 1). O que poucos imaxinarían na altura é a utilidade que chegaría a ter para os estudos lingüísticos. Nesta época, dentro das correntes de pensamento da Ilustración, comezou a xurdir certo interese polas variedades dialectais. Porén, non é ata 1814 cando a un intelectual francés, Claude-François-Étienne Dupin (primeiro estudoso dos *patois*, variedades rexionais afastadas en maior ou menor medida do francés estándar), se lle ocorreu representar os resultados das súas investigacións lingüísticas en mapas. Tras os seus traballos, aumentou en Europa o interese polo estudo das variedades lingüísticas diatópicas. Cómpre lembrar que o pensamento do Romanticismo, moi en boga na altura, puña o foco na cultura popular, da que estas falas rexionais facían parte (ó igual que a música, os relatos e poemas de tradición oral, a gastronomía ou os costumes), consideradas como a expresión do espírito dunha cultura (Mitchell 2000: 23). Por outra parte, talvez axudou a este pulo dos traballos dialectais o feito de que cartografía convertía os estudos lingüísticos nunha cuestión científica, algo que desde as ciencias naturais se lle negaba, o que os facía máis atractivos.

Anos máis tarde, os neogramáticos puxeron a súa atención na variación xeográfica desde a súa abordaxe histórico-comparativa da lingüística. Para eles, a historia das linguas podía ser reconstruída, en parte, grazas ó estudo de certas variedades conservadoras que se podían atopar en comunidades de falantes illadas e resistentes ó cambio. Tiñan o convencemento de que as mudanzas fonéticas estaban rexidas por leis que non admitían excepción. O neogramático alemán Eduard Sievers, da chamada Escola de Leipzig, foi quen estableceu os fundamentos fonéticos empregados durante o período como base para os estudos dialectais (Murray 2010: 71). Desde a perspectiva desta corrente, o interese da lingüística debía estar focado na oralidade e era preciso desbotar a concepción despectiva de que as variedades xeográficas son unha especie de versións deturpadas dunha lingua estándar ideal. Todo o contrario, os neogramáticos consideraban que era da máxima importancia documentar e preservar a información de carácter dialectal.

Neste contexto, o profesor da Universidade de Tübingen Adelbert von Keller, interesado na lingua oral e na variación diacrónica, iniciou unha ampla recolección de materiais dialectais. En 1861 enviou unha *Bitte um Mitwirkung zur Sammlung des schwäbischen Sprachschatzes* (‘Chamada á colaboración na recollida dos tesouros da lingua suabia[6]’) aos mestres de todas as vilas de Württemberg (Schrambke 2010: 88). A carta contiña unhas instrucións moi precisas: pedíaselles que anotasen, para despois remitirllas,

[6] Suabia é unha rexión histórica que actualmente comprende parte dos estados alemáns de Baden-Württemberg e Baviera.

todas as palabras usadas en Suabia que non aparecesen nos textos escritos en estándar alemán ou que tivesen un significado distinto ó da norma padrón, así como palabras que diferisen na súa flexión ou derivación e calquera expresión considerada rexional que aparecese en documentos ou na onomástica (Keller 1855: 10; apud Schrambke, 2010: 88). A súa idea era representar en mapas a información lingüística obtida para poder delimitar tanto as fronteiras externas como as divisións internas da variedade suabia. Xa se empregara con anterioridade a cartografía para representar a variación diatópica e abordar o seu estudo, pero os traballos de Keller supuxeron o primeiro levantamento de datos lingüísticos xeorreferenciados masivo e sistemático.

Posteriormente, un discípulo seu, Georg Wenker, faría evolucionar o método. En 1876, co gallo de estudar as falas da rexión de Renania[7], enviou aos mestres da rexión un cuestionario con 42 enunciados pedindo que os transcribisen na variedade local empregando o alfabeto convencional mais algúns símbolos diacríticos que lles permitían representar certas vogais. Coas máis de 1.500 respostas recibidas (dun total de aproximadamente 2.200 cuestionarios distribuídos) elaborou un pequeno traballo no que mapeaba os resultados e analizaba as diferentes falas da zona. Un ano máis tarde enviou unha nova versión do cuestionario, con 38 enunciados, ás escolas de Westfalia, dando as mesmas instrucións. En 1878, o goberno concedeulle fondos para realizar unha enquisa en toda Prusia. Meses máis tarde completouse o primeiro traballo con forma de atlas lingüístico da historia, o *Sprach-Atlas der Rheinprovinz nördlich der Mosel sowie des Kreises Siegen*, unha colección de mapas preimpresos con isoglosas en cor trazadas á man (Schrambke 2010: 89).

Grazas á axuda institucional, nos seguintes dous anos, Wenker fixo chegar a versión final do cuestionario, con 40 enunciados, a preto de 30.000 localidades. Coa información recollida elaborou o seu famoso *Sprachatlas von Nord- und Mitteldeutschland* (Wenker 1881). O éxito da publicación foi inmediato, pero a cantidade inxente de materiais non era doada de procesar. Ademais, nos anos posteriores, os discípulos de Wenker foron engadindo territorios ata completar todas as falas alemás. Desafortunadamente, non chegaron a ver publicado o seu *Deutscher Sprachatlas* de xeito convencional, pero recentemente a Philipps-Universität Marburg disponibilizou os materiais en liña baixo o nome de *Digitaler Wenkeratlas* (DiWA)[8]. Tras os traballos de Wenker, axiña se puxeron en marcha proxectos que aplicaban o seu método, como o de Hermann Fischer, que publicou a *Geographie der schäbischen Mundart* en 1908. En 1909 chegaría o *Linguistischer Atlas des dacorumänischen Sprachgebiets*, de Gustav Weigand. Tratábase do primeiro traballo de xeografía lingüística de ámbito románico, tamén centrado na fonética, como era habitual na altura, e achegaba unha importante novidade metodolóxica: a realización *in situ* das enquisas.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[7] Renania é unha rexión histórica que actualmente comprende parte dos estados alemáns de Sarre, Renania-Palatinado e Renania do Norte-Westfalia.

[8] Poden ser consultados, xunto con información detallada sobre o proxecto, na seguinte ligazón: https://www.uni-marburg.de/de/fb09/dsa/projekte/digitaler-wenkeratlas-diwa

Con estes antecedentes, a finais so século XIX iniciou Jules Gilliéron as súas investigacións sobre as falas rexionais movido pola vontade de salvar para a ciencia e a posteridade estas variedades históricas que o centralismo francés estaba a ameazar, e que na actualidade corren serio perigo de desaparición. Foi o primeiro en abordar a representación cartográfica de fenómenos morfolóxicos e léxicos, sen limitarse exclusivamente aos fonéticos (Jaberg 1959: 11). Redactou un cuestionario con máis de 1.900 preguntas e fixou unha rede de 639 puntos que abranguía todas as falas galorrománicas, incluídas as súas extensións para alén das fronteiras de Francia. Coa idea de garantir a homoxeneidade da transcrición dos materiais, encargou a realización das enquisas a unha soa persoa, Edmond Edmont (Scharambke 2010: 92). Entre 1897 e 1900, o investigador viaxou ás localidades e recolleu os datos de maneira directa, entrevistando en cada punto un único informante que debía reunir as seguintes características: ser natural do lugar, non ter estudos e falar a variedade lingüística local. Esta definición do informante tipo sería empregada en moitos dos proxectos de xeografía lingüística realizados con posterioridade, chegando a converterse nun criterio canónico de selección nos proxectos de dialectoloxía tradicional. Os investigadores J. K. Chambers e Peter Trudgill acuñaron un acrónimo para referirse a este falante ideal procurado neste tipo de estudos: NORM (nonmobile, older, rural, male; Chambers / Trudgill 1998: 57).

Durante a entrevista, Edmont anotaba meticulosamente as respostas en alfabeto fonético e logo ía mandando os cuestionarios cubertos coas respostas a Gilliéron, quen posteriormente cartografou os datos empregando a súa transcrición fonética e elaborando un mapa para cada variable. Non trazaba isoglosas nin colocaba símbolos, simplemente representaba a transcrición das respostas sobre cada punto (Lameli 2010: 577). Este tipo de representación dos datos empregaríase posteriormente en numerosos atlas lingüísticos ó longo do século XX, entre eles, o ALPI. Naceu, deste xeito, o *Atlas Linguistique de la France* (ALF), o primeiro grande atlas nacional, que consta de 1.920 mapas que foron publicados en 13 volumes sucesivos entre 1902 e 1910. Naceu tamén, ó tempo, a denominación de *géographie linguistique* para o método, que pronto se estendería por Europa. Con base na análise dos seus mapas viuse que as palabras se difunden e que nos seus desprazamentos topan con outras palabras ás que poden substituír ou coas que poden convivir. Grazas á cartografía foi posible ler os resultados desde unha perspectiva diacrónica observando, por exemplo, como unha determinada variante innovadora pode ocupar un determinado territorio deixando a solución conservadora en áreas marxinais illadas (García Mouton 2006: 74).

A partir desta nova perspectiva de análise lingüística acabaría xurdindo unha nova corrente dentro da neogramática: a neolingüística, tamén coñecida como lingüística espacial. Baseaba os seus postulados en leis (chamadas normas areais) que pretendían explicar "a posición da palabra no espazo" (Bertoni / Bartoli 1928). Así, os neolingüistas desenvolveron un aparato teórico que trataba de establecer relacións de causalidade entre a distribución diatópica de variantes e a historia da lingua. Pero a evolución das falas é un obxecto de estudo

que non se deixa encorsetar, que non atende a principios universais nin regras infalibles, e pronto esta visión deixou de suscitar interese en favor da idea de que cada palabra ten a súa propia historia (Malkiel 1983).

Mentres tanto, imitando o modelo do ALF foron xurdindo novos proxectos en diferentes dominios lingüístico europeos, como o *Atlas Linguistique de la Corse* (dirixido polo propio Gilliéron entre 1911 e 1914), o *Atlas Lingüístic de Catalunya* (posto en marcha en 1912 por Antoni Griera), o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (do que falaremos polo miúdo máis adiante), o *Atlante Linguistico Italiano* (iniciado en 1924 por Mateo G. Bartoli) ou o *Atlasul lingvistic român* (dirixido entre 1930 e 1940 por Emil Petrovici). Pola súa metodoloxía, destaca entre todos o *Sprach- und Sachatlas Italiens und der Südschweiz*, tamén coñecido como *Atlas Italo-Suízo* (AIS), de Karl Jaberg e Jakob Jud, publicado entre 1928 e 1940. Supuxo un grande avance metodolóxico respecto dos anteriores polas seguintes razóns (García Mouton 2006: 67): i) empregou cuestionarios diferentes segundo o lugar de enquisa, adaptándose á realidade local; ii) neste sentido, afondou na relación entre a lingua e a cultura material, no marco do movemento *Wörter und Sachen* ('palabras e cousas')[9], dando ás enquisas unha orientación etnográfica; iii) incluíu as cidades, consideradas núcleos de irradiación; iv) tivo en conta a perspectiva histórica e v) fixo unha clasificación semántica dos conceptos para estruturar o cuestionario e o propio atlas. Boa parte destas innovacións metodolóxicas serían adoptadas nos proxectos da seguinte xeración.

Na década dos 40, para dar conta das especificidades de determinados dominios lingüísticos non estatais, comezaron a aparecer os chamados atlas rexionais ou de pequeno dominio, cunha rede de puntos máis densa e que pretendían encher os ocos deixados polos grandes atlas nacionais. Inaugurou esta tendencia Albert Dauzat, quen coordinou *Le nouvel atlas linguistique de la France par régions* (NALF), publicado en 1942. Inspirado no AIS de Jaberg e Jud, tiña un cuestionario para cada unha das rexións que se ían estudar; nel incluíase unha parte común que permitiría facer mapas xerais de todo o territorio francés. Igual que sucedera anos atrás co ALF, tras a publicación do NALF chegarían novos proxectos inspirados na súa metodoloxía. En palabras de Manuel Alvar (1973: 198) estes novos atlas rexionais tiñan enormes vantaxes: "conocimiento depurado de las áreas que estudian, penetración en las estructuras lingüísticas más recónditas, establecimiento seguro de isoglosas, exacta correspondencia entre las cuestiones formuladas y las respuestas obtenidas".

Coa idea de ir conformando un mosaico de atlas de pequeno dominio que dese conta da realidade lingüística de España e cubrise o baleiro producido pola interrupción na edición e publicación do ALPI, sobre o que trataremos demoradamente na sección § 2.1, o propio

[9] Deixando atrás o atomismo dos neogramáticos, centrados unicamente na fonética, varios lingüistas alemáns vinculados coa Universiade de Heidelberg, deron un paso adiante tratando de integrar a lingüística no conxunto dos estudos culturais. Así, comezaron a ocuparse da investigación non só das denominacións, senón dos obxectos, feitos e ideas que designan. O método toma o nome da revista homónima fundada por Rudolf Meringer e Wilhem Meyer-Lübke.

Manuel Alvar dirixiu varios proxectos nos que tratou de replicar os métodos do NALF. Chegarían así o *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Andalucía* (ALEA), publicado en seis volumes entre 1961 e 1973; o *Atlas Lingüístico y Etnográfico de las Islas Canarias* (ALEICan), publicado en tres volumes entre 1975 e 1978; o *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Aragón, Navarra y Rioja* (ALEANR), publicado en doce volumes entre 1979 e 1983, e o *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Cantabria* (ALECant), publicado en dous volumes en 1995.

Posteriormente desenvolveuse o *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Castilla-La Mancha* (ALeCMan), de Pilar García Mouton e Francisco Moreno Fernández, no que se aplicou a metodoloxía dos anteriores coa intención de unilo nese mosaico ó ALEANR polo norte e ó ALEA polo sur (García Mouton 2006: 73). A estes proxectos engadirase o *Corpus dialectal de Extremadura* (CODIEX), dirixido por José Antonio López Salgado entre 2005 e 2009, e os atlas doutras linguas do estado español: o *Atlas Lingüític del Domini Català*, iniciado por Antoni M. Badia i Margarit e Germà Colon e dirixido na actualidade por Lídia Pons Griera e Joan Veny, do que se levan publicados xa nove volumes entre 2001 e 2018; o *Euskararen Herri Hizkeren Atlasa* (EHHA), iniciado por Jean Harttschelhar, Beñat Oihartzabal, Andolin Egukitza e Adolfo Arejita e coordinado na actualidade por este último, coa dirección técnica de Gotzon Aurrekoetxea e Xarles Bidegain, do que se levan publicados once volumes entre 2008 e 2020, e o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), do que falaremos con detalle na sección § 2.2.

A seguinte evolución da xeografía lingüística chegou a partir da década de 1970 cos chamados atlas lingüísticos supranacionais. O primeiro proxecto deste tipo foi o *Atlas Linguarum Europae* (ALE), que comezara a fraguarse en 1965 coa axuda da Unesco retomando a idea dun gran atlas lingüístico europeo proposta por Roman Jakobson a finais da década de 1930 e truncada polo estalido da Segunda Guerra Mundial. O lingüista italiano Mario Alinei púxose á fronte desta obra fundamentalmente focada no léxico de seis familias lingüísticas presentes no continente europeo: altaica, vasca, indoeuropea, caucásica, semítica e urálica. Algúns proxectos de xeografía lingüística desenvolvidos en Europa nos anos seguintes colaboraron co ALE ó incluír o seu cuestionario, como foi o caso do ALGa (González 1992). Froito desta vontade de cooperación, naceu tamén o *Atlas Lingüístico Románico* (ALiR), dirixido por Michel Contini, unha obra colectiva que engloba numerosos atlas dos diferentes ámbitos románicos: galorrománico, italorrománico, iberorrománico, retorrománico e romanés. Lévanse publicados xa tres volumes dos once que se contemplan. A parte galega está coordinada por Manuel González González desde o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Desde as súas orixes ata a actualidade, a xeografía lingüística vén demostrando ser unha ferramenta útil para a dialectoloxía. Contextualiza as linguas no espazo, permitindo estudar dunha maneira moi visual e sinxela a extensión de determinados fenómenos

lingüísticos, o que implica coñecer as súas fronteiras. Isto bota por terra a idea decimonónica dos límites abruptos entre dialectos, cambiándoa por unha concepción de límites difusos determinados por feixes de isoglosas e introducindo así o concepto de *continuum* lingüístico vixente ata os nosos días. Alén do estudo e categorización das variedades diatópicas, a xeografía lingüística permite ter acceso a rexistros de lingua oral compilados e organizados por especialistas, posibilita a análise da variación no espazo, facilita o estudo do cambio e da historia das linguas e proporciona información para realizar unha abordaxe etnográfica das comunidades de falantes (Julià 2019). Porén, os críticos co método tamén teñen exposto as súas limitacións, como sinala García Mouton (2006: 76):

> - Se encuesta sólo unos puntos determinados, no todo el territorio.
> - Se interroga habitualmente a un informante por localidad, lo que excluye la posibilidad de observar procesos en marcha (niños, jóvenes, etc.).
> - Un atlas responde a un momento dado (una sincronía convenida) y no a un corte anterior o posterior.
> - El cuestionario impone una relativa formalidad en la relación entre encuestador e informante.
> - La mecánica pregunta-respuesta suele obtener una sola respuesta, concreta, pero hace perder sinónimos parciales, voces afectivas, etc.
> - Un atlas sólo investiga el nivel que representa un informante rural, de cierta edad, poca instrucción, del lugar.

Algunhas destas eivas foron xa superadas por unha nova xeración de atlas multidimensionais, nos que se teñen en conta variables como a idade, o sexo ou o nivel de estudos dos informantes, por exemplo. Unha boa mostra deste novo xeito de facer xeografía lingüística é o *Atlas Linguístico do Brasil* (ALiB), unha obra colectiva iniciada por Suzana Alice Cardoso e Jacyra Mota. Dirixida na actualidade por esta última e Silvana Ribeiro, leva xa dous volumes publicados. Por outra parte, os atlas lingüísticos proporcionan o material de base para novas abordaxes metodolóxicas, como a dialectometría, que mide as distancias dialectais axudándose de fórmulas taxonómicas grazas á informática (García Mouton 2006: 77). Ademais, nos últimos tempos avanzouse no estudo de planos lingüísticos que tradicionalmente estaban menos atendidos, como a sintaxe ou a prosodia (Lameli 2010: 582). Alén disto, a computerización do tratamento dos datos e da súa representación cartográfica abriu novas portas para a disciplina, xa que permite xerar mapas interactivos e mesmo personalizados. A través dunha interface, o usuario pode seleccionar e manipular os datos cos que quere traballar, así como o modo de representalos (símbolos, isoglosas, polígonos etc.). Xa que logo, demóstrase que, transcorridos máis de cen anos desde que se puxera en

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

práctica por primeira vez, a xeografía lingüística segue sendo unha ferramenta de máxima utilidade para estudar as relacións entre lingua e territorio.

1.3.3 Dialectoloxía e xeografía lingüística en Galicia

Como se puido ver no apartado anterior, o estudo sistemático das variedades dialectais comeza en Europa a mediados do século XIX. Porén, a reflexión sobre a variación vén de antes. No caso particular da lingua galega, foi na época da Ilustración cando apareceron as primeiras contribucións neste campo. Trátase de análises previas ó desenvolvemento da lingüística como ciencia e, por tanto, carecen dunha metodoloxía rigorosa, pero resultan de utilidade para coñecer de primeira man a opinión que algúns intelectuais da época tiñan sobre a variación diatópica do galego. Unha das primeiras persoas en mostrar interese polo estudo do idioma foi o beneditino Frei Martiño Sarmiento. Aproveitou as súas viaxes a Galicia de 1745 e 1754-1755 para recadar materiais lingüísticos tirados tanto da fala viva do seu tempo como de numerosos textos medievais que puido consultar. Dado o seu interese na historia das linguas, particularmente a galega, a disciplina que exerceu máis atracción sobre el foi a etimoloxía (Mariño 1998: 318). Así, traballou arreo no estudo da orixe das palabras que ía colleitando, agrupándoas por campos semánticos, pois entendía que non se debía disociar a análise de "las cosas y las voces" (*apud* Pensado 1974: 156), nunha especie de aplicación *avant la letre* do método *Wörter und Sachen*. Máis alá da súa perspectiva diacrónica, Sarmiento deixou algunha reflexión sobre a variación xeográfica do galego falado na súa época:

> […] muchas voces y frases gallegas que se usan v.g., hacia el cabo de Ortegal, no se entienden hacia el cabo de Finisterre, ni al contrario […]. Lo mismo respectivamente en tierra de Limia, de Valdeorras, montañas de Lugo, Tuy, Orense, Santiago, Betanzos, etc. (*apud* Pensado 1974: 28).

Continuador do pensamento de Frei Martiño Sarmiento en moitos aspectos, o Padre Sobreira tamén se dedicou á recollida e ó estudo de materiais lingüísticos galegos. Nunhas fichas que el chamaba "papeletas" rexistrou unha considerable cantidade de palabras, así como refráns, cántigas e outros ditados populares, pero tamén anotou información sobre algúns fenómenos con distribución diatópica, como os diferentes xeitos de formar o plural das palabras agudas rematadas en *-n* (Mariño 1998: 324). E todo isto facíao, en moitas ocasións, deixando constancia dos lugares en que unhas e outras formas eran empregadas, de

maneira que se trata de datos xeorreferenciados. Sobreira non só deu conta dunha salientable colleita de voces e expresións galegas empregadas no século XVIII, senón que tamén achegou algunhas pinceladas sobre cuestións de variación espacial como a distribución dos ditongos [ow] e [oj], a extensión do seseo ou a distribución de diversas terminacións nominais e verbais, ó que hai que sumar algunha referencia de pasada sobre a gheada e a gueada (Pensado 1974).

O frade, aínda que recoñecía unha certa unidade lingüística aplicable a todo o territorio, consideraba que a variación xeográfica do galego era acusada (Sánchez Rei 2011: 317): "nos diferenciamos de legua a legua, así en el tonillo como en el acento, y en el valor de las letras, y en la propiedad de los vocablos […]. Realmente, no nos entendemos muchas veces, aunque todos hablemos en buen gallego" (*apud* Pensado 1974: 210). En relación con isto, Mariño (1996: 79) afirma que "Sobreira esaxera un pouco ó falar da fragmentación lingüística galega", particularmente no referente á intercomprensión entre as diferentes variedades. Con todo, foi o primeiro en distinguir, aínda que de maneira pouco clara, cinco áreas dialectais, catro delas correspondentes ás dioceses de Tui, Santiago de Compostela, Mondoñedo e Ourense mais unha especie de área de transición situada na zona de Ribadavia (Mariño Paz 1996: 80).

A pesar do emprego dunha metodoloxía precientífica e de que moitas veces basean as súas conclusións en observacións moi superficiais ou meras impresións, o certo é que os dous frades, Sarmiento e Sobreira, chegaron a tratar un bo número de cuestións que a dialectoloxía moderna segue a utilizar para establecer as isoglosas internas do galego. Algunhas das máis destacadas, recollidas por Santamarina (1982) no seu traballo sobre a historia da dialectoloxía galega, son as seguintes: gheada, seseo, resultados de -ĀNA, resultados de -ĀNU, resultados de -ĒNES ou as formas para a terceira persoa do singular do pretérito de indicativo dos verbos da segunda e a terceira conxugacións.

Durante o século XIX semella que a imaxe dun galego dividido dialectalmente callou entre intelectuais como Cuveiro Piñol, Martínez Salazar ou Lois Vázquez, moitos dos cales empregaron esta idea como argumento para reivindicar a fundación dunha academia, así como a elaboración de gramáticas e dicionarios. Porén, non se acometeu ningún estudo sistemático da variación xeolectal da nosa lingua do tipo dos que viñan facendo, por exemplo, Wenker e os seus discípulos para o alemán. Neste contexto, Saco Arce publicou a súa *Gramática gallega* (1868), considerada por moitos como a primeira gramática da nosa lingua, dado que o *Compendio de gramática gallego-castellana* de Francisco Mirás, publicado catro anos antes (1964) é un traballo moi incompleto.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A obra de Saco Arce, que serviu durante moito tempo como referencia fundamental para a descrición do galego, asume a unidade lingüística xeral do dominio e propón unha división en dous grandes bloques dialectais: setentrional e meridional. Non deixa de resultar

curioso, pois a maior parte das isoglosas empregadas pola dialectoloxía moderna para delimitar as variedades internas do galego (Fernández Rei 1980, 1982, 1990) corren de norte a sur, dividindo o territorio precisamente no outro sentido. Cómpre notar que o clérigo ourensán baseou o seu traballo en fontes escritas, tendo en conta a orixe ou a residencia dos diferentes autores, e estendeu a distribución dos datos máis alá de onde a información tirada dos textos llo permitía, polo que o seu método carece de fiabilidade. El mesmo afirma que se houbese máis persoas que tivesen a ben informalo das particularidades das súas respectivas variedades, a súa proposta podería ser máis rigorosa; de modo que o propio Saco Arce debía ser consciente da imprecisión da súa clasificación (Sánchez Rei 2011: 324). Os elementos que emprega na análise son semellantes ós anteriormente listados para Sarmiento e Sobreira: *el / il, este / iste, ese / ise, aquel / aquil; perdeu / perdiu; bo / bon; mañá / mañán; chan / chao; cans / cas; loitar / lutar,* ou o seseo, entre outros. En virtude do prestixio do gramático ourensán, a súa visión das variedades dialectais do galego tivo certo predicamento e mesmo houbo algúns autores (Pérez Ballesteros, Cuveiro Piñol, Valladares, entre outros) que fixeron as súas achegas e matizacións con maior ou menor acerto.

Como se explicou no apartado anterior, a finais do século XIX, Gilliéron e Edmont comezaron os traballos para o ALF, cuxos resultados se irían publicando nos anos seguintes. Este proxecto chamou a atención de moitos investigadores do dominio románico, entre eles, Ramón Menéndez Pidal, que comezou a aboar a idea do que máis tarde sería o ALPI, o primeiro gran proxecto de xeografía lingüística que se ocuparía da lingua galega (e do resto de variedades románicas da Península Ibérica). Pero o arranque dos traballos do ALPI foise demorando, o levantamento de datos en territorio galego non se iniciou ata 1934 e a publicación dos resultados retrasaríase ata 1962. Así as cousas, o soriano Vicente García de Diego, un home cunha formación filolóxica superior (cando menos, respecto dos autores do século XIX que vimos de comentar), publicou en 1909 os *Elementos de gramática histórica gallega*. Nesta obra dedicou un capítulo ás "Variantes locales", elaborado posiblemente con materiais que debeu de recoller entre 1904 e 1907, cando era profesor de latín en Pontevedra. Logo de analizar estes datos, concluíu que non existen dialectos dentro do galego, xa que as diferenzas entre as distintas modalidades son pouco marcadas (Fernández Rei 1994), desbotando así aquel preconcepto tan estendido da fonda fragmentación dialectal da lingua. A dicir de Santamarina (1982: 161), o seu traballo carece de uniformidade: se ben os datos sobre os falares pontevedreses adoitan ser acertados, a información referente ó resto do territorio semella non estar tan solidamente sustentada. Por outra parte, mostrou a agudeza do seu pensamento ó constatar o feito de que a toponimia é reflexo da variación espacial, pois ó tratar dos resultados de -ĀNU decatouse de que, como formas toponímicas, *chan* e *chao* teñen unha distribución moi semellante á do seu uso como substantivo común (Sánchez Rei 2011: 331). Polo demais, emprega na súa análise os mesmos elementos que os seus predecesores, con algunha achega como cuestións de tipo léxico ou a distribución de *ti / tu*.

Xa iniciado o século XX, o galego continuaba a ser unha lingua pouco estudada e mesmo pouco coñecida no ámbito da lingüística europea. Neste contexto, a dialectoloxía ocupaba un papel marxinal dentro dos estudos do galego (Fernández Rei 2007: 13). Na volta da década de 1930 a situación comezou a mudar e xurdiron os primeiros traballos de dialectoloxía galega propiamente dita. Estes traballos poden agruparse en dous tipos (Santamarina 1982: 163): dunha banda, estudos sobre a fala dunha determinada localidade ou pequena comarca (nos que se abordan diferentes tipos de cuestións fonéticas, morfosintácticas e léxicas) e, doutra, estudos sobre un ou varios fenómenos en todo o territorio ou en zonas moi amplas. Curiosamente, serán lingüistas foráneos os que realicen as primeiras investigacións.

En 1927, o filólogo alemán Fritz Krüger, que viña de facer un par de traballos sobre a cultura material dos territorios leoneses, publica no número 10 da revista *Wörter und Sachen* un artigo titulado «Die nordwestiberische Volkskultur»[10]. Nel xustifica que xa chegara o momento de acometer o estudo das "inexploradas provincias galegas" e o norte de Portugal a fin de adquirir unha visión de conxunto de todo o noroeste da Península Ibérica. Non detalla a rede de puntos, pero afirma que colleitou materiais desde Asturias ó Miño e a Trás-os-Montes empregando o método 'palabras e cousas' (Krüger [1927] 1947: 10). En consonancia con este modo de traballar, vertebra a exposición dos resultados da investigación en torno a diversos elementos da cultura tradicional, tales como o xugo, o arado, o muíño, o enxoval ou a indumentaria. Uns anos máis tarde, dous lingüistas máis da chamada Escola de Hamburgo, discípulos do propio Krüger, presentarían traballos semellantes, pero cunha circunscrición xeográfica menor: Walter Ebeling («Untersuchungen über Folklore und Dialekte der Provinz Lugo», 1932) estudou os apeiros de labranza das terras da Fonsagrada e Becerreá, mentres que William C. Schroeder («Die Fischerboote von Finisterre», 1937; «Hausbau in NW-Spanien (Finisterre)», 1938) investigou sobre os barcos de pesca e as casas de Fisterra (Fernández Rei 2007: 14).

Outro lingüista alemán, Hans Karl Schneider, percorreu en 1933 a cunca do Limia visitando doce localidades nas que recolleu (mesmo con gravación de son) datos de tipo fonético, morfosintáctico e léxico para desenvolver un estudo lingüístico moi rigoroso e detallado sobre esta comarca. Trátase do primeiro exame en profundidade dos diferentes aspectos dunha variedade xeolectal galega. Tras unha descrición exhaustiva da fala da Limia, Schneider relaciónaa coas variedades portuguesas veciñas, particularmente polo emprego de sibilantes sonoras[11] (Fernández Rei 1994). Durante a súa estancia en Galicia, o filólogo alemán coñeceu a Vicente Risco, quen replicaría a metodoloxía para facer o seu «Estudo etnográfico da Terra de Melide» en 1933. Pola mesma época, Xaquín Lorenzo, que xa

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[10] Debido á súa trascendencia para os estudos iberorrománicos, sería traducido ó castelán como «El léxico rural del noroeste ibérico» e publicado en 1947 como o anexo XXXVI da *Revista de Filología Española*.

[11] Dun lado e outro da raia pervive ata os nosos días un sistema de sibilantes formado por tres parellas xorda / sonora con oposición apicoalveolar / predorsodentoalveolar / palatal (Mariño 2017: 344), tamén coñecido como sistema arcaico (Fernández Rei: 1990, 211).

publicara os «Apuntes de geografía lexicográfica galega. Algunhas verbas d'usanza corrennte en Lovios (Ourense)» (1929) e as «Notas para un cuestionario de Etnografía: Embarcacións» (1933), emprega tamén o método das palabras e as cousas para o seu traballo sobre «As dornas de Porto do Son» (1934), ó que seguirían outros sobre o liño, a la ou o carro, por poñer algúns exemplos, en diferentes localidades.

Tamén nesta década se emprendería o primeiro gran proxecto de xeografía lingüística que abrangueu a totalidade do dominio lingüístico galego: o ALPI. Entre 1934 e 1935 realizáronse os inquéritos nas 53 localidades galegas que formaban parte da súa rede de puntos, pero o aproveitamento dos datos colleitados tardaría en chegar. A Guerra Civil detivo o proxecto, que se retomou en 1947. Quince anos máis tarde, en 1962, publicouse o primeiro e único volume do ALPI con cinco mapas iniciais que mostraban información sobre os nomes das localidades, o xentilicio dos habitantes, os límites entre variedades, os respectivos glotónimos e os responsables das enquisas en cada punto, seguidos de 70 mapas con información fonética (Dubert 2021: 42). O resto de materiais permaneceu inédito ata tempos recentes, polo que non se lle puido tirar moito rendemento na época[12]. Porén, o investigador Aníbal Otero, que levou a cabo as enquisas realizadas en Galicia para o proxecto (así como en parte de Asturias, León e Portugal), a partir das súas notas tomadas durante o traballo de campo, publicou un artigo sobre o verbo galego (Otero 1952). Ademais, ó longo dos anos foi editando e comentando moitas palabras recollidas nos seus inquéritos, debidamente definidas e xeorreferenciadas: 4.169 voces en «Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués», en *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1949-1977) e 2.319 voces en «Contribución al léxico gallego y asturiano», en *Archivum* (1953-1964); (Fernández Rei 2007: 14).

Uns anos máis tarde dos inquéritos realizados por Otero para o ALPI, Alonso Zamora Vicente, que na altura era profesor na facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, interesouse pola variación diatópica do galego. Entre 1942 e 1943, realizou enquisas sobre diferentes fenómenos dialectais por todo o territorio, chegando a visitar un total de 119 localidades, o que multiplica por 2,25 a densidade da rede de puntos do ALPI en Galicia. Con base nos datos recolleitos, nos seguintes anos elaborou varios traballos nos que se incluía a representación cartográfica dos materiais. Dado que na altura os datos do ALPI estaban aínda inéditos, Zamora Vicente converteuse no primeiro investigador que empregaba os métodos da xeografía lingüística aplicados á totalidade do territorio galego dunha maneira completa, isto é, chegando a elaborar os mapas (Rodríguez 2008b: 15). O lingüista madrileño publicou catro artigos sobre catro fenómenos especialmente relevantes da dialectoloxía galega: o seseo (Zamora 1951), a gheada (Zamora 1952), a distribución dos resultados da terminación -ĀNU latina (Zamora 1953) e a distribución dos grupos *-uit-* e *-oit-* (Zamora 1963). Consideraba provisorias as súas conclusións, á espera da publicación dos resultados do ALPI (Fernández Rei 2007: 15).

[12] Falaremos máis de vagar sobre o desenvolvemento histórico e a actualidade deste proxecto na sección § 2.1.

Porén, apoiado nos tres primeiros estudos, avanzou unha proposta na que facía unha distinción entre dúas grandes variedades xeográficas do galego (Zamora 1953):

- un subdialecto oriental ou subcontinental sen presenza de gheada nin seseo e coa solución *-ao* < -ĀNU;
- outro subdialecto occidental ou atlántico con presenza de gheada e seseo e coa solución *-án* < -ĀNU.



Imaxe 1. Distribución dos fenómenos empregados por Zamora Vicente na súa proposta de división en dous subdialectos. Tirado de Zamora Vicente (1986: 29).

Constitúe a primeira proposta de clasificación das variedades dialectais galegas en que se mostra que as isoglosas corren de norte a sur. Aínda que se trata dun estudo mínimo, no que só se teñen en conta tres variables, é froito dun traballo rigoroso e fiable. Coas necesarias ampliacións e revisións, serviu de base a traballos posteriores, como os do lingüista portugués Luís Filipe Lindley Cintra (1964). Non é este o caso de Leandro Carré Alvarellos, quen dedica un capítulo ás "Variaciones dialectales" na súa *Gramática gallega* de 1967 sen que

pareza ter en conta a análise de Zamora Vicente. Céntrase, máis ben, en describir diferentes fenómenos (seseo, distribución de *aira / eira* ou distribución de *aixada / enxada / peta / legón*, entre outros) adscritos con maior ou menor acerto a determinadas zonas ou comarcas sen chegar a formular unha proposta de ordenación concreta (Sánchez Rei 2011: 349).

Un par de anos despois, o ferrolán Ricardo Carballo Calero publicou o seu traballo «Sobre os dialectos do galego». Para o seu desenvolvemento fundamentouse na distribución xeográfica dos seguintes nove fenómenos (Carballo 1969):

- Resultados da terminación latina -ĀNU.
- Resultados da terminación latina -ĀNA.
- Formación do plural das palabras agudas rematadas en *-n*.
- Formación do plural das palabras agudas rematadas en *-l*.
- Resultados da terminación latina -ĪNU.
- Presenza ou non de /θ/ en posición de ataque silábico.
- Presenza ou non de /θ/ en posición de coda silábica.
- Tipos de seseo (apical / predorsal).
- Presenza ou non de gheada.

Tendo en conta estas variables, Carballo estableceu catro modalidades principais do galego: (A) suroccidental, (B) noroccidental, (C) central e (D) oriental. As restantes áreas, que supoñen máis da metade do territorio galego, considéraas zonas de transición entre modalidades que comparten trazos dunhas e outras. A seguir podemos ver o reparto de variantes por modalidade:

	1	2	3	4	5	6	7	8	9
A	irmán	irmán	cans	animás	paxariño	[s]	mosa	lus	aghulla
B	irmá	irmá	cas	animás	paxariño	[s̟]	moza	lus	aghulla
C	irmao	irmá	cas	animás	paxariño	[s̟]	moza	luz	agulla
D	irmao	irmá	cais	animais	paxarín	[s̟]	moza	luz	agulla

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 1. Cadro cos fenómenos dialectais sinalados por Carballo Calero e proposta de clasificación en catro modalidades. Tirado de Sánchez Rei (2011: 354)



Imaxe 2. Distribución dos fenómenos dialectais considerados por Carballo Calero para a súa proposta de división das modalidades do galego sobre a rede de puntos do ALGa. Tirado de Santamarina (1980: 187).

Cómpre notar que nin Zamora nin Carballo falan de dialectos, senón de subdialectos e modalidades respectivamente. Tampouco o fará Fernández Rei (1980, 1982, 1990), quen dividirá o territorio galegófono en bloques e áreas. Pero para chegar á clasificación de Fernández Rei foron imprescindibles os traballos do ALGa, o gran proxecto de xeografía

lingüística para o dominio galego[13]. Nos seus inicios, este atlas foi impulsado por Constantino García, quen obtivera a cátedra de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela. Desde aquela, o profesor ovetense dedicárase a promover numerosas memorias de licenciatura, tesiñas e teses sobre as falas de distintos lugares de Galicia. Tratábase de monografías que pretendían describir as particularidades léxicas de pequenas áreas xeográficas restrinxidas a concellos ou comarcas. Estes traballos foron o xermolo do que despois sería o *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, dirixido por Rosario Álvarez, un banco de datos en liña de libre acceso que permite consultar materiais lexicográficos xeorreferenciados do galego, o portugués de Portugal e o portugués do Brasil (http://ilg.usc.es/Tesouro/). A proliferación deste tipo de estudos nas décadas de 1960 e 1970 marcou o inicio dun novo período para a lingüística galega. Recollendo este afán pola descrición diatópica do galego, Antón Santamarina e o propio Constantino García puxeron en marcha o ALGa, inaugurando así a actividade investigadora do ILG en 1971. Isto non supuxo o cesamento nos estudos sobre falas locais, senón que estes viñeron enriquecendo a produción científica sobre a variación xeográfica do galego e matizando os resultados do ALGa, que é un proxecto de carácter xeral. Desde este momento e ata hoxe, ó contrario do que sucedía en épocas anteriores, a perspectiva diatópica ocuparía un lugar central na lingüística galega.

Alén dos sete volumes xa publicados, son numerosos os traballos que se levan realizado con base nos materiais do ALGa desde múltiples perspectivas. Pola súa transcendencia e difusión, cómpre destacar os de Fernández Rei (1980, 1982, 1990), pois neles se propón a clasificación dialectal do galego que permanece vixente ata os nosos días. Partindo dun conxunto de variables maior que calquera dos empregados ata a altura (máis de 80), con datos máis precisos (tomados cunha estrita uniformidade metodolóxica) e uns criterios mellor definidos, o autor traza un mapa moi detallado das variedades diatópicas galegas e os seus límites. Divide o territorio en tres grandes bloques (occidental, central e oriental), en función das isoglosas que delimitan a extensión das solucións *-ons / -ós / -ois* como resultado da terminación -ŌNES latina. Refréndase a idea, xa existente nos traballos de Zamora Vicente e Carballo Calero, de que boa parte dos fenómenos lingüísticos relevantes manteñen unha distribución espacial que corre de norte a sur. Con todo, esta regra de carácter xeral non se cumpre en todos os casos e os bloques están divididos ás veces por isoglosas horizontais, como a que delimita a área mindoniense, por exemplo, que separa as falas ó norte que teñen un morfema modotemporal [ɛ] para a P4 e a P5 do presente de subxuntivo das tres conxugacións (*cant*[ɛ]*mos, coll*[ɛ]*mos, part*[ɛ]*mos*) do que podemos chamar o galego común, con solucións *cant*[e]*mos, coll*[a]*mos, part*[a]*mos* (Fernández Rei 1990: 112).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[13] Falaremos máis de vagar sobre o desenvolvemento histórico e a actualidade deste proxecto na sección § 2.2.



Imaxe 3. Proposta de división en bloques e áreas de Fernández Rei (1990: 108).

Como vai dito, o proxecto do ALGa marcou un antes e un despois para a lingüística galega, de maneira moi particular para os estudos dialectais. Os seus materiais ofrecen unha información valiosísima coa que se leva desenvolvido un gran número de traballos de investigación, moitos deles con aplicación de novos principios metodolóxicos. Exemplo disto é a proposta de clasificación das falas galegas que Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio Sousa fixeron desde unha perspectiva dialectométrica (Álvarez / Dubert / Sousa 2006). Os autores empregaron unha matriz de datos resultante da multiplicación de 321 preguntas seleccionadas do cuestionario do ALGa polos seus 167 puntos de enquisa. Así, a través de procedementos estatísticos puideron calcular a maior proximidade ou distancia lingüística existente entre as distintas variedades galegas. Con base nese cálculo elaboraron, entre

outros, o seguinte mapa, no que se distinguen cinco agrupamentos e que deixa percibir certa similitude coa proposta de Fernández Rei.



Imaxe 4. Análise de agrupamentos para o conxunto de trazos linguísticos analizados por Álvarez, Dubert e Sousa (2016: 486)

Máis alá do aproveitamento dos datos do ALGa, que continúa na actualidade, a relación entre lingua e espazo vén sendo estudada pola lingüística galega desde diferentes perspectivas. Non faltan estudos de dialectoloxía tradicional sobre variedades locais, así como outros que incorporan algunha innovación metodolóxica, como a introdución de variables de idade, sexo, nivel de estudos etc. Tamén se está a traballar cos datos galegos do ALPI, en moitas ocasións comparándoos cos do ALGa, como no presente estudo. Por outra parte, desenvolvéronse proxectos sobre aspectos desatendidos pola xeografía lingüística tradicional, como pode ser a prosodia ou a dialectoloxía perceptiva. En definitiva, os estudos dialectais sobre o galego experimentaron un grande avance nas últimas décadas e gozan actualmente dunha gran vitalidade.

1.3.4 O cambio lingüístico a través dos atlas lingüísticos

A pesar de que con frecuencia aínda se define a xeolingüística (xeografía lingüística, lingüística espacial ou xeografía dialectal) como unha rama de xeografía humana que se ocupa da análise sistemática da linguas no contexto físico e humano (Williams 1996), o certo é que os seus obxectivos, métodos e desenvolvemento teórico correspondéronlle desde o nacemento case enteiramente á lingüística (Auer & Schmidt 2010). A xeolingüística, como sinalan Chambers e Trudgill (1998), ocúpase propiamente da variación lingüística e faino de xeito máis específico cá dialectoloxía. A finalidade primeira desta subdisciplina dos estudos dialectais é a representación, sobre un mapa, da variación lingüística ligada ó espazo. A análise xeolingüística, entendida en sentido amplo, estivo dominada desde os comezos por lingüistas interesados polo estudo da variación e a historia das linguas[14]. Os intereses da disciplina concéntranse en tres motivos ligados coa análise da variación: i) a distribución das linguas no espazo (a diversidade lingüística, o contacto entre linguas, as fronteiras e límites lingüísticos etc.); ii) a relación entre as linguas e o contorno (físico, histórico, cultural, político etc.); e iii) o cambio lingüístico, isto é, a identificación das áreas en que se producen modificacións na extensión de variedades e variantes lingüísticas e o estudo dos patróns que rexen estes cambios (Van der Merwe 1993).

Aínda que nos seus inicios a xeografía lingüística se centrase no estudo das relacións entre o espazo físico e a variación lingüística, a crise que sufriu a disciplina nos anos sesenta conduciu a unha revisión profunda de principios e métodos. O espazo deixou de concibirse como unha noción simple e reducida ó sentido euclidiano. A xeografía, e en consecuencia os ámbitos de estudo ligados a ela como a xeolingüística, cambiaron a noción de espazo pola de espacialidade (Britain 2002). Ata a década dos sesenta o espazo era interpretado en sentido rexional e vinculado coas dimensións de distancia, diferenza e semellanza. A partir da década dos sesenta do século pasado a noción de espazo faise máis complexa. Considerar o espazo como unha variable de estudo pasou a implicar ter en conta varias dimensións desta noción xeográfica (Britain 2002):

a. O espazo euclidiano: o espazo físico e obxectivo das matemáticas e da física.
b. O espazo social: o espazo determinado pola organización social das comunidades e pola interacción do home co contorno.
c. O espazo percibido: o espazo construído a partir das percepcións e actitudes que resultan da interacción das sociedades co seu contorno.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[14] Nunha das obras que contribuíu a cuñar a denominación desta disciplina, o lingüista francés Albert Dauzat destacou os fortes vínculos que ligan a xeolingüística coa lingüística histórica. Segundo el, o fin esencial da xeografía lingüística era a reconstrución da historia das palabras, flexións e agrupamentos sintácticos das linguas a través da distribución das formas vivas (Dauzat 1922).

Como Britain destaca ó definir esta nova concepción do espazo dentro dos estudos variacionistas, a análise da distribución dos fenómenos lingüísticos debe atender a todas estas compoñentes de tipo externo[15]. Algunhas son observables e avaliables a partir de datos cuantificables (distancia, poboación, mobilidade etc.), outras, polo seu carácter cualitativo, resultan máis difíciles de avaliar e a lingüística tardou décadas en desenvolver procedementos de análise axeitados (Preston 1989).

Como consecuencia desta profunda revolución dos estudos variacionistas, a xeolingüística virou unha ciencia máis positiva, dinámica e práctica con respecto á interpretación do papel que o espazo xoga no cambio lingüístico. O desenvolvemento de aplicacións informáticas para a representación e análise da información xeolingüística facilitou tamén a explotación dos métodos cuantitativos. A utilización de mapas como ferramenta de visualización dos datos, unha das características distintivas do método xeolingüístico desde a súa fundación, xa non depende da mediación de cartógrafos e ilustradores; os lingüistas poden producir as representacións cartográficas e adaptalas ós seus intereses científicos. Os mapas axudan a comprender a relación co espazo, nos tres sentidos identificados por Britain, dos fenómenos e procesos lingüísticos. O mapa transforma os datos nunha representación visual co fin de facilitar unha interpretación efectiva e eficiente da información que albergan os datos. En xeolingüística, as representacións cartográficas cumpren seis funcións esenciais (Ambrose & Williams 1991): i) establecer os límites do dominio que se estuda; ii) mostrar a información dun xeito organizado; iii) almacenar e recuperar os datos; iv) identificar o valor que cobran os datos no espazo; v) presentar os resultados da análise da información; e vi) contribuír á interpretación dos resultados e das súas implicacións. Se o noso interese é o estudo do cambio lingüístico, os mapas que constitúen un atlas lingüístico poden ser empregados como evidencia empírica das mudanzas lingüísticas (Kehrein 2012).

A información contida nun mapa lingüístico permite ser explotada de diferentes xeitos para coñecer a evolución dos cambios lingüísticos ó longo do tempo. Primeiramente, os mapas dun atlas lingüístico tradicional poden ser utilizados como rexistros do presente que axudan a explicar o pasado (Britain 2012). A distribución de formas conservadoras e innovadoras e a existencia de variantes nun mesmo punto son indicios que marcan o sentido do cambio e contribúen á clasificación temporal das variantes. Por outra parte, se contamos con información xeolingüística de diferentes épocas para un mesmo dominio (como é o noso caso), é posible realizar estudos do cambio en tempo real e trazar descricións máis completas e fiables sobre as mudanzas lingüísticas. Ademais, as investigacións en dialectoloxía multidimensional e os atlas desenvolvidos segundo esta formulación son fonte de

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[15] Roland J. L. Breton, na versión inglesa da súa obra sobre xeografía lingüística, destaca o carácter transdisciplinar da xeolingüística e sinala seis dimensións comprendidas nos estudos xeolingüísticos: espacial, social, económica, temporal, política e lingüística (Breton 1991).

información para realizar análises de cambio en tempo aparente que contribúen a prognosticar a dirección das mudanzas tendo en conta factores espaciais e sociais[16].

Como máis arriba se comentou, a pesar do extraordinario desenvolvemento da sociolingüística durante os anos sesenta e setenta, a análise da dimensión espacial do cambio lingüístico non gozou dun impulso similar. As primeiras achegas que tentaron investigar de xeito sistemático a difusión espacial das innovacións lingüísticas iniciáronse a mediados do anos setenta e tomaron como modelo estudos sobre a difusión xeográfica de innovacións agrícolas (Trudgill 1974). A partir desta data foron varios os modelos propostos para explicar as vías de difusión das innovacións lingüísticas: i) o modelo de ondas, que propón unha difusión sucesiva a partir dun único punto; ii) o modelo xerárquico urbano, no que as innovacións se estenden segundo unha xerarquía de entidades poboacionais (cidade > vila > lugar); iii) o modelo de corazón ou núcleo cultural, no que a xerarquía se establecen por relevancia social e cultural das poboacións; e iv) o modelo contraxerárquico, que supón unha difusión con orixe en núcleos rurais e menos relevantes socialmente (Britain 2012).

1.3.5 Difusión e cambio en galego a partir de datos xeolingüísticos

Os atlas lingüísticos son a fonte fundamental de datos que a xeografía lingüística pon á disposición dos estudos sobre o cambio lingüístico (Kehrein 2012a; Meurman-Solin 2012). Estas obras son o resultado final dos proxectos de xeografía lingüística e supoñen a publicación, polos medios tradicionais ou en formato electrónico, dun conxunto de mapas nos que se ofrece unha imaxe da variación lingüística rexistrada nun dominio lingüístico ou área xeográfica determinados. En cada mapa móstranse as variantes recollidas para as distintas variables analizadas (fonéticas, morfosintácticas, léxicas, semánticas, onomásticas etc.). O tipo máis común de atlas lingüísticos elabórase a partir de información recollida polos investigadores nun conxunto de localidades específico e nun período temporal concreto.

Adoito afírmase que esta clase de atlas ofrece unha foto fixa da situación lingüística dunha variedade ou dun conxunto de variedades. Os individuos seleccionados como informantes para os atlas lingüísticos tradicionais responde a un mesmo perfil sociolingüístico (idade, sexo, ocupación, formación, nivel socioeconómico etc.). Polo tanto, en cada mapa ofrécese idealmente unha imaxe estática da variación espacial. Con todo, nestas obras recádanse tamén materiais e datos complementarios que serven como indicios para coñecer mudanzas que se están a producir (respostas múltiples para unha mesma variable, indicacións sobre a vitalidade das formas, referencias a usos antigos etc.). A este modelo de

[16] En Sousa (2016) móstranse algúns exemplos para o galego destes tres tipos de análises do cambio lingüístico posibles a partir de materiais xeolingüísticos.

atlas monodimensionais responde a maioría dos proxectos de xeografía lingüística desenvolvidos no ámbito románico durante o último século (Swiggers 2010; Sousa 2016). As similitudes metodolóxicas da maioría destas investigacións facilitan o cotexo dos datos e garanten a fiabilidade dos resultados. Neste sentido, a maioría destas obras salvan moitos dos reproches cos que son observados os materiais xeolingüísticos desde os estudos variacionistas (Tillery / Bailey 2003). A información recollida nos atlas tradicionais pode convertese en evidencia empírica para desenvolver traballos de análise do cambio lingüístico en tempo real. Se os materiais son comparables, a análise espacial dos resultados permitirá extraer conclusións sobre as dinámicas de difusión das variantes lingüísticas. Iso é precisamente o que se pretende facer neste traballo.

2 MATERIAIS

2.1 ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA

2.1.1 Historia

A elaboración do ALF suscitou un grande interese pola xeografía lingüística en toda Europa. Pouco despois da publicación do seu noveno e último volume[17], Ramón Menéndez Pidal, catedrático de filoloxía románica da Universidade de Madrid, propuxo a realización dun atlas similar para o dominio iberorrománico. En 1914 reuniuse co seu doutorando Tomás Navarro Tomás para encargarlle a dirección do proxecto e definir as súas liñas xerais (Navarro Tomás 1975):

- A área que se ía estudar comprendería a totalidade do territorio peninsular español de fala románica mais as illas baleares (máis tarde incluiríase tamén o territorio peninsular portugués).
- Chamaríase *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*.
- Recolleríase material que permitise ofrecer unha representación da lingua popular falada en localidades menores e de antiga fundación.
- Documentaríase un modelo de lingua tradicional, polo que os informantes deberían ter un modo de vida tamén tradicional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[17] Se exceptuamos o suplemento publicado en 1920.

Menéndez Pidal preocupouse pola formación do seu discípulo Navarro Tomás e mediou para conseguir unha bolsa que lle permitise cursar estudos de fonética en diferentes universidades alemás, francesas e suízas (Pérez Pascual 1999). Mentres, o mestre foi nomeado director do *Centro de Estudios Históricos* (CEH) pola *Junta de Ampliación de Estudios*. Nese momento, aproveitou a súa posición para presentar oficialmente a proposta do ALPI. En 1929, a *Junta de Relaciones Culturales* concedeulle unha subvención e iniciáronse os traballos preparatorios (Sousa 2008).

Elaborouse o cuestionario, trazouse a rede de puntos e adestrouse o equipo de colaboradores. Para a realización das enquisas do ALPI aplicaríanse algunhas novidades correctivas respecto do método gillieroniano (Julià 2010):

- Empregar varios enquisadores expertos lingüistas e bos coñecedores da realidade lingüística das áreas que teñen que estudar.
- Relacionarse cos informantes na súa propia variedade, na medida do posible.
- Acudir a artesáns e labregos para recoller léxico específico.
- Transcribir despois de escoitar varias veces a resposta en diferentes contextos oracionais.
- Usar o método indirecto para obter as respostas, incluso nas frases para o estudo da morfoloxía e da sintaxe.

En 1931 todo estaba preparado para dar inicio ós traballos de recollida de materiais, que se desenvolveron con normalidade ata que en 1936 a Guerra Civil Española obrigou a deter o proxecto. Nese momento estaba concluído o levantamento de datos dos sectores leonés, castelán, andaluz, aragonés e galego, estaban comezados os inquéritos en Portugal e encontrábase practicamente cuberto o dominio catalán. Os cadernos manuscritos en que se anotaban as respostas dos informantes encontrábanse depositados na sede do CEH. "Las circunstancias en Madrid en los primeros meses de la guerra eran, por muchos conceptos, inseguras y peligrosas" (Navarro Tomás 1975), polo que o director do ALPI considerou necesario responsabilizarse persoalmente da súa preservación. Navarro Tomás custodiou os materiais do ALPI nas sucesivas evacuacións cara a Valencia e Barcelona. Ó rematar o conflito armado, o profesor fuxiu a París e máis tarde trasladouse a Nova York, onde conseguiu a cátedra de filoloxía hispánica na Universidade de Columbia, en cuxa biblioteca ficaron depositados os cadernos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En 1940 o CEH experimentou unha reestruturación e pasou a depender do recentemente creado *Consejo Superior de Investigaciones Científicas* (CSIC), que decidiu dar continuidade ó proxecto. Superando non poucas dificultades (organizativas, orzamentarias, técnicas…), os traballos reiniciáronse en 1947 e completáronse as enquisas

en Cataluña e en Asturias. Durante este tempo, Navarro Tomás agardou que a conclusión da Segunda Guerra Mundial e a derrota do nazismo alemán e o fascismo italiano acabasen por provocar a caída do franquismo español. Lonxe disto, o posterior acordo de Franco cos Estados Unidos[18] faríalle perder toda esperanza de cambio na situación política española (Navarro Tomás 1975). En 1950, Lorenzo Rodríguez-Castellano e Manuel Sanchis Guarner, investigadores do equipo orixinal do proxecto, viaxaron a Nova York para facerse cargo dos cuestionarios e para fixar con Navarro Tomás as cuestións metodolóxicas fundamentais que debían guiar o traballo de edición. Deste xeito, os materiais foron levados para o CSIC, que se comprometeu a organizar a finalización do traballo de campo e a publicación do atlas. O encargado de continuar coa obra foi Rafael de Balbín, sempre baixo a supervisión de Menéndez Pidal. No verán de 1952 realizáronse as enquisas no Roselló, a área que faltaba para completar o dominio catalán. Catro anos máis tarde, grazas ó apoio do *Instituto de Alta Cultura* de Lisboa, rematáronse os inquéritos en Portugal, momento en que se pon fin á recolección de materiais para o ALPI.

Despois dun longo e laborioso proceso de edición, en 1962 publicouse o primeiro (e ata hoxe, único) volume do ALPI. Está composto por:

- unha introdución en que se fala brevemente da historia e a metodoloxía do proxecto;
- a relación dos símbolos fonéticos empregados e as súas definicións mediante trazos articulatorios;
- un mapa dos lugares estudados;
- un mapa en que se indican os equipos que traballaron en cada sector;
- un plano xeral da división lingüística peninsular,
- e unha serie, ordenada alfabeticamente, dos primeiros 70 mapas correspondentes á sección de fonética, desde *abeja* ata *dulce*.

Os mapas mostran a transcrición fonética das respostas para cada punto, o que permite apreciar o detalle das diferenzas articulatorias entre os distintos lugares, pero pode dificultar o achado e a interpretación da distribución espacial das variantes. Con todo, o ALPI cumpre o seu propósito de ofrecer unha visión panorámica da variación diatópica no territorio peninsular. O seu nivel de precisión permite observar fenómenos dialectais mesmo dentro dos sectores estudados, máis alá das clásicas cuestións de fonética histórica utilizadas tradicionalmente pola lingüística románica para marcar as fronteiras entre dominios. O seu

[18] A finais da década de 1940, o goberno franquista e o estadounidense tratan de achegar posturas no contexto da Guerra Fría, pois vían no bloque comunista un inimigo común. As negociacións culminan nos chamados Pactos de Madrid, a través dos cales os EEUU instalarían catro bases militares en territorio español a cambio de axuda económica e armamentística.

director defendeu sempre a meticulosidade na transcrición fonética como elemento sustentador da análise, xa que consideraba que calquera leve variación podía ser motivo de diferenciación entre variedades e, incluso, indicio do posible desenvolvemento dun cambio futuro (Navarro Tomás 1975). Porén, o interese do CSIC decaeu. Na altura xa se estaban a producir en España atlas de segunda xeración, de pequeno dominio, con técnicas innovadoras e métodos actualizados (baseados no NALF) como o *Atlas Lingüístico e Etnográfico de Andalucía* (ALEA), de Manuel Alvar, cuxo primeiro tomo xa se publicara en 1961. Criticouse do ALPI a súa metodoloxía anticuada respecto destes novos atlas, así como o excesivo tempo transcorrido entre o inicio dos traballos e a saída do primeiro volume. Boa parte destas críticas eran inmerecidas, pois os proxectos de atlas rexionais promovidos por Alvar debían moito ó ALPI (confección dos cuestionarios, métodos de enquisa etc.). No entanto, cuestionouse a rendibilidade e conveniencia de continuar coa súa publicación e, finalmente, abandonouse o proxecto (González 1992).

O equipo disgregouse e os materiais repartíronse entre tres dos seus membros máis destacados, responsables das tres grandes zonas peninsulares (García Mouton 2016): Aníbal Otero, Lorenzo Rodríguez-Castellano e Manuel Sanchis Guarner. Anos despois, xa na década de 1990, David Heap, profesor da University of Western Ontario, conseguiu acceder a todos os cadernos orixinais[19], dixitalizalos e ofrecer en liña as máis de 15.000 páxinas manuscritas coa transcrición fonética das respostas ó cuestionario do ALPI (Heap, 2012). A posta en marcha deste traballo reavivou o interese no proxecto.

Cómpre lembrar que os materiais do ALPI ofrecen unha imaxe moi precisa das falas da Península Ibérica na primeira metade do século XX, un arquivo histórico de indubidable valor lingüístico e etnográfico. Ademais, non existe ningún outro atlas de gran dominio peninsular en que se poidan contextualizar os diferentes atlas zonais para establecer comparacións produtivas (García Mouton 2010). Considerouse necesario, pois, poñer a disposición da comunidade científica, e dos falantes en xeral, este patrimonio e saldar así a débeda cuns investigadores que puxeron un grande esforzo profesional (e persoal) nos traballos deste atlas (García Mouton 2007). Así, en 2010 o CSIC decidiu reiniciar a súa edición e colocou á profesora Pilar García Mouton á fronte dun equipo de recoñecidos dialectólogos. A idea é rematar a elaboración do ALPI e publicar os resultados como un atlas interactivo de libre acceso en liña. Aproveitando as posibilidades que brinda a tecnoloxía informática, o proxecto proporciona ferramentas de cartografado automático e acceso á base de datos lingüísticos e etnográficos. De momento, pódense consultar os resultados de 103 preguntas seleccionadas polo seu interese e que comprenden cuestións relacionadas coa fonética, a morfosintaxe e o léxico. Todos estes datos, así como información detallada sobre o desenvolvemento do proxecto, están dispoñibles na súa páxina oficial: http://alpi.csic.es/

[19] No artigo *The Linguistic Atlas of the Iberian Peninsula* (ALPI)*: A geolinguistic treasure 'lost' and found* (Heap 2008) relátase detalladamente a historia dos cadernos, desde que Navarro Tomás fuxiu con eles tras a Guerra Civil ata a actualidade.

2.1.2 O cuestionario

O cuestionario do ALPI[20] foi elaborado por Navarro Tomás baixo a supervisión de Menéndez Pidal e coa colaboración de Amado Alonso e Ángel Lacalle. Os seus modelos inmediatos de referencia son o ALF e o AIS. Na súa redacción tivéronse en conta (Navarro Tomás 1975):

- puntos xerais de filoloxía románica;
- cuestións especialmente concernentes ó conxunto das linguas peninsulares;
- temas particulares relativos a cada unha destas linguas,
- e trazos peculiares das súas respectivas modalidades dialectais.

O cuestionario está conformado por un total de 1.244 preguntas, pero moitas delas adoitan presentar múltiples respostas (por exemplo, a pregunta 695a "Nombres y substancias de las comidas más comunes"), polo que o número habitual de formas recollidas en cada punto é maior. Divídese en dúas grandes seccións: *I Fonética, Morfología y Sintaxis* e *II Léxico y Etnografía*. O *Caderno I* comeza cunha breve ficha identificativa en que se requiren datos básicos como o número asignado ó punto de enquisa, o nome do lugar e a provincia á que pertence. A seguir, hai unha sección en que se solicitan datos sobre o informador: nome e apelidos, lugar de nacemento, idade, profesión, nivel de alfabetización, lugar de nacemento do pai, lugar de nacemento da nai, lugares de residencia e eventuais viaxes. Faise isto para deixar constancia de que o informante cumpre coas características requiridas no estudo (das que se falará no apartado § 2.1.5). Posteriormente, indícase a data da enquisa, o investigador que a leva ó cabo, a transcrición fonética do nome do lugar, o nome dialectal dos habitantes (se existe) e o nome da fala local. No caso dos 53 puntos de enquisa situados en territorio administrativo de Galicia, o nome da fala local indicado é sempre *gallego* ou *galego*, agás en Celeiros e O Bolo (145 e 146), lugares onde non se rexistra resposta.

Para rematar esta parte de contextualización, destínase unha páxina completa para describir as características do lugar en relación á súa demografía, produción agrícola e industrial, comercio ou comunicacións, deixando aberta a posibilidade de que o enquisador inclúa calquera outra información que considere pertinente, como pode ser a relativa a festas populares ou pratos típicos. Igual que no caso do informador, este espazo está destinado a deixar constancia de que o lugar de enquisa reúne as condicións necesarias estipuladas pola metodoloxía do proxecto (que se detallarán na epígrafe § 3.1.3). Tras este apartado, encóntranse as "Notas sobre orientación fonética". Trátase de dez frases breves coas que se procura coñecer determinados trazos articulatorios, como a realización de /r/, por exemplo.

[20] Pódese consultar o cuestionario completo do ALPI na seguinte ligazón: http://alpi.csic.es/es/alpi/el-cuestionario.

Logo deste primeiro bloque introdutorio vén a primeira parte do cuestionario, dedicada á fonética, á morfoloxía e á sintaxe. Consta de 411 preguntas. As primeiras 281 están pensadas para procurar unha caracterización fonética detallada da fala. A fin de facilitar o estudo comparativo botouse man de conceptos que, de maneira xeral, se expresasen con palabras da mesma etimoloxía nas diferentes variedades romances peninsulares, como *aire, boca* ou *causa*. Con todo, os resultados demostraron que non sempre estes conceptos foron escollidos con tino[21]. As 130 preguntas seguintes son de frases sinxelas, deseñadas para observar fenómenos de fonética sintáctica e para conseguir datos que permitisen facer unha descrición precisa de cuestións morfosintácticas. A diferenza doutros atlas do seu tempo (e mesmo de moitos posteriores), centrados en cuestións fonéticas, léxicas e etnográficas, o ALPI conta cun número considerable de preguntas orientadas á obtención de información morfosintáctica das falas estudadas.

Existen dous cuestionarios dedicados ó léxico e á información etnográfica: o comprendido no chamado *Caderno II E*, constituído por 833 preguntas, e o do *Caderno II G*, unha versión reducida do anterior, destinada ó ámbito urbano e na que se prescinde de moitas cuestións referentes ó mundo rural tradicional. Esta versión abreviada practicamente non se utilizou; en Galicia, en ningún caso, polo que contamos cun cuestionario composto, en total, por 1259 preguntas para os 53 puntos da rede de enquisa. Seguindo o modelo do AIS, algúns ítems do cuestionario léxico procuran non só os nomes dos obxectos, senón tamén a súa forma, os materiais con que están feitos e o seu uso. Búscase tamén recoller refráns, costumes e tradicións. Posúe unha estrutura temática que agrupa as cuestións por grandes bloques: accidentes xeográficos, fenómenos atmosféricos, flora, fauna, partes do corpo humano etc. Respecto dos labores de agricultura e gandería, pregúntase, de maneira xeral, polos máis extendidos no territorio peninsular. Exclúense, polo tanto, certos cultivos e industrias de marcado carácter local ou rexional, así como a pesca en todo o litoral (Navarro Tomás 1962).

Algunhas das preguntas do cuestionario presentan escasa produtividade no territorio galego por referirse a conceptos ou realidades pouco coñecidas nel (como todo o que ten que ver coa produción do aceite, por exemplo) ou ben a fenómenos lingüísticos propios doutras áreas da Península. Por contra, quedan sen rexistrar algunhas formas relevantes para o estudo da variación lexical do galego e importantes cuestións fonéticas e morfosintácticas como, por exemplo, a formación do plural das palabras polisílabas agudas rematadas en /l/. Cómpre ter en conta o carácter xeneralista dun atlas de grande dominio como o ALPI. Para ver emendadas estas carencias e realizar un estudo exhaustivo das variedades galegas habería que agardar ó proxecto do ALGa. Con todo, o ALPI ofrece información moi valiosa sobre o galego da época e permite, como veremos, a comparación con datos máis recentes tomados cunha metodoloxía semellante.

[21] Basta ollar, por exemplo, o mapa número 6 do volume I do ALPI para percatarse de que, canda formas como [aˈβeʎa], [aˈβɛxa] ou [ɛˈβɛjæ], tamén se rexistraron outras como [ˈməʒka ðe la ˈmjel] ou [aˈβiɦpa].

2.1.3 A rede de puntos

Debido á individualidade xeográfica da Península Ibérica e á historia, en certa medida compartida, das súas entidades xeopolíticas integrantes (en especial no referente á constitución e emerxencia das variedades lingüísticas románicas no territorio), Menéndez Pidal e Navarro Tomás consideraron que o atlas non debía limitarse ó Estado Español, senón que debía incluír tamén o Estado Portugués, que de contado apoiou a idea. Na introdución do primeiro volume do ALPI faise especial énfase no "excelente espírito de cooperación intelectual e material" que desde o inicio mostrou sempre o *Instituto de Alta Cultura de Lisboa* para o desenvolvemento do proxecto (Navarro Tomás 1962). A totalidade da área estudada divídese en sete sectores. A numeración dos puntos é continua dentro de cada provincia, seguindo, de maneira xeral, a dirección norte-sur e oeste-leste. A configuración por zonas fica como segue:

1. Galicia (puntos 100 a 151[22]).
2. Portugal (puntos 200 a 292).
3. Asturias, León[23] e Extremadura (puntos 300 a 377).
4. Castilla La Vieja, Castilla La Nueva e a provincia de Albacete[24] (puntos 400 a 489).
5. Andalucía e a provincia de Murcia (puntos 500 a 570).
6. Navarra e Aragón (puntos 600 a 639).
7. Andorra, Roselló, Cataluña, Valencia e Baleares (puntos 700 a 803).

Aínda que se trata dunha rexión que pertence a Francia desde o século XVII, incluíuse o Roselló porque a súa lingua autóctona é o catalán. Incluíronse tamén as Baleares, incorporadas ó dominio lingüístico catalán desde época moi temperá, xa no século XIII. Porén, non se incluíu o Val de Arán porque, aínda que pertence á provincia de Lleida, o equipo do ALPI considera que o aranés é unha variedade do gascón e que, por tanto, pertence á familia galorrománica (Navarro Tomás 1962). Tampouco se incluíron as Canarias nin os enclaves africanos de Ceuta e Melilla por seren castelanizados serodiamente. Pola mesma razón, prescíndese das illas portuguesas de Açores e Madeira e a cidade de Alguer, na illa de Sardeña, onde se fala catalán. No deseño do proxecto do ALPI manifestouse a intención, nunca levada ó cabo, de incorporar o estudo destes lugares en anexos complementarios. Fóra

[22] Suman un total de 53 puntos de enquisa, en lugar dos 52 que cabería contar, porque existe un punto 112a, o correspondente á localidade de Muros. Pódense consultar os lugares de enquisa do ALPI en Galicia no Anexo II.
[23] A división territorial do Estado Español vixente era a de 1833, en que León formaba unha rexión de seu, constituída polas provincias de León, Zamora e Salamanca.
[24] Segundo a división territorial vixente, Castilla la Vieja estaba conformada polas provincias de Santander, Palencia, Burgos, Logroño, Valladolid, Segovia, Soria e Ávila. Castilla la Nueva estaba conformada polas provincias de Madrid, Guadalajara, Toledo, Cuenca e Ciudad Real. A provincia de Albacete pertencía na altura á rexión de Murcia.

quedaron os territorios americanos, africanos e asiáticos en que se fala portugués ou castelán. Non se contou tampouco co territorio do éuscaro, lingua non indoeuropea que, segundo o equipo do proxecto, requiriría un tratamento particular. Porén, si se incluíron algúns puntos das zonas históricas do vasco en que na época de elaboración do ALPI case só se falaba castelán e que foron adscritos á zona 4.

A rede de puntos non é particularmente densa, como corresponde a un atlas de gran dominio, e existen certos desequilibrios entre unhas áreas e outras que deixan entrever o especial interese dos investigadores por certas variedades históricas. Neste sentido, como se pode apreciar na imaxe 5, o territorio galego é dos mellor representados. A introdución do ALPI recoñece estas diferenzas: «la red es poco simétrica, pues es más tupida en las zonas de intensa diversidad dialectal, como Asturias, que en regiones de mayor nivelación lingüística, como el centro de Castilla» (Navarro Tomás 1962: 5). No trazado da rede tívose en conta que localidades podían resultar máis importantes en función dos estudos precedentes sobre diversos fenómenos con distribución diatópica. Atendeuse tamén ós determinantes xeográficos e ás circunstancias históricas en que se desenvolveron os núcleos poboacionais e a súa contorna. Prima a procura do arcaísmo étnico e lingüístico, polo que se escollen lugares de vida tradicional e afastados das rutas importantes de comunicación. Prescindiuse, por tanto, das grandes cidades, pero tamén das entidades de moi escasa poboación; seleccionáronse pequenas vilas que fosen, dalgún modo, representativas da fala da súa área de influencia (Navarro Tomás 1962). Dun xeito parecido a como modernamente o *Atlas Linguístico do Brasil* (ALiB) está sendo elaborado, cunha metodoloxía multidimensional, preveuse o estudo da fala das capitais provinciais e outras cidades importantes, consideradas focos de irradiación de norma. Ó igual que os materiais sobre Ceuta, Melilla, Canarias, Açores, Madeira e Alguer, pretendíase publicar os datos das cidades como apéndice, pero esta fase do proxecto nunca chegou a iniciarse.

A rede do ALPI consta de 529 puntos de enquisa. Atendendo á clasificación ofrecida pola introdución do seu primeiro volume, a distribución entre dominios fica así[25] (Navarro Tomás 1962):

- Dominio galego-portugués: 156 puntos.
- Dominio español: 276 puntos.
- Dominio catalán: 96 puntos

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A superficie total dos territorios estudados é de 589.076 km^2, do que resulta unha densidade dun punto por cada 1.115 km^2. Hai áreas concretas cunha rede de puntos máis

[25] O primeiro volume do ALPI non establece un dominio propio para o asturleonés e o mirandés, que fican repartidos no dominio español e portugués respectivamente.

mesta, particularmente as zonas estremeiras da metade norte peninsular (Sousa 2021: 94). Se se calcula a densidade da rede por sector, o galego é, no seu conxunto, o mellor representado:

- Sector 1 (Galicia): un punto por cada 558 km^2.
- Sector 2 (Portugal): un punto por cada 993 km^2.
- Sector 3 (Asturias, León e Extremadura): un punto por cada 1.163 km^2.
- Sector 4 (Castilla la Vieja, Castilla la Nueva e a provincia de Albacete): un punto por cada 1.705 km^2.
- Sector 5 (Andalucía e a provincia de Murcia): un punto por cada 1.388 km^2.
- Sector 6 (Navarra e Aragón): un punto por cada 1.452 km^2.
- Sector 7 (Andorra, Roselló, Catalunya, València e Balears): un punto por cada 677 km^2.



Imaxe 5. Mapa 1 do ALPI en que se mostra a rede de puntos do proxecto e os nomes das localidades (Navarro Tomás 1962).

En ocasións, a rede do ALPI foi criticada pola súa baixa densidade xeral. Non obstante, o certo é que os datos extraídos dos 53 puntos galegos[26], aínda que resultan insuficientes para estudar a diversidade dialectal galega cunha alta precisión (como faría anos máis tarde o ALGa), si permiten observar a distribución de fenómenos relevantes de tipo fonético, léxico e gramatical. As provincias da Coruña e Pontevedra, cunha densidade demográfica máis elevada[27], contan cunha maior concentración de puntos de enquisa, mentres que as localidades visitadas nas provincias de Lugo e Ourense gardan, de maneira xeral, maior distancia entre si. O reparto de puntos por provincia e a densidade resultante da rede fican como segue:

- A Coruña: 15 puntos (un por cada 530 km^2).
- Lugo: 14 puntos (un por cada 704 km^2).
- Ourense: 11 (un por cada 661 km^2).
- Pontevedra: 13 puntos (un por cada 345 km^2).

2.1.4 Os enquisadores

Navarro Tomás, considerado un experto fonetista, encargouse de formar o grupo de investigadores que levaría a cabo os inquéritos. Os seleccionados debían cumprir un requisito fundamental: seren bos coñecedores dos dominios que tiñan que explorar, preferiblemente nativos (como así foi na maior parte dos casos), e cunha elevada competencia activa nas linguas destes territorios. A maior parte deles eran titulados pola Facultade de Letras de Madrid, agás os portugueses, que foron enviados polo *Instituto de Alta Cultura* de Lisboa. Todos eles recibiron formación específica da man de Navarro Tomás para dominar a transcrición fonética de textos orais empregando o alfabeto da *Revista de Filología Española* (RFE), creado polo seu propio mestre (Navarro Tomás 1915). Tras un longo e intenso período de exercicios de audición e transcrición, os integrantes do equipo conseguiron desenvolver unha gran destreza na captación, análise e representación dos máis sutís matices articulatorios (Navarro Tomás 1975). A fin de que os materiais do ALPI formasen un conxunto uniforme de datos comparables, era necesario acadar o maior nivel posible de harmonización nos criterios de transcrición, de modo que os enquisadores dedicaron moito tempo a traballar xuntos, formando diferentes grupos e por separado, reuníndose continuamente para

[26] Véxase o Anexo II, coa táboa de puntos utilizada para este traballo, na que se mostran as localidades en que se realizaron os inquéritos para o ALPI, o ALGa e a NEnq.

[27] Segundo os datos do padrón de 1930 a poboación das provincias galegas era a seguinte: A Coruña, 767.608 persoas (96,55 habitantes por km^2); Lugo, 468.619 (47,54 habitantes por km^2); Ourense, 426.043 (58,57 habitantes por km^2); Pontevedra, 568.011 (126,36 habitantes por km^2). Fonte: Instituto Nacional de Estatística (https://www.ine.es/jaxi/Tabla.htm?path=/t20/e245/p06/l0/&file=1930.px &L=0). Última consulta: 08/11/2021.

contrastar as súas notas ata conseguir un xeito de transcribir homoxéneo. Este rigor metodolóxico dá un gran valor de fiabilidade ós datos do ALPI.

En Galicia a maior parte do traballo de recollida de materiais foi realizada por un só investigador, polo que a uniformidade metodolóxica está aínda máis garantida. Aníbal Otero[28], natural da Barcia (Ribeira de Piquín), encargouse en solitario de cubrir 46 dos 53 puntos de enquisa; nos sete restantes (do 145 ó 151) foi axudado por Aurelio M. Espinosa.

2.1.5 Os informantes

Nas pautas metodolóxicas do ALPI, as características do informante ideal están ben definidas e son, de maneira xeral, as habituais nos estudos de dialectoloxía tradicional realizados na época. Búscanse suxeitos que mostren na súa fala os trazos propios da lingua popular da localidade. É imprescindible que sexan nativos do lugar e procúrase que tamén o sexan seus pais, seus sogros e os seus cónxuxes. O importante é que o medio en que se desenvolven as súas relacións sociais estea, na medida do posible, circunscrito ó punto de enquisa e a súa contorna. Por esta razón, evítanse as persoas que residisen fóra ou que viaxasen moito. Trátase de intentar rexistrar unha fala local non influída por outras variedades. Por iso búscanse informantes analfabetos ou moi pouco instruídos, non interferidos por variedades cultas. Prefírense suxeitos de idade madura, aínda que non excesivamente vellos, pois para a realización da enquisa requírese que estean en pleno uso de facultades mentais e que non teñan defectos dentais que poidan afectar á articulación (Navarro Tomás 1962). En definitiva, procúranse persoas rurais de vida tradicional que teñan unha variedade de lingua conservadora, mesmo arcaizante.

Existía, ademais, unha directriz clara para entrevistar homes e non mulleres. Isto sustentábase no feito de que no cuestionario abundan as preguntas sobre léxico relacionado coa agricultura e en moitas rexións peninsulares as mulleres apenas interveñen nos traballos de campo (Navarro Tomás 1962). Non é o caso de Galicia, pero tamén aquí se observa esta pauta na escolla de informantes. Polo demais, os 67 informantes galegos do ALPI[29] (62 homes, 5 mulleres) tamén cumpren as características xerais requiridas. Todos son nativos do lugar ou dalgunha parroquia do mesmo municipio, ó igual que os seus familiares. En xeral, non residiron fóra máis que aqueles que fixeron o servizo militar (en África, en Cuba e en distintos puntos de España) e os que foron traballar temporalmente a Castela ou a Portugal. Con todo, cómpre sinalar que sete dos informantes estiveron emigrados por breve tempo en

[28] Para achegarse á vida e obra do lingüista ribeirego, cf. Santamarina, Antón (1975): "Aníbal Otero (1911-1974)", en *Verba* 2, 7-12.
[29] Pódese ver a relación de informantes e os seus datos no Anexo III.

lugares como Arxentina, Uruguay, Brasil ou Cuba. Son poucos os que afirman que fixeron algunha viaxe e estas son, na súa maioría, de poucos días e a localidades próximas. A maior parte recoñece saber ler pouco ou con dificultade. A idade dos suxeitos está comprendida entre os 39 e os 82 anos; a media é de aproximadamente uns 59 anos. Por último, os máis dos informantes son labregos, aínda que tamén hai algúns mariñeiros e outros, poucos, que desenvolven oficios artesanais como o de canteiro, carpinteiro, telleiro, panadeiro ou muiñeiro. Tendo en conta todas estas características, pódese supoñer que os datos ofrecidos polos informantes galegos do ALPI son, como o proxecto procura, representativos dunha lingua tradicional e rural.

2.1.6 A enquisa

O traballo de campo do ALPI comezou en 1931. O conxunto dos investigadores, incluído Navarro Tomás, desprazouse ata as localidades de Rascafría e Valdepiélagos, na provincia de Madrid, para facer unha proba e precisar as cuestións metodolóxicas que se ían aplicar na realización das enquisas en todo o territorio na procura da estrita uniformización que xa foi comentada. Logo deste ensaio, cada equipo foi enviado á súa zona correspondente para comezar os inquéritos.

Como norma xeral, empregouse a fala común de cada un dos dominios lingüísticos estudados e, na medida do posible, a propia variedade dos suxeitos interrogados (de aí a necesidade de que os enquisadores fosen bos coñecedores da realidade lingüística das súas zonas de asignación). Para atopar informantes axeitados, botouse man do mestre, o médico ou o cura do lugar, persoas que xeralmente coñecen ben a todos os veciños (Navarro Tomás 1962). Ademais, para os informantes, o feito de que os enquisadores se presentasen cunha autoridade local ou, simplemente, viñesen da súa parte, debía de relaxar en certa medida a tensión provocada pola estrañeza da situación. Que un descoñecido aparecese querendo facer máis de mil preguntas e tomar nota das respostas con certeza provocaría non pouca desconfianza entre os habitantes das localidades visitadas. Dun a outro punto da rede, os investigadores desprazábanse como podían, en transporte público, en bicicleta, a pé, en burro… Só o equipo da zona castelá acabaría conseguindo un automóbil de segunda man. Na España e no Portugal da época, as condicións en que traballaron os enquisadores do proxecto foron francamente duras (García Mouton 2016).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Segundo se afirma na introdución do primeiro volume do ALPI, todas as cuestións, incluso as de frases para o estudo da morfoloxía e a sintaxe, foron feitas de modo indirecto. Non obstante, cando menos nos cadernos da rede de puntos galega, ás veces é posible atopar a anotación "directa" a carón dalgunha das respostas transcritas, o que semella indicar que o

enquisador non conseguiu obter a información por medios indirectos ou, noutras ocasións, que recadou unha nova resposta deste xeito. Para axudar a conseguir a información de maneira indirecta, os enquisadores levaban consigo un álbum de deseños en que figuraban obxectos que habitualmente non se encontraban á man cando se facían as entrevistas. Portaban tamén, como material de apoio, un pequeno herbario e unhas caixas con insectos. En moitas ocasións optouse polo método máis simple, o de sinalar o obxecto para que o informante pronunciase a forma (ou formas) con que se denomina (Navarro Tomás 1962). Todas as respostas foron anotadas logo de seren escoitadas en reiteradas ocasións e en diferentes contextos, como vai dito. Navarro Tomás empeñouse en que os investigadores rexistrasen ata o máis mínimo matiz articulatorio. Ademais, o alfabeto fonético empregado, unha versión estendida do alfabeto fonético da *RFE*, é xa especialmente detallista; sirva de exemplo o feito de que nel se distinguen ata 24 alófonos de /a/. Contén arredor de 200 símbolos, ó que hai que sumar a posibilidade, bastante recorrente, de representar un símbolo na parte superior doutro, en superíndice) que indique unha certa tendencia na articulación respecto da articulación primaria (por exemplo, un [ɔ] con tendencia a [o̝]). Todo isto dá como resultado unha transcrición talvez excesivamente complexa (Rodríguez 2008b).

As enquisas leváronse a cabo ata xullo de 1936. Como se explicou no apartado § 2.1.1, o estalido da Guerra Civil Española obrigou a paralizar o proxecto e, por tanto, o traballo de campo, que se reiniciaría máis dunha década despois. En 1947 rematáronse os inquéritos na zona pirenaica e en Asturias; máis tarde, en 1952 fíxose o levantamento de datos no Roselló. Non obstante, esta circunstancia non afecta ós materiais galegos, que xa foron recollidos en tres xeiras sucesivas entre abril de 1934 e decembro de 1935, segundo consta nos cadernos de enquisa (Sousa 2008). Pódese dicir que, dentro do contexto xeral do proxecto, os datos do ALPI referentes a Galicia son moi consistentes e fiables, pois foron tomados durante un período de tempo relativamente breve, o enquisador principal participou en todos os inquéritos e a rede de puntos ten maior densidade que noutros sectores.

2.2 Atlas Lingüístico Galego

2.2.1 Historia

A mediados da década de 1960 iniciouse a preparación do ALE. Manuel Alvar foi o elixido para facerse cargo dos materiais españois deste proxecto. En 1973, aproveitou esta circunstancia para pór en marcha o *Atlas Lingüístico de España y Portugal* (ALEP). Para o territorio galego designou responsable das dúas obras a Constantino García. O catedrático de filoloxía románica da USC e director do ILG naquel tempo considerou preciso aproveitar a oportunidade para realizar un atlas de pequeno dominio que dese conta da realidade dialectal

do galego; a realización conxunta dos inquéritos permitiría optimizar recursos económicos, materiais e humanos (González 2007a).

Na altura existía un marcado atraso nos estudos sobre o galego en relación co ámbito románico, particularmente no eido da dialectoloxía. A maior parte dos traballos eran de carácter parcial, ben por estudaren áreas xeográficas limitadas (sen abranguer a totalidade do territorio), como a tese de Santamarina (1973), ben por estaren restrinxidos a un determinado fenómeno, como os artigos de Zamora Vicente que foron mencionados anteriormente. As monografías léxicas promovidas polo Departamento de Filoloxía Románica da USC, das que xa se falou no apartado § 1.3.3, estaban feitas a partir de enquisas parciais en diversas áreas do territorio e non ofrecían unha consistencia metodolóxica nin datos suficientes para dar conta da realidade lingüística galega: a rede de puntos que conforman no seu conxunto resulta pouco densa e irregular e rara vez se atende, cando menos dun xeito que non sexa tanxencial, a cuestións fonéticas e morfosintácticas.

Pola súa parte, o ALPI, o único proxecto de xeografía lingüística que abranguía a totalidade do territorio galego, parece non abondar para detallar a variación diatópica do galego. A súa rede de puntos, se ben é máis densa que noutras áreas estudadas, resulta insuficiente para realizar unha análise en profundidade e un trazado preciso das isoglosas internas. Ademais, o seu cuestionario non estaba especificamente deseñado para o dominio galego. Por último, a maior parte dos materiais do ALPI permanecían inéditos, polo que non podían ser aproveitados.

Era preciso desenvolver un atlas de seu para o dominio galego, unha obra que puidese ofrecer unha visión panorámica, xeral e obxectiva das súas variedades. Pensouse no ALGa como unha obra sobre a que asentar con bases sólidas os estudos fonéticos, morfosintácticos e léxicos da lingua (González 2007b) e deseñouse coa intención de facer unha documentación exhaustiva que dese conta do galego tradicional co maior detalle posible.

> De aí nace a necesidade de elaborar un Atlas, cunha rede de puntos sistemática, que permitise presentar, do modo máis completo posible, a realidade lingüística galega nun momento decisivo para o porvir do idioma, sometido a presións externas, como a progresiva castelanización a través dos medios de comunicación, da Administración e o aparato escolar, e presións internas, como o paso dunha civilización rural (agraria e mariñeira), co galego como idioma vehicular, a unha civilización urbana, vehiculada maioritariamente en castelán. Por todo isto era urxente, e inaprazable, levar a cabo a realización dun atlas para unha das poucas áreas da Romania con lingua de seu que aínda non dispuña de atlas propio (García / Santamarina 1990).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ante o inminente arranque do ALE e o ALEP, o ILG decidiu pór en andamento o ALGa. Deste xeito, o traballo de campo podería ser aproveitado para os tres proxectos. En 1973, o equipo, con Constantino García e Antón Santamarina á fronte, trazou as liñas xerais da obra (González 2007b):

- A área que se ía estudar estaría conformada pola totalidade do territorio administrativo galego mais as zonas tradicionalmente consideradas galegófonas de Asturias, Zamora e León. Noutras palabras, abranguería se todo o dominio lingüístico galego, sen ter en conta fronteiras políticas ou administrativas.
- Aplicaríase a metodoloxía dos atlas de segunda xeración. Trazaríase unha rede de puntos suficientemente densa e elaboraríase un cuestionario suficientemente extenso como para profundar no coñecemento da variación interna do galego e detallar as características particulares do noso idioma no marco peninsular, románico e europeo.
- Incluiríase o cuestionario completo do ALEP, no que xa estaba inserido o do ALE, a fin de aforrar esforzos e vincular o ALGa con estes proxectos de xeografía lingüística de ámbito máis amplo.

Durante os seguintes meses deseñouse a rede de puntos, concretouse o cuestionario e deuse formación específica ós investigadores que desenvolverían o traballo de campo. Entre 1974 e 1976 realizouse a maior parte das enquisas. Os materiais obtidos foron depositados no ILG, onde de contado comezaron os labores de tratamento para a súa posterior análise e cartografado. A escaseza de recursos económicos, a inxente cantidade de datos recollidos e a propia magnitude da obra fixeron que se demorase a súa publicación. Con todo, foron aparecendo numerosos traballos feitos con base nos resultados das enquisas do ALGa. A finais da década de 1980, o ILG conseguiu asinar un convenio coa Fundación Pedro Barrié de la Maza para financiar a custosa impresión dos mapas e así, en 1990, veu a luz o volume *I Morfoloxía verbal*. Posteriormente publicáronse os volumes *II Morfoloxía non verbal* (1995), *III Fonética* (1999), *IV Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico* (2003), *V Léxico. O ser humano (I)* (2005), *VI Léxico. Terra, plantas e árbores* (2015) e *VII Léxico. O ser humano (II)* (2020).

Alén disto, os materiais do ALGa veñen sendo aproveitados para outros grandes proxectos de xeografía lingüística: o ALE, o ALEP, o ALiR e o ALPG. Tamén están a ser utilizados no *Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico* (AMPER), no que serven para contextualizar o galego dentro da descrición xeral do espazo lingüístico románico (Álvarez / Sousa 2017: 66). Por outra parte, os datos do ALGa teñen sido empregados na realización dunha enorme cantidade de traballos de investigación. Cabe destacar, pola súa capacidade descritiva e de síntese, a *Dialectoloxía da lingua galega*, de Francisco Fernández

Rei (1990), manual de referencia en que se propón a división do dominio lingüístico galego en bloques e áreas aceptada de maneira xeral pola comunidade científica, como xa sinalamos.

Máis alá dos estudos sobre variación diatópica, o ALGa resultou fundamental no proceso de construción e fixación da norma culta. Prové a información primaria para a elaboración das *Bases prá unificación lingüística do galego* de 1977 e, posteriormente, as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* de 1983, incluíndo as súas posteriores revisións. Do mesmo xeito, os datos do ALGa serven de apoio para a redacción de gramáticas, como a que a RAG está a confeccionar na actualidade, e para a lexicografía, como na elaboración do VOLGA ou do propio Dicionario da RAG. Tamén se aproveitan para traballos de gramática histórica, etimoloxía, sociolingüística variacionista e, fóra do ámbito estritamente lingüístico, para estudos etnográficos sobre cultura material e inmaterial.

2.2.2 O cuestionario

O cuestionario do ALGa debía garantir o cumprimento dos seus obxectivos, particularmente o de recoller coa maior exhaustividade posible unha lingua galega tradicional ameazada polas mudanzas sociais, económicas e demográficas e pola presión do castelán, como vai dito. En virtude disto, o equipo de investigadores realizou un traballo previo de compilación e análise da información existente sobre a variación lingüística do galego, reparando especialmente nos estudos dialectais previos realizados no noso territorio. Tamén se examinaron con detemento os cuestionarios que serviran de base para a elaboración doutros proxectos de xeografía lingüística, en particular os referidos a falas románicas. Neste sentido, antes de proceder á redacción do cuestionario do ALGa, analizáronse os seguintes materiais (González 2007a):

- Estudos lingüísticos xa feitos sobre o galego, tanto os publicados como as teses de doutoramento e memorias de licenciatura aínda sen publicar.
- Enquisas sobre léxico promovidas polo Departamento de Filoloxía Románica da USC.
- Estudos de carácter etnográfico e etnolingüístico.
- Cuestionarios de atlas lingüísticos previos. Cómpre sinalar aquí a especial relevancia dos cuestionarios do ALE e do ALEP, que son incorporados na súa totalidade no cuestionario do ALGa, como xa se explicou no apartado anterior.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para complementar todo este traballo previo, desde o Departamento de Filoloxía Románica da USC e coa axuda de parte do seu alumnado, organizouse un levantamento de datos de proba. Deste xeito, realizáronse doce enquisas cun cuestionario de aproximadamente 300 preguntas que abranguía temas específicos da lingua e a cultura galegas. Estes inquéritos foron realizados en zonas consideradas representativas das diferentes rexións do territorio (González González 1996).

Tendo en conta que os modos de vida das diferentes zonas de Galicia non distan tanto entre si como para facer preciso o uso de cuestionarios especializados, decidiuse elaborar un cuestionario único que se aplicase en todo o dominio. O tempo acabaría por demostrar o acerto desta opción, pois o emprego do cuestionario único permite observar a distribución xeográfica de determinados fenómenos socioeconómicos ó analizar as respostas a certos subconxuntos do cuestionario relacionados con determinados campos léxicos (González, 2007a). Por exemplo, os informantes de puntos con maior tradición na manufactura de queixos adoitan ofrecer unha información máis rica e precisa sobre o vocabulario relacionado con esta actividade. Do mesmo xeito, examinando as respostas do léxico relacionado co xugo, é posible delimitar as zonas do territorio en que se enxugaba "á canga" ou "á molida".

Elaborouse un primeiro borrador do cuestionario que contiña unhas 6.000 preguntas. Logo dalgunhas probas de campo na área de Santiago de Compostela, o equipo observou que un cuestionario tan longo imposibilitaría a recollida de datos nun prazo razoable (González 2007a). Completalo levaría moitas horas, que habería que repartir ó longo de varios días. Isto complicaría, ademais, a selección de informantes, pois nas comunidades rurais que se estudan neste tipo de traballos as persoas adoitan ter moitas tarefas que facer ó longo da xornada, e non sería doado atopar xente disposta a dedicar tanto tempo a responder as cuestións da enquisa. Doutra parte, percibiuse que boa parte das preguntas tiñan escasa rendibilidade, polo que se decidiu reducir o tamaño do cuestionario. Logo de sucesivas revisións, elaborouse unha versión final de 2.711 preguntas (González 2007b).

Ó igual que no ALPI, nos cadernos en papel do ALGa o cuestionario vai precedido dunha ficha para anotar os datos persoais dos informantes: nome, lugar de nacemento, idade, profesión, nivel de estudos, servizo militar, outras estancias fóra da localidade e lugar de nacemento dos pais e do cónxuxe. Nesa mesma páxina inicial hai un espazo para as observacións, psíquicas e lingüísticas, do investigador sobre o informante e para rexistrar notas xerais acerca da propia enquisa. A seguir vén o cuestionario lingüístico. As cuestións comprendidas entre a 1 e a 527 son de índole fonética (148 preguntas), morfolóxica (240 preguntas mais un cuestionario complementario de morfoloxía verbal) e sintáctica (139 preguntas), mentres que as que van da 528 á 2.711 (2.183 preguntas) son de tipo léxico e van agrupadas tematicamente en 17 campos conceptuais (González González 1996). Aínda que o proxecto pretende dar conta dos diferentes aspectos da vida tradicional galega, na que o mundo do mar e a súa explotación ocupan unha posición de relevo, prescindiuse do léxico

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

mariñeiro debido a que na rede de puntos do *Atlas Lingüístico de los Marineros Peninsulares* (Alvar 1985-1989)[30] estaban incluídas 25 localidades costeiras de Galicia, polo que se considerou que o territorio galego estaba ben representado (García / Santamarina 1990).

2.2.3 A rede de puntos

Desde un primeiro momento ficou claro que a zona que se ía estudar non debía estar limitada ó territorio administrativo galego. Coñecedores da realidade lingüística máis alá da fronteira con Asturias, León e Zamora, os investigadores do ALGa incluíron as áreas consideradas galegófonas destas provincias no trazado da rede de puntos. Isto permitiulles, por unha parte, abranguer o dominio lingüístico galego no seu conxunto e, por outra, obter datos precisos cos que trazar as isoglosas que marcan os límites respecto das variedades veciñas, nomeadamente, o asturleonés e o castelán (González 2007b). Respecto da delimitación da fronteira coas variedades setentrionais do portugués, xa se contaba na altura con datos de calidade provenientes dos traballos de Cintra (1964) e do propio ALPI.

Seguindo o modelo do ALF de Gilliéron, e como adoita acontecer nos proxectos de xeografía lingüística, o equipo do ALGa partiu dun bosquexo da rede de puntos cunha distribución case ortogonal, determinada pola prevalencia do criterio de equidistancia. Porén, igual que acontecera no deseño da rede do ALPI, ese primeiro modelo foise modificado ó introducir criterios de índole lingüística e demográfica. Aínda que se intentou manter unha distancia aproximada duns 20 km entre puntos, a súa distribución non segue un trazado completamente regular. Así, a malla é máis mesta na costa occidental, onde a densidade de poboación é maior, e máis basta en certas zonas de Lugo e Ourense en que, por cuestións socioeconómicas e orográficas, a cantidade de habitantes por km^2 é menor (García / Santamarina 1990). Do mesmo xeito, a rede é máis densa alí onde pasa a fronteira de determinados fenómenos relevantes para a dialectoloxía galega (seseo, gheada, resultados dos sufixos latinos -ĀNU, -ĀNA etc.) e onde se establecen as fronteiras coas variedades asturleonesas. Outro factor que se tivo en conta foi a necesidade de combinar localidades máis illadas, de fala xeralmente máis conservadora, con vilas e cidades, que adoitan mostrar un dinamismo lingüístico maior (González 2007a).

Trazouse unha rede de 167 puntos que abrangue a totalidade do territorio administrativo galego mais as áreas colindantes de Asturias, León e Zamora en que se falan variedades tradicionalmente consideradas galegas, a excepción de Le5 (Benuza), onde se considera que se fala leonés. Isto supón unha densidade media dun punto por cada 190 km^2,

[30] Os datos do proxecto do *Atlas Lingüístico de los marineros peninsulares* foron publicados sen cartografar entre 1985 e 1989 en catro volumes baixo o título *Léxico de los marineros peninsulares*.

ben maior cá do ALPI, cun punto por cada 558 km^2, como xa se comentou. En primeira instancia, pensouse en numerar os puntos do 1 ó 167 a eito, pero finalmente optouse por incluír na numeración un código de provincia marcado coa inicial de cada unha delas, agás no caso de León, marcado con "Le" para distinguilo de Lugo. Fíxose pensando na comodidade de acceso ós materiais, a pesar do arbitrario desta división administrativa, particularmente en termos lingüísticos. En cada unha das sete circunscricións, o punto número 1 é sempre o que se encontra máis ó norte (como C1 O Barqueiro), o número 2 é o máis próximo ó 1 en latitude (como C2 Cedeira), e así sucesivamente (García / Santamarina 1990).



Imaxe 7. Rede de puntos do ALGa (García / Santamarina 1990).

2.2.4 Os enquisadores

Tres investigadores levaron a cabo todo o traballo de campo do ALGa: Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González, todos eles licenciados en Filosofía e Letras pola USC. Trátase, coma no caso dos enquisadores do ALPI, de lingüistas con formación académica. Xunto con Constantino García e Antón Santamarina, os tres participaron no proxecto desde o inicio, implicándose en todas as súas fases de execución, desde o deseño estrutural preliminar ata a realización dos inquéritos de proba, pasando pola selección da rede de puntos ou a configuración do cuestionario. Logo da recollida de materiais tamén traballarían no seu tratamento, así como na edición e coordinación dos diferentes volumes do ALGa, labores que seguen a desempeñar na actualidade.

Antes de comezar co levantamento de datos para o proxecto, os investigadores recibiron formación específica para a tarefa. Puxeron en práctica os coñecementos adquiridos con enquisas dialectais de recollida de léxico (que serían a base para as súas memorias de licenciatura, presentadas en 1974) e coa proba de campo do borrador do cuestionario da que se falou no apartado anterior. O fin último de toda esta preparación era o de "lograren unha harmonización metodolóxica tanto na maneira de formular as preguntas coma na de transcribir as respostas" (García / Santamarina 1990). O feito de ser un equipo de tres persoas fixo necesaria unha coordinación moi estreita, cumpría que atopasen unha sintonía moi fina entre eles a fin de que os materiais tivesen a fiabilidade e consistencia que só unha estrita uniformidade de criterios pode dar.

Para comprobar a coherencia metodolóxica e constatar a uniformidade de criterios no modo de obter a información e no modo de transcribila, as primeiras enquisas fixéronas os tres lingüistas xuntos, cos mesmos informantes. Deste xeito, ó contrastar as notas de cada un, puideron reflexionar e tomar decisións acerca dos casos en que se deu algunha pequena discrepancia. Aínda que despois, por unha cuestión de economía de recursos, cada investigador comezou a traballar de xeito individual, o equipo reuníase periodicamente para facer algunha entrevista conxunta, compartir experiencias e opinións e discutir en torno ós problemas que ían xurdindo segundo avanzaban os traballos (González González 1996).

2.2.5 Os informantes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Os requisitos para a escolla de informantes non varían moito respecto dos da xeografía lingüística tradicional: de idade madura (aínda que non anciáns), iletrados, nativos do lugar ó igual que a súa familia (cando menos a máis próxima), que non viaxasen, que se expresen con espontaneidade, sen defectos articulatorios, con boa dentadura e que tivesen un oficio

tradicional. Non sempre é doado atopar este informante ideal (García / Santamarina). A diferenza do ALPI, non se priorizou a escolla de informantes masculinos, de xeito que se entrevistan homes e mulleres indistintamente. De feito, preferíronse en ocasións informantes femininas ó considerar que preservan unha fala máis tradicional, que é o que se procura rexistrar no ALGa, xa que cumpren mellor co criterio de non teren viaxado (en relación con posibles informantes masculinos que fixeran o servizo militar ou emigraran nalgún momento da súa vida) e participan en igual ou maior medida nos traballos do campo (González 1992). Así e todo, na maioría das entrevistas empregadas nesta investigación, o informante principal é un home. Dos 71 informantes identificados que colaboraron para o levantamento de datos do ALGa nos puntos seleccionados para este traballo, 15 son mulleres e 56 son homes. A súa media de idade ronda os 63 anos.

De maneira xeral, o groso do cuestionario era completado coa axuda dun informante principal. Porén, o máis común era que estivesen presentes un ou varios informantes secundarios que con frecuencia aportaban información relevante, ben porque achegaban algunha resposta que non era capaz de ofrecer o informante principal, ben porque ofrecían formas alternativas ou ben porque daban algún dato adicional sobre o uso ou a distribución dunha determinada palabra ou expresión. Nalgunhas ocasións foi preciso recorrer a máis dun informante principal para completar a enquisa por mor de diferentes situacións que impedían á persoa seleccionada inicialmente rematar a entrevista. Tamén houbo algúns casos en que a totalidade do inquérito foi realizado a un grupo de persoas (González González 1996). Doutra parte, cando se considerou preciso, botouse man de informantes secundarios para recoller datos de partes do cuestionario referentes a léxico de sectores especializados, tales como a carpintería, a ferrería ou os traballos de transformación do liño e da la (González 2007a).

2.2.6 A enquisa

As entrevistas foron realizadas, na súa maior parte, en dúas xeiras: unha primeira entre novembro de 1974 e novembro de 1975 e unha segunda entre maio e xuño de 1976. Máis tarde, en maio de 1977, cubriuse a localidade zamorana de Lubián (García / Santamarina 1990). A diferenza do ALPI, non se fixo un reparto de áreas entre os investigadores, senón que traballaban xuntos facendo as enquisas ó mesmo tempo tres puntos próximos, axudándose nos casos en que era preciso. Nalgunhas ocasións, dous membros do equipo cubrían o mesmo punto dividindo o cuestionario en dúas partes e realizando entrevistas en paralelo con diferentes informantes da localidade. Normalmente, a realización completa do cuestionario demoraba uns tres días, aínda que en ocasións era preciso dedicar máis tempo. Empregouse sempre a lingua galega no trato cos suxeitos e tratouse sempre de obter a información de maneira indirecta. En relación con isto último, os investigadores botaban man

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de ilustracións de insectos, paxaros e plantas, así como de fotografías de apeiros de labranza, ferramentas, construcións, etc. Tamén portaban un herbario que se foi enriquecendo segundo avanzan os traballos, xa que pronto se deron conta de que os deseños dos libros de botánica resultaban de pouca axuda ante persoas con nula ou escasa educación visual que permitise a interpretación destas imaxes (González 2007b).

Todas as respostas foron anotadas en cadernos impresos en papel co cuestionario. Tamén se tomou nota de toda a información adicional que se considerou pertinente (como cantigas, refráns e outros ditados populares), así como das observacións realizadas *in situ* polos enquisadores. Por exemplo, cando unha pregunta ten varias respostas, é común que se indique cal delas é de uso máis frecuente. Do mesmo xeito, tamén se rexistra se unha determinada palabra era máis empregada antigamente ou se é propia dalgunha localidade veciña, por exemplo. En todos os casos, as formas foron transcritas utilizando o alfabeto fonético da RFE[31], ó que se lle aplicaron algunhas pequenas adaptacións para axeitalo á realidade lingüística galega (García / Santamarina 1990).

As entrevistas non foron gravadas. Porén, cando os informantes manifestaron o seu consentimento, empregouse un magnetófono de bobina para rexistrar mostras de fala viva e non só transcricións de formas concretas descontextualizadas. Moitos rexeitaron ser gravados, probablemente por desconfianza ante calquera cousa que se saíse do cotián. En todo caso, recolléronse textos orais representativos da fala en boa parte dos puntos de enquisa. Para alén do seu valor lingüístico, estas gravacións teñen un gran valor etnográfico. Algunhas delas forman parte, xunto con outros moitos etnotextos recollidos nos últimos 45 anos, do *Arquivo do Galego Oral* (http://ilg.usc.es/ago/), proxecto dirixido por Francisco Fernández Rei. Ademais de rexistrar este material sonoro, os investigadores toman tamén fotografías que dan conta da cultura material de cada lugar e que permiten observar a variación formal e tipolóxica de moitos elementos da cultura tradicional, tales como o carro, o arado, o xugo, as distintas ferramentas etc. (González 2007a).

2.3 Nova Enquisa

2.3.1 Historia

Como se indicou na introdución, durante os traballos para a edición e aproveitamento dos materiais galegos do ALPI levados a cabo desde o ILG puidemos observar diverxencias na distribución de determinadas variables en relación coa distribución mostrada polos datos

[31] Posteriormente, cando se informatizan os datos e pensando na súa futura difusión, decídese empregar o Alfabeto Fonético Internacional (AFI).

do ALGa. Isto é, puidemos constatar que se produciran cambios no tempo transcorrido entre un proxecto e o outro. Se era posible observar mudanzas lingüísticas no período que media entre eles, parecía oportuno tratar de comprobar se estas dinámicas de cambio continuaran desde que se fixeran os traballos de campo para o ALGa ou se se orixinarían outras novas. Por esta razón, tomamos a decisión de poñer en marcha un novo proxecto que fornecese materiais comparables cos anteriores. Máis alá da obtención dos materiais, a finalidade última deste proxecto era poder contrastar a información recollida coa do ALPI e a do ALGa.

Así as cousas, en 2008, a pesar da evolución experimentada polos estudos xeolingüísticos nas últimas décadas, a fin de garantir que a comparación dos datos se puidese facer dun modo rigoroso, pensouse en desenvolver un proxecto que replicase, na medida do posible, a metodoloxía da xeografía lingüística tradicional, particularmente, a empregada no ALPI e no ALGa. Aínda que é un proxecto de seu, concibiuse como unha ferramenta dentro dun proxecto de investigación maior (o que deu lugar a esta tese) que ten como principal obxectivo estudar a variación dalgúns aspectos do galego no espazo e no tempo partindo de materiais lingüísticos xeorreferenciados e datados en tres momentos históricos diferentes. Talvez por iso, por ser deseñado como un instrumento, como parte dun traballo máis abranguente, non se lle deu un nome desde o inicio. Pasado un tempo, a simple forza do costume acabou por consolidar como nome do proxecto o que en principio era unha mera etiqueta identificativa: a *Nova Enquisa*.

2.3.2 O cuestionario

A selección de preguntas para o cuestionario da NEnq estivo determinada pola finalidade da investigación, que é a de comparar os datos xeolingüísticos de tres momentos históricos diferentes. Por este motivo, o primeiro que se fixo foi cotexar os cuestionarios do ALPI e do ALGa e identificar todas as preguntas coincidentes entre ambos, cuxo número ascende a 847. A seguir, tras sucesivos cribados, elaborouse unha selección de 372 cuestións que poderían ofrecer maior rendemento. Como vai dito, non se trataba de facer un novo atlas con exhaustividade, senón que o que se pretendía era tomar información moi concreta que permitise avaliar a evolución de determinadas variables no tempo e no espazo. Na escolla procurouse primar a representación de fenómenos fonéticos, morfosintácticos e léxicos que a dialectoloxía galega emprega tradicionalmente para trazar os límites entre as súas variedades diatópicas (sobre a base, fundamentalmente, da división en bloques e áreas de Fernández Rei 1980, 1982, 1990). Con todo, como xa se comentou no apartado § 2.1.3, o ALPI está deseñado para estudar de maneira xeral os grandes dominios lingüísticos peninsulares e non para analizar a súa variación interna, polo que foi inevitable asumir que o cuestionario da NEnq tería algunhas lagoas significativas no referente a certos fenómenos

con distribución diatópica que caracterizan algunhas falas galegas. Por outra parte, con base nos resultados daqueles estudos contrastivos preliminares entre os datos do ALPI e do ALGa, nos que se observaba unha tendencia expansiva dalgunhas variantes léxicas de orixe castelá, escolléronse tamén aquelas cuestións que permitían avaliar cambios neste sentido.

Feita a selección, a diferenza do ALPI e do ALGa, que teñen seccións dedicadas ós distintos ámbitos de estudo (fonética, morfosintaxe, léxico), o cuestionario da NEnq organizouse por bloques temáticos, de xeito algunhas cuestións de interese (como o seseo en posición de coda silábica ou a formación do plural das palabras oxítonas rematadas en *-n*, por poñer un par de exemplos) ficasen camufladas entre preguntas sobre as denominacións de diferentes realidades. Tamén se incluíron cuestións referentes ó uso de determinados pronomes e adverbios que tiñan difícil clasificación semántica e cuxas respostas se tratarían de obter non mediante pregunta, senón a través do discurso espontáneo dos suxeitos informantes. Deste modo, o cuestionario ficou estruturado nas seguintes seccións:

- vexetais (34 preguntas)
- animais (33 preguntas)
- ferramentas (14 preguntas)
- construcións e vías de comunicación (14 preguntas)
- elementos xeográficos (11 preguntas)
- fenómenos meteorolóxicos (18 preguntas)
- estacións e meses do ano (16 preguntas)
- días da semana (7 preguntas)
- partes do día (5 preguntas)
- números (29)
- ser humano, aspectos físicos (47 preguntas)
- ser humano, aspectos psíquicos (27 preguntas)
- relacións de parentesco (18 preguntas)
- fogar (37 preguntas)
- alimentación (13 preguntas)
- relixión (6 preguntas)
- pronomes (12 preguntas)
- adverbios (6 preguntas)
- outros (25 preguntas)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Son en total 372 preguntas. Trátase dun cuestionario relativamente reducido se o comparamos cos do ALPI e o ALGa. Céntrase en elementos básicos da vida cotiá e prescinde de vocabulario específico sobre determinadas ferramentas, apeiros ou actividades de manufacturación. Finalmente, para a realización desta investigación non se empregaron os resultados do cuestionario completo da NEnq, senón que se fixo unha selección coas 125 preguntas que se consideraron de maior utilidade tendo en conta os obxectivos do traballo. No Anexo I pódese consultar o listado destas 125 preguntas, xunto co identificador (número de pregunta) correspondente para cada un dos tres proxectos (ALPI, ALGa e NEnq).

2.3.3 A rede de puntos

A fin de replicar coa maior precisión posible a metodoloxía dos traballos anteriores, a malla de localidades de enquisa para a NEnq ten un trazado idéntico á dos 53 puntos galegos ALPI, xa que se considera o proxecto base, o punto de partida. Non se incluíron os puntos tradicionalmente considerados galegófonos de Asturias, León e Zamora porque na altura non dispuñamos dos materiais do ALPI correspondentes a esas localidades, de xeito que non había datos cos que comparar. Na meirande parte dos casos, os lugares en que se realizaron os inquéritos foron os mesmos ós visitados máis de setenta anos atrás por Aníbal Otero. Cando non se conseguiu atopar informantes axeitados nos lugares preestablecidos pola rede de puntos, procuráronse nalgunha outra localidade da mesma parroquia ou, en última instancia, do mesmo concello. O listado completo dos puntos de enquisa da NEnq pode ser consultado no Anexo II, onde se poden ver tamén as correspondencias coa rede do ALPI e coas localidades do ALGa seleccionadas.

Con todo, é preciso sinalar que estas poboacións experimentaron mudanzas, ás veces de xeito desigual, no período que vai desde o traballo de campo do ALPI ó da NEnq. Mentres algunhas, fundamentalmente as de ámbito máis rural, viron minguado o seu número de habitantes, así como a súa actividade económica e social, outras, máis ben de ámbito vilego, sufriron transformacións que van precisamente no sentido contrario, cun aumento do número de habitantes e unha diversificación da actividade económica e social que implica notables alteracións e mesmo abandono dos modos de vida tradicionais que se procuraban no atlas dirixido por Navarro Tomás. Obviamente, todo isto ten repercusións na realidade lingüística, pero mantívose o trazado orixinal por coherencia metololóxica e para poder observar os cambios.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.3.4 O enquisador

Todas as entrevistas foron realizadas por min, único investigador implicado no traballo de campo para a NEnq. Na altura, en 2008 estaba xa en posesión do título de licenciado en Filoloxía Galega e levaba preto de tres anos traballando na sección de xeografía lingüística do ILG, primeiro como bolseiro de colaboración do MEC e posteriormente como bolseiro de cooperación da propia USC. Nese período recibín formación específica para desenvolver o meu labor, que se centraba fundamentalmente no procesamento dos materiais galegos do ALPI, aínda que en ocasións axudaba no tratamento dos datos do ALGa ou nalgún outro proxecto.

Deste xeito, funme familiarizando coa metodoloxía dos atlas lingüísticos, así como coas tarefas de transcrición. Ademais, contaba con experiencia na realización de enquisas dialectais, se ben cun cuestionario máis reducido. Con todo, durante as semanas anteriores ó inicio dos inquéritos, Xulio Sousa e Rosario Álvarez afanáronse en darme orientacións e consellos sobre como desenvolver o traballo de campo: como actuar ó chegar a unha localidade, como seleccionar informantes, como abordar certas preguntas para garantir a obtención da información por medios indirectos etc.

2.3.5 Os informantes

A fin de garantir a coherencia metodolóxica cos proxectos anteriores, procurouse o informante tipo da xeografía lingüística tradicional. Lembremos os requirimentos habituais: debe ser de idade avanzada, aínda que non excesivamente maior, cunha boa memoria e unha boa dicción; de ámbito rural, coñecedor dos labores do campo e vinculado a un oficio tradicional; iletrado; natural da localidade, ó igual que a súa familia máis próxima; non viaxado ou, cando menos, con poucas e breves estancias fóra do lugar (Navarro Tomás 1962; García / Santamarina 1990). Alén das mencionadas, o informante debe ter tamén algunhas calidades que non se adoitan explicitar neste tipo de traballos, talvez porque se dan por sentadas: ten que ser unha persoa aberta, amigable, con ganas de falar e con tempo para facelo.

Porén, non todas estas características foron doadas de reunir nun informante da Galicia de inicios do século XXI. A pesar da progresiva perda de habitantes no ámbito rural, nos lugares visitados aínda había unha poboación suficiente como para poder atopar persoas dispostas a seren entrevistadas. Tampouco resultou difícil que fosen nacidos na localidade, igual que a súa familia máis próxima, pero as viaxes e as estadías fóra son máis habituais que en épocas anteriores. Do mesmo xeito, encontráronse informantes cun estilo de vida

tradicional, pero resultaba obvio que ese modo de vida tradicional non permanecera invariable desde 1934, ó igual que as condicións socioeconómicas, culturais, educativas etc. Aínda que todas as persoas entrevistadas coñecían ben, por exemplo, os traballos agrícolas, para responder algunhas preguntas tiveron que retrotraerse á súa xuventude e facer memoria, pois a mecanización dos labores do campo experimentada nas últimas décadas mudou notablemente a maneira de facer as cousas. Así, moitos informantes non lembraban, por seguir co exemplo, os nomes das partes do xugo. Trátase para eles dunha realidade que pertence ó tempo de seus pais, ou mesmo de seus avós, máis que ó seu propio.

Outra condición difícil de cumprir foi a de seren iletrados. A media de idade dos informantes da NEnq é duns 67 anos, o que quere dicir que naceron entre finais da década de 1930 e inicios da década de 1940. Por tanto, a maior parte deles asistiu á escola logo da promulgación da Lei sobre Educación Primaria de 1945[32], que establecía a obrigatoriedade do ensino primario. Esta cuestión é importante, porque todas as persoas entrevistadas para a NEnq estaban alfabetizadas en maior o menor grao. E non menos importante é o feito de que esa alfabetización fose vehiculada integramente en castelán, nun sistema educativo fortemente marcado polo ideario do nacional-catolicismo (Prada *et alii* 2017). Isto impedía que os informantes cumprisen outro dos requirimentos da xeografía lingüística tradicional (que subxace baixo o da non alfabetización e o de non moverse da localidade natal): non ter contacto con outras variedades.

A exposición dos informantes da NEnq ó castelán é maior e moito máis intensa que a dos informantes do ALPI e a dos informantes do ALGa, non só pola práctica universalización da escola no tempo en que lles tocou aprender as primeiras letras, senón tamén pola extensión dos medios de comunicación de masas, que non parou de acelerarse. Quen, en 2008, non tiña contacto co castelán a través da radio, a televisión, a prensa e mesmo a internet? Eramos conscientes da imposibilidade de atopar suxeitos que vivisen illados desta realidade, e tampouco era a nosa intención procuralos. Do mesmo xeito, tamén a través dos medios, principalmente a radio e a televisión, desde que se funda a Compañía de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) difúndese unha nova variedade antes inexistente: o galego estándar. En ambos os dous casos, o do castelán e o do galego estándar, trátase de variedades de prestixio que dalgunha maneira poden ter capacidade de interferir na fala dos informantes, aínda que sexa de maneira indirecta (a través de fillos e netos, por exemplo).

En definitiva, as mudanzas (demográficas, económicas, tecnolóxicas, lexislativas etc.) experimentadas pola sociedade galega nas últimas décadas dificultaron enormemente a tarefa

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[32] Impulsada polo ministro José Ibáñez Martín, recollía a ideoloxía do réxime de Franco, considerando a educación como un dereito da familia, a Igrexa e o Estado. A lei estaba fondamente marcada polo pensamento nacional-catolicista das primeiras décadas da ditadura, polo que lle imprimía á educación primaria un carácter confesional e dogmático. No capítulo III establecía a súa obrigatoriedade, gratuidade e "por razones de orden moral y de eficacia pedagógica" a separación de sexos. No capítulo II, artigo sétimo, prescribía o uso da lingua española ("lengua nacional") como único vehículo "de expresión y formación humana" (*Ley de 17 de julio de 1945 sobre Educación Primaria*, BOE número 199, 18/07/1945).

de atopar o informante ideal esixido pola xeografía lingüística tradicional, cuxos métodos se intentaron replicar na NEnq coa maior exhaustividade. Cómpre lembrar que na planificación do ALGa xa se tivera esta circunstancia (a da transformación social) en conta, pois o equipo de investigadores era consciente do "momento crucial" polo que atravesaba a sociedade galega a comezos da década de 1970. Pois ben, esas fondas mudanzas das que se fala na introdución do primeiro volume do ALGa (citadas no apartado § 2.2.1) acabaron por consolidarse nos anos seguintes; e tras delas viñeron outras. Con todo, salvando eses impedimentos que van comentados, asumindo que os cambios na sociedade provocan cambios na lingua e que é precisamente isto último o que se pretende estudar, conseguiuse que a NEnq contase con informantes que mostraron unha fala representativa da súa variedade local, que é o que, en definitiva, se procuraba.

A idade media dos suxeitos (67 anos, como vai dito) é algo maior que no ALGa (63 anos) e que no ALPI (59 anos). Dos 92 informantes da NEnq, 51 son homes e 41 mulleres. Todos eles son naturais dos lugares en que se realizaron as entrevistas, onde residiron, de maneira xeral, toda a súa vida. Unicamente se dan excepcións a este requisito nalgúns casos de informantes que traballaron algún tempo fóra de Galicia e nalgúns outros de informantes secundarios que son naturais de parroquias ou lugares próximos ó punto de enquisa. O listado completo dos informantes da NEnq e os seus datos básicos, xunto cos do ALPI e os do ALGa, pode ser consultado no Anexo III.

2.3.6 A enquisa

En marzo de 2008, antes de iniciar o percorrido polos 53 puntos galegos do ALPI, realizáronse varias enquisas de proba en Redes (Ares) e Santiago de Compostela. Nelas empregouse xa a versión definitiva do cuestionario e unha versión preliminar da colección de imaxes de apoio, que sufriría sucesivas revisións. Aínda que, ó contrario do que se afirma sobre os informantes do ALGa na súa introdución (García / Santamarina 1990), os entrevistados para a NEnq si teñen certa educación visual (a consecuencia do mundo que lles tocou vivir), non sempre é doado atopar a fotografía axeitada para determinadas realidades. Por poñer un exemplo, unha fotografía en primeiro plano dunha xoaniña tivo que ser descartada porque varias persoas, logo de darlle moitas voltas a posibles respostas, manifestaron o seu desacordo con que este coccinélido puidese ser "tan grande". Así, escolleuse finalmente outra imaxe en que a xoaniña non se vía con tanta nitidez, pero si co seu tamaño contextualizado en relación a unha folla de herba na que se vía pousada. Esta nova foto substituiría a anterior e ofrecería mellores resultados.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por outra parte, tamén se aproveitaron estes ensaios para coller experiencia no uso da gravadora de son, cuxa colocación e orientación cómpre afinar para facer un rexistro de calidade. Aínda que no ALPI e no ALGa as respostas son transcritas á man *in situ*, considerouse que o emprego da gravadora, dunha banda, non supuña un cambio metodolóxico que puidese afectar os resultados da investigación e, doutra, comportaba a vantaxe de liberar ó entrevistador da complexa e laboriosa tarefa de transcrición, reducindo o tempo necesario para completar a enquisa e posibilitando que se centrase completamente na comunicación co informante. Ó contrario que nos proxectos anteriores, non se empregou, por tanto, un cuestionario impreso no que transcribir as respostas. De todos modos, comprobouse a utilidade portar un caderno entre o material de campo para poder facer anotacións puntuais.

Logo destas probas comezáronse as enquisas para a NEnq, que se levaron a cabo entre os meses de marzo e maio de 2008. Co apoio económico do ILG, o traballo de campo fíxose por xeiras semanais nas que se ían visitando grupos de localidades. De maneira xeral, planificábase a ruta e intentábase conseguir unha persoa de contacto con antelación en cada punto. Grazas a esta organización previa, frecuentemente era posible chegar ó lugar con algunhas orientacións sobre onde procurar as persoas axeitadas e mesmo ás veces, no mellor dos casos, cunha selección de posibles informantes feita por persoas con formación filolóxica. Pero non sempre houbo tanta fortuna. Noutras ocasións foi preciso demorar máis o proceso, mergullarse na realidade local e ir investigando ata dar con candidatos viables. Dun ou doutro xeito, como vai dito, acabouse conseguindo para a NEnq unha mostra de falantes representativos das súas respectivas localidades. Na maior parte dos casos, as entrevistas fixéronse cun informante principal axudado por algún informante secundario (xeralmente un familiar ou un veciño). Noutros, os menos, unha única persoa respondeu o cuestionario de maneira individual ou varios informantes participaron de maneira conxunta na enquisa.

Unha vez seleccionados os suxeitos, procurábase un espazo que puidese garantir un bo rexistro do son. O lugar ideal é unha sala pechada, libre de ruídos alleos á conversa e sen eco, pero non sempre é doado de conseguir. Primouse sempre a comodidade dos informantes, que en ocasións preferían ser entrevistados na rúa ou na horta antes que meter un estraño na casa. Outras veces, os contactos locais mediaban para poder gravar nunha boa sala, pertencente ó concello, a unha asociación de veciños ou algunha outra entidade. Sexa como for, procurábase a mellor disposición posible e comezábase a gravación cunha conversa informal, distendida, cos informantes. Esta parola inicial tiña un dobre obxectivo: tratar de naturalizar a situación e recoller certas formas (como as pronominais, por exemplo) que non sempre son doadas de conseguir por métodos indirectos. Logo duns minutos, e aproveitando o tema da conversa, comezaba a facerse o cuestionario. Non sempre se completou de maneira lineal, senón que se deixaba fluír a conversa para que fose dun a outro tema sen ter que forzar cambios abruptos. A intención era sempre obter a información da maneira máis indirecta

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

posible, por iso, extraela do discurso espontáneo do informante é a mellor das situacións. Cando non se conseguiu desta maneira, empregáronse as seguintes estratexias:

- Algunhas cuestións fixéronse sinalando algo e preguntando como se chama. Este método é particularmente útil para obter información sobre as partes do corpo humano, por exemplo, e para coñecer o nome de calquera obxecto que estea á vista durante a enquisa.
- Tamén a través da mímica se pode facer referencia a algunha realidade, evitando mencionala. Por outra parte, de maneira xeral, a linguaxe non verbal axuda en boa medida a apoiar calquera pregunta formulada verbalmente. Por exemplo, adoita resultar útil xestualizar, imitando o seu uso, mentres se pregunta polo nome dalgunha ferramenta.
- Parte importante das preguntas foron realizadas por medio da definición ou caracterización da realidade en cuestión, ou ben por medio dun contexto axeitado que provoque a resposta do informante. Pódeselle preguntar, por exemplo, se ten familia e a partir da resposta inicial ir tirando do fío para obter as denominacións das distintas relacións de parentesco.

As entrevistas da NEnq teñen unha duración que vai desde os 100 ós 170 minutos, aproximadamente, resultando un total de máis de 100 horas de gravación. Rematado o traballo de campo, todo este material ficou depositado no ILG e posteriormente sería transcrito para o seu aproveitamento en diferentes investigacións, incluíndo esta tese.

3 MÉTODOS

3.1 ALGÚNS CONCEPTOS BÁSICOS

"Ao longo do tempo, os lingüistas percibiron a variación de diferentes maneiras, ben como procesos relativamente ordenados e predicibles, ben como procesos fundamentalmente estocásticos e impredicibles; como unha cuestión autónoma ou na que interveñen múltiples factores; como un fenómeno cognitivo ou social" (Johnstone 2010: 1)[33]. Sexa como for, a variación semella algo natural e indisociable non só da comunicación lingüística, senón tamén doutros produtos da sociedade humana. Pero que entendemos exactamente por variación lingüística?

[33] A tradución é nosa.

As linguas son heteroxéneas, con frecuencia acollen diferentes xeitos de expresar as mesmas cousas: dúas ou máis voces para un mesmo concepto, dúas ou máis maneiras diferentes de formar un plural, dúas ou máis colocacións posibles para un pronome, dous ou máis xeitos distintos de pronunciar unha mesma palabra etc. Esta propiedade de ofrecer solucións diversas para as mesmas necesidades comunicativas coñécese comunmente como variación lingüística. Trátase dun fenómeno complexo, difícil de abordar. Un dos primeiros en clasificar os diferentes eixes en que as linguas varían foi Ferdinand de Saussure, considerado fundador da lingüística moderna. Segundo o mestre xenebrino (Saussure 1916), a variación lingüística pode ser temporal (diacrónica), espacial (diatópica), social (diastrática) e contextual (diafásica). Porén, el abordou o estudo da linguaxe deixando de lado a súa variabilidade, asumindo que era inmanexable, centrando a súa análise nun nivel máis homoxéneo, no plano da abstracción (Chambers / Trudgill 1998: 185). Esta visión influíu de maneira determinante nas teorías lingüísticas das décadas posteriores.

A mediados do século XX produciríase unha viraxe dos estudos lingüísticos cara ó variacionismo. O iniciador desta tendencia foi Wiliam Labov, quen focou a súa atención no cambio lingüístico e propuxo desglosar a súa abordaxe en tres problemas distintos: a orixe das variacións lingüísticas, a propagación dos cambios lingüísticos e a regularidade deses cambios. O seu modelo teórico parte da base dunha definición da variación ben sinxela, pois enténdea como a simple "diferenciación nunha ou varias palabras no discurso dun ou máis individuos" (Labov 1963: 273). Dunha maneira máis precisa, Swann *et al*. (2012) definen variación no seu dicionario do seguinte xeito:

> A fundamental characteristic of language. Language variation most often refers to the variable use of forms from a single language but is also found for the use of more than one language in bilingual communities.

Segundo Labov, as variacións poden estar inducidas por múltiples factores, tales como procesos de asimilación ou disimilación, analoxías, fusións e interferencias, entre outros, ou mesmo poden producirse de maneira aleatoria. En xeral, o autor percibe a variación como o froito da interacción da linguaxe coas características fisiolóxicas e psicolóxicas do falante e considera que a maior parte das variacións son circunstanciais, están asociadas a un acto de fala concreto e só se producen nunha única ocasión. Porén, é posible que se dea unha segunda fase en que o propio individuo ou outros individuos repliquen o novo xeito de falar. No caso, ese novo xeito entra en contraste co anterior e, se un número suficiente de falantes comeza a empregalo, pode espallarse o suficiente como para converterse nunha alternativa de uso frecuente. Chegados a este punto, as dúas formas poden convivir na comunidade de falantes ou unha delas acabar triunfando sobre a outra. En todo caso, este é o mecanismo do cambio

(Labov 1963, 1994). Algo semellante di xa o propio Saussure (1916: 34) ó afirmar que a lingua ten unha dobre vertente, individual e social, e que non é posible concibir unha sen a outra. En relación con isto, explica que a variación nace do uso individual, da *parole*, dos actos performativos de fala. Cando unha variante consegue espallarse a través do tecido social dunha comunidade de falantes, pasa a formar parte do sistema, da *langue*, do código compartido por todos eles.

Con esta perspectiva iniciouse a sociolingüística variacionista, desenvolvida grazas a métodos cuantitativos de análise e fundamentada na consideración de que a variación é a causa do cambio lingüístico (Labov 1982). Mesmo cando se observa unha mudanza xa constatada, na que unha determinada unidade acabou por substituír a outra no desempeño dunha mesma función, é preciso entender que nunha época anterior as dúas formas deberon de coexistir nunha especie de pugna, valla a metáfora, polo mesmo espazo social ou xeográfico. Cando isto sucede, cando dúas ou máis formas (no plano fonético, morfolóxico, léxico…) conviven nunha mesma comunidade de falantes constituíndo unha característica lingüística diferenciadora, estamos ante unha variable (Labov 1972). Trátase dun termo tomado da ciencia matemática e adaptado á lingüística. Entendemos por variable aquel elemento lingüístico susceptible de tomar diferentes valores.

Como en calquera traballo que empregue os métodos da xeografía lingüística, nesta investigación as variables veñen determinadas polo cuestionario empregado. Cada pregunta do cuestionario é unha variable. Así, por exemplo, a pregunta 493 do ALPI, que corresponde coa 1370 do ALGa e a 54 da NEnq, procura as denominacións do insecto coccinélido coñecido comunmente como *xoaniña*. Ós diferentes valores que pode tomar esa variable chamámolos variantes; no caso: *cascarrubia*, *costureiriña*, *rei*, *mariquita* ou a propia forma *xoaniña*, entre outras. En ocasións tamén é posible empregar varias preguntas para analizar unha mesma variable. Por exemplo, para estudar os resultados da terminación latina -ĀNU botamos man das cuestións *gran* (77 do ALPI, 936 do ALGa e 11 da NEnq), *man* (25 do ALPI, 2148 do ALGa e 120 da NEnq) e *verán* (380 do ALPI, 556 do ALGa e 100 da NEnq). Cada unha delas constitúe unha variable de seu, pero a información obtida a partir das tres preguntas permite analizar en conxunto a distribución das solucións galegas *-án*, *-á* e *-ao*, procedentes da secuencia latina -ĀNU, como veremos no apartado § 4.1.5.

Segundo o propio Labov (1982), as variantes teñen un mesmo significado referencial, pero difiren na súa distribución social, espacial, temporal ou estilística. Cando un sistema lingüístico concreto está caracterizado polo emprego dunha determinada variante, falamos de variedade. Seguindo co primeiro exemplo, as falas galegas que no seu inventario léxico contan coa forma *cascarrubia* constitúen unha variedade, que se contrapón ás variedades que empregan *costureiriña*, *rei* ou algunha outra denominación. Do mesmo xeito, as falas galegas nas que se empregan as formas *gran*, *man* e *verán* constitúen unha variedade que se opón ás que usan *grao, mao* e *verao*. No referente ós datos manexados nesta investigación

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

(xeorreferenciados e datados), obsérvase con frecuencia que a distribución espacial das variantes difire dun período a outro, o que constitúe unha mudanza lingüística.

É habitual entender o cambio como a conclusión dun proceso de substitución dunha forma lingüística por outra (Labov 1963, 1996; Coseriu 1973; Chambers / Trudgill 1998; Kabatek 2017; Mariño 2017). Porén, neste traballo consideraremos cambio o rexistro nun determinado punto dunha variante que anteriormente non fose recollida nese lugar, independentemente de se substitúe a variante preexistente ou convive con ela. Se nunha variedade en particular existe un determinado elemento lingüístico e tempo despois se rexistra un novo elemento canda o primeiro, pasa de non haber variación a habela, e isto xa constitúe un cambio. Para os nosos propósitos, esta visión resulta máis práctica. Cómpre termos en conta a metodoloxía empregada para a obtención dos datos con que traballamos. Manexamos unha serie de respostas dadas ás mesmas preguntas nos mesmos lugares en tres momentos diferentes. Daquela, por exemplo, se nun punto de enquisa se rexistrou a forma *fiúncho* para a planta apiácea *Foeniculum vulgare* no ALPI e nese mesmo punto se rexistraron as formas *fiúncho* e *fiollo* no ALGa, consideramos que iso xa supón un cambio lingüístico. A recollida da forma nova, mesmo non desprazando a preexistente, supón unha mudanza. Así, faremos unha definición funcional do cambio lingüístico, axeitada ós nosos propósitos, entendéndoo como a diferenza na resposta a unha mesma pregunta obtida nun mesmo punto en momentos distintos, o que supón unha modificación na distribución diatópica dunha determinada variable. Coincidimos, por tanto, coa perspectiva de Van der Merwe (1993) cando afirma que o estudo do cambio lingüístico consiste na identificación das áreas en que se producen modificacións na extensión de variantes.

En relación co anterior, cómpre falarmos do concepto de difusión. Para Chambers e Trudgill (1998: 207), difusión é o avance das innovacións lingüísticas. Porén, cabe a posibilidade de que sexa unha forma conservadora a que se expanda polo territorio, polo que entenderemos, simplemente, que a difusión é a propagación no espazo e no tempo dunha determinada variante. Os mesmos autores (Chambers / Trudgill 1998: 229), afirman que os cambios lingüísticos poden estenderse dun grupo social a outro (difusión sociolingüística), dunha palabra a outra (difusión léxica) e dunha variedade a outra (difusión lingüística). Sosteñen que tamén os cambios lingüísticos poden propagarse dun lugar a outro e que esta difusión espacial constitúe con frecuencia unha especie de reflexo dos outros tipos de difusión. En efecto, para tratarmos de explicar a difusión xeográfica, abordaremos a cuestión sociolingüística, a difusión léxica e o contacto entre variedades, pero o principal foco de interese deste traballo é a identificación das áreas en que se producen mudanzas na extensión de variantes, así como a análise dos patróns diatópicos observables neses cambios.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cómpre repararmos nun concepto moi ligado ó de difusión espacial: o da continuidade (ou descontinuidade) xeográfica. Un espazo considérase continuo cando non presenta divisións internas. Desde xeito, unha determinada variante lingüística terá continuidade

xeográfica se se presenta nunha única área ininterrompida. Se, polo contrario, aparece en dúas áreas diferenciadas, isto é, sen conexión entre si, terá unha distribución descontinua. Por exemplo, no apartado § 4.1.1, ó observarmos o mapa 1 podemos apreciar que a variante [aˈɣuʎa] ocupa un espazo continuo, mentres que a variante [aˈɦuʎa] ocupa un espazo descontinuo. A descontinuidade da distribución de [aˈɦuʎa] débese a que se rexistra en dúas zonas distintas (unha moi ampla situada ó oeste e outra moi reducida situada ó leste, separadas por unha zona en que só se recolle [aˈɣuʎa]), mentres que a continuidade da distribución de [aˈɣuʎa] obedece a que esta forma se rexistra nun único bloque.

Esta explicación serve para modelos estáticos, pero que acontece cando engadimos a variable tempo? Tendo en conta o tipo de representación cartográfica empregada no presente traballo, no que cada punto da rede de enquisa está representado por unha área poligonal calculada de xeito automático polo programa informático utilizado, consideraremos continuidade xeográfica a relación entre dous polígonos que comparten un dos seus lados. Cando falemos de difusión de variantes con continuidade xeográfica, estaremos referíndonos a situacións en que unha determinada variante, presente nun ou varios polígonos, se propaga cara a outro ou outros polígonos colindantes nos que anteriormente non fora rexistrada. A variante en cuestión amplía o espazo que ocupa sen que este perda a súa continuidade. Seguindo co exemplo anterior, no mapa 2 podemos ver como [aˈɣuʎa], presente na etapa anterior nos puntos 122, 123, 127 e 147 (cuxos polígonos comparten algún lado co 124), despraza a forma [aˈɦuʎa] do punto 124. Trátase dun cambio con continuidade xeográfica.

Polo contrario, se unha determinada variante, presente nun ou varios polígonos, se propaga cara a outro ou outros polígonos non colindantes (que non comparten ningún dos seus lados) nos que anteriormente non fora rexistrada, o que se produce é unha difusión sen continuidade xeográfica. A presenza da variante no territorio amplíase dunha maneira na que pasa a ocupar dúas ou máis áreas diferenciadas. Prodúcese, por tanto, un cambio con descontinuidade xeográfica. Por exemplo, no apartado § 4.3.8, ó observarmos o mapa 99 podemos apreciar que a presenza da resposta *nudo* parte xa dunha distribución descontinua. Se pasamos ó seguinte, o mapa 100, vemos que esta forma se difunde sen continuidade xeográfica porque aparece rexistrada no punto 108, claramente afastado doutras zonas en que foi recollida tanto nesta etapa coma na anterior.

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3.2 METODOLOXÍA DE TRABALLO

Como vai dito, os materiais empregados na presente investigación proceden de tres proxectos xeolingüísticos desenvolvidos no territorio galego en diferentes momentos históricos. Os métodos con que foi recollida a información son os propios da xeografía

lingüística tradicional. Esta metodoloxía está detallada na descrición dos materiais que se fixo na sección § 2 sobre os tres proxectos que constitúen as fontes de datos empregadas nesta investigación. Os principios metodolóxicos que rexen nestes tres traballos de documentación xeolingüística son practicamente idénticos, o que permite abordar a análise dos datos con garantías de comparabilidade. Estes fundamentos do modelo xeolingüístico están moi ben sintetizados na seguinte afirmación de Eugen Coseriu:

> En la terminología lingüística actual, la «geografía lingüística» designa exclusivamente un método dialectal y comparativo […] que presupone el registro en mapas de un número relativamente elevado de formas lingüísticas (fónicas, léxicas o gramaticales) comprobadas mediante encuesta directa y unitaria en una red de puntos de un territorio determinado (Coseriu 1977: 103).

Segundo o lingüista romanés, distínguense cinco fases principais na aplicación deste método: a) preparación (selección de fenómenos que se van estudar, trazado da rede de puntos, confección do cuestionario e preparación das estratexias para o inquérito e do material de apoio); b) recolección dos datos; c) tratamento dos materiais (organización e sistematización co fin de obter un listado de formas por punto); d) elaboración de mapas que representen a información lingüística no territorio; e) estudo e interpretación destes mapas (Coseriu 1977). Alén disto, cómpre ter en conta que nas tres fontes de datos empregadas, o tipo de informante, o modo de facer a entrevista, a rede de puntos e o cuestionario tamén son coincidentes. O feito de que o modelo de falante (NORM) e a situación comunicativa (enquisa dialectal) sexan moi similares para os tres proxectos evita a variación diastrática e diafásica, o que permite centrar o noso estudo no espazo e no tempo.

A pesar da aparente sinxeleza que presenta a análise duns materiais tan homoxéneos, atopamos algunhas dificultades. En primeiro lugar, a transcrición orixinal do ALPI está feita cunha versión estendida e particularmente complexa do alfabeto fonético da RFE, polo que foi necesario retranscribir a información empregando o AFI. En segundo lugar, aínda que a maior parte dos puntos do ALGa coinciden cos do ALPI (pois no trazado da súa rede tívose en conta o proxecto anterior), non sempre é así. Foi preciso ter en conta criterios xeográficos, demográficos e lingüísticos para establecer as equivalencias nos casos en que non existe unha total correspondencia entre a rede destes dous proxectos. Pola súa parte, a rede de puntos da NEnq si coincide plenamente coa do ALPI[34]. Por último, o inventario de cuestións finalmente empregadas nesta tese é menor que o cuestionario da NEnq, deseñado a partir das preguntas coincidentes nos cuestionarios de ALPI e ALGa. A razón desta redución débese, en parte, ó simple feito de que non todas as cuestións ofrecen rendibilidade na súa análise (pensemos en

[34] Pódese consultar o listado de puntos e as súas equivalencias no Anexo II.

abril, por exemplo, que é a resposta única nos tres períodos estudados en todos os puntos do territorio), pero tamén a que as formas recollidas para determinadas preguntas presentan, nalgúns casos, dúbidas sobre o seu referente (para o estudo dos nomes dalgunhas ferramentas, por exemplo, careciamos da información necesaria para saber con exactitude a forma, tamaño e usos da realidade designada). Así, por cuestións ben de rendibilidade, ben de rigor metodolóxico, do total de 372 elementos do cuestionario da NEnq, rematamos por empregar 125[35], como xa se indicou.

Para o tratamento dos materiais e a súa posterior análise, o primeiro paso consistiu en elaborar táboas coas respostas por punto a cada pregunta do cuestionario. Por unha mera cuestión organizativa, estas táboas foron nomeadas co texto da pregunta no ALPI, seguido do código de pregunta correspondente nos tres proxectos, a fin de que fose doado identificala en calquera das bases de datos. A seguir, a táboa propiamente dita estruturouse en tres partes, correspondentes ás tres fontes de datos (ALPI, ALGa, NEnq). Cada unha destas partes contén unha tripla columna: na primeira especifícase o identificador do punto (no caso da NEnq, utilizouse a mesma numeración do ALPI, no caso do ALGa respectouse o seu código alfanumérico orixinal); na segunda columna transcribíronse as respostas con alfabeto convencional; na terceira columna transcribíronse as respostas empregando AFI. Despois da táboa anotouse toda a información adicional que se atopaba nos cadernos de ALPI e ALGa e nas gravacións da NEnq. Este modo de representación coas respostas por punto para cada proxecto secuenciadas unha detrás da outra no eixe horizontal permite facer unha rápida análise comparativa e identificar doadamente calquera variación temporal. Porén, cos datos dispostos en táboas non é posible apreciar a distribución espacial das variantes.

Para cartografar os datos foi preciso exportar as táboas a formato CSV delimitado por comas (*.csv), pois este é o tipo de arquivo compatible co programa QGIS[36], empregado para a elaboración dos mapas. Sobre a base dunha carta poligonal do territorio galego[37], este software permite representar a información lingüística xeorreferenciada dun xeito sinxelo e facilita unha doada interpretación visual dos datos. Unha vez elaborados os mapas coas variantes por punto para unha mesma variable, de maneira similar ó que acontecía coas táboas, a súa disposición secuencial permite observar as eventuais mudanzas en tempo real. A representación cartográfica dos resultados de cada proxecto xera unha especie de fotografía que mostra a distribución dun determinado fenómeno lingüístico no territorio galego nun momento concreto do tempo. Cando hai diferenzas entre elas, isto é, cando hai cambios, ó colocalas unha detrás da outra, igual que acontece no cinema cos fotogramas, percíbese unha sensación de movemento (Rodríguez 2019: 102). Eis a oportunidade de estudar a variación diatópica e diacrónica, o cambio no espazo e no tempo.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[35] Pódese consultar o listado de preguntas empregadas no Anexo I.
[36] QGIS 3.16.12 - Hannover (LTR).
[37] CRS (Coordinated Reference System) asignado: EPSG 23029 - ED50 / UTM zona 29N.

Ademais da abordaxe cualitativa dos materiais que ofrece o estudo e interpretación dos mapas, o traballo requiría unha perspectiva cuantitativa para examinar determinadas cuestións. Nalgúns casos, como pode ser o da gheada, esta análise cuantitativa permitiu ver con que frecuencia se rexistra a presenza dun determinado fenómeno nun punto e comparalo con outros ou cos datos do mesmo punto noutro momento da liña temporal. Para determinar esa frecuencia calculouse a porcentaxe de respostas con gheada para cada punto da rede tomando como mostra unha selección de preguntas do cuestionario. Dunha maneira similar, tamén se calculou a frecuencia de respostas nas que se rexistrou algún castelanismo léxico. Por outra parte, a cuantificación dos datos serviu tamén para observar o diferente grao de variabilidade dalgunhas variables ó longo do período estudado, pois foi posible medilo en función da cantidade de variantes recollidas para cada unha desas variables nas distintas etapas (§ 5.1). Esta abordaxe tamén serviu para analizar a frecuencia de rexistros de variantes de orixe castelá (§ 5.2). Por último, os datos cuantitativos foron tratados estatisticamente para calcular un índice de cambio por punto entre proxectos cuxo desenvolvemento e análise se encontran detallados na sección § 5.3.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Parte II. Análise das variables

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

4 EVOLUCIÓN DAS VARIABLES. VARIACIÓN NO ESPAZO, CAMBIO NO TEMPO

4.1 VARIABLES FONÉTICAS

4.1.1 Gheada

En primeiro lugar, cómpre aclarar que o emprego da denominación *gheada*[38] obedece a criterios relacionados coa tradición dos estudos dialectais galegos. Poderiamos falar da presenza ou non presenza dun segmento fricativo, con distintas realizacións posibles (velar, faringal, glotal etc.), pero a etiqueta *gheada* é de uso tan común e estendido, mesmo na fala popular, que preferimos conservala. A gheada é un fenómeno fonético-fonolóxico destacado pola relevancia que tradicionalmente se lle vén dando nos estudos dialectais sobre o galego e porque se trata dun trazo doadamente identificable polos falantes (Sousa 2010: 257). A maior parte dos autores (Zamora Vicente 1952; Pensado Tomé 1970; Schroten 1980; Prieto 1980; Santamarina 1980; Fernández Rei 1990; Ferreiro 1995; Mariño Paz 1998, 2017) descríbeno, de maneira xeral, como a realización fricativa de /g/, con diferentes puntos de articulación posibles, que se produce nalgunhas falas galegas. Máis concretamente, a gheada consiste na existencia dun fonema fricativo, con realizacións que poden estar localizadas entre o veo do padal e a glote, xeralmente xordas, en lugar do fonema oclusivo velar sonoro /g/ (Álvarez / Xove 2002: 39). Na zona de gheada, en contexto tras nasal en posición interior de palabra poden darse tres solucións distintas (Rodríguez 2008c: 31):

- Ausencia de [ɡ] [ˈkaŋɦa], [ˈkaŋxa], [ˈkaŋha], [ˈkaŋʁa]…
- Presenza de [ɡ]: [ˈkaŋga].
- Presenza de [k]: [ˈkaŋka].

A gheada está estendida por boa parte do territorio galego, aínda que semella encontrarse en recesión (Rodríguez 2008c, 2009b, 2012; Sousa 2010). Con excepción dalgúns puntos da área miñota en que eventualmente se puideron rexistrar algunhas destas realizacións fricativas (cf. Fernández Rei 1990: 177), esta innovación característica do galego non se dá en territorio portugués. Do mesmo xeito que outros fenómenos innovadores de certas variedades galegas que, en xeral, non ultrapasan a fronteira administrativa con Portugal, como o uso de *ti* para nominativo ou a monotongación do grupo /wa/ (*cando, catro* fronte ós etimolóxicos *cuatro* < QUATTUOR, *cuando* < QUANDO), é posible entender que a

[38] O uso do dígrafo <gh> para a representación grafemática explícita de /ɦ/ veuse impoñendo nas últimas décadas e foi adoptado pola Real Academia Galega (Mariño 2017: 490), como se recolle nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (ILG / RAG 2003: 17).

gheada non se encontraba entre as características do romance galaico levado cara ó sur durante a Idade Media como consecuencia dos movementos militares e demográficos producidos pola Reconquista. Ó contrario, como é un cambio experimentado polo galego en época tardomedieval ou mesmo posmedieval, a limitada fluidez das interaccións entre galegos e portugueses na altura debeu impedir que a novidade se propagase alén da raia (Mariño 2017: 490).

En relación coa súa orixe[39], existen diversas teorías que habitualmente se agrupan en tres tipos propostos por Santamarina (1980: 243): substratísticas, adstratísticas e mecanicistas. O principal defensor da idea de que a gheada ten a súa xénese nas falas prerromanas do territorio galaico é Zamora Vicente (1952). Considera que responde a un substrato probablemente preindoeuropeo e que constitúe un "arcaísmo antiquísimo" que perviviu ata os nosos días. Semella unha hipótese pouco plausible, pois descoñecemos se no sistema consonántico desas variedades prelatinas existía ou non o /g/ ou algunha fricativa velar, uvular, faringal ou laringal. Ademais, do que si temos certeza é de que a gheada só se documenta en fontes posmedievais e de que, como xa se comentou, non traspasa a fronteira con Portugal, polo que semella pouco probable que esta mudanza se deba á influencia de falas prelatinas máis de catorce séculos atrás (Mariño 2017: 499).

Por outra banda, as teses adstratísticas sosteñen que a gheada é froito da interferencia do castelán. Esta idea semella arraigada na cultura popular e vén sendo empregada por numerosos autores, comezando polo Padre Sobreira. O representante máis notable desta tese castelanista talvez sexa Pensado Tomé (1970, 1983), quen entende a gheada como o resultado da dificultade dos "rústicos" galegos para articular a fricativa velar xorda /x/, a "*jota* castellana" (Pensado 1970: 27). Así, para explicar a emerxencia do fenómeno, supón un proceso en tres etapas: 1) adaptación de [x] como [g] cando determinados falantes de galego tratan de expresarse en castelán, o que se coñece como gueada[40]; 2) aprendizaxe de [x] por presión castelanizadora: 3) substitución analóxica e regular de [g] por [x] en palabras castelás e galegas. Esta hipótese sostense sobre a idea de que nunha situación de diglosia, calquera cambio na lingua B, minorizada, para semellarse á lingua A, hexemónica, debe estar necesariamente causado pola influencia da lingua A. Máis alá do cuestionable que poida resultar esta afirmación e mesmo pasando por alto que a realización maioritaria da gheada é faringal e non velar, a pouco que se repare na cuestión, é doado percatarse de que as mudanzas producidas pola gheada no galego non se encontran nas mesmas distribucións que o /x/ castelán. Isto é, onde o castelán ten /g/ (*gato*), o galego con gheada ten /ħ/ (*ghato*) e onde o castelán ten /x/ (*jamón, ajo*), o galego con e sen gheada presenta /ʃ/ ou /ʎ/ (*xamón, allo*). A mudanza de /g/ para /ħ/ é, de feito, disimiladora.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[39] Aquí expóñense as principais teorías de xeito moi sintético; para abordar o tema con maior profundidade pódese consultar Mariño (2017: 491-505) ou Rodríguez (2008c: 32-46).
[40] Estes falantes pronunciarían [ˈʛaŋ ˈgwaŋ] en lugar de [ˈʛaŋ ˈxwaŋ], por exemplo.

Ademais do anterior, son moitos os argumentos que semellan desbotar a hipótese adstratística. Por exemplo, non explica satisfactoriamente o feito de que a gheada non se estendese tamén ó contexto tras nasal en boa parte do territorio ([aˈɦo̯sto][41], pero [doˈmiŋgo]) nin tampouco o desenvolvemento dunha oclusiva velar xorda nesa mesma posición ([aˈɦo̯sto], pero [doˈmiŋko]). Outra cuestión que non acaba de encaixar é o feito de que a gheada non se atope espallada por todo o territorio, mostrando maior concentración en áreas máis urbanizadas, onde a presenza do castelán é máis forte (Santamarina 1980). Lonxe diso, ten un distribución compacta en dúas faixas verticais (gheada / non gheada) semellante á doutros fenómenos fonéticos en absoluto sospeitosos de seren provocados por interferencia do castelán (Sousa 2010: 263). Alén diso, a idea de que a gueada precede á gheada non se atopa refrendada pola temporalización dos testemuños escritos e mesmo podería considerarse que é máis ben ó contrario, que a gueada xorde posteriormente por hipercorrección fronte á gheada (Mariño 2017: 501). Finalmente, na época en que parece que se dinfundiu esta innovación, nunha Galicia marcadamente rural e cunha elevada taxa de analfabetismo, debían de ser realmente poucas as persoas que tiñan contacto co castelán das elites, de xeito que o contexto sociolingüístico non semella o máis propicio para propagación dunha mudanza producida polo contacto das dúas linguas (Recalde 2002/2003); menos aínda tendo en conta que se trataría dunha difusión que seguiría o modelo contraxerárquico (Britain 2012).

Todo parece indicar que a tese mecanicista, aquela que explica a emerxencia do fenómeno como unha evolución interna da lingua, é a que mellor se axeita ós datos que podemos manexar. Segundo o fonetista Tiago Vidal Figueroa (2000), a serie velar é a máis inestable en case todas as linguas nas que existe debido á menor precisión articulatoria de que é capaz a parte posterior da lingua respecto da súa parte anterior. Mariño (2017) entende que no momento en que xurdiu a gheada, o /g/ xa debía ter, como hoxe, dous alófonos en distribución complementaria: un oclusivo [g] nas posicións fortes (inicio de palabra e tras nasal) e outro aproximante nas posicións débiles [ɣ] (en contexto intervocálico e tras consoante lateral ou golpeada). O mesmo autor supón que na volta dos séculos XVI e XVII a aproximante acabou por fricativizar e enxordecer (Santamarina 1980), o que explica que haxa zonas de gheada en que a innovación non se estendeu a todos os contextos e en posición tras nasal se manteña unha oclusiva, ben sonora [g], ben xorda [k]. En virtude da súa claridade e do feito de estar refrendada polos datos da dialectoloxía e da lingüística histórica, esta teoría parece ser aceptada na actualidade pola maior parte da comunidade investigadora.

Para analizar a distribución diatópica do fenómeno e a súa evolución ao longo do período estudado escollemos seis cuestións que presentan variantes coa presenza de [g] ou de [ɦ]: *agosto, agulla, cego, formigueiro, grilo* e *pega*. Como material adicional, seleccionamos outras cinco preguntas que permiten coñecer a distribución dos segmentos que se estudan neste apartado: *auga / agua*; *bágoa / bagulla / bagoada / lágrima*; *gorxa /*

[41] De maneira convencional, neste traballo representaremos todas as posibles realizacións da gheada baixo o símbolo [ɦ], xa que a articulación faringal é a máis frecuente.

gorxamelo / *garganta* / *garnate*; *gran* / *grao* / *gra*, e *leituga* / *leitaruga* / *lechuga*. Para o contexto tras nasal non puidemos contar con tantos datos, pois a única variable extraíble do cuestionario do ALPI (lembremos, non deseñado especificamente para a realidade lingüística galega) que mostra unicamente a variación [ŋħ] / [ŋg] / [ŋk] é *domingo*. Como apoio ó estudo da distribución das variantes de *domingo* empregáronse algunhas cuestións cuxos resultados achegan formas de utilidade para a análise, aínda que só sexa parcialmente: *cangallo*, *fungón* e *ningunha*, en combinación cos resultados no ALGa e na NEnq para *ningún* e *ningures*.

Pola súa representatividade e por ser unha das variables que chegaron a ser cartografadas no volume 1 do ALPI (mapa número 12), escollemos *agulla* para a elaboración dos mapas 1, 2 e 3. Neles distínguese a presenza de variantes con [ɣ] e con [ħ], sen ter en conta as diferentes realizacións da fricativa. Facemos isto por dous motivos fundamentais: o primeiro está relacionado co feito de que na transcrición do ALPI atopamos o símbolo [x^{h}] en moitas ocasións, o que xera moitas dúbidas; o segundo ten que ver coa vontade de simplificar a análise e a propia representación cartográfica. Segundo as notas de Navarro Tomás (1962), un símbolo fonético en superíndice a carón doutro significa unha tendencia na articulación. Debemos interpretar, logo, que con [x^{h}] se está a transcribir unha fricativa velar xorda con tendencia a fricativa faringal xorda. E que quere dicir isto? Trátase dunha articulación a medio camiño, uvular, por exemplo? Sexa como for, resulta evidente que está a representar unha realización con gheada. En definitiva, por resumilo desde o outro punto de vista, para estudar esta variable decidimos distinguir as realizacións oclusivas e aproximantes velares sonoras [g] e [ɣ] de todas as que non o son.

No mapa 1, correspondente ós datos do ALPI, pódese ver en cor azul un bloque compacto de respostas con algunha das realizacións asociadas á gheada que ocupa a maior parte do territorio e que cobre a totalidade das provincias da Coruña e Pontevedra, tres puntos occidentais da provincia de Lugo e seis da de Ourense. Máis alá dos límites deste gran bloque, chama a atención a presenza do fenómeno na zona dos Ancares lugueses, no punto 124. Como veremos máis adiante, nesta localidade rexistrouse un 100% de formas con gheada, o que dá para entender que no ano 1934, cando Aníbal Otero realizou o inquérito, era un trazo con plena vitalidade. Tamén Zamora Vicente deu conta do fenómeno nesta área uns anos máis tarde (1942 - 1943), como se poder ver na imaxe 1. A existencia desta illa podería interpretarse como un sinal de que no pasado a gheada tiña unha extensión maior que a que se observa nos datos do ALPI. Cómpre indicar que este mapa 1 non mostra a extensión da gheada na súa totalidade, pois atopamos algunhas respostas con [ħ] nos puntos 119 e 126, como se verá nos mapas 4, 5 e 6, nos que se representan as porcentaxes de resposta con gheada para cada punto.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No mapa 2, correspondente ós datos do ALGa, a forma [aˈħuʎa][42] xa non se rexistra no punto correspondente ó 124. Porén, Fernández Rei (1990, 174) comenta que no inicio da década de 1980 aínda podían escoitarse esporadicamente realizacións fricativas faringais nalgunha aldea do concello de Pedrafita do Cebreiro como Barxamaior, se ben afirma que o fenómeno se encontraba "en total retroceso". Observamos outros cambios respecto dos datos do ALPI e todos van na mesma dirección, isto é, cara a unha maior difusión da variante con [ɣ]. Así, vemos como nos puntos 118, 121, 142 e 150 a resposta única é [aˈɣuʎa]. Respecto do punto 121, no que se representan os datos da localidade L28 do ALGa, cómpre mencionar que hai unha nota sobre o uso da gheada na primeira páxina do caderno de campo. Nesta anotación indícase que antes era frecuente e que se foi perdendo, pero que "dos vellos inda hai algún que fala con ela". Indícase tamén que se rexistrou algunha resposta esporádica con [ħ] e que unha muller duns sesenta anos di lembrar que antes se empregaba máis. De todos modos, como veremos no mapa de porcentaxes da NEnq, semella que o proceso de substitución aínda non está concluído.



Mapa 1. Resultados de *agulla* no ALPI.

[42] Aínda que nos datos do ALGa e da NEnq se recollen respostas cunha aproximante palatal [j], de maneira convencional transcribimos unha lateral palatal [ʎ]. Sobre o fenómeno fonético coñecido como deslateralización de [ʎ] falaremos no apartado § 4.1.10.



Mapa 2. Resultados de *agulla* no ALGa.



Mapa 3. Resultados de *agulla* na NEnq.

En relación co punto 150, con base na representación cartográfica empregada, podería pensarse que dá mostra dun cambio cara a unha variedade sen gheada sen que haxa continuidade xeográfica con zonas que teñan ese modelo; semella, pois, unha illa. Non obstante, non se debe esquecer que nesa área limiá é bastante estreito o contacto coas falas portuguesas raianas, que só empregan formas con [g], o que puido influír nesta mudanza. Por outra banda, é de salientar tamén que no punto 151 hai dobre resposta, [aˈɦuʎa] - [aˈɣuʎa], pero nesta ocasión ningunha información adicional nos permite saber cal das dúas formas é a máis empregada ou a máis moderna. Con todo, tomando como referencia o mapa anterior, vese que a forma [aˈɣuʎa] é nova na localidade, o que dá conta da variación existente nese punto. Esta convivencia de variantes é, en moitas ocasións, o paso previo ó cambio por substitución.

No mapa 3, correspondente ós datos da NEnq, obsérvase como a forma [aˈɣuʎa] ampliou aínda máis o seu espazo respecto da etapa anterior. Rexístrase como única solución nos puntos 114, 118 e 128, onde antes só se documentara [aˈɦuʎa]. Tamén [aˈɣuʎa] aparece como primeira forma no punto 143 canda *aghulla*, que foi pronunciada pola informante de maneira esporádica. Ó ser preguntada por esta articulación con gheada, afirmou que en ocasións lle sae de xeito espontáneo, pero que "así se falaba máis ben antes". Estas valoracións dos propios informantes son testemuño de que a comunidade de falantes ten certa consciencia do cambio. Obviamente, unha transformación de tipo fonético, que afecta a tantas palabras, dificilmente pode pasar desapercibida. Así, os propios suxeitos de estudo dan conta, de xeito intuitivo e impresionista, da relación entre tempo e cambio lingüístico.

A información xeorreferenciada confirma que a área en que se rexistra [aˈɦuʎa] experimenta un retroceso na súa extensión[43]. Ademais, os datos que se poden observar na táboa 2 dan conta da progresiva redución do número de puntos en que se recolleron formas con gheada nas tres fontes de datos empregadas. En consecuencia, o número de rexistros de [aˈɣuʎa] aumenta paralelamente.

	ALPI	ALGa	NEnq
[aˈɦuʎa]	38/38	33/32	29/28
[aˈɣuʎa]	15/15	21/20	25/24

Táboa 2. Número de ocorrencias das variantes [aˈɦuʎa] e [aˈɣuʎa] (datos totais/respostas únicas).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[43] Autores como Fernández Rei (1990), Rodríguez (2008c, 2009b, 2012), Sousa (2010) ou Mariño (2017) falan de como a fronteira que marca o límite da extensión xeográfica da gheada semella recuar cara ó oeste.

A seguinte serie de mapas (4, 5 e 6) permite apreciar con claridade esta tendencia recesiva. Para a súa elaboración calculouse a porcentaxe de respostas con gheada en relación co número de preguntas empregadas nesta sección, que ascende a un total de once, como vai dito, excluíndo o contexto tras nasal, que se tratará máis adiante de xeito independente. Non é unha mostra ampla, hai que ter en conta que contamos cun cuestionario reducido, pero resulta de utilidade para percibir a evolución da distribución diatópica da gheada. Grazas a estes mapas é posible observar o proceso de cambio en tempo real que se produce na zona de contacto entre variedades. Pódese percibir como as variantes con [g] e [ɣ] incrementan a súa extensión territorial.

Utilizando unha escala con diferentes tonalidades de azul, máis escuro canto maior é o número de formas con gheada, represéntase a vitalidade do fenómeno no espazo e no tempo. As cifras das porcentaxes calculáronse para cada punto e para cada proxecto, por iso non coinciden as lendas dos tres mapas, pois ó poder representar os resultados cunha escala, preferimos en cada caso ofrecer a cifra concreta, redondeada ás unidades (a partir de 0,50 redondeouse á alza e con 0,49 ou menos redondeouse á baixa), en lugar de valores por tramos. Ó tratarse dunha cantidade relativamente pequena de cuestións, só unha resposta máis ou menos afecta notablemente ó resultado, pero o cartografado dos datos e a secuencia dos mapas permiten facerse unha idea xeral de que é o que aconteceu ó longo do período estudado.

No mapa 4, elaborado cos datos do ALPI, vese unha distribución da presenza de respostas con gheada moi semellante á que mostraba o mapa 1 sobre a variable [aˈɦuʌa] / [aˈɣuʌa]. A diferenza está en que no mapa 1 non se marca a presenza de gheada nos puntos 119 e 126 porque só se rexistrou [aˈɣuʌa] nos dous casos. Porén, nos materiais do ALPI recóllense respostas con gheada como [ˈawɦa], [ˈbaɦoa] e [ˈlaɦɾima] na localidade 119 (a única que mostra unha porcentaxe inferior ó 50%) e [aˈɦoɣto], [ˈθɛɦo] ou [foɾmiˈɦejɾo], entre outras, na 126. Polo demais, como adiantabamos, o punto 124, illado na área ancaresa, presenta un 100% de formas con gheada, dando conta do vigor do fenómeno nesta altura.

Por outra parte, na faixa fronteiriza entre os dous modelos fonéticos obsérvanse outros catro puntos que mostran alternancia nas súas respostas: 114, 118, 121 e 142. Esta variación, a xulgar polos datos posteriores, debe ser tomada como un indicio de cambio nestes lugares. Algo semellante acontece con punto 151, que a pesar de ter unha porcentaxe alta de respostas con gheada, perderá a presenza do trazo en épocas posteriores. Á marxe deste punto no suroeste da provincia de Ourense e o xa mencionado 124 nos Ancares lugueses, o territorio cun 100% de respostas con gheada preséntase como un bloque compacto, consistente. No momento da recollida dos materiais para o ALPI a variedade gheadófona era maioritaria, tanto do punto de vista da súa extensión xeográfica coma do punto de vista do número de falantes, pois a zona occidental ten maior densidade de poboación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

No mapa 5, elaborado cos datos do ALGa, pódese ver como deixan de rexistrarse realizacións fricativas en tres puntos que mostraban alternancia: os correspondentes ó 119, ó 142 e ó 150. Tamén deixan de recollerse no punto 124, que no ALPI presentaba un 100% de respostas con gheada. Con todo, como xa se comentou, aínda era posible atopar o emprego dun segmento faringal nalgúns falantes da zona nesta época. Pode verse que a perda do punto 142 deixa o 126 illado do bloque gheadófono. Ó suceder isto, tratándose dun fenómeno en que as mudanzas se producen con continuidade xeográfica, e dado que a porcentaxe de respostas con gheada caeu dun 64% a un 9% neste punto, cabe prever a posterior difusión e completa implantación das variantes novas; no caso, as variantes sen gheada. De igual modo, noutros lugares que xa mostraban variación nos seus rexistros diminúe tamén a porcentaxe de respostas con gheada. Trátase, concretamente, das localidades 118 e 121, situadas no que poderiamos chamar faixa de transición ou de contacto entre variedades.

Paralelamente, puntos gheadófonos que non mostraban variación no ALPI comezan a mostrala agora: 102, 103, 128, 148 e 151. Destes, chaman particularmente a atención o 128, no que a presenza de gheada descende desde o 100% ata o 9%, e o 103, que aínda que está a carón do 102 (no que xa se mostra alternancia de solucións segundo os datos do ALGa), non ten contacto xeográfico directo coa zona de non gheada. En xeral, pódese apreciar que aquel bloque compacto que presentaba 100% de respostas con gheada na etapa anterior vai minguando na súa extensión, coa presenza de variación en puntos onde antes non a había e co aumento da área en que o uso destas variantes é do 0%.

No mapa 6, elaborado cos datos da NEnq, pode observarse a progresión desta tendencia recesiva. A gheada desaparece do punto 126, que quedara illado na etapa anterior. Tamén desaparece de varios puntos da faixa de contacto entre variedades nos que había variación: 114, 128 e 151. Tanto no 114 coma no 151, os informantes coinciden en afirmar que aínda é posible atopar o trazo nalgúns falantes de moi avanzada idade nas áreas máis rurais, pero que nas súas localidades xa non se emprega. Outro punto que se atopa nesta faixa central é o 118. Nel, a porcentaxe de respostas con gheada, que máis ou menos se mantivera no paso do ALPI ó ALGa (dun 86% a un 82%), descende a un 32%. Cómpre indicar que o informante principal deste punto empregaba formas con e sen gheada, incluso para unha mesma variable, como en [ˈgɾao] - [ˈɦɾao]. A primeira forma foi a resposta directa que deu tras ver unhas fotografías de espigas e grans de trigo xa separados e limpos; a segunda forma apareceu espontaneamente no seu discurso ó contar como na súa infancia axudaba á súa familia a cribar manualmente o cereal. É probable que ó retrotraerse no tempo lle viñese á cabeza a maneira en que se falaba antes. Polo demais, o resto de respostas con gheada foron ofrecidas polo informante secundario, algo máis vello e procedente de Sesulfe, unha localidade máis rural da mesma parroquia de San Xoán de Lagostelle.

Por outra banda, en contra da tendencia xeral, os puntos 121 e 148, que xa mostraban vacilación no ALGa (o 121 mesmo no ALPI), experimentan un aumento na presenza do trazo.

No caso do 121 non é un incremento moi notable, pasa do 5% ó 14% por mor dun par de respostas dobres, como [ˈauɣa] - [ˈauɦa] (a segunda pronunciada de xeito espontáneo por unha das informantes). Contra o final da gravación, as mulleres entrevistadas, ó seren preguntadas polo fenómeno, din que "falar polo *ghe* era máis unha cousa de antes", que agora xa non se estila, e identifícano coa variedade non de seus pais, senón máis ben coa de seus avós. No caso do punto 148, Rairiz de Veiga, a diferenza con respecto dos datos do ALGa é notable, pasa dun 50% a un 95%. Tendo en conta que nos datos do ALPI a cifra era do 100%, cabería pensar que a baixada na etapa intermedia podería ser atribuída ó feito de que non se trata exactamente da mesma localidade, senón da veciña Xinzo de Limia (O.20), de ámbito máis vilego que rural. Con todo, cómpre ter en conta que dispoñemos de información provista por dous informantes no caso do ALGa e un no caso da NEnq. Aínda que foron seleccionados pola súa representatividade, trátase dunha mostra moi escasa, polo os resultados deben tomarse sempre con certa cautela. Finalmente, pódese ver no mapa como a porcentaxe de respostas con gheada descende nos puntos 102 e 103, que xa mostraban vacilación nos materiais do ALGa, e noutras nove localidades que ata este momento rexistraran un 100% de respostas con gheada: 100, 101, 104, 129, 133, 135, 139, 141, 142 e 148.



Mapa 4. Porcentaxe de respostas con gheada no ALPI.



Mapa 5. Porcentaxe de respostas con gheada no ALGa.



Mapa 6. Porcentaxe de respostas con gheada na NEnq.

De maneira xeral, vese que o bloque gheadófono perde aínda máis extensión no paso da etapa do ALGa á da NEnq. O trazo non só cede terreo respecto da variedade con [g] e [ɣ], senón que tamén descende a súa porcentaxe de uso dentro da área na que se conserva a súa presenza. O número de puntos en que se rexistraron formas con gheada para todas as preguntas (isto é, o número de puntos en que se rexistrou un 100% de respostas con gheada) pasa de 31 no ALPI, a 27 no ALGa e a 18 na NEnq. Independentemente da súa porcentaxe, o número de puntos en que se rexistrou algunha resposta con gheada pasa de 40 puntos no ALPI, a 36 no ALGa e a 32 na NEnq. Tanto as cifras como a evolución da distribución xeográfica ó longo do tempo semellan conducir a unha conclusión clara: o rexistro de formas con sons asociados coa gheada decrece e o espazo que ocupa a variedade caracterizada por estas realizacións mingua progresivamente. Polo visto na cartografía dos datos, o cambio lingüístico estase a producir de maneira continua no espazo e nunha dirección que vai de leste a oeste. Semella que as falas con [g] en contacto coas falas con [ɦ] son as que están a inducir esta mudanza, pois é doado observar como as maiores transformacións se producen nesa área fronteiriza en que converxen as dúas variedades.

Para pechar esta análise sobre a gheada recuperaremos unha cuestión que deixamos pendente polas súas particularidades: o contexto tras nasal. Como se sinalou anteriormente, tras consoante nasal poden darse tres solucións: presenza dunha realización fricativa [ŋɦ], presenza dunha oclusiva velar sonora [ŋg] ou presenza dunha oclusiva velar xorda [ŋk]. Segundo Mariño (2017: 503-505), o xurdimento da gheada debeuse de producir en posición débil, isto é, en posición intervocálica (*a*[ɦ]*ora*, *o* [ɦ]*ato*) ou tras líquida (*ar*[ɦ]*allar*, *col*[ɦ]*ar*); pero non en posición forte, isto é, en inicio de palabra ([g]*aliña*) ou tras nasal (*can*[g]*allo*, *un* [g]*ato*). A partir de aí, a variante na posición fraca iría estendéndose de xeito analóxico por ser a máis frecuente, eliminando a aparente inestabilidade dun sistema con expresións como *o* [ɦ]*ato*, pero *un* [g]*ato* e regularizándoo coas solucións *o* [ɦ]*ato*, *un* [ɦ]*ato*.

Nalgunhas variedades regularizouse incluso en contexto tras nasal en interior de palabra, dando formas como *can*[ɦ]*allo*, no que poderiamos chamar un sistema con gheada plena. Agora ben, noutras variedades a gheada estendeuse a todos os contextos agás a este (tras nasal en interior de palabra), de xeito que derivou nun sistema con formas como [ɦ]*ato*, *o* [ɦ]*ato*, *un* [ɦ]*ato*, pero *domin*[g]*o*. Así, consonte a visión deste autor (Mariño 2017: 504), produciríase no sistema unha escisión do antigo fonema /g/, que deu lugar a dúas unidades fonolóxicas: /g/ e /ɦ/. Neste sistema sen gheada só en posición tras nasal en interior de palabra, /g/ pasou a ser un segmento cunha frecuencia de uso moi baixa. Por contra, o seu par xordo /k/ si que é frecuente nesa posición, en palabras como *man*[k]*o* ou *cin*[k]*o*. En consonancia co proposto por Santamarina (1980), Mariño defende que neste estado de cousas, dada a escasa rendibilidade da oposición /g/ - /k/ nesa distribución tras nasal en interior de palabra, o segmento menos frecuente acabou por desaparecer, dando un sistema con formas como [ɦ]*ato* e *can*[k]*allo*.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para estudar este fenómeno estreitamente ligado coa gheada, a única variable dispoñible nos nosos materiais que só presente esta variación fonética [ŋɦ] / [ŋg] / [ŋk], sen mostrar variación de tipo léxico, é *domingo*, como vai dito. Non obstante, dada a notable castelanización dos nomes dos días da semana xa desde a época do ALPI (cousa que puidemos comprobar consultando os seus materiais), foi preciso cruzar os datos cos doutras cuestións que si presentan variación léxica: *cangallo / acio / cacho / racimo / piña*; *fungón / funguiña / fuñaño / narnexo / roufeño / xoumelo*; *ninguén / nadie / naide*. Deste xeito, os mapas que se comentarán a seguir sintetizan os resultados de *domingo* en combinación con formas como [kaŋˈɦaʌo], [fuŋˈgoŋ] ou [niŋˈkɛŋ] naqueles puntos en que se rexistraron, sen termos en conta a distribución doutras variantes como *acio*, *fuñaño* ou *naide*. Non son os materiais óptimos para analizar un fenómeno fonético coma este, pero queriamos dar conta del e deste xeito cando menos é posible obter unha visión aproximada da evolución da súa distribución ó longo do período estudado.



Mapa 7. Distribución dos grupos consonánticos [ŋɦ], [ŋg] e [ŋk] no ALPI.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa 8. Distribución dos grupos consonánticos [ŋɦ], [ŋg] e [ŋk] no ALGa.



Mapa 9. Distribución dos gurpos consonánticos [ŋɦ], [ŋg] e [ŋk] na NEnq.

No mapa 7, confeccionado con base nos materiais do ALPI, pódese ver como as formas con mantemento da oclusiva velar sonora son claramente maioritarias. Con todo, son numerosos os puntos en que se rexistra a gheada no resto de contextos, pero non en posición tras nasal. Basta comparar este mapa co mapa 4 para percibir dun simple golpe de vista que a solución [ŋg] é amplamente maioritaria dentro da zona con presenza de gheada. Pola súa parte, o sistema con gheada total preséntase nunha área compacta que cobre a zona do golfo Ártabro ata Ortegal, penetrando tamén cara ó interior da comarca de Betanzos: puntos 100, 101, 102, 103, 104 e 105.

No que respecta á solución [ŋk], aparece un tanto dispersa por diferentes puntos da costa occidental. Pódense distinguir tres zonas sen aparente continuidade xeográfica entre elas. Unha primeira zona está constituída polos puntos 106, que só presenta [ŋk] e 108, no que se rexistran formas con [ŋk] e [ŋg]. Máis ó sur atopamos un agrupamento de tres puntos: o 130, con alternancia [ŋk] - [ŋg], o 131 e o 135, ambos os dous con [ŋk] como única solución. Por último, xa no límite meridional do territorio, vemos unha última zona de [ŋk] formada polos puntos 136 e 139. A descontinuidade xeográfica que mostra este mapa podería facer entender que ou ben a solución [ŋk] se orixinou en varias localizacións de maneira paralela, ou ben ocupou unha maior extensión no pasado e posteriormente foi cedendo terreo fronte ás variedades con [ŋg]. Porén, os mapas das etapas posteriores mostran unha distribución un tanto diferente, que si fai pensar nunha extensión da solución [ŋk] con continuidade xeográfica ó longo da costa occidental.

No mapa 8, confeccionado con base nos materiais do ALGa, obsérvase que a solución [ŋk], en convivencia ou non coa solución [ŋg], si ten unha distribución continua a través dun eixe vertical que cruza toda a costa occidental. No norte desta faixa, o punto 106, que nos materiais do ALPI só presentaba a solución [ŋk], agora mostra vacilación, pero só se rexistrou unha forma con [ŋg], e foi precisamente *domingo*. Ó contrario, o punto 108, que nos materiais do ALPI mostraba alternancia entre estas dúas solucións, agora só ten respostas con [ŋk]. A carón deles, na localidade correspondente á 109 rexístranse só formas con [ŋk], cando na etapa anterior unicamente se rexistraran formas con [ŋg]. A solución [ŋk] esténdese cara ó sur polos puntos 113, 131, 132 (aquí xa se rexistrara na etapa anterior) e 134, en alternancia coa solución [ŋg]. Finalmente, o punto 136 mantén o rexistro único de respostas coa secuencia [ŋk], mentres que o 139, que no ALPI tiña só [ŋk], presenta variación [ŋk] - [ŋg].

Chaman a atención os cambios experimentados nos puntos 130 e 135. O primeiro pasa dunha dobre solución [ŋk] - [ŋg] a unha dobre solución [ŋɦ] - [ŋg], mentres que o segundo pasa dunha solución única [ŋk] a unha solución única [ŋɦ]. A aparente irrupción da gheada plena nestes lugares, lonxe do bloque compacto que viamos en azul no mapa correspondente ós datos do ALPI, pode indicar que se trata dun cambio que si se estea a dar de maneira interna, sen necesidade de manter en contacto coas variedades con [ŋɦ]. Isto viría reforzar a idea de Santamarina e Mariño de que este é un sistema que se xera por regularización da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

gheada, que se estende a todas as posicións, incluída a posición tras nasal en interior de palabra. Habería que asumir, logo, que se trata dun cambio sen continuidade xeográfica inducido por unha nivelación interna do propio sistema, o que supón admitir a posibilidade de que dúas variedades lingüísticas sen contacto poden experimentar unha evolución en paralelo que as leve cara a unha mesma solución.

Por último, falando desa área compacta con gheada plena que nos mostraban os datos do ALPI, vemos que nos datos do ALGa presenta leves modificacións. Dunha banda, os puntos 100, 102 e 104 agora teñen vacilación [ŋħ] - [ŋg] cando antes tiñan a gheada plena como única solución. Por outra parte, a presenza da gheada plena esténdese ós puntos limítrofes 114 e 118, iso si, compartindo espazo coa solución maioritaria [ŋg]. Como veremos a seguir, esta tendencia expansiva non durará moito.

No mapa 9, elaborado con base nos materiais da NEnq, aquel bloque xa non tan sólido en que se rexistraba a solución [ŋħ], mesmo que fose en alternancia con [ŋg] segundo os datos do ALGa, experimenta unha forte redución do seu espazo (deixa de recollerse en seis dos oito puntos que conformaban a area). Cómpre reparar que esta mingua é paralela á desaparición da gheada no punto 114, así como ó debilitamento da presenza do fenómeno nos puntos 100, 101, 102, 103 e 104, como puido verse no mapa 6. Ademais, este modelo con [ŋħ] tamén desaparece das localidades 130 e 135, sumadas no paso do ALPI ó ALGa. Vese que neste caso a mudanza non se consolidou. Semella que o sistema con [ŋg] se impón nestas zonas que si presentan gheada fóra do contexto tras nasal en interior de palabra. Por outra parte, tamén semella afianzarse o modelo con [ŋk] no norte da súa faixa. Nos puntos 106, 108, 109 e 113 rexístrase como solución única. Pérdese, iso si, no punto 131, dando lugar a unha aparente ruptura da continuidade (habería que contar cunha rede máis fina para comprobar se isto é efectivamente así). Máis ó sur pérdese o trazo no punto 139, pero consolídase no 134, que forma un grupo compacto xunto co 132 e o 136.

En resumo, son moitas as transformacións que experimenta esta variable tripla na súa distribución ó longo do período estudado. Non por acaso, xa algún autor ten falado da inestabilidade destes sistemas (Vilaboa 2019). Cómpre non esquecer que boa parte das alteracións estruturais son debidas ó xurdimento dunha solución innovadora como a gheada. Ó tempo, trátase dun fenómeno que mostra unha clara recesión no seu uso e extensión a través dos materiais empregados, o que supón tamén cambios a través do espazo e do tempo. Se observamos os datos da táboa 3 podemos apreciar como o número de localidades en que se rexistrou a solución [ŋħ] experimenta un aumento no período que vai do ALPI ó ALGa, aínda que o cantidade de respostas únicas descende. No tempo que vai do ALGa á NEnq ambos os valores diminúen notablemente. Pola súa parte, o número de puntos en que se recolle [ŋg] tamén aumenta no primeiro período e despois mantense no segundo. Finalmente, a solución [ŋk] experimenta un lixeiro aumento no primeiro período para logo descender e rematar cuns valores moi similares ós iniciais. De maneira xeral, obsérvase un aumento das

dobres solucións na etapa intermedia, a correspondente ó ALGa, e un aumento do dominio da solución maioritaria [ŋg], que se pode percibir con maior claridade ó reparar nos datos da NEnq. Con todo, convén lembrar que é preciso tomar con certa cautela os resultados desta variable [ŋɦ] / [ŋg] / [ŋk] debido á escaseza de materiais de que dispomos para estudala.

	ALPI	ALGa	NEnq
[ŋɦ]	6/6	10/4	2/1
[ŋg]	42/40	46/39	46/39
[ŋk]	7/5	9/3	7/6

Táboa 3. Número de puntos en que se recollen as variantes [ŋɦ], [ŋg] e [ŋk] (datos totais/respostas únicas).

4.1.2 Seseo

En primeiro lugar, cómpre aclarar que o emprego desta denominación obedece a criterios relacionados coa tradición dos estudos dialectais galegos e hispánicos. Poderiamos falar da presenza ou non presenza dunha fricativa interdental xorda /θ/, xa que é a solución innovadora, pero a etiqueta *seseo* é de uso tan común e estendido, mesmo na fala popular, que preferimos conservala. Así pois, de maneira sucinta, podemos definir o seseo como a ausencia no sistema de /θ/ que se dá en certas variedades do galego. Esas falas en que non existe /θ/ divídense, de maneira xeral, en dous grupos: as que nas mesmas posicións presentan unha fricativa apicoalveolar xorda /s̻/ e as que contan cunha fricativa predorsoalveolar xorda /s/. Alén disto, existen variedades que non teñen /θ/ só en posición de coda silábica ([θ]*inco*, pero *lu*[s̻]); este fenómeno é coñecido tradicionalmente na dialectoloxía galega como seseo implosivo ou posnuclear (Fernández Rei 1990: 188).

Esta variedade de sistemas ten que ver coa evolución da lingua desde a Idade Media. Segundo Mariño (2017), o galego baixomedieval debeu de ter un sistema de sibilantes[44] formado por oito elementos (táboa 4): dous pares de fricativas e dous pares de africadas, con articulacións dentais ou alveolares e palatais, composto cada un dos pares por unha consoante xorda e outra sonora. Esta estrutura sería froito de diversas transformacións experimentadas polo sistema base latino no noso territorio.

[44] O propio Mariño (2017: 316) define as sibilantes como consoantes fricativas ou africadas que se articulan proxectando unha corrente de aire cara ós dentes a través dunha canle estreita que se forma na cavidade bucal.

	Dentais / Alveolares		Palatais	
	Sonoras	Xordas	Sonoras	Xordas
Africadas	dz	ts	dʒ	tʃ
Fricativas	z̪	s̪	ʒ	ʃ

Táboa 4. Principal sistema de sibilantes do galego antigo (Mariño 2017: 316).

O modelo sufriría diversas modificacións ó longo do tempo. A primeira delas foi a desafricación da africada palatal sonora, de xeito que acabaría confluíndo con /ʒ/. Segundo Mariño, este cambio debía de estar xa moi difundido no inicio do século XIII. Cómpre reparar en que o portugués tamén experimentou a desafricación do par xordo e a súa confluencia en /ʃ/; pero esa mudanza é posterior, probablemente do século XVII, e aínda que hoxe forma parte do *padrão*[45] fonético, non chegou a estenderse a todo o territorio (Prista 1994). De feito, pese a tratarse dun trazo que se encontra en franca recesión, aínda é posible atopar falantes con /tʃ/ nalgunhas áreas setentrionais e centro-orientais de Portugal, igual que en Galicia e en Castela. Así as cousas, obviando esta africada palatal xorda que nos falares galegos non sufrirá máis transformacións, o sistema de sibilantes ficaría con tres parellas xorda-sonora (táboa 5): unha de africadas predorsodentoalveolares, unha de fricativas apicoalveolares e unha de fricativas palatais. Trátase dun sistema que, en palabras de Mariño (2017: 343), "debeu atinxir unha notable difusión xeográfica, social e contextual, non só no espazo galego, senón tamén en gran parte do espazo ibérico medieval."

	Apicoalveolares		Predorsodentoalveolares		Palatais	
	Sonora	Xorda	Sonora	Xorda	Sonora	Xorda
Africadas			dz	ts		
Fricativas	z̪	s̪			ʒ	ʃ

Táboa 5. Sistema de sibilantes con distinción de africadas e fricativas e de xordas e sonoras (Mariño 2017: 343).

A segunda das modificacións consistiu na desafricación das predorsodentoalveolares. Segundo testemuños escritos referidos por Mariño (2017: 345), semella haber casos inequívocos de desafricación de /dz/ e /ts/ desde a segunda metade do século XIII. Ó

[45] Denominación portuguesa para a súa variedade estándar.

concretarse este cambio, o resultado segue a ser un modelo de tres pares xorda-sonora que manteñen os seus puntos de articulación (táboa 6); a mudanza prodúcese unicamente polo paso das predorsodentoalveolares de africadas a fricativas. Este novo sistema debeu de ter unha considerable difusión durante a Idade Media no territorio galego-portugués. Segundo os datos do ALGa, un modelo semellante, coñecido como sistema arcaico (Fernández Rei 1990: 211) aínda pervive en certos puntos da Limia Baixa ourensá, no concello galegófono Zamorano de Hermisende e nalgúns falares raianos de Tras-os-Montes e o noroeste do Minho portugués[46].

	Apicoalveolares		Predorsodentoalveolares		Palatais	
	Sonora	Xorda	Sonora	Xorda	Sonora	Xorda
Fricativas	z̪	s̪	z	s	ʒ	ʃ

Táboa 6. Sistema de sibilantes con desafricación (Mariño 2017: 344).

A partir deste xurdirían os dous subsistemas principais do portugués europeo. Dada a máis que probable inestabilidade tanto articulatoria como perceptiva da oposición entre o par apicoalveolar e o par predorsodentoalveolar, un dos dous acabou impoñéndose sobre o outro e pasou a ocupar todas as posicións. Nos falares setentrionais triunfou a parella apicoalveolar e nos falares centrais e meridionais impúxose a parella de predorsais (Cintra 1964). No caso do galego, o proceso de desafricación veu acompañado dunha terceira modificación: a desonorización. Segundo Mariño, non está clara a temporalización destas mudanzas, que puideron darse paralelamente. De feito, este autor non descarta a posibilidade de que chegase a darse un sistema sen desafricación pero con desonorización: /ʃ/, /ts/ e / s̪/ (Mariño 2017: 346).

Na miña opinión, este modelo con /ts/ explicaría razoablemente o posterior paso a /θ/, xa que suporía o tránsito dun segmento cun elemento dental a outro que mantén esa dentalidade (no caso, interdentalidade). Por contra, o paso de /ts/ a /s/ para despois dar /θ/ podería semellar máis forzado. Por que se perde ese elemento dental e despois se recupera? De todos modos, é certo que na articulación dunha predorsoalveolar, coa lingua disposta de forma convexa, por unha cuestión puramente biomecánica, a parte anterior aproxímase ós dentes, de xeito que ben puido ser isto o que provocase o xurdimento da fricativa interdental xorda. Sexa como for, o que está claro é que tras a desafricación e a desonorización daquel sistema de seis elementos, o resultado debeu de ser un novo sistema de tres consoantes xordas

[46] En gravacións do proxecto FRONTESPO (https://www.frontespo.org/) realizadas en 2016 foi posible atopar o rexistro de informantes con este modelo na localidade de Pitões das Júnias, no norte de Portugal, se ben parece que cada vez son menos os falantes caracterizados por este trazo.

con oposición polo punto de articulación (táboa 7): apicoalveolar, predorsodental e palatal. Segundo Fernández Rei (1990: 211), este modelo, que el denomina sistema de transición, foi detectado esporadicamente en falantes con seseo predorsal, particularmente na área fisterrá, pero tamén nalgúns puntos das Rías Baixas.

	Apicoalveolar	Predorsodental	Palatal
Fricativas xordas	s̪	s	ʃ

Táboa 7. Sistema de sibilantes con desafricación e desonorización (Mariño 2017: 346).

A partir de aquí desenvolveríanse os principais sistemas de sibilantes con que conta o galego actual. Como aconteceu na formación dos dous principais sistemas do portugués europeo, a estreita marxe existente entre unha apical e unha predorsal, tanto do punto de vista articulatorio como do punto de vista perceptivo, debeu de provocar a emerxencia de variedades en que esta oposición deixou de ser funcional, coa conseguinte inestabilidade. Así, a falta de distinción e a conseguinte confluencia nunha das dúas alternativas deu lugar ós dous sistemas seseantes maioritarios na actualidade (táboa 8): un con fricativa apicoalveolar xorda /s̪/ e outro con fricativa predorsodental xorda /s/. Alén destes dous modelos principais, é posible atopar algúns puntos con seseo interdental, con ceceo, con despalatalización de /ʃ/ ou mesmo con palatalización en posición implosiva, pero trátase de áreas moi reducidas, moi localizadas e que poden mostrar certa inestabilidade nos seus respectivos sistemas (Fernández Rei 1990: 190-197).

	Seseo apical
Fricativa apicoalveolar	s̪
Fricativa prepalatal	ʃ

	Seseo predorsal
Fricativa predorsodental	s
Fricativa prepalatal	ʃ

Táboa 8. Principais sistemas seseantes na actualidade.

A partir do sistema de transición xorde tamén unha terceira alternativa na que se mantén unha estrutura con tres elementos distintivos, pero coa aparición dunha consoante fricativa interdental xorda innovadora /θ/ canda a apicoalveolar e a prepalatal (táboa 9). Esta transformación debeuse producir, como vai dito, ben desde a africada predorsodentoalveolar /ts/ > /θ/, ben desde a fricativa predorsodental /s/ > /θ/. No primeiro caso explicaríase como

un pequeno cambio na disposición articulatoria producido durante o proceso de desafricación, no segundo, a modificación no punto de articulación puido estar "motivada pola necesidade de aumentar a marxe de seguranza entre o /s/ (< dz / ts) e o /s̻/ (< z̻ / s̻) do subsistema resultante da desafricación e da desonorización" (Mariño 2017: 475)[47]. O xurdimento desta interdental adoita datarse na segunda metade do século XVI para o castelán, aínda que demoraría tempo en espallarse e non acabaría de chegar a boa parte dos falares meridionais, como tampouco ás illas Canarias nin ás terras conquistadas polos españois no continente americano (cf. Lapesa 1981: 373-374; Cano Aguilar 1999: 239-240; Penny 2004: 187-190). No caso do galego, Mariño (2017: 476-483), baseándose en distintas fontes escritas e nas consideracións de autores como Sarmiento e Sobreira, afirma que a mediados do século XVIII xa existía o /θ/ nalgunhas variedades galegas, se ben hai indicios de que esta innovación xa se introducira con anterioridade.

	Apicoalveolar	Interdental	Palatal
Fricativas xordas	s̻	θ	ʃ

Táboa 9. Sistema de sibilantes con interdental.

Con datos máis recentes, a xeolingüística permítenos albiscar como debeu de ser o proceso de expansión do novo sistema de sibilantes de tres elementos con apicoalveolar, interdental e prepalatal. Para abordar o estudo da distribución das variedades con e sen interdental botamos man de oito elementos do cuestionario cuxas respostas dan mostra, en todos os puntos, da pervivencia ou non dun sistema seseante: *aceite*, *cabeza*, *cedo*, *cego*, *cereixa*, *marzo*, *zapateiro* e *zume*. Ademais, empregamos como material de apoio algunhas variables que presentan resultados parciais de utilidade, como *pescozo / colo / cuello* ou *cabezal / almofada / almohada / traveseiro*, por poñer algún exemplo.

Ó contrario do que acontecía coa gheada, os datos para o seseo en posición prenuclear (abordaremos o seseo posnuclear máis adiante) non mostran variación para un mesmo informante. Por isto, a representación cartográfica dunha soa das variables dá boa mostra do fenómeno en conxunto. Como acontecía con *agulla*, pola súa representatividade e por ser un dos mapas (o número 30) que se publicaron no primeiro volume do ALPI en 1962, escollemos a variable *cabeza* para dar conta do fenómeno. Cómpre matizar que na seguinte serie de mapas non se mostran as diferentes articulacións dos distintos sistemas seseantes. De maneira similar ó que sucedía coas distintas realizacións da gheada, o motivo está relacionado coas dúbidas que en ocasións produce a transcrición dos cadernos orixinais do ALPI. As

[47] Outros autores, como Ferreiro (1994: 184-185), sosteñen a mesma hipótese.

anotacións en superíndice atopadas na transcrición fonética impiden unha interpretación afastada de toda dúbida. Sendo así, empregaremos de maneira convencional o símbolo [s] para representar as diferentes realizacións (principalmente, apicais e predorsais) nos mapas. Porén, no seu comentario si se abordará esta cuestión articulatoria.

No mapa 10, feito con base nos datos do ALPI, observamos a presenza de seseo nunha faixa occidental que corre pola costa desde o punto 106 ata o 139. Hai unha aparente rotura da continuidade no punto 132 (Meaño), pero se atendemos ós datos de Zamora Vicente (1986) ou Carballo Calero (1969) si había seseo nesta área na altura, aínda que non se rexistre concretamente nesta localidade. Illado desta faixa, situado cara ó interior, chama a atención o punto 143, que presenta seseo apical en todas as súas respostas. Como acontecía coa presenza de gheada no punto 124 nos materiais do ALPI, isto semella indicar que o fenómeno ocupou unha extensión maior no pasado e que o modelo con interdental foi gañando terreo. De feito, os mapas posteriores, como veremos, confirman esta tendencia expansiva do sistema non seseante.



Mapa 10. Resultados de *cabeza* no ALPI.



Mapa 11. Resultados de *cabeza* no ALGa.



Mapa 12. Resultados de *cabeza* na NEnq.

O mapa de Zamora Vicente (imaxe 1), quen contaba con información de máis localidades, mostra tamén unha zona de seseo na volta do golfo Ártabro, pero os materiais do ALPI non dan conta disto. Nos puntos correspondentes a esta zona (101, 102 e 103) só se rexistrou en posición prenuclear un sistema estable de sibilantes de tres elementos con apical, interdental e prepalatal. Como xa se comentou noutras ocasións, a rede do ALPI non é especialmente mesta, polo que isto non quere dicir que non puidese existir seseo noutras localidades da zona. É máis, Fernández Rei (1990: 194) sinala a pervivencia do fenómeno, se ben cun marcado carácter recesivo, aínda na década de 1970 no lugar de Redes (parroquia de San Vicente de Caamouco), na ría de Ares. Tamén se rexistra a lembranza do seseo en Rinlo (Ribadeo) no caderno de campo do ALGa. A anotación di que os avós dos informantes, que na altura tiñan por volta de 40 anos, falaban con seseo total e especifica que xusto na aldea do lado, A Devesa (que foi punto de inquérito do ALPI), xa non había. Sexa como for, semella claro que o sistema con /θ/ foi gañando terreo e relegando os sistemas seseantes cara á faixa máis occidental do territorio. No seu avance, como adoita acontecer, foi deixando algunha illa polo camiño.

Respecto da realización, a transcrición do ALPI revela o predominio dunha fricativa predorsoalveolar convexa xorda (empregando terminoloxía do alfabeto da RFE), aínda que ás veces pode ser relaxada ou ter tendencia á palatalización (mesmo en posición prenuclear) ou á aspiración. Ás veces dá a sensación de que certas anotacións suprasegmentais na transcrición de Aníbal Otero obedecen a cuestións de fonética sintáctica, digamos, "sobre o papel", sen ter en conta a realización concreta dos informantes. Porén, a falta de sistematicidade para marcar, por exemplo, a dentalidade dun [s̪] perante un [t] fai que dubidemos tamén disto. Chámanos particularmente a atención a vacilación que se produce nos puntos 106 e 108 entre articulacións apicoalveolares cóncavas e apicodentais cóncavas (ás veces unha cousa con tendencia á outra, marcada en superíndice), sen que semelle haber unha distribución clara. Trátase de puntos en que se rexistraron realizacións predorsodentais nos seguintes proxectos.

Doutra banda, cómpre salientar tamén que no punto 131 se rexistra un 100% de respostas con predorsal, mentres que nas etapas posteriores só se recolleron formas con seseo apical, o que supón un cambio importante. Por último, cabe sinalar que no punto 150, onde quedan trazas do antigo sistema de seis unidades posterior á desafricación e previo á desonorización, a transcrición do ALPI recolle formas con interdental xorda [θ] (en ocasións cunha marca de tendencia á dentalidade) para as variables estudadas neste apartado, agás para *aceite*, cuxa resposta se transcribe cunha interdental sonora [z̪][48].

No mapa 11, feito con base nos datos do ALGa, pódese observar que non hai grandes mudanzas na distribución do seseo con respecto do mapa anterior. O único cambio atopámolo

[48] Sobre as sibilantes sonoras no punto 150 falaremos no apartado § 4.1.3.

no punto 143, que constituía unha illa seseante no medio de variedades con interdental e que semella que acabou cedendo ante a presión dese modelo. Como vai dito, trátase dun comportamento bastante frecuente na expansión de innovacións: durante a propagación da nova solución é posible que fiquen zonas illadas coa solución conservadora; posteriormente, ó estaren rodeadas de falas nas que xa se consolidou o cambio e, ó tempo, ó perderen contacto con outras variedades conservadoras, estas zonas adoitan acabar, antes ou despois, cedendo ante o puxante modelo innovador.

Por outra banda, no que respecta ás realizacións, a transcrición dos cadernos do ALGa semella máis precisa cá do ALPI, ou cando menos non xera dúbidas. Nos puntos correspondentes ó 106, 108, 109 e 112a a articulación é sempre predorsal (agás cando hai despalatalización, que adoita dar unha apical, pero non é do que estamos a tratar aquí). No punto 113 hai unha nota no inicio do caderno de campo na que se indica que hai unha cuestión diastrática no tipo de seseo: os máis vellos teñen unha pronuncia apical, mentres que os máis novos empregan a predorsal. Esta información semella mostrar un cambio en proceso e todo fai pensar que a variante predorsal, a dos máis novos, acabará por impoñerse. Máis ó sur, no punto 131 rexístrase un seseo apical, tal e como adiantabamos no comentario do mapa anterior. Seguindo cara ó sur ata Tui, nos puntos 134, 136 e 139, a solución maioritaria é a da variante predorsodental, pero nalgunhas respostas atopamos unha predorsointerdental [s̪] ou un [θ] mesmo en distribucións que lle corresponderían ó /s/ (fenómeno comunmente coñecido como ceceo). No caso, estas realizacións semellan non obedecer a un sistema estable. Por último, no punto 150 altérnanse formas con [θ] e [s̪], pero estas si nas posicións que a etimoloxía das palabras fai agardar. Como acontecía nos materiais do ALPI, tamén nesta localidade se rexistra a forma [aˈz̪ejte].

No mapa 12, feito con base nos materiais da NEnq, vese que o seseo perde un punto máis con respecto ó modelo predominante. Trátase do 139, no que a presenza dunha fricativa interdental xorda non era estraña xa na etapa anterior. Con todo, a informante principal relatou que os seus pais, aínda que non empregaban un sistema seseante, si "pronunciaban certas palabras con ese, como *sapato*". A propia informante atribuía esta maneira de falar ó contacto coas variedades portuguesas do outro lado da raia, polo que dá a entender que percibe o modelo con /θ/ como máis propio do galego. A desaparición do seseo neste punto é o único cambio con respecto ós datos do ALGa.

No referente ás realizacións, cabe reparar na variación que se rexistrara na etapa anterior no punto 113. Lembremos que había unha nota na que se indicaba que os máis vellos da localidade tendían a falar cun seseo apical, mentres que os máis novos mostraban propensión cara a unha articulación predorsal. En contra do que cabería agardar, os dous informantes entrevistados neste punto para a NEnq empregaron unha apical en todas as súas respostas. De todos modos, cómpre tomar con cautela os datos. A localidade visitada no ALPI é Rois, a mesma que na NEnq. Porén, este lugar non forma parte da rede de puntos do ALGa,

polo que se tomaron os datos da aldea de Vigo (C.46), do veciño concello de Dodro. A escasa distancia que media entre estas localidades podería ser suficiente para explicar esta variación no punto de articulación. Para rematar, no 150 só se rexistraron respostas con [θ] para estas variables, incluída a forma [aˈθejte], onde cabería agardar unha sonora, pero a informante empregou un [ʂ] de maneira espontánea en certas ocasións ó longo da entrevista, en formas como [naˈʂjonal] ou [koɾˈtiʂos], como veremos no seguinte apartado.

De maneira xeral, obsérvase que a distribución diatópica do seseo non experimentou grandes mudanzas ó longo do período estudado. Con todo, tanto o cartografado dos datos de que dispomos como a análise da información complementaria sobre lugares que non están representados na nosa rede levan a pensar que o seseo, un sistema fonético-fonolóxico máis conservador, vén perdendo terreo en relación ó sistema con /θ/. Á vista da evolución da súa distribución sobre o territorio, todo parece indicar que o sistema en que as antigas africadas predorsodentoalveolares acabaron transformándose e confluíndo nunha fricativa interdental xorda vén expandíndose desde o leste cara ó oeste. Como se puido ver nos mapas e como se pode observar na táboa 10, semella que non é un proceso especialmente rápido, cando menos iso é o que se pode apreciar nos nosos materiais. No tempo que media entre o ALPI e o ALGa o seseo deixa de rexistrarse nun punto (o 143). No tempo que media entre o ALGa e a NEnq acontece o mesmo, a extensión do seseo perde un novo punto (o 139). Na totalidade do período estudado, consonte os datos que manexamos, o ritmo do cambio é lento e constante. Por outra parte, obsérvase que estas pequenas mudanzas se producen con continuidade xeográfica, o que nos leva a pensar que o motor do cambio debe de ser o contacto coas variedades que teñen o sistema con interdental.

	ALPI	ALGa	NEnq
[kaˈβesa]	10/10	9/9	8/8
[kaˈβeθa]	43/43	44/44	45/45

Táboa 10. Número de ocorrencias das variantes [kaˈβesa] e [kaˈβeθa] (datos totais/respostas únicas).

Tratamento á parte precisa o seseo que só se dá en posición posnuclear, pois ten unha distribución diatópica un tanto diferente e obedece a un estadio evolutivo do macrosistema de sibilantes que poderiamos considerar intermedio. Para explicalo, volvamos ó chamado sistema de transición, aquel con tres elementos con oposición apical / predorsal / palatal que está representado na táboa 7. A xulgar polos testemuños escritos (Mariño 2017: 475-476), semella que a aparición do innovador /θ/ debeu de producirse primeiro en posición prenuclear. Máis adiante, o /θ/ debeu de aparecer tamén en posición posnuclear por causa do

que Mariño chama "procesos de nivelación analóxica", por exemplo, naqueles substantivos e adxectivos que terían que refacer as formas de singular sobre o modelo dos plurais con /θ/: *cru*[s̲] - *cru*[θ]*es* > *cru*[θ] - *cru*[θ]*es*. Este último paso non se deu en boa parte do territorio, que presenta /θ/ en posición prenuclear, dando lugar ó seseo en posición posnuclear (táboa 11).

Trátase dun fenómeno que afecta a un número relativamente reducido de palabras, algunhas das cales están representadas nos nosos materiais. Para abordalo, puidemos botar man de tres preguntas do cuestionario cuxas respostas só varían en función da existencia ou non dunha fricativa interdental xorda en posición de coda silábica: *cruz*, *dez* e *voz*. Como apoio, empregamos tamén os resultados parciais de *rapaz* e *noz*[49] nos puntos en que foi posible. A análise dos datos revelou nalgúns casos a inestabilidade do sistema con seseo só en posición implosiva, documentada con dobres respostas ([ˈkrus̲] - [ˈkruθ]) e coa presenza ou non da interdental dependendo da cuestión ([ˈdɛθ, pero [raˈpas̲]). Por este motivo, decidimos elaborar un mapa de síntese no que se representan tres posibilidades: seseo posnuclear, presenza dunha fricativa interdental xorda en posición posnuclear ou coexistencia de formas con e sen seseo posnuclear.

	Apicoalveolar	Interdental	Prepalatal
Posición prenuclear	s̲	θ	ʃ
Posición posnuclear	s̲		

Táboa 11. Sistema de sibilantes con seseo só en posición posnuclear.

No mapa 13, correspondente ós datos do ALPI, pódese observar que as formas con seseo posnuclear ocupan unha área compacta que se estende máis alá dos límites do seseo prenuclear que mostra o mapa 10 para este mesmo período. No norte, sen continuidade xeográfica con ese gran bloque, vemos que no punto 100 tamén hai presenza de seseo en posición de coda silábica. A continuidade rómpea o punto 101, correspondente a Valdoviño, onde non se rexistraron respostas con seseo na coda silábica en ningún dos tres proxectos dos que se toman os datos para esta investigación. Porén, temos constancia da presenza do trazo aínda hoxe nalgunhas localidades que fican dentro dese polígono 101, como Cedeira, por exemplo. Isto quere dicir que é moi posible que na década de 1930 tamén se empregasen alí este tipo de solucións.

[49] No ALGa e na NEnq, o 'froito da nogueira' é unha pregunta do cuestionario, pero no ALPI só puidemos aproveitar a información daqueles puntos en que se emprega a forma *noz* co significado de 'prominencia larínxea, nó da gorxa".

Como se pode ver na táboa 12, son 24 as localidades en que se rexistran formas con seseo posnuclear. Se eliminamos os puntos que tamén presentan seseo prenuclear, resta un total de 14. Trátase de variedades que teñen o sistema de tres elementos con apicoalveolar, interdental e prepalatal en posición de ataque silábico, pero só un elemento apicoalveolar en posición de coda silábica. É dicir, os seus falantes pronuncian formas tales como [ˈθiŋko], [θaˈpato], [ˈluʂ] e [raˈpaʂ]. Na maior parte destas localidades, o seseo na coda silábica deuse en todas as respostas posibles, pero nos puntos 105 e 138 hai variación. No caso do 105 unicamente se debe a unha dobre resposta [ˈkɾuθ] - [ˈkɾuʂ], con indicación de que a forma con seseo posnuclear é máis corrente. No caso do 138 rexístrase unicamente [ˈkɾuθ] para esa cuestión, pero tamén se recollen as formas [ˈdɛʂ], [raˈpaʂ] e [ˈbɔʂ] para as preguntas correspondentes. Por outra parte, no punto 150 rexístranse formas con interdental xorda, aínda que ás veces aparece marcada cun trazo suprasegmental que indica dentalidade, como acontecía na posición prenuclear.

No mapa 14, correspondente ós datos do ALGa, vese que as formas con seseo posnuclear desapareceron daquela illa que constituía o punto 100. Ademais deste, perde tamén a cor azul que marca a presenza do fenómeno o punto 143. Porén, a súa situación é un tanto diferente. O que acontece na localidade 143 é que nos materiais do ALPI presenta seseo en todas as posicións (mapa 10) e que no paso á época do ALGa este trazo acabou perdéndose en favor do sistema con fricativa interdental xorda tanto no ataque coma na coda silábicas.



Mapa 13. Seseo en posición posnuclear no ALPI.



Mapa 14. Seseo en posición posnuclear no ALGa.



Mapa 15. Seseo en posición posnuclear na NEnq.

Doutra parte, chama a atención o punto 105, que mostraba variación nos datos do ALPI, pero que nos do ALGa presenta formas con seseo posnuclear para todas as cuestións estudadas. Tendo en conta que a localidade é exactamente a mesma, a vila de Aranga, este pequeno cambio a contracorrente pode explicarse de dúas maneiras: ben atendendo ás características do informante, talvez máis conservador, ben polo simple feito de que nos datos do ALPI a variación só se produce nunha dobre resposta e talvez a pronuncia con [θ] fose ocasionada involuntariamente pola fala do enquisador, natural da Barcia, no concello lucense de Ribeira de Piquín, onde semella que o sistema con interdental debía levar tempo xa consolidado. Sexa como for, o modelo sen seseo posnuclear non lle debía ser estraño ó informante, aínda que só fose por oírllelo empregar ós seus veciños das localidades próximas do concello de Guitiriz.

Alén disto, pódese observar variación nas respostas de catro puntos. No caso do 102, o 129 e o 139 esta variación é nova, non se presentaba nos materiais do ALPI; no caso do 138 xa se rexistrara unha forma con [θ] neses mesmos materiais, como se sinalou no comentario do mapa 13. Nesta ocasión, a variación que mostra o punto 138 é maior que na etapa anterior. De feito, esta maniféstase en forma de dobre resposta para todas as cuestións agás para [raˈpaʂ]. Así, temos [ˈkɾuʂ] - [ˈkɾuθ], [ˈdɛʂ] - [ˈdɛθ], [ˈnɔʂ] - [ˈnɔθ] e [ˈbɔʂ] - [ˈbɔθ] sen que exista ningunha nota que revele información sobre o uso de cada unha das formas. Esta variación nas solucións, causada por unha maior presenza do modelo con /θ/ respecto dos materiais do ALPI, constitúe un cambio que supón un preludio do que acontecerá na seguinte etapa. Algo semellante acontece co punto 129, só que a variación non se dá en cada resposta, senón que se atopan respostas únicas con e sen seseo posnuclear: [ˈkɾuʂ], [ˈdɛʂ], [ˈnɔθ], [raˈpaʂ] e [ˈbɔθ]. Aínda que de xeito diferente, a inestabilidade que se percibe tamén nesta localidade fai prever a consolidación do cambio a favor do sistema con interdental no futuro, como se verá no mapa seguinte. Por outra parte, no punto 102 rexistrouse dobre resposta, con e sen seseo posnuclear, para todas as cuestións agás para unha, igual que acontecía no caso do 138. Finalmente, o punto 150 ofrece dobres respostas con [θ] e [ʂ] en todos os casos.

No mapa 15, correspondente ós datos da NEnq, vese que a extensión das variantes con seseo posnuclear continúa a recuar cara ó oeste ó tempo que se expande o territorio do sistema non seseante. As formas con seseo na coda silábica deixan de rexistrarse nos puntos 129 e 138, que presentaban variación no período anterior. Tamén desaparecen do punto 105, no que se rexistrara un 100% de respostas con seseo posnuclear no ALGa, pero cómpre non esquecer que no ALPI xa se constatara un caso de interdental en posición posnuclear, polo que o sistema con /θ/ non debía de ser descoñecido nesta altura. Porén, os puntos 102 e 139, que tamén mostraban variación nos materiais do ALGa, mantéñense na mesma situación. No caso do 102, o sistema non seseante semella estar case totalmente implantado, pois aparece en todas as cuestións, se ben canda [raˈpaθ] se rexistrou tamén en discurso espontáneo a forma [raˈpaʂ] no informante principal. No caso do punto 139, onde xa vimos que desapareceu o seseo prenuclear nesta etapa, recolléronse tres formas con [θ] e dúas con [ʂ].

Nas localidades 104, 107, 110 e 112, nas que o seseo en posición de coda silábica gozaba de plena vitalidade segundo os materiais dos proxectos anteriores, os datos da NEnq mostran variación. No 104, o cambio cara ó sistema innovador semella estar bastante avanzado. Dunha parte, a informante responde [ˈdɛθ], [ˈnɔθ], [ˈbɔθ] e [ˈkɾuθ], ó tempo que emite a seguinte valoración que transcribimos literalmente: "Paréceme que ahora xa nadie di unha *crus*". Doutra parte, logo de responder [raˈpaθ] á pregunta correspondente, avanzada a entrevista, empregou a forma [raˈpaʂ] espontaneamente mentres relataba unha anécdota. A xulgar por esta información, todo parece indicar que o seseo posnuclear, aínda que non está por completo desaparecido, pode de atoparse nunha situación claramente recesiva na zona.

Caso diferente é o do punto 107, no que se recollen dobres respostas para todas as cuestións e o informante asegura que tanto el como as persoas coas que trata de xeito habitual na localidade as empregan indistintamente. Esta introdución do sistema innovador con [θ] tamén pode acabar por suplantar o sistema conservador con [s], pero aquí o proceso de substitución non se mostra tan avanzado coma no punto 104. Pola súa parte, os puntos 110, 112 e 139 presentan unha situación intermedia, na que se mesturan solucións conservadoras, solucións innovadoras e dobres respostas con e sen seseo posnuclear para a unha mesma pregunta. En maior ou menor medida, o modelo con interdental semella continuar, pouco a pouco, coa súa expansión. No punto 103, a informante empregou o sistema con seseo na coda silábica durante toda a gravación, mesmo facéndonos notar a curiosidade que lle suscitaba a aparente incoherencia de dicir "[ˈnɔʂ], pero [ˈnɔθes]", entendéndoo como unha particularidade da fala local. Porén, preguntada polo emprego de formas con seseo posnuclear, afirmou que "A xente nova ahora di máis ben [ˈbɔθ] e [ˈluθ]". Se a valoración desta informante da parroquia vilega de Santa María de Oleiros é acertada, é de supoñer que o sistema con interdental tamén é utilizado na zona.

	ALPI	ALGa	NEnq
seseo posnuclear	24/22	22/18	19/13
interdental posnuclear	31/29	35/31	40/34

Táboa 12. Número de puntos en que se rexistra seseo posnuclear (datos totais/respostas únicas).

Todo isto non quere dicir que non poidan quedar pequenas illas, talvez no ámbito máis rural, en que o seseo posnuclear se empregue aínda con frecuencia. Lembremos o caso de Cedeira, por exemplo. De todos modos, como se pode ver na táboa 12, o trazo desaparece nun total de cinco puntos ó longo do período estudado. Ó tempo, aumenta o número de localidades en que se rexistra variación. A evolución da distribución espacial das variantes

mostra un recuamento do seseo na coda silábica cara ó oeste. Se esta tendencia continúa, é probable que este sistema acabe desaparecendo e que o seseo en posición posnuclear acabe por darse unicamente naquelas áreas en que tamén se dá o seseo en posición prenuclear. Pode apreciarse a semellanza na distribución ó compararmos os mapas 12 e 15 se eliminamos deste último os puntos en verde que indican variación (isto é presenza de formas con seseo e con interdental na coda silábica) e as dúas illas que restarían sen continuidade xeográfica.

4.1.3 Sibilantes sonoras no punto 150

Estreitamente ligado ó desenvolvemento histórico das sibilantes en galego está o fenómeno da pervivencia do sistema arcaico, con desafricación e sen desonorización, descrito no apartado anterior e condensado na táboa 6. Do punto de vista perceptivo, o que máis chama a atención deste modelo é a preservación da sonoridade. O enxordecemento dos segmentos sibilantes no resto de variedades galegas parece que tivo lugar séculos atrás, como xa se explicou, polo que se trata, logo, dunha fala particularmente conservadora neste aspecto. Con todo, aínda que de maneira xeral se pode constatar o mantemento do sistema ó longo do período estudado, rexistráronse diferentes variacións dunha etapa a outra que convén analizar a fin de poder valorar se se está a producir algún cambio.

Os datos do ALPI dan conta dun sistema de seis elementos con tres pares de xorda-sonora semellante ó descrito na táboa 6. Porén, de xeito parecido ó que acontecía coas diferentes articulacións do seseo, en ocasións a transcrición non é de todo clara. Por exemplo, ás veces atopamos unha anotación precisa dunha fricativa interdental xorda [θ], en palabras como *cedo*, *centeeiro*, *cortizo* ou *fouce*. Noutras, como *brazo*, *forza*, *fuciño* ou *zapateiro*, o símbolo vai acompañado dun trazo suprasegmental que indica dentalidade, un risco vertical baixo o símbolo [θ], que sería equivalente a [n̪] no AFI. Non acaba de ficar moi claro que se pretende indicar con ese símbolo, pois nunha nota no inicio do caderno describe vagamente o son así representado como "más apurado y alargado". Sexa como for, interpretamos que se trata dunha fricativa xorda cun punto de articulación que debe de situarse entre o dental e o propiamente interdental. É posible tamén achar unha predorsal xorda nalgunha forma solta como [kaˈsaðoɾ] ('persoa que se dedica á caza'), para a que cabería agardar unha evolución interdentalizada da antiga africada /ts/. Doutra parte, o seu correlato sonoro adoita marcarse como interdental, no que no AFI equivale a [z̪], e atopámolo en palabras como [aˈz̪ejte], [toɾneˈz̪elo] ('nocello') ou [luˈz̪ico] ('vagalume'). Non obstante, ó igual que acontece coa xorda, rexístranse formas con realización predorsal como [reˈzaɾ] e mesmo ás veces variación na resposta á mesma cuestión, por exemplo, en [ˈtɾez̪e] - [ˈtɾeze].

No que respecta ó par apicoalveolar, a transcrición do ALPI deixa menos dúbidas. Atopamos unha fricativa xorda en formas como [aʂuˈβjaɾ], [ˈʂɛte] ou [ˈʂoɣɾo] e unha sonora

en respostas como [ˈkaʒa], [iˈɣɾeʒa] ou [ˈpeʒa]. Porén, percíbese variación en respostas dobres como [ˈpowʒo] - [ˈpowʂo] ou [ˈroʒa] - [ˈroʂa] que fai pensar nun posible proceso de cambio. Algo semellante acontece co par prepalatal. Encontramos unha consoante xorda en palabras como [ˈkoʃo] ou [ˈfajʃa], e unha sonora en formas como [ˈuʒe], [ˈʒenro] ou [ʒaˈnejɾo], pero tamén se rexistra unha dobre resposta [θeˈɾejʒa] - [θeˈɾejʃa] que apunta na mesma liña do anterior.

Pola súa parte, os datos do ALGa mostran tamén un sistema de seis elementos, se ben máis claramente diferenciados no relativo á transcrición do seu punto de articulación. Aínda así, no caso da evolución da antiga africada /ts/ anótanse de maneira sistemática dobres respostas con [θ] e [ʂ] sen ofrecer información sobre o uso de cada unha das formas, polo que se deduce que ou ben o propio informante alterna as realizacións ou ben pronuncia unha consoante cunha realización que se sitúa entre unha e outra. Sexa cal for o caso, o que queda patente é que, ó contrario do que acontecía coa transcrición do ALPI, aquí se nos está a marcar claramente un punto de articulación interdental en todo momento. Así, temos repostas como [ˈθɛɣo] - [ˈʂɛɣo], [ˈbɾaθo] - [ˈbɾaʂo] ou [fowˈθiɲa] - [fowˈʂiɲa]. O seu par sonoro aparece en formas como [aˈʐejte] ou [ˈdoʐe], pero tamén hai algunha resposta dobre que con xorda e sonora, como [luʐiˈku] - [luθiˈku].

En relación co par de apicoalveolares, encontramos tamén mostras do segmento xordo e mais do sonoro. O ALGa rexistra formas con sibilante xorda como [aʂuˈβjar], [ˈʂɛte] ou [ˈʂoɣɾo] (por seguir cos mesmos exemplos empregados para falar do ALPI), canda outras con sibilante sonora como [ˈkaʒa] ou [teˈʒojɾa]. Non é o caso da resposta para ‘templo cristián’, que nos materiais do ALPI presenta unha consoante apicoalveolar sonora na forma [iˈɣɾeʒa], como xa se comentou, mentres que nos do ALGa a resposta recollida ten unha apicoalveolar xorda, [iˈɣleʂja], talvez por interferencia do castelán. No caso das prepalatais, constátase o mantemento do par xorda-sonora en palabras como [ˈuʒe], [ˈʒenro] ou [ʒaˈnejɾo], pero daquela dobre resposta [θeˈɾejʒa] - [θeˈɾejʃa] que se recollía no ALPI agora só fica como resposta única [θeˈɾejʃa], con sibilante xorda.

Doutra banda, os datos da NEnq revelan que, de maneira xeral, o sistema arcaico de sibilantes aínda se mantén. Porén, atópanse algunhas mudanzas que merecen atención. Para comezar, semella que a fricativa interdental xorda [θ] acaba por impoñerse fronte a outras realizacións, probablemente pola influencia das variedades galegas veciñas. Así, encóntranse formas como [kaˈβeθa], [ˈθeðo] ou [ˈmaɾθo] sen que se rexistren variantes máis dentalizadas como as que se transcribían no ALPI ou variación sistemática con [ʂ] como reflicten os materiais do ALGa. Logo de revisar polo miúdo a gravación na procura deste matiz articulatorio, só atopamos tres formas en que a informante pronunciou un [ʂ]: [naʂjoˈnal], [pɾeˈʂjoʒa] e [koɾˈtiʂo]. Nas restantes ocasións, a súa articulación era claramente a dun [θ], tanto en posición prenuclear, nas formas [maˈθa] ou [peʂˈkoθo], por exemplo, como en posición posnuclear, na forma [ˈnɔθ] ou mesmo nos seus apelidos, *Pére*[θ] *Rui*[θ], que

pronunciou de vagar e con particular meticulosidade. En relación con isto, outra mudanza que se percibe é a desaparición do par interdental sonoro nalgunhas palabras. Así, atopamos formas con interdental xorda como [aˈθejte], [luθiˈku] ou [ˈdoθe], aínda que perviven formas como [raˈpaẓeʂ] e [ˈbeẓes] (iso si, a carón doutras como [ˈnɔθ] e [ˈnɔθes]). Con todo, de maneira xeral, semella que esta fricativa interdental sonora aparece ocasional e esporadicamente no discurso fluído, pero non nas respostas ó cuestionario. Pola súa parte, respecto da parella de apicoalveolares, seguen a rexistrarse formas como [aʂuˈβjar], [ˈʂɛte] e [ˈʂoɣro], ó tempo que se mantén viva tamén a sonora en respostas como [ˈkaʐa] ou [raˈpoʐa], se ben algún termo como [teˈʂojra], por exemplo, presenta unha consoante non voceada. O mesmo acontece co par de prepalatais. De maneira xeral, a sonora mantén a súa vitalidade en formas como [ˈuʒe], [ˈʒenro], [ʒaˈnejro], [ʒoaˈniɲa], [ˈʒuɣo] ou [ˈkejʒo], pero tamén se rexistra algunha resposta con fricativa prepalatal xorda, como [θeˈɾejʃa].

A seguir presentamos algúns mapas que facilitan a interpretación visual e a comprensión dos datos que acabamos de comentar con respecto da variedade rexistrada en Entrimo, o punto 150. Nos mapas 16 e 17, nos que se representa a información do ALPI e do ALGa respectivamente, pódese observar como se mantén o segmento fricativo interdental sonoro propio deste sistema arcaico na forma [aˈẓejte]. Porén, cómpre lembrar que nos materiais do ALGa xa aparece algunha vacilación entre esta consoante e a súa parella xorda, pois nesta etapa recolleuse, entre outras, a dobre resposta [luẓiˈku] - [luθiˈku] como denominación para o insecto coleóptero *Lampyris noctiluca*. Esta variación é o preludio do cambio que se constatará posteriormente.

Así, segundo os datos da NEnq, o único nome recollido para este bechiño luminoso é [luθiˈku], que se rexistra en lugar da forma con interdental sonora. De igual modo, no mapa 18, no que se representa a información obtida neste último proxecto, pódese ver que a realización interdental xorda substitúe tamén á sonora na forma [aˈθejte]. Como xa se comentou, esta pequena mostra non debe interpretarse como unha proba inequívoca da desaparición da consoante [ẓ] nesta variedade local, pero semella haber indicios suficientes para entender que se está a producir unha certa tendencia expansiva do [θ] e que, co tempo, pode acabar por impoñerse en todas as posicións, do mesmo xeito que parece ser a única solución na posición de coda silábica (cf. apartado § 4.1.2) consonte os nosos materiais máis recentes.

Por outra parte, o mapa 19 está elaborado coa información das tres fontes de datos e representa a pervivencia dunha fricativa apicoalveolar sonora na forma [ˈkaʐa] ó longo de todo o período estudado. De maneira xeral, esta apicoalveolar sonora presenta unha vitalidade maior cá interdental sonora, aínda que, como se viu, tamén existen mostras de variación tanto nos materiais do ALGa (lembremos a dobre resposta [ˈroʐa] - [ˈroʂa], por exemplo) coma nos da NEnq. Os mapas 20 e 21, confeccionados cos datos do ALPI e do ALGa respectivamente, dan conta do mantemento dunha sibilante apicoalveolar sonora na forma

[teˈʑojɾa], mentres que o mapa 22, feito coa información da NEnq, representa o rexistro dunha forma [teˈʂojɾa], con apiocalveolar xorda. Do mesmo xeito que acontecía co par de interdentais, aínda aparecen con frecuencia realizacións apicoalveolares sonoras en palabras como [ˈkowʑa], [raˈpoʑa] ou [aˈkaʑo].

Por último, a parella de sibilantes que se mostra máis estable é a das prepalatais. No mapa 23, que mostra a información conxunta de ALPI, ALGa e NEnq, pódese constatar o mantemento dunha consoante fricativa prepalatal sonora na forma [ˈʒenro]. Canda ela rexístranse outras formas como [ˈgɔrʒa], [ˈʂaŋ ʒoˈaŋ], [ʒaˈnejɾo], [ˈkejʒo] ou [ˈʒuɣo], todas elas cunha fricativa voceada nas tres fontes de datos. Porén, a estabilidade non é completa debido ás respostas para o 'froito da cerdeira'. Como se pode observar no mapa 24, no caderno do ALPI recolleuse unha dobre resposta [θeˈɾejʒa] - [θeˈɾejʃa]. A variante con prepalatal xorda acabará desprazando a sonora nas etapas posteriores. Así, nos mapas 25 e 26, que mostran os datos de ALGa e NEnq respectivamente, represéntase o rexistro de [θeˈɾejʃa]. Con todo, a diferenza da interdental e da apicoalveolar, que presentaban unha maior variación, cómpre sinalar que este é o único caso de cambio dunha prepalatal sonora a unha xorda observable no conxunto dos materiais con que traballamos, se ben chama a atención que xa se produza variación no tempo do ALPI.



Mapa 16. Resultados de *aceite* no punto 150 no ALPI.



Mapa.17. Resultados de *aceite* no punto 150 no ALGa.



Mapa 18. Resultados de *aceite* no punto 150 na NEnq.



Mapa 19. Resultados de *casa* en todo o período..



Mapa 20. Resultados de *tesoira* no ALPI.



Mapa 21. Resultados de *tesoira* no ALGa.



Mapa 22. Resultados de *tesoira* na NEnq.



Mapa 23. Resultados de *xenro* en todo o período.



Mapa 24. Resultados de *cereixa* no ALPI.



Mapa. 25 Resultados de *cereixa* no ALGa.



Mapa 26. Resultados de *cereixa* na NEnq.

En definitiva, neste punto 150 permanece un sistema de sibilantes semellante ó do chamado sistema arcaico descrito na bibliografía de referencia habitual para os estudos diacrónicos e diatópicos sobre o galego (Ferreiro 1995; Fernández Rei 1990; Mariño 1998, 2017, entre outros). Máis alá das dúbidas ás que poida inducir a transcrición dos cadernos orixinais do ALPI sobre a realización dalgúns segmentos, constátase, en xeral, a pervivencia dun sistema de seis unidades, con tres parellas xorda-sonora. Agora ben, atopamos casos de cambio de maneira puntual para os tres puntos de articulación, particularmente no interdental, en menor medida no apicoalveolar e só nunha cuestión que afecta ó prepalatal.

As sibilantes sonoras características desta variedade aínda aparecen no discurso con profusión. Porén, estas pequenas mudanzas en palabras concretas, se continúan aumentando, poden dar nunha desestabilización do sistema que remate desencadeando un eventual proceso xeneralizado de cambio, dunha maneira semellante á descrita por González (2002) no seu traballo sobre a localidade de Lobios, próxima a Entrimo. De feito, a informante entrevistada deu mostra dunha fala especialmente conservadora –o que se aprecia no uso de nomes tradicionais para os meses do ano como *seitura* (‘xullo’) e *natal* (‘decembro’) ou no mantemento xeral dunha consoante lateral palatal en palabras como [koˈeʎo] e [ˈoʎo][50], por exemplo–, pero en conversas informais realizadas con persoas máis novas na vila durante o traballo de campo para a NEnq puidemos comprobar que as sibilantes sonoras eran empregadas con moita menor frecuencia. Ó preguntarlles por esta cuestión, unha destas persoas sinalou o seguinte: “Esa maneira de falar vese máis na xente máis maior e nas aldeas, aquí cada vez menos”. Outro destes informantes aludiu ó feito de que os rapaces van a Bande para cursar a secundaria e que “se van adaptando á fala de compañeiros e dos amigos que fan aló, porque despois fan moita vida aló”. Segundo estas afirmacións, de continuar coa tendencia observada, cabe no posible que o sistema local acabe sendo desprazado no futuro polo sistema maioritario con tres segmentos sibilantes xordos.

4.1.4 Resultados da terminación latina -ĀNA

Un dos trazos máis característicos do dominio lingüístico galego-portugués en relación co resto de variedades iberorromances é o da perda no -N- intervocálico latino, cuxa isoglosa é unha das que se empregan tradicionalmente para marcar o límite respecto das falas asturleonesas e castelás (Pérez Pascual 1982: 201). Trátase dun fenómeno ben antigo, iniciado en época preliteraria, e que debeu completarse entre os séculos VIII e XII (Ferreiro 1995: 126). Segundo Mariño (2017: 246), o debilitamento e posterior desaparición do -N- intervocálico podería estar relacionado non só co feito de ocupar unha posición fraca na cadea

[50] Esta cuestión abordarase no apartado § 4.1.10.

fónica, constrinxido polas vogais circundantes, senón tamén pola probable tendencia da vogal precedente a absorber a nasalidade da consoante. Así, debeu de haber unha nasalización regresiva producida pola anticipación da baixada do veo do padal ó articular a vogal precedente á consoante nasal (Pérez 1982: 202-203; Sampson 1999: 2-5; Sletsjøe 1959: 34). Creáronse deste modo vogais nasais que perviviron ata hoxe nos falares portugueses, pero que comezaron a desaparecer da meirande parte do dominio galego desde o século XIII e con maior intensidade a partir do XIV (Lorenzo 1995: 662; Mariño 2017: 251). Con todo, os datos do ALGa revelan a pervivencia de vogais nasais no galego falado nos Ancares de León.

Como resultado deste proceso de desnasalización vocálica experimentado polo galego desde a época medieval, déronse exemplos de desnasalización completa, con evolución cara a unha vogal oral, e de desenvolvemento dunha consoante nasal na marxe silábica posnuclear. No caso das formas galegas derivadas de palabras latinas rematadas na terminación -ĀNA, estas dúas solucións posibles, *-á* e *-án*, presentan unha distribución diatópica ben definida. De maneira xeral, pódese dicir que as formas con desnasalización completa ocupan o centro e o leste do territorio, mentres que as formas con recuperación da nasalidade a través do desenvolvemento dunha consoante nasal na coda silábica se estenden pola faixa occidental. Este fenómeno, doadamente recoñecible polos falantes, constitúe un tópico nos estudos dialectais sobre o galego e xa foi tratado por autores como Sarmiento, Sobreira, Zamora Vicente ou Carballo Calero, entre outros, como se viu no apartado § 1.3.3. Todos eles coinciden, a grandes trazos, ó sinalar a distribución dunha e outra solución. Non obstante, a análise dos materiais empregados neste traballo permite apreciar algunhas mudanzas con continuidade xeográfica na extensión das dúas variantes a través do período estudado.

Para abordar a evolución desta variable puidemos botar man dos datos achegados polas respostas ás cuestións *mañá* (< MANEĀNA) e *mazá* (< MATIĀNA), apoiados polos resultados parciais de *ra* (< RĀNA) e *la* (< LĀNA), xa que para este último par se rexistraron en ocasións formas con outras terminacións como [aˈral] ou mesmo formas castelanizadas con mantemento do -N- intervocálico como [ˈrana] e [ˈlana]. Igual que noutras seccións do traballo, a pesar do reducido número de cuestións dispoñibles, os materiais permiten ofrecer unha visión xeral da evolución dos resultados e así observar as modificacións experimentadas na distribución de variantes.

No mapa 27, elaborado cos datos do ALPI, pódese ver como as formas [maˈɲaŋ] e [maˈɲa] se reparten o territorio en dous grandes bloques case totalmente compactos. Rompe a continuidade o punto 118, que constitúe unha illa na que se rexistra a solución consoante nasal en posición posnuclear. Chama a atención a aparición de [maˈɲaŋ] nesta localidade, no bloque central (Fernández Rei 1990) e rodeada de puntos en que se recolleu [maˈɲa]. Como adoita acontecer con estas variantes que fican isoladas, a súa presenza podería ser indicio da maior extensión territorial que puido ter nun tempo pasado, o que concordaría coa apreciación dunha certa tendencia expansiva da forma completamente desnasalizada observada ó longo

do tempo que abranguen os nosos materiais. Cómpre sinalar que, de ser así, se é certo que este rexistro de [maˈɲaŋ] está a indicar que anteriormente as formas rematadas en [-aŋ] ocupaban máis espazo, debe considerarse como un resto dese modelo, xa que canda ela se recollen as formas *la*, *mazá* e *ra*, todas elas sen consoante nasal na coda silábica. Isto mesmo ocorre no punto 102, onde tamén se rexistra a forma [maˈɲaŋ], con consoante nasal na coda silábica, a carón de [ˈla], [maˈθa] e [ˈra].

No mapa 28, elaborado cos materiais do ALGa, pódese ver como a variante [maˈɲaŋ] recúa, deixando de rexistrarse en dos dous puntos en que se recollera xunto con formas sen consoante nasal na coda silábica. Tanto na localidade 102 como na 118 rexístrase [maˈɲa], canda as formas [ˈla], [maˈθa] e [ˈra], que xa se foran documentadas no proxecto precedente. A pervivencia da variante [maˈɲaŋ] na etapa anterior podería entenderse, no contexto dos datos que manexamos, como a última pegada do sistema con consoante nasal posnuclear na zona, o que non significa que non se puidesen empregar na altura outras palabras que seguisen o modelo e que non ficasen rexistradas nos cadernos do ALPI. Con todo, os nosos materiais semellan indicar que o proceso de substitución da terminación [-aŋ] por [-a] debía de estar bastante avanzado na altura.



Mapa 27. Resultados de *mañá* no ALPI.



Mapa 28. Resultados de *mañá* no ALGa.



Mapa 29. Resultados de *mañá* na NEnq.

En aparencia, estes dous puntos son os únicos que presentan mudanzas respecto da etapa anterior. Non obstante, os datos do ALGa revelan un pequeno cambio adicional que convén sinalar. Trátase do rexistro dunha forma con terminación [-a] no punto correspondente ó 143, xunto coa forma con consoante nasal que xa fora documentada nos traballos do ALPI. No caderno orixinal O.10 do ALGa recóllese a dobre reposta [maˈθaŋ] - [maˈθa], acompañada dunha nota na que se indica que a primeira forma é propia de Ribadavia e a segunda de Leiro, dúas localidades moi próximas entre si. Aínda que se trata de información sobre unha localidade secundaria, resulta relevante para analizar os datos da seguinte etapa. O resto de formas recollidas foron [maˈɲaŋ] (como se observa no mapa), [ˈlaŋ] e [ˈraŋ].

No mapa 29, elaborado cos materiais da NEnq, vese que no punto 143 desaparece a forma [maˈɲaŋ], rexistrada como resposta única nos proxectos anteriores, e que no seu lugar se rexistra a forma [maˈɲa]. Ó tempo, deixan tamén de recollerse as formas [maˈθaŋ], [ˈlaŋ] e [ˈraŋ] e documéntanse [maˈθa], [ˈla] e [ˈra]. É certo que a localidade da rede da NEnq é Arnoia, situada un pouco máis ó sur e un pouco máis ó oeste que Ribadavia e Leiro, polo que a análise dos datos do punto correspondente no ALGa hai que abordala con certa cautela, como sempre que non hai unha coincidencia plena. No entanto, obviando por un intre a etapa intermedia, constátase a existencia dun cambio entre a primeira e a última: nos datos do ALPI todas as formas rematan en [-aŋ], mentres que nos datos da NEnq todas as formas rematan en [-a]. Mesmo tratándose dunha colección exigua de datos para estudar o fenómeno en profundidade, a mudanza semella evidente. Ademais, hai que ter en conta que no caso do ALPI e da NEnq o traballo de campo foi realizado exactamente na mesma localidade, polo que o rigor dos datos para a súa comparación é indiscutible. Retomando a información do ALGa, interpretámola como o posible indicio dunha mudanza que se estaba a producir na altura ou, cando menos, unha proba do estreito contacto entre variedades na zona que puido dar pé á propagación das solucións sen consoante nasal na coda silábica.

Tamén se constata esta mesma tendencia expansiva das formas rematadas en [-a] no punto 129 segundo os datos da NEnq. Neste caso non constan rexistros previos de variación que permitisen prever unha posible mudanza, xa que tanto no ALPI coma no ALGa todas as respostas recollidas foron de formas rematadas en [-aŋ]. Así pois, a secuencia dos tres mapas en que se representa a evolución no espazo e no tempo da variable [maˈɲaŋ] / [maˈɲa], unida ós datos fornecidos por outros elementos do noso cuestionario e á información adicional de que dispomos, mostra como o modelo con desnasalización completa avanza paseniñamente cara ó oeste. Como se pode ver na táboa 13, a súa presenza imponse en catro localidades ó longo do período estudado sobre as solucións preexistentes con consoante nasal na coda silábica. O cambio prodúcese a un ritmo constante, dáse en dous puntos no período entre o ALPI e o ALGa e noutros dous no período entre o ALGa e a NEnq. Conforme os datos manexados e a súa representación cartográfica, estes puntos en que se produce a substitución teñen proximidade con falas en que se rexistra o modelo en expansión, de xeito que o cambio

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

se propaga con continuidade xeográfica ó longo da faixa de contacto entre variedades que corre de norte a sur.

	ALPI	ALGa	NEnq
[maˈɲaŋ]	26	24	22
[maˈɲa]	27	29	31

Táboa 13. Número de ocorrencias de [maˈɲaŋ] e [maˈɲa].

4.1.5 Resultados da terminación latina -ĀNU

A queda do -N- intervocálico latino descrita no apartado anterior tamén afectou a un considerable número de palabras rematadas na secuencia -ĀNU. Nun primeiro momento, como xa se explicou, a desaparición da consoante nasal alveolar debeu de deixar un resto de nasalidade na vogal precedente, dando como resultado unha terminación *-ão* (*irmão*), mantida ata hoxe nas variedades portuguesas. A partir de aquí, no contexto do proceso xeral de desnasalamento vocálico experimentado en época medieval e paralelamente ó acontecido coa terminación *-ã* < -ĀNA, o galego desenvolveu diferentes solucións en distintas partes do territorio. Unha delas consistiu na desnasalización da vogal, que deu orixe á terminación *-ao* (*irmao*). Nos datos con que traballamos, as formas rexistradas coa terminación [-ao] ocupan o espazo central e oriental do ámbito galego, nunha distribución semellante, aínda que cunha extensión algo maior, á das formas coa terminación [-a] < -ĀNA, tamén produto da desnasalización e sen consoante nasal na coda silábica.

Doutra banda, desde esta forma medieval *-ão* produciuse unha asimilación progresiva, da vogal tónica para a átona, que deu como resultado unha terminación *-ãa* (*irmãa*). Neste punto, o proceso de desnasalamento vocálico, unido á posterior crase das dúas vogais xa igualadas, orixinou dúas posibles solucións, tamén paralelas ás derivadas da evolución xa comentada de -ĀNA: unha con desnasalización completa que deu a terminación *-á* (*irmá*) e outra con desenvolvemento dunha consoante nasal en posición posnuclear que resultou na terminación *-án* (*irmán*); (Pérez Pascual 1982: 208-210; Ferreiro 1995: 137; Mariño 2017: 450-455). As formas coa terminación [-aŋ] < -ĀNU rexistradas nos nosos materiais ocupan unha faixa occidental do territorio, abranguendo un espazo algo menor que as formas coa terminación [-aŋ] < -ĀNA, como se verá a seguir. Pola súa parte, a solución minoritaria produto da desnasalización completa, a asimilación progresiva e a crase, [-a] < -ĀNU, ocupa

unha área entre os dous modelos principais que, como veremos, dá mostras dunha certa inestabilidade.

Para abordar o estudo da evolución da distribución diatópica destas tres variantes, as terminacións [-aŋ] / [-a] / [-ao], dispomos doutros tantos elementos do noso cuestionario: *gran* (< GRĀNU), *man* (< MĀNU) e *verán* (< VERĀNU). Os dous primeiros achegan respostas unicamente con estas tres terminacións. Porén, a última cuestión ofrece rexistros da variante de orixe castelá [beˈɾano], con mantemento da nasal intervocálica propia deste dominio, repartidos entre os materiais do ALGa (tres ocorrencias) e da NEnq (catro ocorrencias). De todos modos, esta forma non aparece soa en ningunha ocasión, senón como parte dunha dobre resposta, acompañando unha solución patrimonial galega. Sendo así, decidimos obviar para esta análise o castelanismo [beˈɾano] e centrarnos no estudo da distribución das variantes [beˈɾaŋ], [beˈɾa] e [beˈɾao]. Alén destas tres cuestións, aproveitamos tamén os resultados parciais de *irmán* (< GERMĀNU), que non aparece no cuestionario do ALPI, pero si no do ALGa e no da NEnq.

O mapa 30, no que se representan os datos do ALPI, mostra os resultados para a cuestión *gran*, entendida nos tres proxectos como 'semente do trigo, do millo ou doutro cereal'. Suprimiuse a información fonética sobre a realización da consoante inicial, pois xa se tratou no apartado § 4.1.1 sobre a distribución da gheada. Do mesmo xeito, a fin de simplificar a visualización dos datos, prescindiuse de mostrar as diferentes realizacións da terminación *-ao*, que se poden resumir en dúas, dentro das cales é posible atopar matices articulatorios: unha con hiato [-ao] e outra con ditongación [-aw]. Máis alá da procura dunha representación cartográfica sinxela, o feito é que a distribución de [-ao] e [-aw] non semella obedecer a un patrón moi claro e mesmo é relativamente común encontrar transcricións máis achegadas á primeira ou á segunda nun mesmo punto e para un mesmo falante.

Nos materiais do ALPI recóllense as variantes [ˈgɾaŋ] e [ˈgɾao]. Como xa se adiantou, e como se pode comprobar consultando o mapa 27, a distribución destas dúas formas no espazo deixa unha fasquía similar á de [maˈɲaŋ] e [maˈɲa], as solucións correspondentes con e sen consoante nasal na coda silábica, respectivamente. Agora ben, a variante con consoante nasal en posición posnuclear a partir de -ĀNU presenta unha extensión máis recuada cara a occidente que o seu correlato derivado de -ĀNA. Existe, logo, unha faixa vertical relativamente estreita na que atopamos [maˈɲaŋ] e [ˈgɾao]. Como se pode ver nas táboas 13 e 14, o bloque constituído polos rexistros de [maˈɲaŋ] suma un total de 26 puntos, fronte ós 27 en que se recolle [maˈɲa], mentres que a área de [ˈgɾaŋ] consta dun total de 17 localidades, fronte ás 36 que presentan a resposta [ˈgɾao].

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O mapa 31, no que se poden ver os resultados do ALGa, mostra xa a presenza das tres variantes. A primeira vista pode apreciarse que a extensión da forma *gran* non experimenta modificación ningunha. Por contra, na distribución da forma *grao* advírtese un pequeno

cambio producido polo rexistro de *gra*, coa que fai parte dunha dobre resposta no punto 101. Cómpre indicar que, aínda que non se recolleu esta variante no ALPI, si aparece unha forma con terminación [-a] ([ˈma], como veremos máis adiante) nos seus materiais. Ademais, esta solución está ben documentada na zona con anterioridade ós traballos do ALGa, particularmente no estudo de Carballo Calero (1969) na súa proposta de división dialectal das falas galegas que xa foi comentado no apartado § 1.3.3.

O mapa 32, no que se representan os datos da NEnq, mostra un único cambio na distribución de variantes. Prodúcese no punto 133, que pasa de rexistrar [ˈgɾao] nos proxectos anteriores a rexistrar [ˈgɾaŋ] neste último, no que tamén se recollen as formas [ˈmaŋ] e [iɾˈmaŋ] (resposta que xa fora recollida para o ALGa nesta localidade), aínda que non coa forma [ˈberao], como se verá no mapa 38. Pola súa parte, o punto 101 mantén unha dobre resposta [ˈgɾaŋ] / [ˈgɾao]. Neste caso, cabe sinalar que o informante emitiu a forma [ˈgɾao] na pregunta correspondente, de igual xeito que [iɾˈmao], [ˈmao] e [beˈɾao]. Porén, as formas [ˈgɾa] e [ˈma] xurdiron no seu discurso espontáneo. Contra o final da entrevista, cuestionado por esta variación, afirmou que na zona se utilizan as dúas solucións, pero que máis cara ó interior (mencionou os concellos limítrofes de Cerdido, Moeche e San Sadurniño) só se empregan formas coa terminación [-ao].



Mapa 30. Resultados de *gran* no ALPI.



Mapa 31. Resultados de *gran* no ALGa.



Mapa 32. Resultados de *gran* na NEnq.

De xeito resumido, pódese dicir que ó longo do período estudado, a distribución das solucións [ˈgɾaŋ], [ˈgɾa] e [ˈgɾao] presenta pequenas mudanzas e, como se pode ver na táboa 14, os cambios no número de ocorrencias de cada unha das variantes son tamén escasos. Dunha parte, a forma con consoante nasal en posición de coda silábica experimenta un lixeiro avance do oeste cara ó leste, estendendo a súa presenza ó punto 133. Esta localidade está próxima a outras caracterizadas por formas coa terminación [-aŋ] e, ademais, non lle eran de todo alleas nas etapas anteriores. Por outro lado, ó norte, o punto 101 presenta variación [ˈgɾa] / [ˈgɾao]. A xulgar por esta serie de mapas e a información adicional provista polo informante da NEnq, podería dar a sensación de que a forma [ˈgɾa], que non se rexistra para este punto no caderno correspondente do ALPI, aparece na zona en tempo do ALGa e despois non remata por consolidarse. Porén, con base en estudos anteriores como o de Carballo Calero (1969) e nos propios datos do ALPI, sabemos que na altura xa existían formas con terminación [-a] nesta área.

	ALPI	ALGa	NEnq
[ˈgɾaŋ]	17/17	17/17	18/18
[ˈgɾa]	0/0	1/0	1/0
[ˈgɾao]	36/36	36/35	35/34

Táboa 14. Número de ocorrencias de [ˈgɾaŋ], [ˈgɾa] e [ˈgɾao] (datos totais/respostas únicas).

Abordaremos agora a análise da distribución das variantes [ˈmaŋ], [ˈma] e [ˈmao]. No mapa 33, elaborado cos materiais do ALPI, obsérvase que esta distribución é diferente cá dos seus correlatos [ˈgɾaŋ], [ˈgɾa] e [ˈgɾao] representados no mapa 30. Chama a atención o feito de que xa neste primeiro proxecto se rexistrou a forma *ma*, xunto con [ˈgɾao], no punto 101. Lembremos que nesta localidade tanto os datos do ALGa coma os da NEnq revelaban a mesma dobre solución con terminación [-a] / [-ao] para a cuestión anterior. Semella, logo, evidente, que a variación xa estaba presente na altura. Doutra banda, vese que a forma [ˈmaŋ] ocupa unha maior extensión territorial que a súa correspondente [ˈgɾaŋ]. Máis concretamente, aparece como resposta única no punto 104 (canda [beˈɾaŋ]) e tamén como parte dunha dobre resposta nos puntos 102, 111 e 133, nos que rexistra conxuntamente con [ˈmao].

Pola súa parte, no punto 111 rexistráronse para o ALPI as formas [ˈmao] e [ˈmaŋ], esta última acompañada dunha nota do enquisador na que se indica que é de uso menos frecuente. Chama a atención a aparición dunha solución con consoante nasal en posición posnuclear tan ó leste, pero o certo é que mantén continuidade xeográfica co punto 104 e que cae na vertical da faixa de contacto entre os dous modelos maioritarios. Con todo, cómpre sinalar que se

trata dun rexistro único, pois neste punto, para todo o período estudado, foron recollidas sistematicamente as formas [ˈgɾao], [iɾˈmao], [beˈɾao] e, incluso nesta etapa inicial, [ˈmao]. Talvez a presenza de [ˈmaŋ] neste lugar poida indicar unha maior extensión da terminación [-aŋ] no pasado. De ser así, a xulgar pola anotación de Aníbal Otero no seu caderno de campo, xa na época do ALPI o seu emprego debía de estar esmorecendo e a solución estaría a piques de desaparecer.

Por último, o punto 133, que presentaba un cambio de [ˈgɾao] cara a [ˈgɾaŋ] no paso do ALGa á NEnq, ofrece indicios xa de variación neste sentido nesta primeira etapa. Así o demostra a súa dobre resposta [ˈmaŋ] / [ˈmao], na que a forma sen consoante nasal na coda silábica vén seguida dunha nota na que se le o seguinte: "Más corriente y antiguo, los jóvenes dicen ahora *man*, *chan* y *gran*". Esta información fai pensar nun cambio xeral en relación con estas terminacións que xa debía de estar a producirse na altura.



Mapa 33. Resultados de *man* no ALPI.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa 34. Resultados de *man* no ALGa.



Mapa 35. Resultados de *man* na NEnq.

No mapa 34, elaborado cos materiais do ALGa, vese que a resposta única para a localidade P.10, correspondente á 133 do ALPI e da NEnq, é [ˈmao]. Non obstante, tamén se rexistra a forma [iɾˈmaŋ] para este mesmo proxecto, o que nos leva a pensar que as solucións [-aŋ] e [-ao] manteñen a súa presenza na zona. No punto do ALGa máis próximo a este, o P.14, todas as formas recollidas teñen terminación [-aŋ], polo que se ve que a zona de contacto en que se producen as mudanzas debe de estar situada precisamente nesta contorna. Posteriormente, os datos da NEnq confirmarán a consolidación da solución máis occidental neste punto 133.

Esta tendencia expansiva de [ˈmaŋ] tamén se deixa ver máis ó norte. A variante esténdese ós puntos 102 e 112 en relación coa distribución previa mostrada polos materiais do ALPI. Ollando o mapa 34, cómpre lembrar que, xunto co 104, estes puntos presentan nesta etapa a solucióm [ˈgɾao], polo que se pode considerar que estarían dentro da área de contacto de variedades. No caso da localidade 112, rexístrase [ˈmaŋ] como resposta única para esta pregunta, aínda que non se debe perder de vista que tamén se recolleron na altura as formas [iɾˈmao] e [beˈɾao]. Doutra banda, o punto 102 pasa dunha dobre resposta [ˈmaŋ] / [ˈmao] a outra dobre resposta, pero desta volta [ˈmaŋ] / [ˈma], rexistrada a carón da tamén dobre [iɾˈmaŋ] / [iɾˈmao], deixando clara mostra da inestabilidade da zona respecto do emprego e a extensión destas variantes. Para abondar máis aínda nesta situación variación, unha nota no caderno orixinal do ALGa indica que un dos informantes usou durante a entrevista a expresión [ˈpano ðe ˈmao]. A interpretación destes datos deixa ver que, na altura, as tres solucións posibles tiñan, cando menos, certa presenza na fala local.

En relación coa terminación minoritaria [-a], obsérvase que aparece na resposta *ma*, recollida no citado punto 102 canda as outras dúas variantes e como forma única nos puntos 101 e 105. No caso do 101, tamén se rexistra [iɾˈma], pero cómpre lembrar que nesta localidade tamén se recolle [ˈgɾao], que alternaba con [ˈgɾa] nos datos correspondentes ó ALGa. Por outra parte, e ata certo punto, chama a atención a presenza desta solución [ˈma] na localidade, pois para o resto de cuestións recolléronse formas con terminación [-ao] nas tres fontes de datos. Con todo, dicimos “ata certo punto” porque se reparamos na imaxe 2, que mostra os datos de Carballo Calero (1969) sobre un mapa cos puntos do ALGa (Santamarina 1982: 187), podemos observar como a área con terminación [-a] chega ata a localidade de Aranga (C.20 no ALGa, 105 no ALPI e na NEnq). Sexa como for, con base nos datos de que dispomos, a presenza da forma [ˈma] nesta localidade pode interpretarse como unha mostra máis da gran variabilidade que se pode apreciar nesta zona.

Para finalizar o comentario deste mapa, cabe sinalar que, contrariamente á aparente tendencia expansiva de [-aŋ] comentada anteriormente, no punto 111 rexístrase a forma [ˈmao], en coherencia con [ˈgɾao], [iɾˈmao] e [beˈɾao], documentadas nas tres fontes de datos nesta localidade. Anteriormente, os datos do ALPI indicaban aquí unha dobre resposta [ˈmaŋ] / [ˈmao] para esta cuestión, cunha nota que deixaba constancia de que a forma con consoante

nasal na coda silábica era a menos corrente. Así, esta variante, que chamaba a atención por aparecer tan ó leste, pasa a non rexistrarse nesta localidade e deixa dúas dúbidas: nalgún momento do pasado as formas con terminación [-aŋ] ocuparían un espazo continuo que chegase ata este lugar? E, de ser así, por que aquí mostran un comportamento recesivo cando en puntos non tan afastados semellan estenderse? Coa información de que dispomos só é posible afirmar algo que xa se comentou na introdución deste traballo: a variación e o cambio lingüístico non obedecen a patróns e esquemas fixos, e o que hoxe parece ir nun sentido, mañá pode virar e ir no contrario. O único que se pode asegurar é que, con relación a este fenómeno, nesta área coexisten as diferentes solucións e se producen moitas mudanzas.

No mapa 35, elaborado con base nos materiais da NEnq, vese que a distribución das variantes experimenta pequenas modificacións respecto da etapa anterior. Para comezar, no punto 133 consolídase a presenza de [ˈmaŋ] como resposta única. Cómpre recordar que no caderno do ALPI xa se indicaba que este tipo de formas con desenvolvemento dunha consoante nasal en posición posnuclear, aínda que menos frecuentes que as formas rematadas en [-ao], eran características da fala das persoas máis novas na localidade. Por esta razón precisamente, cabía agardar un cambio neste sentido. De feito, os datos deste proxecto máis recente apuntan cara a unha total implantación do modelo con terminación [-aŋ] en virtude da recollida das formas [ˈgraŋ], [iɾˈmaŋ] e [beˈraŋ].

Por outro lado, resta observar que é o que acontece nos lugares en que se rexistraba a variante [ˈma] na etapa anterior. Tratábase de tres puntos agrupados naquela zona delimitada polo estudo de Carballo Calero (1969): o 101, o 102 e o 105. Todos eles mostran algunha mudanza e todos en sentidos diferentes, o que redunda na idea xa comentada da inestabilidade que caracteriza a zona en relación con este fenómeno. Dunha banda, o punto 105, no que se rexistrara [ˈma], xunto con [ˈgɾao], [iɾˈmao] e [beˈɾao], no período anterior, agora presenta unha forma [ˈmao], análoga co resto de respostas. Detéctase, pois, o que poderiamos chamar unha tendencia niveladora. Doutra banda, no punto 102, no que se chegaba a dar conta da coexistencia das tres variantes posibles segundo os datos do ALGa, recóllese agora a forma [ˈma] como resposta única. Paralelamente, tamén se rexistrou a forma [iɾˈma], pero cómpre non esquecer que estas dúas respostas conviven con [ˈgɾao] e [beˈɾao]. O que parece claro é que as variantes con terminación [-aŋ], consonte os datos que manexamos, desapareceron deste punto. Por último, a localidade 101, na que se recolleu [ˈma] como resposta única para o ALGa, retoma a variación [-a] / [-ao] coa dobre resposta [ˈma] / [ˈmao] rexistrada para a NEnq. Semella, pois, que as dúas solucións son de uso común na zona.

Do mesmo xeito que a das variantes [ˈgraŋ], [ˈgɾa] e [gɾao], a distribución de [ˈmaŋ], [ˈma] e [ˈmao] non presenta grandes mudanzas durante o período estudado. Na táboa 15 pódese ver que hai pouca variación no número de ocorrencias de cada unha das formas. Prodúcense pequenos cambios con continuidade xeográfica que resultan na extensión ou contracción dalgunha das solucións ó longo dunha faixa vertical na que se debe de producir,

a xulgar polas dobres respostas e as constantes mudanzas, un contacto de variedades. De maneira xeral, obsérvase que a forma [ˈmaŋ] ocupa un territorio algo maior que o seu correlato [ˈgraŋ], e o contrario acontece con [ˈmao] e [ˈgrao]. Pola súa parte, a variante [ˈma] mostra tamén un maior número de rexistros que a correspondente [ˈgra], chegando a ocupar unha área compacta composta por ata tres puntos (101, 102 e 105) na etapa do ALGa. Porén, o seu espazo está circunscrito a unha zona na que a nota dominante é a coexistencia de solucións no espazo e o cambio no eixe temporal.

	ALPI	ALGa	NEnq
[ˈmaŋ]	21/18	20/19	20/20
[ˈma]	1/0	3/2	2/1
[ˈmao]	35/34	31/31	32/31

Táboa 15. Número de ocorrencias de [ˈmaŋ], [ˈma] e [ˈmao] (datos totais/respostas únicas).

Para rematar este apartado sobre os resultados da terminación -ĀNU latina comentaremos brevemente a secuencia de mapas que mostra a evolución da distribución xeográfica das denominacións para a estación de verán co único fin de constatar que as tres variables empregadas presentan comportamentos un tanto diferentes. Cómpre indicar que, de maneira convencional, representamos baixo a transcrición [beˈraŋ] / [beˈra] / [beˈrao] representamos tamén as formas sincopadas [ˈbraŋ] / [ˈbra] / [ˈbrao], pois esta variación non achegaba información relevante para a análise desenvolvida neste apartado. No mapa 36, confeccionado cos datos do ALPI, pódese observar unha distribución das formas [beˈraŋ] e [beˈrao] que difire en ata tres localizacións da mostrada por [ˈmaŋ] e [ˈmao] no mapa correspondente, o 33. Alén disto, hai que sumarlle a ausencia da variante [beˈra] nos materiais deste proxecto, mentres que o seu correlato [ˈma] si aparecía no punto 101. Por outra parte, se o comparamos co mapa 33, vemos que o reparto entre as terminacións [-aŋ] e [-ao] difire tamén nun punto, o 104, no que se rexistra [beˈraŋ] (e [ˈmaŋ]), ó tempo que [ˈgrao]).

No mapa 37, confeccionado cos datos do ALGa, pódese ver que a distribución de [beˈraŋ] e [beˈrao] permanece sen cambios respecto da etapa anterior. A única mudanza dáse en relación coa aparición da forma [beˈra] (a carón de [beˈrao], como dobre resposta) no punto 101, que é o que maior consistencia mostra ó longo do tempo na presenza destas formas con terminación [-a]. Se o comparamos co mapa 31, vemos que a única mudanza se encontra, unha vez máis, no punto 104, por mor da resposta [ˈgrao], que xa foi comentada. Doutra parte, vemos que no 112 se recolle a forma [beˈrao], mentres que no mapa 34 a resposta representada é [ˈmaŋ]. Alén disto, o que máis chama a atención é a diferente distribución da

forma [beˈɾa], circunscrita unicamente ó punto 101, en relación co seu correlato [ˈma], que nesta altura tiña a súa maior extensión.

Por último, no mapa 38, confeccionado cos datos da NEnq, poden apreciarse dúas modificacións respecto do período anterior: a primeira ten que ver con que se deixa de rexistrar a variante [beˈɾa] no punto 101 e a segunda está relacionada coa recollida da variante [beˈɾaŋ] no punto 133 e a consolidación do modelo con terminación [-aŋ] que isto supón (lembremos que tamén se rexistraron para este proxecto as formas [ˈgɾaŋ], [ˈmaŋ] e [iɾˈmaŋ]). Ó comparalo co mapa 32 obsérvase que o reparto de formas é moi semellante, coa excepción do punto 104, que mostra unha solución [-ao] e do punto 101, que presenta unha dobre solución [-a] / [-ao]. Por outra parte, ó comparalo co mapa 35 obsérvase que a diferenza está na resposta [ˈmaŋ] do punto 112 (fronte a [beˈɾao]) e, unha vez máis, na extensión da forma [ˈma], cuxo correlato [beˈɾa] non se rexistra en ningún punto para este proxecto. Como se pode apreciar nos mapas e nos datos da táboa 15, prodúcense poucas mudanzas no rexistro das variantes [beˈɾaŋ], [beˈɾa] e [beˈɾao].



Mapa 36. Resultados de *verán* no ALPI.



Mapa 37. Resultados de *verán* no ALGa.



Mapa 38. Resultados de *verán* na NEnq.

	ALPI	ALGa	NEnq
[beˈɾaŋ]	18/18	18/18	19/19
[beˈɾa]	0/0	1/0	0/0
[beˈɾao]	35/35	35/34	34/34

Táboa 16. Número de ocorrencias de [beˈɾaŋ], [beˈɾa] e [beˈɾao] (datos totais/respostas únicas).

As distintas variantes herdeiras da terminación latina -ĀNU mostran unha distribución diferente para cada palabra estudada. Agora ben, estas diferenzas son escasas e os cambios na liña temporal danse na zona en que se produce o encontro entre variedades. De feito, non por acaso, as mudanzas acumúlanse de maneira moi particular na área de intersección en que contactan as tres solucións rexistradas. Por outra parte, se botamos a vista ó apartado anterior, no que se trataba dun fenómeno moi estreitamente relacionado con este como é o da distribución das variantes herdeiras da terminación latina -ĀNA, observamos que as solucións similares (con ou sen desenvolvemento dunha consoante nasal na coda silábica) non teñen por que mostrar comportamentos similares.

A distribución das formas estudadas rematadas en [-aŋ] < -ĀNU e en [-aŋ] < -ĀNA, se ben deseña sobre o mapa unha figura un tanto semellante, difire notablemente tanto na súa extensión coma no seu comportamento ó longo do período estudado. Dunha parte, as variantes con terminación [-aŋ] procedente de -ĀNA ocupan un territorio maior cás procedentes de -ĀNU. Doutra, presentan unha tendencia recesiva (constante, aínda que non moi acelerada) a través do tempo que abranguen os datos empregados nesta investigación. Á vez, as variantes con terminación [-aŋ] procedente de -ĀNU parten dunha situación na que a súa extensión territorial é menor, como vai dito, e mostran a un tempo un comportamento expansivo nalgunhas zonas e recesivo noutras. Máis alá das posibles explicacións sobre as motivacións das mudanzas, demóstrase a natureza ás veces impredicible da variación e o cambio lingüísticos.

4.1.6 Resultados da terminación latina -ĪNU

A terminación latina -ĪNU deu como resultado unha solución con consoante nasal palatal que debía de estar xa consolidada no galego-portugués medieval desde o século IX (Mariño 2017: 350). Con todo, a terminación [-iɲo], característica deste dominio lingüístico, non se estende pola totalidade do territorio galegófono. Como indica Fernández Rei (1990: 64), canda esta forma atopamos outras solucións. Dunha parte, segundo os datos do ALGa,

en puntos do galego de Asturias e en Negueira de Muñiz (Lugo) rexístrase a solución [-io], como en [beˈθio] < VICĪNU. No caso, a secuencia -ĪNU experimentou a caída do -N- intervocálico e deu lugar a esta terminación. Por outro lado, no galego dos Ancares de León a perda do -N- intervocálico deixou un resto de nasalidade na vogal precedente, dando orixe á terminación [-ĩo], como en [beˈθĩo] < VICĪNU, en consonancia co sistema de vogais nasais que o proxecto do ALGa detectou nesta área. Doutra banda, en boa parte do leste das provincias de Lugo e Ourense, -ĪNU derivou na terminación [-iŋ], como en [beˈθiŋ] < VICĪNU, característica que estas falas comparten con algunhas variedades asturleonesas.

Dado que a zona en que se empregan formas coas terminacións [-io] e [-ĩo] non está representada na rede de puntos coa que traballamos, centraremos o noso interese nas outras dúas solucións. Para analizar a súa distribución diatópica e a súa evolución ó longo do período estudado puidemos empregar dúas preguntas do noso cuestionario cuxas respostas presentan variación [-iɲo] / [-iŋ]: *camiño* (< CAMMĪNU) e *sobriño* (< SOBRĪNU). Ademais, utilizamos como información de apoio a proporcionada pola cuestión *muíño* (< MOLĪNU). Aínda que nalgúns puntos a resposta obtida é [ˈmuɲo], o certo é que a forma [muˈiŋ] mantén unha distribución espacial que coincide plenamente coa de [kaˈmiŋ] e [ʂoˈβɾiŋ].

Para a cartografía escollemos presentar os resultados de *camiño*, pola súa representatividade e por ser unha das variables que chegaron a publicarse no primeiro volume do ALPI (no seu mapa número 33). Deste xeito, os nosos mapas 39, 40 e 41, feitos cos datos do propio ALPI, o ALGa e a NEnq, respectivamente, mostran en amarelo a solución [kaˈmiɲo], claramente maioritaria, e en azul a solución [kaˈmiŋ], que se estende por unha faixa oriental do territorio galego ó longo de catro puntos: 117, 120, 122 e 124. Pódese apreciar, tanto na representación cartográfica como na táboa 17, que non se produce ningún cambio na distribución destas variantes ó longo do período estudado. Como xa se sinalou, a distribución de [ʂoˈβɾiŋ] e [muˈiŋ] coincide coa de [kaˈmiŋ] segundo as tres fontes de datos, de xeito que tampouco presenta mudanzas. Xa que logo, consonte os datos de que dispomos, semella que a distribución das terminacións [-iɲo] / [-iŋ] non experimenta ningún cambio ó longo do período estudado. Porén, existe en galego unha considerable cantidade de palabras resultantes de formas latinas rematadas en -ĪNU, ás que habería que engadir moitas máis susceptibles de admitir o sufixo diminutivo *-iño / -ín* (*gatiño / gatín*), polo que os resultados da nosa análise, baseada en tan só tres palabras, deben ser tomados con certa cautela.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	ALPI	ALGa	NEnq
[kaˈmiŋ]	4/4	4/4	4/4
[kaˈmiɲo]	49/49	49/49	49/49

Táboa 17. Número de ocorrencias de [kaˈmiŋ] e [kaˈmiɲo] (datos totais/respostas únicas).



Mapa 39. Resultados de *camiño* no ALPI.



Mapa 40. Resultados de *camiño* no ALGa.



Mapa 41. Resultados de *camiño* na NEnq.

4.1.7 Eira

O substantivo latino ARĔA, co sentido primario de 'superficie, espazo, lugar chan' (Glare *et al.* 1968-1982), chega ó galego por vía culta sen modificacións na súa forma. O cultismo *área* emprégase como tecnicismo nas matemáticas, na xeografía, nas ciencias humanas (como a socioloxía ou a lingüística) e mesmo no vocabulario relativo a algúns deportes. Doutra banda, por vía patrimonial, esta palabra experimentou certas transformacións fónicas e un cambio semántico por extensión de significado. De maneira xeral, pasou a designar especificamente o 'terreo chan, próximo á casa, de terra batida ou pedra, onde se mallan, trillan, secan e limpan cereais e legumes' (Houaiss 2009 / DRAG[51]).

Respecto da evolución fonética, segundo Mariño (2017: 143-145), parece que o primeiro que aconteceu foi a iodización do -Ĕ-, do que resultaría unha forma **aria*. Posteriormente, o iode dislocouse para a sílaba tónica e esta metátese provocou a formación dun ditongo decrecente na forma [ˈajɾa], que se encontra aproximadamente na metade oriental do territorio. Na outra metade atopamos unha forma [ˈejɾa], resultante palatalización

[51] *Dicionario da Real Academia Galega*, dirixido por Manuel González González.

do núcleo silábico producida polo iode, igual que en moitas outras palabras latinas rematadas en -ARĬA e -ARĬU como CALDĀRĬA (> *caldeira*) ou IANŬĀRĬU (> *xaneiro*). Esta variación [ˈejɾa] / [ˈajɾa], esta diverxencia de resultados sobre a mesma secuencia latina, constátase tamén na existencia doutros pares de variantes. O propio Mariño achega algúns exemplos, tales como *abelaira / abeleira* (< ABELLANĀRĬA), *mazaira / maceira* (< MATĬANĀRĬA) ou os topónimos *Lodairo* e *Lodeiro* (*LOTANĀRĬU).

A distribución de [ˈejɾa] e [ˈajɾa] divide o territorio en vertical. Pode verse no mapa 42, en que se mostran os resultados do ALPI. A isoglosa que separa os dous grandes bloques en que se emprega unha ou outra solución corre de norte a sur, desde o Ortegal á Limia. Na metade occidental, a variante [ˈejɾa] rexístrase en 30 puntos, mentres que na metade oriental se recolle a variante [ˈajɾa] nos restantes 23. Chama a atención a aparente descontinuidade xeográfica na distribución de [ˈejɾa] provocada polo punto 101, illado do resto da área en que se recolle esta variante. Á vista desta situación, poderíase pensar que a forma [ˈajɾa] puido estenderse cara ó oeste e que talvez substituíu a forma [ˈejɾa] no punto 102, o que causaría a desconexión do punto 101 coa zona de [ˈejɾa]. Porén, os datos dos proxectos posteriores semellan revelar que a tendencia nesta zona é a contraria, que é precisamente a variante occidental a que tende a expandirse cara ó leste e cara ó norte, aínda que isto non significa que os papeis non puidesen estar invertidos no pasado. Para explicar a descontinuidade xeográfica da distribución de [ˈejɾa] caberían estoutras posibles explicacións:

- emerxencia da solución [ˈejɾa] por analoxía con outras formas como *maneira* ou *xaneiro*;
- extensión de [ˈejɾa] sen continuidade xeográfica, talvez a través do contacto entre mariñeiros que faenan na contorna do golfo Ártabro;
- extensión de [ˈejɾa] cunha continuidade xeográfica que non se ve representada no mapa.

Quizais a última sexa a máis plausible de todas. Significaría que [ˈajɾa] foi a solución rexistrada en Miño (102), pero que noutros lugares da contorna xa se empregaba [ˈejɾa] na altura, igual que no punto 101. Cos datos do ALPI non é posible precisar máis. Non obstante, os do ALGa indican que si existe claramente unha continuidade a través dos puntos C.07, C.08 e C.09, que forman un corredor pola costa no que se rexistra [ˈejɾa] en todos os casos. Aínda así, tamén se recolle [ˈajɾa] no C.14, que fica a medio camiño entre os puntos C.09 e C.20 (correspondentes ó 102 e ó 105), polo que se constata a presenza desta variante en localidades relativamente próximas.

Sexa como for, o mapa 43, confeccionado cos materiais do ALGa, mostra como [ˈejɾa] se rexistra no punto 102, de xeito que xa non se atopa en dúas áreas separadas, senón nunha

gran extensión con continuidade xeográfica. Ademais, a área da variante [ˈejɾa] tamén se expande cara ó leste. Concretamente, recóllese no punto 121, onde se rexistrara a forma [ˈajɾa] na etapa anterior. Deste modo, como se pode ver na táboa 18, a solución occidental suma un total de 32 rexistros, deixando a solución oriental con 21. O reparto do número de ocorrencias permanecerá sen cambios na etapa seguinte. Porén, a distribución das variantes si experimentará un par de mudanzas. No mapa 44, no que se representan os datos da NEnq, pódese ver que [ˈejɾa] se estende ó punto 100. Paralelamente, máis ó sur, no punto 142, esta forma deixa de recollerse en favor de [ˈajɾa]. É por isto polo que o balance no reconto de formas fica tal como estaba na etapa anterior.

Así pois, rexístranse pequenos cambios, todos eles con continuidade xeográfica. Como se pode apreciar ó secuenciar os mapas, constátase un certo avance de [ˈejɾa] cara ó leste. Semella irse dando de maneira paseniña: esténdese a dous puntos no paso do ALPI ó ALGa e tan só a un no paso do ALGa á NEnq. No entanto, neste último período tamén se detecta a tendencia contraria, a difusión de [ˈajɾa] cara ó oeste no punto 142. De maneira xeral, obsérvase que ó longo do período, a distribución destas dúas variantes experimenta poucas mudanzas que non alteran en gran medida a configuración inicial mostrada polos materiais do ALPI.



Mapa 42. Resultados de *eira* no ALPI.



Mapa 43. Resultados de *eira* no ALGa.



Mapa 44. Resultados de *eira* na NEnq.

	ALPI	ALGa	NEnq
[ˈejɾa]	30/30	32/32	32/32
[ˈajɾa]	23/23	21/21	21/21

Táboa 18. Número de ocorrencias de [ˈejɾa] e [ˈajɾa] (datos totais/respostas únicas).

4.1.8 Piollo

Do latín clásico PĒDICŬLU (‘piollo, insecto phthirátero’), por un proceso de asimilación vocálica regresiva, derivou a forma serodia PĒDŬCŬLU (Corominas / Pascual 1980-1991; Houaiss 2009). Esta, á súa vez, sufriu dúas importantes transformacións no paso ó romance galaico. O grupo -CŬLU deu *-llo* tras a síncopa da vogal velar breve e a conversión de /kl/ nunha lateral palatal, como é habitual no dominio galego portugués (APICŬLA > abella); (Ferreiro 1995: 147-149; Mariño 2017: 354-355). Ademais, pola lenición[52] e desaparición da oclusiva dental sonora intervocálica, acabouse formando un encontro vocálico *-eo-*. A partir de aí, o galego desenvolveu dúas solucións: unha con peche dun grao da vogal palatal, [piˈoʎo], e outra na que se debeu de producir unha asimilación regresiva seguida de crase, [ˈpoʎo]. Esta última forma xa chamara a atención de Sarmiento nunha das súas viaxes por Galicia, pois deixou rexistro da súa documentación na localidade de Viveiro no *Catálogo de voces galegas* (Corominas / Pascual 1980-1991).

A fin de abordar o estudo da evolución no espazo e no tempo destas dúas variantes, elaboramos a seguinte serie de mapas aproveitando que nas nosas tres fontes de datos existe unha pregunta específica para coñecer as denominacións deste insecto. Prescindimos nesta análise da variación na articulación da consoante palatal [ʎ] / [ʝ], pois este tema será abordado no apartado § 4.1.10. De maneira convencional, transcribimos todas as respostas cunha lateral palatal [ʎ]. No mapa 45, en que se mostran os datos do ALPI, pódese observar como a forma [piˈoʎo] se recolle na meirande parte do territorio. Ocupa un total de 41 polígonos. Mentres, a área en que se rexistrou a forma [ˈpoʎo] está conformada por 12 puntos.

No mapa 46, en que se representan os resultados do ALGa, pódese ver que a variante minoritaria non experimentou ningunha modificación na súa distribución; segue a rexistrarse nas mesmas 12 localidades. Porén, a forma [piˈoʎo] recóllese nun novo punto, o 118, onde foi documentada como parte dunha resposta dobre xunto con [ˈpoʎo], forma que na anterior etapa fora rexistrada como resposta única nesta localidade. Esta resposta dupla pode verse no

[52] Para coñecer o proceso de lenición consonántica en posición intervocálica (ou entre vogal e consoante líquida), que afectou, entre outras variedades procedentes do latín, ó iberorromance occidental, pódese consultar Mariño (2017: 355-381) ou Ferreiro (1995: 96-115).

mapa en representada coa cor verde e ten a súa repercusión no reconto de ocorrencias mostrado na táboa 19, xa que fai incrementar nunha unidade o número de rexistros totais de [piˈoʌo] ó tempo que fai descender nunha unidade o número de respostas únicas de [ˈpoʌo]. Polo demais, como se ve, a distribución das variantes permanece sen cambios respecto da etapa anterior.

O mapa 47, en que se representan os resultados da NEnq, mostra como a variante [piˈoʌo] pasa a ser a única rexistrada no punto 118. Logo da súa aparición na etapa anterior nunha dobre resposta xunto con [ˈpoʌo], acabou por substituír a forma que orixinalmente se documentara no ALPI nesta localidade. Constátase, máis unha vez, un caso en que a variación precede ó cambio. A solución maioritaria recóllese tamén nas localidades 102, 120 e 124, nas que se rexistrara [ˈpoʌo] para os proxectos anteriores. Os polígonos correspondentes a estes puntos están en contacto con outros nos que a variante presente é [piˈoʌo], polo que entendemos que a difusión se produce con continuidade xeográfica. Debido a esta expansión da área de [piˈoʌo], a área de [ˈpoʌo] non só mingua, senón que tamén semella perder a súa continuidade. Como se pode ver na táboa 19, o número total de rexistros de [ˈpoʌo] descende en tres con respecto da etapa anterior e en catro no cómputo xeral do período estudado. A variante minoritaria experimenta unha contracción da súa extensión paralela á expansión da variante maioritaria.



Mapa 45. Resultados de *piollo* no ALPI.



Mapa 46. Resultados de *piollo* no ALGa.



Mapa 47. Resultados de *piollo* na NEnq.

	ALPI	ALGa	NEnq
[piˈoʎo]	41/41	42/41	45/45
[ˈpoʎo]	12/12	12/11	8/8

Táboa 19. Número de ocorrencias de [piˈoʎo] e [ˈpoʎo] (datos totais/respostas únicas).

4.1.9 Hoxe

O adverbio latino HŎDĬE (sintetizado a partir da locución arcaica HŎC DĬE, literalmente 'neste día, no día presente'), de maneira xeral, derivou no romance galego-portugués nunha forma *hoje* (ás veces tamén grafada *oje*, *hoge* ou *oge*, entre outras posibilidades); (Corominas / Pascual 1980-1991; Houaiss 2009). A combinación dunha oclusiva dental sonora seguida dun iode [dj] adoita dar como resultado unha fricativa prepalatal sonora [ʒ] en época medieval, feito observable en exemplos tales como ADIŪTARE > *ajudar*, DĬARĬA > *jeira* ou ĬNVĬDĬA > *enveja* (Ferreiro 1995: 170; Mariño 2017: 125-126). Porén, como se explicou no apartado § 4.1.2, a partir do século XIII semella que estaba xa bastante avanzado un proceso de desonorización das sibilantes que deu lugar á actual solución [ˈoʃe], con fricativa prepalatal xorda [ʃ], xunto con [aʃuˈðaɾ], [ˈʃejɾa] ou [emˈbeʃa], por seguir cos exemplos. Este proceso de desonorización non se deu nos falares portugueses nin nalgunhas variedades ó norte da raia, como puidemos ver no apartado § 4.1.3, pero [ˈoʃe] é a forma claramente maioritaria no territorio galego.

Non obstante, existen tres solucións máis: [ˈuʃe], [ˈuʒe] e [ˈoj]. As dúas primeiras pódense agrupar, pois comparten o trazo característico de presentar unha vogal tónica de abertura mínima [u]. Segundo Mariño (2017: 230), esta vogal pode explicarse pola influencia metafónica do iode presente na forma orixinal HŎDĬE, pero tamén por unha máis que probable terminación en /-i/ en formas medievais como *(*h*)*ogi* ou *(*h*)*ugi*. Xa por volta do século XIII se documenta algún rexistro de *uge*. Ademais, estas dúas formas ocupan un espazo continuo formado polos puntos 148 e 151. A diferenza entre as dúas solucións con [u] tónico encóntrase na sibilante. Mentres que no punto 148 se rexistra unha variante con fricativa prepalatal xorda [ˈuʃe], no punto 150 o que se recolle é unha variante con fricativa prepalatal sonora [ˈuʒe], característica da variedade local.

A terceira destas solucións produciuse polo debilitamento e posterior desaparición do -D- dentro do proceso xeral de lenición das oclusivas en posición intervocálica. Debeuse de orixinar entón unha forma **hoie*, que finalmente, por apócope do *-e* final, acabou dando [ˈoj]. Esta forma é tamén propia dos falares casteláns (grafada con <y>, *hoy*) e existe en variedades asturleonesas xunto coa variante *huey*, con ditongación do -ŏ- latino orixinal, que goza dunha

menor difusión (Corominas / Pascual 1980-1991). En territorio galego, a forma [ˈoj] aparece precisamente en puntos orientais que limitan con Asturias e León.

Os mapas 48 e 49 mostran os resultados do ALPI e do ALGa, respectivamente. Como se pode observar, non existe ningunha diferenza entre a distribución de variantes mostrada polos datos dun e doutro proxecto. Como xa se sinalou, as formas [ˈuʃe] e [ˈuʒe] atópanse no sur, nos puntos 148 e 150. Por outra parte, a variante [ˈoj] esténdese por unha faixa oriental que corre en vertical ó longo da fronteira coa provincia de Asturias e a parte noroccidental da provincia de León. Esta área está conformada polos puntos 117, 120 e 122. No resto do territorio, a forma rexistrada é [ˈoʃe], claramente maioritaria. Como se pode ver na táboa 20, o número total de ocorrencias desta solución é de 48. Cabe sinalar que en todos os casos as distintas formas foron recollidas como respostas únicas, polo que non se atoparon exemplos de variación nun mesmo punto.



Mapa 48. Resultados de *hoxe* no ALPI.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa 49. Resultados de *hoxe* no ALGa.



Mapa 50. Resultados de *hoxe* na NEnq.

Doutra banda, o mapa 50, elaborado cos datos da NEnq, mostra algún cambio na distribución destas variantes. A presenza de [ˈuʃe] e [ˈuʒe] nos puntos 148 e 151, respectivamente, non se ve alterada, pero a extensión da faixa oriental coa solución [ˈoj] experimenta unha contracción notable. Dos tres puntos en que se rexistraba esta forma no ALPI e no ALGa, queda agora un só, o 120. Nos outros dous, 117 e 122, rexistrouse para a NEnq a variante maioritaria [ˈoʃe]. Ó aparecer no ALPI unha forma coincidente coa solución do castelán estándar [ˈoj], consideramos que talvez co paso do tempo se fose difundindo, estendéndose a novos puntos con e sen continuidade xeográfica, de igual xeito algúns castelanismos léxicos como *zorro* ou *cuna* (de cuxa distribución e evolución no tempo daremos conta nos apartados § 4.2.2 e § 4.2.9, respectivamente). Lonxe disto, [ˈoj] mostra unha tendencia recesiva. Dunha maneira similar ó que acontecía coas variantes [piˈoʎo] e [ˈpoʎo], a solución cunha extensión maioritaria difúndese e amplía a súa área, mentres que a o espazo que ocupa a solución minoritaria se reduce.

	ALPI	ALGa	NEnq
[ˈoʃe]	48/48	48/48	50/50
[ˈuʃe]	1/1	1/1	1/1
[ˈuʒe]	1/1	1/1	1/1
[ˈoj]	3/3	3/3	1/1

Táboa 20. Número de ocorrencias de [ˈoʃe], [ˈuʃe], [ˈuʒe] e [ˈoj] (datos totais/respostas únicas).

4.1.10 Distribución de [ʎ] e [ʝ]

No romance galaico, ó igual que noutras variedades neolatinas, orixinouse unha consoante lateral palatal /ʎ/ inexistente no latín clásico. Esta transformación produciuse, en boa parte dos casos, polo contacto de /l/ ou /l:/ cun iode (Lausberg 1976: I, 392-393). Así, por exemplo, FILĬU derivou en *fi*[ʎ]*o* ou ALLĬU en *a*[ʎ]*o*. Ademais, no dominio iberorrománico occidental, as secuencias latinas -CŬL-, -GŬL- e -TŬL-, logo da síncopa da vogal breve, situada polo común en posición postónica, acabaron resultando tamén nun /ʎ/, como en *agu*[ʎ]*a* < ACŪCŬLA, *te*[ʎ]*a* < TĒGŬLA ou *ve*[ʎ]*o* < VĔTŬLU (Ferreiro 1995: 147-149, 173-174; Mariño 2017: 352-355).

En relación con este segmento, existe un fenómeno fonético que consiste na perda da súa articulación lateral para se converter nunha oclusiva palatal sonora /ʝ/ (ou a súa

realización aproximante [ʝ]). No ámbito da lingüística hispánica, esta mudanza é comunmente coñecida co nome de *yeísmo*. Segundo os testemuños de numerosas fontes escritas castelás en que se rexistra confusión, principalmente, entre as grafías <ll> e <y>, este fenómeno debía de estar operando xa en época medieval e probablemente atinxira unha notable extensión contra o final do século XV (Lapesa 1981: 382-385; Cano 2004: 848-849; Ariza 2012: 208-211). Segundo Mariño (2017: 506-507), o reducido rendemento funcional da oposición entre os dous elementos, unido á súa escasa distancia articulatoria e perceptiva, puido ser o factor que desencadeou este cambio e propiciou a súa propagación. Non obstante, o autor afirma que, no caso do galego, o que el chama deslateralización de /ʎ/ non pode entenderse como a confluencia destes dous segmentos, pois non hai evidencias de que na nosa lingua se dese esta oposición. De feito, non existen mostras da articulación dunha oclusiva palatal sonora /ɟ/, ou de realizacións que poden ser tamén aproximantes, fricativas e mesmo africadas, ata tempos relativamente recentes no marco da historia da lingua galega.



Imaxe 8. Vista parcial do mapa 6 do ALPI (Navarro Tomás 1962) en que se mostran os resultados de *abella* no noroeste peninsular

A aparente inexistencia deste fenómeno coñecido como deslateralización de /ʎ/ nas localidades galegas do ALPI foi un dos aspectos que máis chamaron a nosa atención durante os traballos de elaboración da base de datos cos materiais galegos deste proxecto. Coñecendo xa os resultados do ALGa, que mostran unha difusión considerable da mudanza, e a propia realidade lingüística galega da primeira década do século XXI, sorprendía non atopar casos do chamado *yeísmo* ó ir transportando a información dos cadernos do ALPI cara á súa versión electrónica. Mais esta é a realidade. Un estudo previo á presente investigación, desenvolvido por Dubert García (2013), coincide no carácter recente deste fenómeno en territorio galego. Logo de consultar polo miúdo os rexistros do ALPI, o autor só conseguiu constatar a súa presenza en dous puntos tradicionalmente considerados galegófonos do occidente asturiano. No entanto, nos datos do ALGa atopou abundantes casos de deslateralización de /ʎ/ por diferentes partes do territorio galego.

Os datos que manexamos nesta investigación revelan unha rápida difusión do cambio. Como se verá nos mapas a seguir, entre o ALPI e a NEnq pásase dunha situación en que todas as respostas seleccionadas presentan unha lateral palatal [ʎ] a outra en que a meirande parte do territorio presenta [ʝ]. Para abordar o estudo desta mudanza escollemos sete elementos do cuestionario que presentan variación neste aspecto: *afillado*, *espello*, *folla*, *muller*, *ollo, orella* e *piollo*. A análise dos resultados destas cuestións foi apoiada por máis preguntas que ofrecen formas como *abella*, *coello*, *espantallo*, *millo*, *palla* ou *vello*, entre outras moitas. Como se ve, hai abondosa información para estudar este fenómeno fonético nos nosos materiais. Con todos estes datos elaboramos unha serie de mapas de síntese nos que se representa o rexistro por punto de formas con [ʎ] ou con [ʝ]. De maneira convenciona, baixo este último símbolo representamos todas as realizacións non laterais, que comunmente son aproximantes por mor do contexto intervocálico en que se producen na totalidade dos exemplos empregados.

O mapa 51, en que se representan os resultados do ALPI, dá conta do 100% de respostas con [ʎ] rexistradas en todos os puntos e para todas as cuestión estudadas. Á vista destes resultados tan contundentes, decidimos analizar toda a información dos cadernos orixinais correspondentes ás 53 entrevistas realizadas en territorio galego para o ALPI na procura de calquera indicio de variación. Non o atopamos. Por contra, puidemos comprobar, rexistro a rexistro, que absolutamente todas as formas recollidas susceptibles de conter [ʎ] estaban transcritas co símbolo que no alfabeto da RFE representa unha consoante lateral palatal. Ante isto, mesmo se tomou en consideración a posibilidade de que houbese algún problema coa transcrición; de que, por algún motivo, os dous investigadores de campo que realizaron os traballos en Galicia anotasen sistematicamente unha lateral por defecto. Tamén se descartou este extremo, pois un novo repaso meticuloso dos cadernos destapou algunhas transcricións illadas de [ʝ], demostrando que estas articulacións non lles eran descoñecidas. Agora ben, esta oclusiva palatal sonora só aparece esporadicamente nos castelanismos [ˈʝɛg̟o] e [ˈʝɛɣoa]. En puntos como o 150 ou o 151, a resposta [ˈʝɛg̟o] vén acompañada de notas que din "Directa,

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

lo conoce de la escuela" e "Por escribir en la escuela", respectivamente. Trátase dunha información puntual e moi escasa. Parece que, simplemente, estes informantes aprenderon a palabra castelá coa súa forma fonética orixinal.

O mapa 52, en que se representan os resultados do ALGa, mostra unha realidade notablemente diferente da que presentaba o mapa anterior. Nel podemos ver polígonos en azul que representan o rexistro de formas con [ʝ] e polígonos en verde que representan o rexistro de variación entre [ʎ] e [ʝ]. Como se pode observar na táboa 21, o número de puntos en que só se recollen formas con consoante lateral palatal pasa de 53 (o total) a 34. Ó tempo, o número de puntos en que só se recollen formas con aproximante palatal pasa de cero a dez. Trátase dun número considerable, non só en proporción ó total, senón porque supón a consolidación completa dunha transformación do sistema fonético nun prazo moi breve de tempo, practicamente no lapso dunha xeración de falantes á seguinte.

Entre un extremo e outro atopamos nove puntos que presentan rexistro de formas con [ʎ] e con [ʝ]. Nestas localidades danse diferentes situacións. Nalgúns casos obsérvase unha dobre anotación sistemática para todas as respostas, con exemplos como [oˈβeʎa / oˈβeʝa] ou, máis abreviadamente, [ˈfoʎa / -ʝ-]. Noutros cadernos vese que hai respostas únicas con e sen lateral, dependendo de cada palabra, como [ˈoʎo] e [eʂˈpeʝo]; algúns deles van precedidos na parte das observacións iniciais por notas como "*Yeísmo* e non *yeísmo*", escritas polos investigadores de campo do proxecto. Nos máis dos casos, altérnanse as dúas posibilidades: dobres respostas con [ʎ] / [ʝ] e exemplos de respostas únicas tanto con [ʎ] como con [ʝ]. Todo isto lévanos a pensar que a variación entre os dous segmentos fónicos debía de estar bastante estendida na altura nestas localidades que vemos pintadas de verde sobre o mapa.

Respecto da distribución da presenza da solución innovadora, parece que se estende por zonas sen continuidade xeográfica. Podería pensarse nunha difusión do cambio que partise daqueles dous puntos asturianos detectados por Dubert García (2013) e que correse cara á costa atlántica propagándose cara ó norte e cara ó sur polo camiño. Porén, a dinámica mostrada por outros cambios con continuidade xeográfica analizados no presente traballo fai que, como pouco, poñamos en dúbida esta posibilidade. Se lembramos outros exemplos vistos nesta sección, as mudanzas difundidas con continuidade xeográfica, de fala veciña a fala veciña, actúan máis ben de xeito paseniño, provocando o avance ou o retroceso dunha ou outra variante en escasos puntos que se sitúan nunha especie de faixa na que se produce o contacto entre variedades. Así acontece, por exemplo, coa gheada (cf. apartado § 4.1.1), por poñer un caso de fenómeno fonético, como o que aquí nos ocupa.

O que sucede coa expansión de [ʝ] parece diferente; cando menos, mostra unha evolución no espazo e no tempo diferente. Lonxe de observarse un proceso de extensión nunha área compacta, cun avance paulatino da variante expansiva, circunscrito a uns cantos puntos concretos situados na área de contacto entre variedades, o que se ve é unha

propagación veloz que se produce en todas direccións, chegando literalmente ás catro extremas do territorio (norte, sur, leste e oeste), como se pode apreciar no mapa 52. Ademais, no mapa pódese apreciar que o espazo en que se rexistran respostas con [ʝ] semella non ter continuidade xeográfica, senón que se poden distinguir, cando menos catro áreas diferenciadas.

Mesmo supoñendo que o chamado *yeísmo* se estendese desde os puntos 301 e 303 do ALPI sinalados por Dubert García (2013), semella pouco probable que esta variedade eonaviega con [ʝ] gozase do prestixio suficiente como para provocar unha mudanza tan grande e, sobre todo, semella pouco probable que esta variedade eonaviega con [ʝ] gozase da difusión suficiente como para chegar tan lonxe en tan pouco tempo. Pero é que, ademais, o punto galego en contacto directo con estes dous puntos asturianos é o 117, onde só se rexistran formas con consoante lateral nos materiais do ALGa, polo que esta vía de difusión estaría aparentemente cortada. Por outra parte, o punto 120, o máis oriental do noso territorio en que se recolle algunha forma con aproximante palatal (a carón de formas conservadoras con lateral palatal) limita cos puntos asturianos 300 e 323, nos que se rexistraron respostas con [ʎ] para o ALPI, como mostra a imaxe 8 na que se reproduce o mapa 6 do primeiro volume do proxecto. Con todo, non descartamos unha difusión da innovación na que a continuidade xeográfica puidese desenvolver algún papel.



Mapa 51. Distribución de formas con [ʎ] e [ʝ] no ALPI.



Mapa 52. Distribución de formas con [ʎ] e [j] no ALGa.



Mapa 53. Distribución de formas con [ʎ] e [j] na NEnq.

Finalmente, o mapa 53, en que se representan os resultados da NEnq, mostra como as formas con [ʝ] se rexistran en case todo o territorio. Tan só tres puntos manteñen o [ʎ] en todas as súas respostas: 111, 116 e 120. Trátase de localidades cuxos informantes superaban os 80 anos de idade no momento da entrevista; nados, logo, na década de 1920. Pola súa parte, a informante do punto 150 (tamén maior de 80, con características conservadoras na súa fala, tales como a pervivencia do sistema arcaico de sibilantes ou o uso de denominacións tradicionais para os meses do ano[53]) empregou na maioría das súas respostas variantes con [ʎ], como [kaβeˈθaʎo], [muˈʎɛr] ou [orβaˈʎar], pero tamén pronunciou formas con [ʝ] como [eʂˈpejo], [ˈfoja] ou [ˈmijo]. Para dar conta da variación que presenta a fala desta informante, baste indicar que nun momento da entrevista empregou o adxectivo [ˈbɛʝo], con aproximante palatal sonora, e uns minutos máis adiante dixo [bɛˈʎiɲo], con lateral palatal. No resto do territorio, o mapa é claro: 100% de respostas con [ʝ]. O cambio parece case completado en todo o espazo estudado. De feito, traballos de investigación como os de Regueira (1996, 2004), Vidal Figueroa (1997) e gramáticas como a de Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986), na que se cualifica esta evolución do sistema fonolóxico como "irreversible", ou a de Álvarez e Xove (2002) describen o fenómeno como unha mudanza xa consumada.

	ALPI	ALGa	NEnq
[ʎ]	53	34	3
[ʎ] / [ʝ]	0	9	1
[ʝ]	0	10	49

Táboa 21. Número de puntos con rexistro de respostas con [ʎ], variación [ʎ] / [ʝ] ou [ʝ] nas tres fontes de datos empregadas.

4.2. VARIABLES MORFOLÓXICAS

4.2.1 Pronome tónico para a P2 en función de suxeito

Nas falas galegas existen dúas variantes para o nominativo singular da segunda persoa do pronome persoal tónico: *ti* e *tu*. A isoglosa que marca a fronteira entre unhas e outras variedades corre, como outras, de norte a sur e divide o territorio aproximadamente en dúas metades. Segundo Ferreiro (1995: 239-240), a forma occidental *ti* é unha solución innovadora probablemente xurdida por analoxía coa forma tónica do dativo singular (*ti* < TĬBI). A dicir

[53] Referímonos a formas como *seitura* ('xulio'), *santos* ('novembro') ou *natal* ('decembro').

do propio autor, tamén puido influír para a súa consolidación o uso como segundo termo da comparación introducido polas conxuncións *ca* e *coma* (en expresións como, por exemplo, *máis ca ti* ou *tanto coma ti*). Este emprego dáse en todas as falas galegas, mesmo nas que empregan *tu*, e tamén nalgunha variedade dialectal do portugués (Ali 1971: 95).

O uso de *ti* como nominativo documéntase xa desde a Idade Media. Aparece na tenzón entre Lourenço e Joan Vaasquez recollida no Cancioneiro da Vaticana (cantiga 1035) no contexto dos seguintes versos[54]: "[…] eu trobo bem quando quero trobar, / pero nom o quero sempre fazer; / mais di-me *ti*, que trobas desigual: / se te deitam por en de Portugal […]". A súa utilización tamén se documenta para o portugués en textos de Gil Vicente (Ferreiro 1995: 239-240). Por outra parte, a solución conservadora *tu* (< TU) é propia da outra metade do territorio, a oriental, aínda que a súa área tamén se estende polo sur cara ó oeste, como veremos nos mapas. Dada a distribución que presentan estas dúas variantes, semella que a forma innovadora debeu de xurdir nalgún punto da banda occidental, desde onde se difundiu, pero sen chegar a propagarse por todo o territorio. As variedades galegas coa solución conservadora limitan con variedades asturleonesas e portuguesas que manteñen a forma conservadora *tu*, coincidindo coa solución orixinal da lingua latina.

No mapa 54, en que se representan os resultados do ALPI, vese que a variante *ti* é maioritaria. Como se pode ver na táboa 22, recóllese en 30 das 53 localidades da rede. O gran bloque que conforman os 30 polígonos correspondentes non chega por completo ata o sur por mor da presenza de *tu* en tres localidades: 135, 138 e 140. Os resultados dos puntos 138 e 140 non chamaron a nosa atención, pois coñeciamos previamente os datos do ALGa, cos que concordan. Porén, sorprendeunos o rexistro desta variante conservadora no punto 135. É probable que pola densidade da rede de puntos do ALPI e o sistema de representación cartográfica o uso de *tu* nesta zona semelle sobredimensionado, pero o feito é que en 1935 foi recollida como forma única na entrevista realizada en Fornelos de Montes. Agora ben, este polígono está rodeado doutros en que se rexistrou *ti* e talvez estas falas veciñas puideron exercer como modelo que imitar e puideron inducir o cambio que se aprecia nas etapas posteriores.

En efecto, o mapa 55, en que se representan os resultados do ALGa, mostra o rexistro da forma *ti* no punto 135, onde substitúe a variante conservadora. Por outra parte, o punto 143, onde o ALPI recollía *ti* como resposta única, presenta agora unha dobre resposta *ti / tu* sen que ningunha nota nos achegue información sobre o uso de cada unha das formas. Con todo, mesmo non dispondo de datos adicionais, o que si sabemos é que, curiosamente, neste caso é a variante conservadora a que é nova no lugar. Esta afirmación, por suposto, susténtase na comparación cos materiais do ALPI; en termos da historia da lingua, sería máis preciso dicir que a variante conservadora recupera a posición, pois con certeza xa a ocupara no

[54] O fragmento está tomado da edición do *Projeto Littera*, desenvolvido desde a Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa. O texto completo está dispoñible en liña a través da seguinte ligazón: https://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1459&pv=sim

pasado. O caso é que, como adoita acontecer cando unha forma nova se presenta nun punto xunto coa preexistente, *tu* acaba impoñéndose a *ti* na localidade 143. Así o mostra o mapa 56, elaborado cos materiais da NEnq. Trátase do único cambio observado neste último mapa da serie.

Como se ve, a distribución de *ti* e *tu* no espazo mantense bastante estable ó longo do período estudado. Con todo, pódense constatar pequenas mudanzas que se producen con continuidade xeográfica. Dunha parte, o punto 135 pasa de rexistrar *tu* no ALPI a rexistrar *ti* no ALGa e posteriormente non presenta máis mudanzas. Observando o mapa no que se mostran os datos do ALPI pódese apreciar que este punto se atopaba practicamente rodeado por outros nos que se documentou o uso da solución *ti*. Doutra banda, no punto 143 prodúcese unha mudanza en dous pasos: pártese dunha situación inicial, a que mostra a información do ALPI, na que a única resposta rexistrada é *ti*; a seguir, no ALGa recóllese unha dobre resposta *ti / tu*; finalmente, os datos da NEnq presentan unha resposta única *tu*. En definitiva, ó longo do período estudado, o bloque de *ti* gaña un polígono e perde outro, exactamente igual que o bloque de *tu*. Como se pode ver na táboa 22, o balance inicial e o final son idénticos. É a etapa do medio a que presenta un reconto lixeiramente diferente por mor da dobre resposta rexistrada no punto 143.



Mapa 54. Distribución de *ti / tu* no ALPI.



Mapa 55. Distribución de *ti / tu* no ALGa.



Mapa 56. Distribución de *ti / tu* na NEnq.

	ALPI	ALGa	NEnq
ti	30/30	31/30	30/30
tu	23/23	23/22	23/23

Táboa 22. Número de ocorrencias de *ti* e *tu* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

4.2.2 Formación do plural de substantivos e adxectivos oxítonos rematados en *-ón*

Existen no galego actual tres solucións diferentes para a formación do plural dos substantivos e os adxectivos oxítonos rematados en consoante nasal: *-ns*, *-s* e *-is* (*cans*, *cas* e *cais*). Para estudar a súa distribución, nos materiais que manexamos só dispoñemos dalgunhas preguntas das que se obteñen como resposta formas plurais de palabras rematadas en *-ón* (*lacón*, *ladrón*, *riñón, pantalón*, entre outras), polo que centraremos o noso estudo nesta terminación. Aínda que se trata dunha cuestión morfosintáctica, a existencia das distintas solucións para a formación do plural deste tipo de palabras explícase a través da evolución fonética da terminación latina -ŌNES.

A caída no -N- intervocálico latino característica do dominio galego-portugués afectou a un bo número de palabras e, como vimos en apartados anteriores, deu distintos resultados para algunhas terminacións frecuentes en galego. Igual que as solucións derivadas a partir das terminacións -ĀNA (apartado § 4.1.4) e -ĀNU (apartado § 4.1.5), as diferentes evolucións da terminación de acusativo plural -ŌNES mostran unha distribución espacial ben definida. Dun xeito semellante ó acontecido con -ĀNA e -ĀNU, a desaparición da consoante alveolar nasal en posición intervocálica deixou un resto de nasalidade na vogal precedente, dando lugar no galego medieval a unha terminación *-ões* que aínda hoxe pervive nos falares portugueses. Porén, como sabemos, a meirande parte das variedades galegas experimentaron un proceso de desaparición das vogais nasais. Neste contexto, *-ões* acabou evoluíndo de tres xeitos posibles. O primeiro deles consistiu na simple desnasalización da vogal velar, o que deu lugar a unha forma *-oes* que finalmente acabaría ditongando ó pechar un grao a vogal palatal, o que deu como restultado a terminación *-ois*. Doutra banda, nunha área diferente do territorio, produciuse a partir da forma de *-ões* unha asimilación progresiva que deu como resultado unha terminación *-õos*. Posteriormente, a partir desta forma déronse dúas posibles solucións: unha con desnasalamento completo e crase das vogais, *-ós*; e outra tamén con crase das vogais, pero con desenvolvemento dunha consoante nasal alveolar posnuclear, *-óns* (Ferreiro 1995: 137; Fernández Rei 1990: 67; Mariño 2017: 260-263, 455-459).

USC DE COMPOSTELA

O galego moderno conta, logo, con tres variantes posibles derivadas daquela terminación latina -ŌNES que se poden describir desde a perspectiva da fonética histórica do seguinte xeito: unha terminación *-óns* con desenvolvemento de consoante nasal; unha terminación *-ós* con desnasalización completa e crase; e unha terminación *-ois* con desnasalización completa e ditongación do grupo vocálico. Dentro destes tres resultados posibles agrúpanse solucións con articulacións das vogais máis abertas ou máis pechadas (Fernández Rei 1990: 66). Non obstante, co fin de simplificar tanto a análise dos datos coma o seu cartografado e, sobre todo, por mor das dúbidas interpretativas que orixina en ocasións a transcrición do ALPI, distinguiremos unicamente *-óns / -ós / -ois*, sen termos en conta o grao de abertura da vogal tónica.

Trátase dunha variable particularmente destacada dentro dos estudos dialectais sobre o galego desde os seus inicios, xa documentada por Sobreira (Mariño 2017: 455) e que foi empregada por diversos autores para axudar a establecer diferentes propostas de agrupación e división das variedades diatópicas galegas (cf. apartado § 1.3.3). De feito, as isoglosas trazadas pola distribución das terminacións *-óns / -ós / -ois* son as que emprega Fernández Rei (1980, 1982, 1990) como divisorias para delimitar o dominio galego nos tres grandes bloques dialectais de que consta o seu modelo: o bloque occidental, caracterizado pola solución *-óns*; o bloque central, caracterizado pola solución *-ós*; e o bloque oriental, caracterizado pola solución *-ois*. Cabe lembrar que esta proposta de Fernández Rei goza de grande aceptación na comunidade científica. Boa mostra do seu coñecemento e difusión é o feito de que se emprega de maneira consuetudinaria no sistema educativo galego como modelo de referencia para tratar o tema da variación xeográfica do idioma.

Lamentablemente, a importancia deste fenómeno para o estudo da variación interna do galego non se viu reflectida no deseño do cuestionario do ALPI, máis pendente, como vai dito, das divisións entre os grandes dominios peninsulares. Para abordar a análise da evolución da evolución das variantes *-óns / -ós / -ois* puidemos botar man dos resultados completos dunha única pregunta. Este enunciado en concreto, correspondente ó elemento 366 do cuestionario do ALPI, é o seguinte: "Se castigó a los ladrones". Por máis que os principios metodolóxicos do proxecto (Navarro Tomás 1962, 1975) garanten que todas as respostas debían ser obtidas con métodos indirectos, resulta difícil imaxinar como os investigadores de campo lograron que os informantes cubrisen esta parte do cuestionario que vai do ítem 302 ó 411 desta maneira. Semella pouco plausible conseguir respostas tan concretas como, por poñer un par de exemplos, "Castigouse ós ladrós" [kaᵝ̞̈stixʰówʂ̞e ɔʐ̞ laᵝ̞ðɾóᵑʂ̞ʃ] ou "Póñase vosté o sombreiro" [póɲãᵝ̞̈ʂ̞ʃe βoʂ̞̈téᵋ o ʂ̞ʃõmbɾɛᵉ́jɾo][55], recollidas no punto 100, empregando única e exclusivamente métodos indirectos. Con todo, utilizamos esta cuestión que ofrece o ALPI para estudar a formación do plural de cando menos unha palabra rematada en *-ón*, porque permite dar conta da distribución das formas *ladróns*, *ladrós* e *ladrois* e porque

[55] Tratamos de reproducir aquí a transcrición orixinal coa maior fidelidade posible empregando os símbolos do AFI.

puidemos comprobar a consistencia dos seus resultados confrontándoos cos resultados parciais doutras preguntas. Algunhas ofrecen formas como *riñóns / riñós / riñois* (canda *riles, rinles* ou *rilos*) ou *lacóns / lacós / lacois* (canda *pernís*, por exemplo) e serviron, nun bo número de puntos, para confirmar a coherencia coas formas obtidas a través da pregunta 366.

Como se verá na secuencia de mapas a seguir, só existen dúas pequenas mudanzas ó longo do período estudado. Isto significa que, de maneira xeral, as variantes manteñen a súa distribución no espazo. No mapa 57, elaborado cos datos do ALPI, pódense ver os tres grandes bloques dialectais en azul, amarelo e vermello, correspondendo coas solucións *-óns*, *-ós* e *-ois* respectivamente. Máis alá das diferenzas na densidade da rede de puntos e nos métodos de representación cartográfica, estas tres grandes zonas coinciden no esencial co que se pode ver na imaxe 3, en que se mostra a división proposta por Fernández Rei (1990). Porén, o polígono 143 chama a nosa atención. Neste punto rexistráronse as formas *ladróns*, *roxóns* e *xamóns*, polo que, seguindo o criterio de Fernández Rei, nesta altura formaría parte do bloque occidental. A presenza de seseo e de formas como *mañán* fan que a fala desta localidade descrita polos materiais do ALPI presente algunhas características máis propias de variedades occidentais que do bloque central, ó que poderiamos adscribila na actualidade. A xulgar polos datos que manexamos, os cambios producíronse no tempo que media entre os traballos de campo para o ALPI en Galicia e os traballos de campo para o ALGa.



Mapa 57. Resultados de *-óns / -ós / -ois* no ALPI.



Mapa 58. Resultados de *-óns / -ós / -ois* no ALGa.



Mapa 59. Resultados de *-óns / -ós / -ois* na NEnq.

Estes cambios percíbense no mapa 58, elaborado cos datos do ALGa. Nel pódese observar como as formas rematadas en *-óns* deixan de rexistrarse no punto 143. No seu lugar, recóllense respostas como *boullós*, *collós*, *lamparós* ou *pantalós*. A coherencia total en torno á terminación *-ós* fai pensar que o cambio estaba xa aquí completado. Alén desta mudanza, singular pero salientable, a distribución das tres variantes permanece sen cambios. O mesmo acontece na seguinte etapa, representada no mapa 59, elaborado cos materiais da NEnq. De maneira xeral, a distribución das tres solucións mantense, mais cunha excepción que merece a nosa atención. O informante do punto 149 empregou durante todo o cuestionario formas como *cordois*, *lacois, pantalois* ou *xamois*. Non obstante, no final da entrevista, cando se lle preguntou pola percepción que tiña sobre as variedades veciñas, identificou inmediatamente a fala de Verín precisamente con base no trazo sobre o que estamos a tratar: "En Verín din *camiós*, *colchós* e así". Moi consciente desta variación, recoñeceu que a solución *-ois* arrastra certo estigma fóra da súa localidade (segundo o seu testemuño, relacionado popularmente coa ruralidade e coa incultura), e que el, como outras persoas, evitan este xeito de falar cando acoden a Verín para realizar compras, trámites ou outras actividades que impliquen comunicarse cos seus habitantes. Por este motivo, aínda que o entrevistado ofreceu en todo momento respostas coa terminación *-ois*, decidimos marcar en laranxa o punto 149, pois quixemos deixar constancia desta variante *-ós*, aínda que só a empregue fóra do seu ámbito local.

En definitiva, como se pode ver na táboa 23, a área coa terminación *-óns* perde un punto ó longo do período estudado. Este punto súmase á área coa terminación *-ós*, que é, pola súa extensión, a solución maioritaria. Esta mudanza prodúcese no tempo que media entre o levantamento de datos para o ALPI en Galicia e o levantamento de datos para o ALGa. A distribución mostrada pola información deste último proxecto é case igual á que mostran os resultados da NEnq, salvo pola dobre solución *-ós / -ois* documentada no punto 149.

	ALPI	ALGa	NEnq
-óns	18/18	17/17	17/17
-ós	29/29	30/30	31/30
-ois	6/6	6/6	6/5

Táboa 23. Número de puntos con rexistro de respostas con *-óns*, *-ós* e *-ois* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.3 VARIABLES LÉXICAS

4.3.1 Galo

A denominación común en galego para o macho da subespecie *Gallus gallus domesticus* é *galo* (DRAG). Procede precisamente do substantivo latino empregado na súa nomenclatura científica, GALLU (Corominas / Pascual 1980-1991; Houaiss 2009). Na transición cara ó romance, esta forma mudou pola simplificación da lateral xeminada en posición intervocálica característica das variedades galego-portuguesas (como sucede, por exemplo, en CĔLLARĬU > *celeiro* ou VĪLLA > *vila*); (Ferreiro 1995: 121-122; Mariño 2017: 33, 367-368). Por outra parte, xa no latín clásico o termo CAPPŌNE designaba especificamente o galo que non se destinaba a fins reprodutivos, senón que era castrado e cebado para servir de alimento (Corominas / Pascual 1980-1991). Semella que este substantivo estaría relacionado co verbo CAPĔRE, que tiña o sentido primario de 'coller, apañar, traer para si, apoderarse de algo' (Houaiss 2009); no caso, a cousa collida (extirpada) serían as gónadas do animal. Tamén por simplificación dunha consoante xeminada en posición intervocálica, neste caso da oclusiva bilabial xorda, a forma latina CAPPŌNE deriva na galega *capón*. De maneira xeral, esta palabra mantén o seu significado orixinal de 'galo castrado'. Non obstante, por extensión, nalgunhas variedades galegas emprégase co significado de 'galo', acepción que aparece recollida no DRAG.

Para analizar a distribución xeográfica destas dúas variantes, *galo* e *capón*, e a súa evolución no tempo que vai do ALPI á NEnq, elaboramos unha serie de mapas para os que tivemos que eliminar os datos referentes ó uso de *capón* como 'galo castrado'. Deste xeito, representamos exclusivamente aqueles rexistros en que fai referencia unicamente ó macho da subespecie aviaria. Non foi complicado levar a cabo esta operación porque nos cuestionarios dos tres proxectos había unha pregunta específica para 'galo', mentres que a información sobre 'galo castrado' só se encontra en anotacións adicionais, o que facilitou a súa identificación. Por tratarse dunha variable de tipo léxico, e para simplificar a cartografía, prescindimos tamén das variantes fonéticas relacionadas coa presenza de gheada e as súas diferentes realizacións.

Deste xeito, no mapa 60, en que se mostran os resultados do ALPI, pódese observar como a forma *galo* se recolle na maior parte do territorio. Como se pode ver na táboa 24, rexístrase en 50 dos 53 puntos da rede, se ben en dous deles (133 e 141) fai parte dunha dobre resposta xunto coa forma *capón*. No 141 non hai ningunha nota aclaratoria sobre o uso das dúas variantes, pero no 133 o informante manifestou que o emprego de *capón* era máis frecuente. Pola súa parte, *capón*, alén de rexistrarse como parte dunha dobre resposta nos dous puntos xa referidos, recóllese como forma única nas localidades 128, 129 e 142. A súa presenza esténdese, por tanto, nunha área integrada por cinco polígonos que se encontran no nordeste da provincia de Pontevedra e o noroeste da provincia de Ourense.

Desde esta área, *capón* difúndese cara a puntos da súa contorna. O mapa 61, elaborado cos datos do ALGa, dá conta dunha dinámica expansiva que se produce en todas direccións: cara ó norte (punto 121); cara ó sur (punto 143); cara ó oeste (puntos 130 e 131); e cara ó leste (punto 125). Deste modo, a área en que se recolle a variante *capón* aumenta en cinco puntos, dobrando a cantidade de partida, como se pode ver na táboa 24. Nas localidades 128 e 129 volveu rexistrarse como forma única. Tamén se documentou como resposta única no punto 125, onde no proxecto anterior só se recollera *galo*. Nas restantes localidades rexistrouse xunto con *galo*, o que significa que esta solución se estendeu cara ó punto 142, onde para o ALPI só se documentara *capón*. De entre todos estes casos de dobre resposta, só o informante do punto 143 ofreceu información sobre o uso dunha das variantes. Concretamente, afirmou que *galo* se utilizaba menos. O dato é relevante, pois nesta localidade a forma *capón* é nova, non se rexistrara na etapa anterior, o que quere dicir que o seu uso debeu de difundirse con forza entre a poboación.



Mapa 60. Resultados de *galo* no ALPI.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa 61. Resultados de *galo* no ALGa.



Mapa 62. Resultados de *galo* na NEnq.

Pola súa parte, a pesar da puxanza de *capón*, a forma *galo* mantén a súa presenza en 50 puntos. Deixa de rexistrarse no 125, pero pasa a recollerse no 142, polo que o balance segue a dar o mesmo resultado. Onde máis se nota o cambio é na cantidade de respostas únicas. Como se ve na táboa 24, a variante *galo* pasa de 48 a 43 rexistros como solución única. Obviamente, esta diminución prodúcese en paralelo ó aumento de casos en que pasa a recollerse xunto con *capón* nunha mesma localidade. Nalgúns deles, como veremos a continuación, a forma *capón* acabará por impoñerse. Mais non sempre será así, xa que *galo* tamén ofrece algunha mostra de avance e, por así dicilo, recuperación de terreo.

O mapa 62, feito con base nos materiais da NEnq, dá conta disto. A variante *capón* consolídase como forma única en catro puntos (121, 130, 141 e 142), desprazando a forma *galo*, coa que formaba unha dobre resposta nestes lugares na etapa anterior. Así, as localidades en que se rexistra como forma única pasan de tres a cinco, como se pode ver na táboa 24. Doutra banda, a variante *galo* volver ser documentada como resposta única no punto 131. Ademais, rexístrase tamén no punto 129, onde ata agora só se recollera *capón*. En consecuencia, a pesar da forza expansiva mostrada ata o momento, *capón* ve minguada nun punto a extensión da súa área. Por outra parte, como resultado do descenso do número de dobres respostas, tamén *galo* reforza a súa presenza como resposta única. Alén de na 129, noutras dúas localidades se rexistra *capón / galo*, na 133 e na 143. Tanto nunha como noutra, os informantes indican que *capón* é a forma máis usada. Talvez co tempo acabe consolidándose o seu uso nestes lugares.

	ALPI	ALGa	NEnq
galo	50/48	50/43	47/44
capón	5/3	10/3	9/5

Táboa 24. Número de ocorrencias das variantes *galo* e *capón* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

4.3.2 Raposo

O mamífero cánido *Vulpes vulpes* é coñecido comunmente na maior parte do territorio galego como *raposo* ou *raposa* (sobre a cuestión do xénero falaremos máis adiante); (DRAG). Segundo Corominas, esta forma *raposa* semella ser unha variante de *rabosa*, probablemente derivada do substantivo *rabo* (< RĀPU), polo característico do apéndice caudal deste animal, particularmente en relación con outros membros da mesma familia. A dicir

deste autor, o "inesperado *-p-* intervocálico" parece ser unha alteración debida ó influxo de *rapiega*, nome dado a este animal en Asturias, que á súa vez está relacionado co verbo RAPĒRE latino ('levar rápida ou precipitadamente, arrebatar, roubar', ó igual que outras formas como *rapaz* ou *rapiña* (Corominas / Pascual 1980-1991; Houaiss: 2009). Trátase dunha innovación léxica romance, pois a palabra que se empregaba no latín clásico para denominar este animal era o substantivo feminino VULPĒS (Glare *et al* 1968-1982). Sobre a súa forma de acusativo, tras a perda do -M final, o V- inicial, que debía de ser unha semiconsoante velar /w/ en época clásica, transformouse nunha oclusiva velar sonora, dando como resultado a forma galega *golpe*. Este proceso de reforzo do ataque silábico é común nas variedades iberorromances, tanto en elementos de orixe latina (VASTĀRE > *gastar*) como en étimos xermánicos (WARDON > *gardar*); (Mariño 2017: 384-386). Tendo en conta que *raposo* é de creación serodia, pódese considerar, logo, que *golpe* é unha variante conservadora que pervive nalgunhas falas galegas, particularmente na área mindoniense. De feito, a presenza desta forma é unha das cuestións que Fernández Rei (1990: 130) emprega para caracterizar esta área setentrional do bloque central. Con todo, a xulgar polos testemuños onomásticos manexados por Boullón (2002) a forma *golpe* debeu de ser empregada por todo o dominio galego antigamente, antes da extensión das formas *raposa* e *raposo*.

Alén destas dúas, atopamos unha terceira denominación para este animal nos nosos materiais. Trátase da variante *zorro*, de uso común en castelán. Segundo Corominas, semella que a orixe deste vocábulo debe procurarse no portugués antigo *zorrar* ('arrastrar'), formada por vía onomatopeica a imitación do roce das cousas que se arrastran. A dicir deste autor, o sentido primitivo do adxectivo *zorro* foi o de 'persoa preguiceira e astuta', acepción aínda viva, e posteriormente *zorra* foi aplicado popularmente á raposa como vituperio, de onde acabou derivando o substantivo (Corominas / Pascual: 1980-1991; Houaiss: 2009). Segundo o TILG, a primeira ocorrencia de *zorro* nun texto galego data de 1790. Aparece nun poema ou cantiga popular incluída por Domingo Blanco no primeiro volume da súa compilación *A poesía popular en Galicia 1745-1885* no contexto dos seguintes versos: "[…] Gato no rato, / rato na corda, / corda no boi, / boi na ágoa, / ágoa no lume, / lume no pao, / pao no perro, / perro no *zorro*. / Tod'o mal é probe da mora, / qu'esta noite ha de dormir fóra […]".

Así pois, contamos con tres formas diferentes para designar a este cánido silvestre. Ademais, a análise dos materiais revelou que as tres raíces léxicas contan á súa vez con variantes masculinas e femininas, de xeito que no total suman seis variantes. A fin de simplificar a representación cartográfica e a propia análise, decidimos desglosar estas dúas variables: a léxica e a morfolóxica. Comezaremos coa cuestión do xénero. Para abordala, elaboramos unha serie de mapas de síntese nos que se representa unicamente se as respostas recollidas son masculinas ou femininas.

No mapa 63, que mostra os datos do ALPI, vese que as formas femininas son amplamente maioritarias. Só non se rexistran formas femininas nos puntos 118 e 122, ambos

sen resposta á pregunta correspondente, mais no 115, onde se rexistrou a dobre resposta *golpe / raposo*. No resto, as formas documentadas son *golpa*, *raposa* e *zorra*. Agora ben, estes resultados hai que tomalos en consideración con prudencia, pois o ítem do cuestionario do ALPI a que fan referencia (o número 285) correspóndese co enunciado "una zorra". É posible que o enunciado da pregunta influíse dalgunha maneira nos resultados.

Pola súa parte, o mapa 64, que mostra os datos do ALGa, presenta un reparto de formas masculinas e femininas diferente. Do punto de vista metodolóxico, os datos son máis fiables, pois aquí a cuestión non se presentaba interferida por ningún contexto; procurábase, simplemente, a denominación do animal. Como se ve, as variantes femininas ocupan unha boa parte do territorio, cunha continuidade xeográfica só rota, aparentemente, polo punto 107. Estas variantes esténdense ininterrompidamente ó longo dunha faixa fronteiriza do territorio galego que corre polo sur de oeste a leste e desde aí ata o norte, ramificándose en varias zonas. Doutra banda, as formas masculinas ocupan unha área compacta na zona setentrional que, como veremos, corresponde coa área de *golpe*, e tamén se estenden nunha faixa máis ou menos ancha en diferentes treitos que corre en diagonal descendente de oeste a leste. Case xusto no medio, o punto 121 presenta dobre resposta, cunha forma feminina e outra masculina (no caso, *raposa* e *zorro*).



Mapa 63. Distribución de formas masculinas e femininas para *raposa* no ALPI.



Mapa 64. Distribución de formas masculinas e femininas para *raposa* no ALGa.



Mapa 65. Distribución de formas masculinas e femininas para *raposa* na NEnq.

O mapa 65, o último desta serie, que mostra os datos da NEnq, presenta unha fasquía semellante ó anterior, se ben con algunhas mudanzas doadamente perceptibles. Destaca o feito de que as variantes femininas sigan a conformar unha faixa case continua que corre ó longo da fronteira con Portugal, León, Zamora e Asturias. Esta forma en fouce, con certa similitude á mostrada polos resultados do ALGa, permite apreciar certa coherencia entre os materiais dun e outro proxecto. Con todo, obsérvase que aquelas ramificacións das que falabamos máis arriba desapareceron e que a extensión das formas femininas experimentou unha considerable contracción.

Partindo da cautela con que deben ser tomados os datos do ALPI, os resultados do ALGa e da NEnq mostran que as variantes femininas minguaron os seus rexistros en favor das masculinas e que o modelo de *golpe - raposo - zorro* se está a impoñer na maior parte do territorio, facendo recuar as formas femininas cara a unha área marxinal. Máis alá da representación cartográfica, a perspectiva cuantitativa que ofrece a táboa 25 deixa tamén unha visión clara: os puntos con presenza de respostas femininas no ALGa suman un total de 27, mentres que na NEnq esta cifra se reduce a 15. Constátase, logo, a difusión das variantes masculinas.

	ALPI	ALGa	NEnq
formas masculinas	0/0	27/26	38/38
formas femininas	51/50	27/26	15/15

Táboa 25. Número de rexistros de formas femininas e masculinas para as denominacións do animal *Vulpes vulpes* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

Máis alá da cuestión do xénero, nesta sección sobre léxico interesa estudar a distribución espacial das raíces *golp-*, *rapos-* e *zorr-* e a súa evolución ó longo do período estudado. A fin de analizala, confeccionamos unha serie de mapas en que se representan unicamente estas tres variantes léxicas, independentemente de se levan marca de xénero ou non e cal sexa esta, no caso. Tamén se deixaron fóra cuestións de índole fonética como a gheada e o seseo. Deste xeito, no mapa 66, elaborado cos materiais do ALPI, podemos observar como as formas coa raíz *rapos-* son claramente predominantes. Pola súa parte, as formas coa variante *golp-* aparecen rexistradas nunha zona compacta formada polos puntos 100, 101, 114, 115 e 116, coincidindo aproximadamente coa área mindoniense. Pódese comprobar a semellanza consultando a imaxe 3, na que se mostra de división das falas galegas en bloques e áreas proposta por Fernández Rei (1990). Con todo, cómpre sinalar que en dúas

destas localidades a raíz *rapos-* non é descoñecida, pois aparece rexistrada xunto con *golp-* nos puntos 115 e 116.

Máis alá desta zona no norte das provincias da Coruña e Lugo, a variante *rapos-* domina o territorio, agás en dúas pequenas áreas: unha, constituída polos puntos 145 e 146, na que a única variante rexistrada é *zorr-*; e outra, constituída soamente polo punto 123, na que se recolle unha dobre resposta *rapos- / zorr-*. Neste último caso, o informante indicou que a forma con raíz *rapos-* era de uso menos corrente. Entre unha área e outra con presenza de *zorr-* semella non haber continuidade xeográfica. Con todo, a súa relativa proximidade fai que fagamos esta afirmación con cautela. De feito, á vista dos datos posteriores, o comportamento expansivo desta variante a partir desta zona semella producirse con continuidade espacial. Non obstante, como se verá, as formas con raíz *zorr-* tamén acaban rexistrándose en localizacións distantes e claramente desconectadas destes puntos en que se recolleron para o ALPI.

No mapa 67, elaborado cos materiais do ALGa, pode verse que a área de *golp-* permanece circunscrita ós mesmo cinco puntos de que constaba segundo os datos do proxecto anterior. Só se producen dúas pequenas mudanzas con respecto da distribución mostrada polos materiais do ALPI: por unha parte, o punto 114, no que se rexistraba como resposta única *golp-*, mostra agora dobre resposta *golp- / rapos-*; por outra, no punto 116 acontece o contrario, pásase dunha dobre resposta *golp- / rapos-* no ALPI a unha resposta única *golp-* no ALGa. Xa que logo, a variante *golp-* mantén a súa distribución no espazo, pero tamén parece confirmarse o feito de que a variante *rapos-* non debe de ser descoñecida nesta zona.

Por outra parte, chama a atención como se espalla a raíz *zorr-* en dúas direccións a partir do punto 145. Faino, dunha banda, seguindo unha diagonal ascendente a través dos puntos 126, 125, 121 e 111, e doutra, seguindo unha diagonal descendente cara ó punto 148. No entanto, contrariamente ó que se espera desta puxanza expansiva, deixa de rexistrarse no punto 123, onde a información do ALPI indicaba que era a forma máis usada. Sexa como for, esténdese por un espazo continuo e, como se pode ver na táboa 26, pasa de ser documentada en tres puntos a estar presente nun total de sete, aínda que en cinco deles coexiste con variantes formadas sobre a raíz *rapos-*, ás que acabará desprazando posteriormente nalgúns casos.

Esta substitución pode verse no mapa 68, elaborado cos materiais da NEnq. Nos puntos 121, 126 e 146, que mostraban variación *rapos-* / *zorr-* na etapa anterior, recóllese agora *zorr-* como resposta única. Ademais, pese a que esta raíz deixa de rexistrarse nos puntos 111 e 148, esténdese con continuidade xeográfica en diversas direccións por unha área compacta que se acaba conformando na contorna dos tres puntos en que orixinalmente aparecía no ALPI. Esta área está constituída agora por once puntos, a maior parte dos cales presentan formas coa raíz

zorr- como única resposta. Só en dous deles, o 125 e o 142, esta solución se recolle xunto con variantes coa raíz *rapos-*, de xeito que a súa implantación nesta área semella consolidada.

No entanto, a difusión de *zorr-* tamén se produce sen continuidade xeográfica. Doutro xeito, sería moi complicado explicar a súa aparición nos puntos 100 e 115, 108, 117 e 134. Semella pouco probable que formas con esta raíz se espallasen desde a súa localización mostrada no ALPI ata estes catro cantos do territorio sen deixar rastro ningún no espazo intermedio. Nestes casos, o mecanismo de difusión ten que ser diferente, ten que tratarse dun que actúe dunha maneira desvinculada do espazo, sen necesidade de que o contacto de variedades se produza sobre o terreo. Cabe supoñer que debe de ser o modelo castelán superposto, no que *zorro* é a denominación común para o cánido *Vulpes vulpes*, o que está a provocar estes cambios. Só así se explicaría a súa aparición en lugares tan distantes, con tan clara descontinuidade xeográfica. De maneira xeral, as variantes con raíz *zorr-* aumentan progresivamente a súa presenza ó longo do período estudado, especialmente no paso do ALGa á NEnq, como se ve na táboa 26. Os rexistros que suman réstanse principalmente ás formas con raíz *rapos-*, cuxa recollida, aínda que experimenta unha leve suba no período que media entre o ALPI e o ALGa, sofre no cómputo xeral unha lixeira mingua. Esta redución é constante e máis acentuada se só se teñen en conta os rexistros como resposta única.



Mapa 66. Resultados de *raposo* no ALPI agrupados por raíces léxicas.



Mapa 67. Resultados de *raposo* no ALGa agrupados por raíces léxicas.



Mapa 68. Resultados de *raposo* na NEnq agrupados por raíces léxicas.

Finalmente, obsérvase que *golp-* continúa mantendo a presenza na súa área, formada polos cinco puntos setentrionais xa referidos. Porén, xa non é a forma única en ningún deles. No punto 114 rexistrouse xunto con *rapos-*, igual que na etapa anterior. Nos puntos 101 e 116 tamén se recolleu esta mesma dobre resposta. Neste último, o informante indicou que, aínda que se podían empregar as dúas solucións, consideraba a forma *golpe* como máis propia da fala da súa localidade. Doutra parte, no punto 100 tamén houbo unha dobre resposta, pero nesta ocasión coas raíces *golp-* e *rapos-*. Por último, no punto 115 rexistráronse as tres variantes, *golp-*, *rapos-* e *zorr-*. Cabe sinalar que a primeira resposta da informante principal foi *raposo*. Porén, a seguir, igual que o home do punto 116, dixo que *golpe* era a denominación máis propia da variedade local: "Aquí, aquí… é *golpe*, o demo do *golpe*! O *golpe* é máis ben como lle chamamos por aquí". Finalmente, engadiu que tamén é habitual o uso da forma *zorro*: "Tamén se di *zorro* moitas veces. «Anda o *zorro*! Ollo! Díxomo fulanito, que o veu por tal sitio» e así". De todo isto conclúese que *golpe*, que leva manténdose desde antigo nesta área, pode ver ameazada a súa pervivencia por mor da aparición de novas denominacións; por unha banda, a solución de orixe castelá e, por outra, a solución patrimonial galega maioritaria empregada en toda a contorna. De todos modos, dado o seu carácter idiosincrático sinalado por dous dos informantes e a aparente frecuencia con que se continúa a empregar na actualidade, tamén é posible que siga mantendo a súa distribución como ata agora, aínda que coexista con outras variantes.

	ALPI	ALGa	NEnq
golp-	5/3	5/3	5/0
rapos-	46/43	48/41	43/34
zorr-	3/2	7/2	16/9

Táboa 26. Número de ocorrencias das variantes con raíz *golp-, rapos-* e *zorr-* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

4.3.3 Saltón

A denominación común en galego para os insectos herbívoros da orde dos ortópteros (suborde caelífera) é *saltón* (DRAG). Trátase dun substantivo deverbal formado por derivación sobre *saltar*. O verbo SALTĀRE xa existía no latín clásico co significado máis habitual de 'danzar', pero non era infrecuente o seu uso extensivo co sentido de 'dar chimpos, brincar' (Corominas / Pascual 1980-1991; Houaiss 2009). Alén desta denominación, nos materiais do ALPI recóllese tamén a variante *saltagrao*. Concretamente, no punto 124.

Trátase dun rexistro único, non repetido en ningún lugar en ningunha das tres fontes de datos. A súa orixe non está clara. Valoramos a posibilidade de que sexa unha variante derivada de *saltapraos*, nome dado ó mesmo insecto en certas variedades asturianas, pero os datos do ALPI revelan que esta forma só se recolleu nos puntos 310 (La Mata), 314 (Cenera), 317 (Cimalavila), 319 (Pintueles), 322 (Cimiano) e 400 (Valle de Cabuérniga, xa en Cantabria), todos eles moi afastados dos Ancares. Semella pouco probable, logo, que estas variedades puidesen influír na fala do informante do 124 que, segundo consta na súa ficha, o máis que se afastou do Cebreiro foi para ir "sete ou oito veces a Lugo". A forma *saltagrao* non aparece no TMILG, no TILG nin no *Dicionario de dicionarios*. Por tanto, a falta de máis información, debemos entender que talvez se trate dun substantivo composto por *saltar* e *grao*.

Por outra parte, nos materiais do ALGa e da NEnq rexístrase tamén a solución *saltamontes*. Trátase igualmente dun composto sobre o verbo *saltar* ó que se lle engade o substantivo *montes*, en plural, como é habitual neste tipo de construcións de verbo mais obxecto na formación de substantivos compostos (Álvarez / Xove 2002: 746-747). Curiosamente, esta forma de uso común no castelán peninsular só se rexistra para o ALPI en 20 localidades (19 da zona 4 e unha da zona 6), polo que non debía de ser tan popular na época, cando menos nas falas rurais documentadas para este proxecto. No seu lugar, recóllense formas como *saltigallo*, *saltamatos*, *saltatrillos*, *grillo saltericón* ou *gafañote*, entre outras moitas (García Mouton 2016).

Si se encontran un par de ocorrencias de *saltamontes* no TILG anteriores á recolla de datos do ALPI en Galicia. A primeira delas rexístrase nun relato curto da obra *Contos da terriña*, de Heraclio Pérez Placer. A segunda atópase nun poema de Francisco Salgado e López Quiroga incluído no primeiro volume da súa obra *Cantares d'a terra*, publicada en 1922. En datas anteriores ó traballo de campo para o ALGa, que é o proxecto en que se constatan os primeiros rexistros desta forma no conxunto de materiais que manexamos, atopamos unha nova ocorrencia de *saltamontes* na base de datos do TILG. Data de 1962 e atópase no volume *Xeografía fito-zoolóxica (Historia de Galiza)*, de Luís Iglesias Iglesias, publicada en Buenos Aires pola editorial Nós. A xulgar por esta información, o termo non era moi empregado tampouco nos textos escritos.

Para abordar o estudo sobre esta cuestión, elaboramos unha serie de mapas en que se mostra a distribución das tres variantes: *saltón*, *saltagrao* e *saltamontes*. Por tratarse dunha variable léxica e a fin de simplificar a cartografía, prescindimos da representación variantes de tipo fonético como as relacionadas coas diferentes realizacións posibles da sibilante inicial. No mapa 69, feito con base nos materiais do ALPI, móstrase como a forma *saltón* é claramente predominante. Documéntase como resposta única en todo o territorio agás no punto 124, onde se recolle *saltagrao.* Como xa comentamos, esta solución non volverá rexistrarse nas etapas posteriores.

No mapa 70, en que se representan os datos do ALGa, obsérvase unha realidade diferente. Aínda que *saltón* segue a ser a variante maioritaria e mesmo substitúe *saltagrao* no punto 124, a forma *saltamontes*, non documentada nas 53 localidades galegas do ALPI, rexístrase en oito puntos. A difusión prodúcese sen continuidade xeográfica, pois estes oito puntos repártense polo territorio en seis áreas sen conexión entre elas. Cinco están constituídas por un único polígono (106, 110, 121, 131 e 134), mentres que a sexta está conformada por tres (126, 144 e 145). Tanto neste grupo como nas localidades 106, 110 e 121 rexístrase unha dobre resposta xunto coa variante patrimonial *saltón*. En todos estes casos, *saltamontes* está anotada como segunda forma, pero non dispomos de información adicional sobre a súa frecuencia de uso ou o rango de idade dos falantes que talvez a puidesen empregar máis. Doutra parte, nos puntos 131 e 134 a solución de orixe castelá substituíu a patrimonial, pois está recollida como forma única. Deste xeito, como se pode ver na táboa 27, *saltón* non ve moi minguada a súa presenza no territorio; gaña un punto e perde tan só dous. Porén, o seu número de rexistros como forma única si que sofre unha mingua máis acusada, pois pasa de 52 a 45.



Mapa 69. Resultados de *saltón* no ALPI.



Mapa 70. Resultados de *saltón* no ALGa.



Mapa 71. Resultados de *saltón* na NEnq.

No mapa 71, en que se representan os datos da NEnq, vese que a difusión de *saltamontes* avanza. Como acontece con outros castelanismos léxicos, a evolución da súa distribución diatópica pode parecer un tanto caótica. De maneira xeral, percíbese un comportamento expansivo desta variante, espállase con e sen continuidade xeográfica, pero tamén cede terreo fronte a *saltón* nalgúns puntos. Se partimos do mapa anterior, podemos observar que, desde os puntos 131 e 134, *saltamontes* consegue estenderse como resposta única a catro puntos máis, formando unha área continua que corre pola costa desde o 112a ata o 136 e que se introduce cara ó interior no 135. Ademais, semella que desde o punto 110, onde continúa a recollerse como parte dunha dobre resposta xunto con *saltón* (se ben o informante da NEnq indica que a forma patrimonial é antiga e se encontra en desuso), se propaga cara ó sur, consolidándose como forma única nas localidades 112 e 129. Por proximidade, poderiamos pensar que talvez se difundise con continuidade xeográfica desde o punto 110 ata o 103, pero impídeo o polígono 104 que, como se ve, presenta *saltón* como única resposta. Así pois, só nos quedaría a posibilidade de extensión con continuidade espacial desde o punto 145 ata o 149. Non se descarta, pero o feito é que *saltamontes* deixa de rexistrarse no punto 145 nos datos da NEnq, polo que este hipotético movemento xera moitas dúbidas.

De non ser así, *saltamontes* difundiríase ó punto 149 sen continuidade xeográfica, igual que ós puntos 102 e 103, ó 100 e ó grupo formado polos puntos 117, 119 e 120. En todos estes casos rexistrouse como forma única, substituído a variante patrimonial. Resta un novo punto máis no que a forma de orixe castelá foi rexistrada, o 125, onde se recolleu xunto con *saltón*. Nesta difusión puideron influír as variedades do punto 121 ou do 126, lugares nos que tamén facía parte dunha dobre resposta na etapa anterior. Porén, curiosamente, nos materiais da NEnq non se documenta o uso de *saltamontes* nestas dúas localidades. Alén destes dous puntos e do 145 xa mencionado, *saltamontes* deixa de rexistrarse tamén no 106. Con estes datos é moi difícil conxecturar se a difusión deste castelanismo léxico se produciu con continuidade espacial ou sen ela.

	ALPI	ALGa	NEnq
saltón	52/52	51/45	38/35
saltagrao	1/1	0/0	0/0
saltamontes	0/0	8/2	18/15

Táboa 27. Número de ocorrencias das variantes *saltón*, *saltagrao* e *saltamontes* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Observado en conxunto, o comportamento de *saltamontes* é claramente expansivo. Como se ve na táboa 27, pasa de cero rexistros no ALPI a oito no ALGa e a 18 na NEnq. Ademais, vai substituíndo a *saltón* en moitos lugares, pois na última etapa chega a 15 o total de puntos en que se rexistra como forma única. Agora ben, tamén se dan casos en que, logo de seren recollidas para o ALGa as dúas variantes nunha resposta dobre, a solución *saltón* acaba sendo rexistrada como forma única novamente, coma no ALPI. Isto non significa necesariamente que *saltamontes* non sexa unha forma coñecida nestes lugares, pois pode chegar a todo o territorio a través das diferentes vías polas que se difunde o castelán. Con todo, dentro do conxunto dos materiais empregados no presente traballo, non é un dos castelanismos con maior grao de implantación na etapa final, a da NEnq, na que a forma patrimonial *saltón* segue a ser maioritaria.

4.3.4 Coello

A denominación galega máis común para o mamífero lepórido *Oryctolagus cuniculus* é *coello* (DRAG). Segundo Corominas, este substantivo procede do latín serodio CUNĬCŬLU, con alteración da cantidade vocálica do sufixo diminutivo (-ĪCŬLU > -ĬCŬLU) respecto da forma da época clásica, o que explica a posterior transformación nun /e/ da vogal tónica. O sentido orixinal desta palabra era o de 'cavidade subterránea, tobo'. Xa en lingua latina, por extensión metonímica, o lugar en que este mamífero se refuxia e coida da súa prole acabou nomeando o propio animal (Corominas / Pascual 1980-1991; Houaiss 2009). Como xa se explicou con noutros apartados deste traballo, a terminación -CŬLU derivou en *-llo / -lho* (en principio, cunha lateral palatal /ʎ/) no paso ó galego-portugués (Ferreiro 1995: 147-149; Mariño 2017: 354-355). Por outra parte, a caída do -N- intervocálico característica deste dominio iberorrománico occidental, provocou a nasalización da vogal anterior, como se constata na forma *cõello*, documentada desde o século XIII (TMILG). A partir desta forma con vogal nasal déronse dúas evolucións diferentes: a perda total do compoñente nasal ou o desenvolvemento dunha consoante nasal na coda silábica. Xurdiron así as dúas variantes patrimoniais que atopamos no galego moderno: *coello* e *coenllo* (Mariño 2017: 256-260).

Sobre o mesmo étimo latino, en castelán orixinouse a forma *conejo*[56], con mantemento do -N- intervocálico, froito da transformación da terminación -CŬLU en *-jo* (con consoante fricativa velar xorda /x/), como SPĔCŬLU > *espejo* ou ŏCŬLU > *ojo*, por exemplo (Ariza 2012: 26-28, 227-230; Penny 2014: 90, 120-123). Consonte os datos das tres fontes que manexamos, esta variante aparece nalgúns puntos orientais do territorio galego. Ademais, sobre este préstamo orixínase unha adaptación fonética (Freixeiro Mato 2006: v.III 314-315)

[56] Cando for preciso, como no caso, grafaremos sempre estas formas castelás respectando a súa ortografía orixinal.

que dá lugar á solución *conexo*. Segundo os nosos materiais, esta forma é bastante empregada, particularmente nas provincias da Coruña e Lugo, pero non só, como veremos. Tamén se documenta no TILG, pois atopamos nesta base de datos un total de 98 ocorrencias. A máis antiga data de 1838 e rexístrase na obra teatral *Espello de deputados*, escrita por Florencio Pol, no seguinte contexto: "[…] e nin lle val o espoldrexo nin a fala trampuceira, c'o encoro coma un *conexo*. Queimado estás e fas ben […]".

Para abordar o estudo desta variable e a súa evolución confeccionamos unha serie de mapas na que se mostra a distribución das seguintes catro formas: *coello*, *coenllo*, *conexo* e *conejo*. Como acabamos de ver, trátase de catro variantes fonéticas derivadas do mesmo étimo latino. Porén, ó seren dúas delas importadas desde a lingua castelá, decidimos tratar esta cuestión na sección de léxico. Precisamente por tratarse dunha cuestión clasificada como léxica e coa intención de simplificar a cartografía, prescindiuse da representación de variantes fonéticas relacionadas co grao de abertura da vogal pretónica, a deslateralización de /ʎ/ ou a realización do /x/ da solución de orixe castelá non adaptada.



Mapa 72. Resultados de *coello* no ALPI.



Mapa 73. Resultados de *coello* no ALGa.



Mapa 74. Resultados de *coello* na NEnq.

Deste xeito, no mapa 72, elaborado cos datos do ALPI, pódese observar como o castelanismo adaptado *conexo* ocupa unha ampla área do territorio que se estende pola metade norte, pero tamén por algúns puntos da metade sur. Como se pode ver na táboa 28, é a solución maioritaria, pois conta con 29 rexistros en total. En 26 destes casos recóllese como forma única, mentres que nos outros tres fai parte dunha dobre resposta: nos puntos 118 e 121 recóllese xunto coa forma patrimonial *coello*, mentres que no 127 documéntase como forma de uso menos frecuente a carón de *conejo*. Pola súa parte, este castelanismo non adaptado aparece noutras tres localidades: 122, 124 e 147. Puido estenderse ata elas desde as variedades máis próximas de Asturias e León. De feito, nos puntos do ALPI 323 (Cuantas), 324 (Ponte de Rey), 325 (Lillo) e 333 (Castroquilame), os máis achegados a estas tres localidades galegas, recóllese tamén a forma *conejo*. Aínda que non se represente no mapa, cómpre sinalar que no punto 124 a realización da fricativa é faringal [ħ], ó igual que as formas con gheada rexistradas na altura neste lugar. Nos outros dous, o que atopamos é unha velar [x], ó igual que nas localidades asturianas e leonesas ás que acabamos de facer referencia.

No relativo ás formas patrimoniais, vemos que *coello* ocupa unha considerable superficie con continuidade xeográfica aproximadamente na metade meridional do territorio, onde aparece rexistrada como forma única en 17 localidades (táboa 28). Porén, vemos que tamén se estende cara ó norte nunha especie de bico formado polos puntos 118 e 121, onde se rexistra xunto con *conexo*, como vai dito. Tendo en conta que se trata dunha forma patrimonial, a súa presenza nestes puntos pode interpretarse como o indicio dunha maior extensión no pasado. Ademais, os datos do ALGa revelan, como veremos no seguinte mapa, que a variante *coello* non debía de estar completamente desaparecida nesta zona. Pola súa parte, a forma *coenllo* rexístrase en catro puntos como resposta única sen que haxa entre todos eles unha clara continuidade xeográfica. Dous están agrupados, o 129 e o 133. A densidade da rede do ALPI non nos permite saber se hai ou non continuidade entre o 133 e o 143, como tampouco entre o 133 e o 134, pero neste último caso, a presenza de *coenllo* no punto 132 segundo os datos do ALGa fainos supoñer que si podía haber unha vía de contacto ininterrompida da que no ALPI non quedou constancia. De todos modos, trátase só dunha suposición. Sexa como for, vista esta distribución, dá a sensación de que as variantes *conexo* e *coello* talvez se estenderon no pasado e ocuparon parte do espazo no que anteriormente se empregaba *coenllo*. Os datos das etapas posteriores parecen dar conta desta tendencia recesiva da variante.

O mapa 73, elaborado cos datos do ALGa, mostra algúns cambios respecto da etapa anterior. Talvez o máis notorio sexa a propagación da forma *conexo*, que se rexistra en cinco novos puntos, como se ve na táboa 28. Esta difusión prodúcese de dúas maneiras diferentes, con e sen continuidade xeográfica. Dunha banda, *conexo* esténdese cara ó sur ó rexistrarse en polígonos contiguos ós que xa ocupaba. Así, no 129 substitúe á forma *coenllo*, no 128 recóllese como parte dunha dobre resposta xunto con *coello* e no 147 rexístrase canda *conejo* e *coello*. No caderno deste último punto unha nota indica que tanto *coello* coma *conexo* son

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

empregadas “en estilo de broma”. A pesar desta afirmación, como veremos no mapa correspondente á NEnq, *conexo* acabará por impoñerse como resposta única nesta localidade. Por outra parte, esta variante aparece tamén no punto 151, neste caso difundida sen continuidade espacial, formando parte dunha dobre resposta xunto con *coello*, que fora a forma recollida para o ALPI nesta localidade.

A outra solución de orixe castelá, a non adaptada *conejo*, deixa de rexistrarse no punto 127, onde *conexo* se rexistra como resposta única. Porén, mantén a súa presenza nas localidades 122, 124 e 147. Nesta última, como acabamos de comentar, recóllense para este proxecto tres das catro variantes, aínda que, a xulgar pola nota do transcritor, semella que *conejo* segue a ser a forma de uso máis corrente. Nos outros dous puntos mantense como resposta única. Respecto da realización da fricativa, o 122 non mostra cambios, segue a rexistrar unha velar [x]. No entanto, no 124 pásase dunha articulación faringal [ħ] a outra velar [x], ó tempo que, como se viu no apartado § 4.1.1, desaparece a gheada nesta localidade. Por último, no punto 147 dáse conta da variación entre [ħ] e [x].

Paralelamente á expansión de *conexo*, as variantes patrimoniais experimentan unha certa contracción, cando menos en relación co seu rexistro como respostas únicas. Como acabamos de ver, a forma *coenllo* é substituída polo castelanismo adaptado no punto 129. Non obstante, tamén estende a súa presenza ó punto 132, onde antes só se recollía *conexo* e onde agora se documentan ambas as dúas variantes. Nas localidades 133, 134 e 143 mantense como única solución. Pola súa parte, a área amarela que representa a recollida de *coello* como forma única vese reducida pola difusión de *conexo*. Porén, curiosamente, o seu cómputo total de rexistros non só non descende, senón que aumenta nun punto, como se pode ver na táboa 28. Isto débese a que estende a súa presenza ás localidades 111, 123 e 147. Nos tres casos, a difusión prodúcese desde polígonos contiguos nos que xa se documentara o uso de *coello* no ALPI. Coa perda de presenza no punto 118 desaparece aquel bico do que falabamos no comentario do mapa anterior. Non obstante, semella que desde o punto 121 esta variante conseguiu propagarse no eixe horizontal, cara ó leste e cara ó oeste.

Agora ben, trátase dun verdadeiro caso de difusión ou simplemente aflorou no ALGa a información sobre unha forma que talvez nunca deixou de empregarse nesta zona? As notas dos cadernos dannos algunha pista sobre isto. No punto 111, a carón de *coello* transcríbese “en contos”, do que se deduce que o uso desta variante debía de estar asociado ós relatos de contos e fábulas de tradición oral, nos que puido ficar, por dicilo dalgún xeito, fosilizada. Por outra parte, no punto 123, canda *conexo* anotouse “os mozos”, polo que temos que interpretar que a forma *coello* era característica de persoas de certa idade. Unha e outra nota dan conta, de diferentes maneiras, do feito de que a variante patrimonial era de uso máis común no pasado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

O mapa 74, elaborado cos datos da NEnq, mostra como a forma maioritaria *conexo* continúa coa súa expansión. Non só aumenta a área pintada de azul, senón que tamén diminúen os polígonos pintados de verde, o que quere dicir que se consolida como resposta única na maior parte do territorio (en 34 puntos, como se pode ver na táboa 28). Aínda que deixa de rexistrarse no punto 129 en favor de *coello*, esténdese con continuidade xeográfica ás localidades 122, 133 e 134, ó tempo que aparece tamén na 138, neste caso sen conexión espacial con ningún punto en que fose recollida con anterioridade. Ademais de gañar terreo propagándose cara a estes puntos, afianza a súa posición nun bo número deles nos que antes fora recollida como parte dunha resposta dobre xunto con outras variantes. Así, desbanca a *coello* nas localidades 111, 121, 123 e 128, a *coenllo* na 132 e á parella *coello / conejo* no 147. Pola súa parte, esta última forma, a outra solución de orixe castelá, ve reducida a súa área a un único punto, precisamente por mor da presión expansiva da variante adaptada *conexo*.

Respecto das formas patrimoniais, a extensión *coenllo* sofre unha contracción notable, pois xa só se rexistra nun punto, o 133. Faino, ademais, como parte dunha dobre resposta xunto con *conexo*. Segundo un dos informantes, a convivencia destas dúas variantes dáse de forma desigual. O entrevistado afirma que na localidade se di *conexo* comunmente, mentres que o emprego *coenllo* é máis propio "da xente de antes". Con todo, engadiu que "aínda podes escoitar dicir *coenllo* se vas máis por aí polo monte". Á vista destes datos, cabe pensar que se trata dunha forma aínda presente na zona. A outra solución patrimonial, *coello*, a pesar de que deixa de rexistrarse en varios puntos en que se recollía xunto con *conexo* e de que pasa tamén a compartir espazo con esta variante de orixe castelá na localidade 138, aumenta o seu número de rexistros como resposta única. Conséguео grazas a que se estende ó punto 129, do que xa falamos, e ó 143, onde substitúe a *coenllo*, afondando deste xeito na recesión experimentada por esta forma minoritaria.

	ALPI	ALGa	NEnq
coello	19/17	20/14	17/15
coenllo	4/4	4/3	1/0
conexo	29/26	34/27	37/34
conejo	4/3	3/2	1/1

Táboa 28. Número de ocorrencias das variantes *coello*, *coenllo*, *conexo* e *conejo* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así pois, de maneira xeral, percíbese que o castelanismo adaptado *conexo* parte cunha forte presenza no territorio, particularmente no norte, e vaise estendendo cara ó sur con e sen continuidade xeográfica. No marco deste proceso expansivo, as outras tres variantes van experimentando unha redución do seu espazo, pero as máis afectadas son *coenllo* e *conejo*, as que gozaban xa dunha menor extensión xeográfica de inicio, isto é, segundo os datos do ALPI. Por outra parte, *coello* semella mostrar unha maior resistencia ó avance da variante maioritaria, pero o número de rexistros desta forma tamén é cada vez menor.

4.3.5 Chícharo

A semente comestible da planta leguminosa *Pisum sativum* recibe diversas denominacións en territorio galego. Segundo os materiais empregados no presente traballo, de entre as formas patrimoniais, *chícharo* é a que mantén unha maior extensión xeográfica ó longo de todo o período estudado. Procede da forma latina clásica CĬCĔRE, a través dunha variante serodia CĬCĔRU, que en principio designaba outro legume, o *Cicer arietinum*, coñecido na actualidade polo nome de *garavanzo* ou *garavanzo castellano*[57]. Segundo Corominas, debido á palatalización experimentada polas dúas oclusivas velares xordas /k/, que derivaron en /tʃ/, enténdese que debe tratarse dun mozarabismo orixinado no sur da faixa occidental da Península Ibérica que se foi propagando cara ó norte ata chegar ás actuais Asturias e Galicia (Corominas / Pascual 1980-1991; Houaiss 2009).

Outra das denominacións máis estendidas é precisamente a de *garavanzo*. Segundo o propio Corominas, parece que no primitivo galego-portugués debeu de ser *arvanço* ou *ervanço* e que o /g/ inicial puido desenvolverse por influencia do nome doutros legumes como *garroba* (‘alfarroba’) e *gálbano* (‘especie de chícharo’). A dicir deste e outros autores, a súa orixe é incerta. Talvez proceda do gótico *ARWAITS, romanizado como *ARWATIU, ou dunha forma prerromana, posiblemente sorotáptica, *ERVANTIOS (Corominas / Pascual 1980-1991; Houaiss 2009). Xunto con *garavanzo* atopamos tamén respostas cunha forma sen desenvolvemento de /a/ epentético, *garvanzo*, aínda que en menor número. Alén destas dúas, incluímos neste grupo de variantes a forma *garavullo*[58]. Non atopamos documentación sobre a súa orixe, pero é posible que sexa froito dun cruzamento entre *garavanzo* e *garabullo* ou *carabullo* (‘pau’). Outra posibilidade sería que directamente sobre a raíz *garav-* se engadise un sufixo *-ullo*, derivado dun diminutivo latino -ŬCŬLU, como en *bandullo* ou *pedregullo*. De todos modos, o vínculo etimolóxico entre *garavullo* e *garavanzo / garvanzo* non acaba de estar claro. Non se pode descartar que esta forma estea relacionada coa palabra prerromana

[57] Esta última forma composta con modificador nominal debeu de xurdir pola necesidade de marcar unha distinción co emprego de *garavanzo* nalgunhas variedades galegas para designar o propio *Pisum sativum*.
[58] Grafámola con <v> porque consideramos que pode ter a mesma orixe etimolóxica que *garavanzo*.

CARBA, co significado elemental de ‘ramaxe’, de onde semellan vir os propios *carabullo* e *garabullo* (Corominas / Pascual 1981-1991; Ferreiro 1995: 99; Mariño 2017: 263). Sexa como for, polo significado con que se recolle nos nosos materiais, incluímos *garavullo* neste conxunto de variantes.

O seguinte grupo está formado polas formas *ervilla*, *ervella* e *ervello*. En opinión de Corominas, estas tres solucións derivan do substantivo latino neutro ERVU, que designaba outra leguminosa, da tribo das fabáceas, semellante á alfarroba, a *Vicia ervilia* (Corominas / Pascual 1981-1991). Precisamente dunha forma diminutiva ERVĬLĬA (ben feminina, ben neutra plural) proceden as dúas primeiras variantes, ambas con palatalización da lateral por influencia do iode. A diferenza está en que o ĭ tónico deu unha forma con /e/ nalgunhas variantes, mentres que noutras, probablemente por inflexión do propio iode, acabou dando un /i/ (Mariño 2017: 132). A terceira forma, sobre cuxa orixe non atopamos información, ben puido orixinarse desde un diminutivo masculino singular *ERVĬLĬU ou máis modernamente a través dunha transposición de xénero de *ervella*, coa colocación do morfema flexivo para masculino *-o*.

Outras dúas variantes patrimoniais para denominar o *Pisum sativum* son *pedrelo* e *pedrolo*. Ambas parecen estar derivadas por sufixación do substantivo *pedra*, cuxo significado supoñemos que puido estenderse a través dun uso metafórico con base na semellanza formal destas sementes con pequenas pedras. Estas formas empréganse tamén para designar outras leguminosas. No caso de *pedrelo*, o DRAG indica que se refire á planta *Lathyrus sativus*; no caso de *pedrolo*, xa Sarmiento (1973) recolle o seu uso para nomear “una especie de arvejas”, mentres que Leandro Carré Alvarellos (1951) define o termo no seu dicionario como “especie de haba muy grande y dura”. Como se ve, semella que boa parte das formas rexistradas nos nosos materiais para esta variable son ou foron empregadas para darlles nome a outros legumes. É probable que o parecido entre os distintos xéneros e especies da familia das fabáceas favorecese os cambios semánticos.

Por último, atopamos outra variante patrimonial que podería estar relacionada etimoloxicamente coas dúas anteriores, pero que trataremos separadamente. Trátase de *perico*, que talvez proveña de *Pero* < PĔTRU, coma o nome propio, pero sobre cuxa orixe non encontramos información rigorosa, nin para esta acepción nin para a de ‘carneiro novo’ que rexistran algúns dicionarios, como o do propio Carré Alvarellos ou, máis recentemente, o *Gran dicionario Xerais da lingua*.

Doutra parte, hai unha variante non patrimonial, chegada a través do castelán, que tamén se rexistra nos materiais do ALPI, o ALGa e a NEnq. Trátase da forma *guisante*, de orixe mozárabe. Segundo Corominas, deriva da forma *biššaụṭ*, documentada desde inicios do século XII en territorio andalusí; e esta, á súa vez, probablemente procede da denominación composta latina PĪSU SAPĬDU, literalmente, ‘chícharo saboroso’, empregada para diferenciar

este legume doutros similares. A pesar da documentación temperá de *biššaụṭ*, parece que *guisante* (xa con esta forma) non se xeneralizou en castelán senón serodiamente. Cando menos ata o século XVI, o nome común para o chícharo na maior parte de variedades castelás era *arveja*, derivado de ERVĬLĬA. A partir de aí comezou a ter unha maior difusión (Corominas / Pascual 1980-1991).

Como facemos con outros castelanismos, procuramos ocorrencias de *guisante* tanto no TMILG coma no TILG e só atopamos un único caso nesta última base de datos. Rexístrase nun texto de Xaquín Lorenzo, dentro do volume *Etnografía: Cultura material (Historia de Galiza)*, publicado en 1962, no que fala sobre o volframio: "[…] pois nesta é máis fácil o achádego das carabuñas metálicas, algunhas do grandor dun *guisante*, anque o máis corrente é que teñan a forma de lentellas pequenas […]". Así pois, esta forma de orixe castelá parece contar con moi pouco uso na escrita. Porén, como veremos, nos materiais do ALPI xa se rexistra en nove localidades, número que irá crecendo co paso do tempo.

Pero antes de falarmos diso, abordaremos primeiro a análise da distribución xeográfica das formas patrimoniais e a súa evolución. A cantidade total de variantes, que ascende a once, unida ó feito de que en moitas ocasións se rexistran duplas e mesmo triplas respostas, dificultaba a súa representación conxunta, particularmente no tipo de mapa poligonal que empregamos. Por esta razón, decidimos confeccionar seis series de mapas independentes agrupando as respostas do mesmo xeito que acabamos de ver para a súa explicación etimolóxica. Isto permitiu simplificar a cartografía e facilitou a análise das mudanzas no eixe temporal. Por tratarse dunha variable léxica e coa idea de alixeirar a información, prescindimos da exposición de variantes de tipo fonético como as relacionadas coa gheada, o seseo, a deslateralización de /ʎ/ ou a harmonización vocálica en posición pretónica de formas como [iɾˈβiʎa] ou [piˈɾiko]. A seguir comentaremos as secuencias de mapas correspondentes a *chícharo*, *garavanzo / garvanzo / garavullo*, *ervilla / ervella / ervello*, *pedrelo / pedrolo*, *perico* e, finalmente, *guisante*.

O mapa 75, elaborado cos datos do ALPI, mostra os puntos en que se recolleu a variante *chícharo*. A súa presenza rexístrase principalmente ó longo dunha área compacta formada por 17 polígonos que se estende desde Malpica ós montes do Testeiro e desde Fisterra á Terra Cha. Como se pode ver na táboa 29, en doce destas localidades documéntase como forma única, mentres que nas seis restantes fai parte dunha dobre resposta. Nos puntos 104, 105, 106, 107 e 110 comparte espazo con *garavanzo*. No 107 contamos cunha nota que di que o seu uso é máis corrente que o de *garavanzo*, mentres que no 104 e o 105 o transcritor deu conta do contrario. De igual xeito, no punto 111 tamén se di que é a solución menos frecuente en relación con *perico*. Para o resto de respostas múltiples non dispoñemos de información adicional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Afastada desta zona, xusto no canto oposto do mapa, a variante *chícharo* rexístrase tamén no punto 149, xunto coa forma *pedrelo*. A distancia é longa e no espazo que media, como se pode ver nos mapas correspondentes, recóllense diversas formas: *ervello*, *guisante*, *perico*, *pedrolo* e a propia voz *pedrelo*. Tiña *chícharo* no pasado unha maior extensión con continuidade xeográfica entre a gran área compacta que presenta nesta altura e o punto 149? Esta continuidade foi rota pola difusión das variantes que acabamos de mencionar? Cabe no posible, aínda que no caso de *ervello* pode ser que se trate dunha forma preexistente. Cando menos, outros resultados de ERVĬLĬA documéntanse desde o século XIII (Houaiss 2009; Mariño 2017: 132), mentres que o primeiro rexistro de *chícharo* en galego-portugués parece datar do século XVI (Houaiss 2009).

O que si sabemos é que *chícharo* se recolle con esta mesma acepción no punto 340 do ALPI (Padornelo), o máis próximo ó 149, e que no resto de localidades veciñas do lado zamorano (337, 338, 341) e do lado portugués (220, 221) se rexistran derivados de ERVĬLĬA, tales como *arveja* [arˈβexa], *arvella* [arˈβeʎa] e *ervilha* [irˈβiʎa]. Un pouco máis ó norte, na localidade asturiana 324 (Ponte del Rey), tamén se documenta para este proxecto a forma *chícharo* como denominación do *Pisum sativum*. Trátase igualmente dun punto illado, rodeado polas solucións *guisante* (recollida nos puntos galegos 124 e 147, así como no leonés 333) e *arvello* (recollida no 325, tamén pertencente a León).



Mapa 75. Distribución de *chícharo* no ALPI.



Mapa 76. Distribución de *chícharo* no ALGa.



Mapa 77. Distribución de *chícharo* na NEnq.

O mapa 76, elaborado cos datos do ALGa, presenta algúns cambios respecto do anterior. A área compacta de 17 puntos en que se rexistraba *chícharo* vese reducida en seis unidades. No 106 e no 107 acaba impoñéndose *garavanzo*, cando os datos do ALPI mostraban unha dobre resposta *garavanzo / chícharo* en ambos os dous casos. Na localidade 111, onde lembremos que a resposta *chícharo* viña acompañada dunha nota en que se dicía que era menos corrente que *perico*, rexístrase esta última variante como forma única. Por último, na 119 e na 129 recóllese a forma *guisante* en substitución da solución patrimonial.

Pese a esta tendencia recesiva, preto da área, cara ó norte, a variante *chícharo* esténdese ós puntos 100 e 101, nos que non fora rexistrada na etapa anterior. Esta difusión prodúcese, cando menos aparentemente, sen continuidade xeográfica. Logo de consultar polo miúdo os materiais do ALGa, cunha rede máis mesta, non atopamos unha posible vía de propagación desde os puntos que xa recolleran *chícharo* no ALPI ata o 100 e o 101. Si encontramos esta forma nas localidades C.14 e C.07, que fican máis ou entre a C.20 e a C.04 (correspondentes ós puntos 105 e 101 do ALPI, respectivamente), pero nas dúas que hai no medio, C.08 e C.09, non se rexistra. Talvez houbese un camiño polo interior, de C.14 ata a zona de San Sadurniño, desde onde a variante puido estenderse a C.04 e C.07, pero cos datos que manexamos, é imposible ter certeza sobre isto. O que si sabemos é que no tempo que media entre o ALGa e a NEnq, a variante *chícharo* vai continuar espallándose por esta zona, pero tamén vai deixar de rexistrarse nalgunhas posicións. Doutra parte, semella difundirse con continuidade xeográfica na parte sur da área, no punto 132, onde se rexistra xunto con *garavanzo*.

Pola súa banda, no sueste, observamos que esta variante deixa de recollerse na localidade 149. Mentres nos materiais do ALPI se rexistraba unha dobre resposta *pedrelo / chícharo*, agora o que atopamos é *guisante / pedrelo*. Curiosamente, aínda que non se documenta neste punto, si se constata o seu emprego nos veciños 145 e 151. No primeiro caso, *chícharo* forma parte dunha dobre resposta xunto con *guisante* e no segundo rexístrase como forma única. Un pouco máis ó norte e un pouco máis ó leste recóllese no punto 147, ata onde puido estenderse desde o veciño 324, onde lembremos que xa se rexistrara *chícharo* para o ALPI. Aparece formando parte dunha dobre resposta xunto con *guisante*, que fora a forma recollida na etapa anterior. Como se pode ver na táboa 29, o número total de ocorrencias de *chícharo* mantense en 18, pero a cantidade de rexistros como resposta única redúcese de 12 a 8.

O mapa 77, elaborado cos datos da NEnq, dá conta de novos cambios. Aquela gran área compacta de *chícharo* que se vía no mapa correspondente ó ALPI perdeu parte dos seus puntos. Aínda que a variante ofrece mostras de vitalidade e mesmo de certa forza expansiva, o certo é que tamén vai perdendo posicións en diferentes zonas por mor da difusión de *guisante*, cuxa capacidade para propagarse é claramente maior, como veremos máis adiante. No punto 109, o rexistro da solución de orixe castelá substitúe o da patrimonial. Máis cara ó leste, *chícharo* deixa de recollerse nos puntos 101, 104, 105 e 118. Nos tres primeiros, a

dobre resposta *chícharo / garavanzo* é substituída por *guisante / garavanzo*; no terceiro, *guisante* substitúe a *chícharo* como forma única. No límite setentrional da área, no punto 132, lugar no que se rexistrara *chícharo n*a etapa anterior xunto con *garavanzo*, recóllese agora a forma *guisante* como resposta única e xa non se documentan as dúas variantes patrimoniais.

Non obstante este comportamento recesivo xeral, a variante *chícharo* rexístrase en tres puntos novos: 102, 103 e 115. No 102 atopamos unha dobre resposta *chícharo / guisante* en lugar de *garavanzo*, que fora a forma recollida no proxecto anterior. No punto 103, *chícharo* substitúe a *garavanzo* como resposta única. Finalmente, no punto 115, onde se recollera *garvanzo* para o ALGa, rexístrase agora unha tripla resposta *chícharo / garvanzo / guisante*, acompañada dun comentario da informante, que asegura que *chícharo* é a denominación máis común na súa localidade, pero que se poden empregar as tres solucións indistintamente.

Na zona do sueste obsérvase que a resposta *chícharo* deixa de recollerse nas tres localidades en que aparecía na etapa anterior. Nos tres casos recóllese *guisante* como forma única. No entanto, *chícharo* rexístrase no punto 146, onde nunca antes se documentara, e substitúe precisamente á variante de orixe castelá, que se rexistrara na etapa anterior. Se observamos a secuencia completa, resulta curiosa a evolución da distribución diatópica de *chícharo* nesta área. Ó longo de todo o período aparece en cinco puntos con continuidade xeográfica entre eles, pero dunha etapa á outra nunca repite posición. É dicir, sempre desaparece de onde estaba e aparece nun lugar próximo. Vese que se trata dunha variante que debe de ser máis ou menos coñecida na zona, pero cuxo uso non acaba de consolidarse en ningún punto da nosa rede.

De maneira xeral, no tempo que vai do ALPI á NEnq obsérvase que a distribución da forma *chícharo* experimenta procesos tanto de difusión como de contracción. Na área do norte mantén, digámolo así, certa pugna polo espazo coa variantes *garavanzo / garvanzo*, pero por unha e outra parte vai cedendo terreo pouco a pouco con *guisante*. De todos modos, do balance entre os rexistros sumados e os restados resulta unha mingua dun total de cinco. Como se pode ver na táboa 29, hai 18 ocorrencias de *chícharo* no ALPI. Esta cifra mantense no ALGa e, finalmente, redúcese a 13 na NEnq. Ademais, o número de casos en que se recolle como resposta única é de tan só catro neste último proxecto.

Porén, a pesar de perder a súa condición de solución maioritaria en favor de *guisante*, mantense como a segunda forma máis empregada, a primeira das patrimoniais. Onde tamén se percibe unha mudanza notable é na forma que presenta a súa disposición sobre o territorio. Á marxe do xa comentado sobre a evolución da súa distribución espacial na zona suroriental, a gran área compacta en que se presentaba *chícharo* no ALPI vai reducíndose co paso do tempo e o aspecto que presenta no mapa da NEnq é máis disperso.

Por detrás de *chícharo*, as formas con maior número de rexistros de partida son as que conforman o grupo *garavanzo / garvanzo / garavullo*. Como se pode ver no mapa 78, en que se mostran os resultados do ALPI, teñen unha distribución similar á de *chícharo* no sentido de que se estenden con continuidade nunha área compacta no norte, pero tamén aparecen en puntos illados máis ó sur. Se comparamos co mapa 75, vemos que a distribución de *garavanzo / garvanzo* e *chícharo* no norte é parcialmente coincidente e parcialmente complementaria.

Desde o punto 106 ata o 117 *garavanzo* esténdese formando unha área continua de once puntos, aos que poderiamos sumar o 102, onde se rexistra *garvanzo*, xa que é unha forma incluída no mesmo grupo de variantes. Na maior parte destas localidades recóllese unha resposta única, pero en cinco (104, 105, 106, 107 e 110) rexístrase unha dobre resposta xunto con *chícharo*. Doutra banda, seguindo a liña da costa cara ó sur, atopamos a forma *garavanzo* no punto 132, onde foi recollida xunto con *chícharo*, lonxe da zona do norte en que semella máis común. Ante unha illa deste tipo sempre cabe pensar na posibilidade de que a área desta variante chegase algún día ata este lugar e que a difusión doutra forma (neste caso, parece que *chícharo*, a xulgar polo mostrado no mapa 75) quebrase a continuidade espacial, deixando a solución *garavanzo* isolada neste punto 131. Coma noutras ocasións, trátase só dunha conxectura que non podemos comprobar cos datos de que dispomos.



Mapa 78. Distribución de *garavanzo*, *garvanzo* e *garavullo* no ALPI.



Mapa 79. Distribución de *garavanzo*, *garvanzo* e *garavullo* no ALGa.



Mapa 80. Distribución de *garavanzo*, *garvanzo* e *garavullo* na NEnq.

En relación con isto, a presenza da forma *garavullo* na localidade 148 podería tomarse no mesmo sentido, coa idea de que este grupo de variantes gozou dunha maior extensión no pasado. Porén, ante a dúbida que albergamos sobre a súa orixe etimolóxica, cómpre maior cautela aínda á hora de facer calquera afirmación ó respecto. Do que si temos certeza é de que esta particular solución só se rexistra neste punto e de que, a pesar de ser unha variante minoritaria e a pesar da presión exercida pola puxanza expansiva de *guisante* na súa contorna, seguirá rexistrándose nesta posición ó longo de todo o período estudado.

O mapa 79, en que se mostran os resultados do ALGa, presenta algunhas mudanzas respecto do anterior. Unha das que máis chaman a atención é a provocada polo rexistro de *garavanzo* no punto 103, onde substitúe a forma *ervella* documentada para o ALPI, que se atopaba alí illada, poida que como vestixio dun pasado en que ocupou unha superficie maior. Con este pequeno avance, o grupo de variantes estende o seu dominio de modo continuo por toda a liña de costa. No entanto, paralelamente deixa de rexistrarse nun punto do interior, o 110. Mentres que no ALPI se recollía aquí unha dobre resposta *chícharo / garavanzo*, agora documéntase unicamente a forma *chícharo*. De todos modos, veremos que na seguinte etapa *garavanzo* volverá rexistrarse nesta localidade, polo que talvez nunca chegou a deixar de empregarse na variedade local.

Respecto das diferentes variantes do grupo dentro desta área do norte, cabe sinalar que *garvanzo* desaparece do punto 102, pero é posible que desde aí se estendese con continuidade xeográfica cara ó 115 e continuase a súa progresión no espazo ata o 116 e o 117. Con todo, dado que se trata dunha solución que coincide, desde unha perspectiva fonética, coa forma castelá máis estendida para designar o *Cicer arietinum* (aínda que non se empregue para o *Pisum sativum*), cabe a posibilidade de que esta interferise dalgún modo no proceso de difusión.

Pola súa parte, nas localidades 132 e 148 séguense rexistrando *garavanzo* e *garavullo*, respectivamente. Na 132 recóllese tamén a forma *chícharo*, que parece chegar desde o norte e pasa a facer parte dunha dobre resposta xunto coa solución preexistente. Como se pode ver na táboa 29, o número de ocorrencias de *garavanzo / garvanzo /garavullo* no ALGa mantense con respecto do ALPI; tan só descende nun punto o número respostas únicas. A carón das variantes deste grupo aparecen, sobre todo, as formas *chícharo* e *guisante*. En boa medida, estas situacións de variación acabarán coa forma orixe castelá como resposta única, tal e como veremos cando falemos sobre a evolución da súa distribución xeográfica ó longo do período estudado.

USC

O mapa 80, en que se mostran os resultados da NEnq, presenta unha realidade diferente da das etapas anteriores. Aquela gran área do norte, que corría desde o punto 106 ó 117, experimentou unha notable contracción e perdeu a súa continuidade. Daquel bloque constituído por doce polígonos fican agora tan só dous pequenos grupos de tres e dúas

localidades. No máis setentrional, *garavanzo* rexístrase xunto con *chícharo* e *guisante* no punto 100 (como xa facía segundo os materiais do ALGa) e no 115 (onde ata agora se rexistraran *garavanzo* e *garvanzo* como respostas únicas no ALPI e no ALGa, respectivamente); mentres, no 101 (onde no período anterior se recollera xunto con *chícharo*) rexístrase como forma secundaria, acompañada dunha nota que di "antes", a carón da variante *guisante*.

O segundo grupo aparece un tanto afastado do primeiro e está formado polos puntos 104 e 110. Nos dous, *garavanzo* fai parte dunha dobre resposta: no 104 xunto con *guisante* e no 110 xunto con *chícharo*. En ambos os casos os informantes indican que se trata dunha palabra antiga, en desuso. Vistos estes datos, semella que *garavanzo* e *garvanzo* gozan de pouca vitalidade, cando menos para denominar o *Pisum sativum*. É posible que o seu uso específico para designar o *Cicer arietinum*, igual que no castelán estándar, favorecese esta recesión de *garavanzo / garvanzo* como denominación para a planta (e a súa semente) que aquí estamos a tratar, pero carecemos de datos que nolo poidan confirmar.

Doutra parte, a variante que si mantén a súa distribución é *garavullo*. Non só continúa a rexistrarse no punto 148, senón que segue a facelo como forma única. Porén, pese á pervivencia desta particular solución na localidade, o certo é que, en conxunto, o grupo de variantes *garavanzo / garvanzo / garavullo* experimenta unha mingua considerable no paso do ALGa á NEnq. Como se pode observar na táboa 29, este conxunto de formas mantén o seu número de rexistros entre as dúas primeiras etapas, pero no salto á terceira perde oito, máis da metade. Nun deses casos en que algunha destas formas deixa de ser rexistrada, a variante que se recolle no seu lugar é *chícharo*; no resto de casos, a variante que a substitúe é *guisante*. Ademais, tamén dá conta da tendencia recesiva deste grupo de solucións o feito de que na NEnq haxa un único rexistro como resposta única, o correspondente a *garavullo*, o que significa que en cinco das seis ocorrencias as variantes *garavanzo* e *garvanzo* fan parte dunha resposta múltiple.

Seguindo coa hipótese lanzada anteriormente, parece que en moitos casos puido pasarse dun sistema (talvez inestable) en que se distinguía entre *garavanzo* (*Pisum sativum*) e *garavanzo castellano* (*Cicer arietinum*) a outro, calcado ó castelán estándar, en que se distingue entre *guisante* e *garavanzo*, respectivamente. Esta idea non pasa de ser unha mera conxectura, pois as denominacións do *Cicer arietinum* non eran parte do cuestionario de ningún dos tres proxectos e dispoñemos de escasos datos ó respecto que se presentan unicamente como información adicional á pregunta sobre o *Pisum sativum* ou algunha outra das respectivas seccións de plantas ou alimentación. Porén, coñecendo as transferencias que se producen entre o castelán e o galego popular (demostradas noutros casos de difusión léxica), semella plausible. Desde logo, a combinación destes dous factores (a expansión da forma *guisante* e do uso de *garavanzo* como nome para o *Cicer arietinum*) explicaría que este grupo de variantes pasase de ser o segundo máis empregado a ocupar o cuarto posto,

mostrando un comportamento recesivo moi acentuado en relación co resto de formas patrimoniais, como se pode observar na táboa 29.

A seguinte serie de mapas dá conta da distribución do grupo de variantes *ervilla / ervella / ervello*. Trátase de formas que, aínda que están evidentemente relacionadas do punto de vista etimolóxico, se encontran en diferentes partes do territorio distantes entre si. Como comentamos nos dous casos anteriores, é posible que tamén os resultados de ERVĬLĬA abranguesen un maior espazo no pasado. Desde logo, segundo os datos do ALPI son as formas maioritarias en Portugal, así como en Asturias, León e Zamora, polo que cabe supor que algún día tamén o puideron ser no territorio galego. Ademais, lembremos que, segundo Corominas, antes da difusión dos derivados de *biššaụṭ*, eran tamén as variantes de uso maioritario no espazo ocupado polas variedades castelás.



Mapa 81. Distribución de *ervilla*, *ervella* e *ervello* no ALPI.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa 82. Distribución de *ervilla*, *ervella* e *ervello* no ALGa.



Mapa 83. Distribución de *ervilla*, *ervella* e *ervello* na NEnq.

O mapa 81, confeccionado cos materiais do ALPI, mostra dúas áreas compactas para *ervilla* e *ervello*. A área de *ervilla* sitúase na zona suroccidental do territorio, mentres que a área de *ervello* se encontra na zona oriental. A primeira vai desde o Morrazo á desembocadura do Miño e adéntrase cara ó interior ata Fornelos de Montes e Arbo. Consta en total de sete puntos nos que *ervilla* é rexistrada como forma única en todos os casos. Cómpre sinalar que esta área non remata na fronteira. Como xa adiantabamos, *ervilla* (e variantes con [e] ou con [i] na sílaba pretónica, con [b] ou con [v], con ou sen palatalización da vogal final) tamén se recolle para o ALPI en case todos os puntos de Portugal (88 de 93[59]). Pola súa parte, na extrema oriental atopamos *ervello*, tamén como resposta única, nos puntos 120 e 122. É un caso semellante ó anterior, pois esta pequena área galega fai parte dunha área moito maior de resultados de ERVĬLĬA (*arveja*, *arvellu*, *ervejo*, entre outras formas) que se estende pola Cornixa Cantábrica ata o punto 322 (Cimiano, no límite oriental de Asturias) e por unha estreita faixa ó longo da fronteira con Galicia e Portugal ata o punto 376 (Valencia de Mombuey, na provincia de Badajoz).

Doutra banda, a terceira variante deste grupo, *ervella*, preséntase en dous puntos bastante separados un do outro: o 103 e o 126. Imaxinamos que puido haber continuidade nalgún momento entre eles, pero non dispomos de datos que permitan ter certeza ningunha a este respecto. O que sabemos é que no terreo que media entre estas dúas localidades atopamos varias formas diferentes: *chícharo*, *garavanzo*, *perico* e *guisante*. Do mesmo modo que acontecía con *ervilla* e con *ervello*, tamén neste caso o que encontramos son respostas únicas, polo que entendemos que a variante *ervella* nesta altura debía de ter un uso claramente predominante nestes dous lugares.

O mapa 82, elaborado cos materiais do ALGa, mostra tres mudanzas respecto da etapa anterior, cada unha relacionada cunha das tres variantes do grupo. Dunha banda, *ervella* deixa de rexistrarse no punto 103, onde é substituída pola resposta *garavanzo*, como xa se comentou. Doutra, a forma *ervilla* deixa tamén de recollerse no punto 135, onde a forma que se documenta para este proxecto é *guisante*. Por último, amplíase a área de *ervello*, que se difunde con continuidade xeográfica e ocupa o lugar de *guisante* no punto 124. Nesta área oriental formada polos puntos 120, 122 e 124, *ervello* rexístrase como forma única. O mesmo acontece con *ervella* no 126. No entanto, na zona suroeste, en que só se recollera *ervilla* para o ALPI, *guisante* non só substitúe a forma patrimonial na localidade 135, senón que tamén se rexistra nos puntos 137 e 138 como parte dunha dobre resposta, confirmando, unha vez máis, o seu comportamento expansivo.

O mapa 83, feito cos materiais da NEnq, dá conta do que se produce en relación coa extensión da variante *ervello*. A súa área, formada por tres polígonos na etapa anterior, vese reducida por mor da difusión de *guisante*, que substitúe a forma patrimonial nos puntos 122

[59] Os cinco restantes presentan a forma *griseu*, relacionada co mozarabismo *biššaụṭ*, igual que *guisante* (Corominas / Pascual 1980-1991), e atópanse agrupados na parte sueste do país, lindando coa provincia de Huelva.

e 124. Polo demais, as distribución de *ervella* e *ervilla* mantense. No entanto, como se pode ver na táboa 29, aumenta o número de dobres respostas. Na localidade 126, onde ata agora se rexistrara sempre *ervella* como resposta única, recóllese tamén a forma *guisante*. O mesmo sucede na área suroccidental. A variante *ervilla* conserva a extensión da súa área respecto da etapa anterior, pero xa só se recolle como resposta única no punto 140. Nas outras cinco localidades rexístrase tamén a solución de orixe castelá, que non deixa de ampliar o seu territorio. Xa que logo, a distribución deste grupo de variantes patrimoniais experimenta algunhas mudanzas co paso do tempo e o número de dobres respostas xunto con *guisante* aumenta considerablemente.

Outro grupo de variantes é o formado por *pedrelo* e *pedrolo*. Como se ve no mapa 84, en que se representan os resultados do ALPI, estas dúas solucións forman unha área de cinco polígonos que se estende con continuidade xeográfica desde o punto 142 en dirección sueste ata o límite co distrito de Bragança e a provincia de Zamora. A diferenza do que acontecía con *ervilla* e *ervello*, segundo os datos de que dispomos, a isoglosa coincide coa fronteira, a partir da cal se rexistran precisamente derivados de ERVĬLĬA nos materiais deste proxecto. Ambas as variantes preséntanse agrupadas en dúas zonas. A máis occidental está constituída polos puntos 142 e 144, onde se rexistra *pedrolo* como forma única. Doutra banda, na zona situada máis cara ó leste, integrada polos puntos 145, 146 e 149, recóllese a solución *pedrelo*. Nas dúas primeiras localidades documéntase tamén como forma única, mentres que na terceira comparte espazo con *chícharo*, como xa se comentou anteriormente.

No paso á seguinte etapa, este grupo de variantes experimenta unha contracción notable do seu espazo. O mapa 85, elaborado cos datos do ALGa, mostra como a área non só mingua, senón que tamén se fragmenta. Dos cinco puntos que a conformaban restan apenas dous e xa non existe continuidade entre eles. A variante *pedrolo* deixa de rexistrarse no punto 142 e a variante *pedrelo* deixa de rexistrarse nos puntos 145 e 146, quedando a súa presenza reducida ás localidades 144 e 149, respectivamente. No caso dos puntos 142 e 146, as solucións patrimoniais foron substituídas por *guisante* como forma única. No caso do 145, *pedrelo* foi substituída por unha dobre resposta *chícharo / guisante*.

A tendencia recesiva continuou no período que vai do ALGa á NEnq, pois neste último proxecto xa non se rexistrou o uso de ningunha das dúas variantes, como se pode ver no mapa 86. Nos dous puntos en que aínda se mantiñan deixaron de recollerse e pasou a documentarse a forma *guisante*. Podería pensarse que, igual que o forte avance da solución de orixe castelá fai retroceder grupos de variantes máis fortes (no sentido de que parten cunha maior extensión) que o de *pedrelo / pedrolo*, é ata certo punto normal que neste caso consiga substituír estas formas, pois partían dunha situación máis fraca, cun uso minoritario. Porén, como vimos no caso de *garavullo*, o feito de ocupar unha pequena extensión xeográfica non é impedimento para que unha determinada variante se manteña ó longo do tempo a pesar da presión doutras solucións que gozan dunha maior difusión.



Mapa 84. Distribución de *pedrelo* e *pedrolo* no ALPI.



Mapa 85. Distribucion de *pedrelo* e *pedrolo* no ALGa.



Mapa 86. Distribución de *pedrelo* e *pedrolo* na NEnq.

A última das variantes patrimoniais é *perico*. Como se pode observar no mapa 87, esta forma foi recollida para o proxecto do ALPI en tres localidades: na 111 fai parte dunha dobre resposta xunto con *chícharo* (de uso menos frecuente, segundo unha anotación do transcritor); na 121 e na 128 rexistrouse como solución única. No paso desta etapa á seguinte, *perico* deixa de rexistrarse no punto 128, onde se recolle a forma *guisante*, de xeito que a área con presenza da solución patrimonial fica reducida ós polígonos 111 e 121. Esta situación manterase ata o último proxecto, como se pode ver nos mapas 88 e 89, nos que se representan os resultados de ALGa e NEnq, respectivamente. A distribución da solución *perico* como denominación para o *Pisum sativum* é plenamente coincidente segundo os datos de ambos os dous proxectos. No paso do ALPI ó ALGa, no punto 111 esta forma deixa de rexistrarse como parte dunha dobre resposta xunto con *chícharo* e pasa a recollerse como forma única. Así se manterá na NEnq. Pola súa banda, no punto 121 dáse unha situación diferente: *perico* era forma única no ALPI e pasa a facer parte dunha dobre resposta xunto con *guisante* no ALGa e na NEnq. Como se ve, os datos dos dous últimos proxectos son exactamente os mesmos.

O caso é que *perico*, a diferenza de *pedrelo* e *pedrolo*, sendo unha variante presente nunha área aínda menor cá destas, consegue manterse en dous dos seus tres puntos iniciais. Como veremos a continuación, a presión de *guisante* é forte en toda a contorna, particularmente polo sur e polo leste. Porén, pese a esta situación, *perico* parece chegar á última etapa, a da NEnq, con plena vitalidade. Resta ver se no futuro seguirá a empregarse nesta pequena zona, onde semella fortemente arraigada, ou se finalmente acaba sendo desprazada por formas con maior difusión como *chícharo*, *garavanzo* ou, sobre todo, *guisante*.



Mapa 87. Distribución de *perico* no ALPI.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa 88. Distribución de *perico* no ALGa.



Mapa 89. Distribución de *perico* na NEnq.

Desta última variante imos falar agora. Para abordar a evolución da distribución diatópica dos rexistros de *guisante* elaboramos unha serie de mapas que se diferencia dos anteriores. En lugar de mostrar unicamente a presenza da variante en cuestión, consideramos oportuno representar a presenza daquelas outras etiquetadas como formas patrimoniais. Isto permite apreciar o elevado número de dobres respostas que se recollen no ALGa e na NEnq (aproximadamente a metade do total, como se pode ver na táboa 30), ó tempo que, ó tratar todas as variantes patrimoniais de maneira unificada, é posible facer unha análise de conxunto en comparación coa difusión da variante de orixe castelá.

No mapa 90, en que se mostran os resultados do ALPI, obsérvase unha distribución un tanto peculiar da forma *guisante*. A súa presenza esténdese por unha faixa formada por oito puntos que vai do 124 e o 147 ata o 150 trazando unha especie de arco. Ademais, aparece tamén no 151, neste caso sen aparente continuidade xeográfica con ningún dos outros polígonos en que se rexistra. A máis próxima sería a 150, pero entre Entrimo e Oímbra hai máis de 80 quilómetros por estrada, polo que están relativamente lonxe unha da outra. Con todo, podería haber un camiño meridional a través do que se puidese propagar *guisante*, establecendo unha conexión entre elas, pero non temos xeito de sabelo. Do que si temos certeza é de que no punto 148, que é o que media entre o 150 e o 151 na nosa rede, só se rexistrou a variante *garavullo* para os tres proxectos.

A difusión de *guisante* ó longo desa faixa en forma de arco puido producirse con continuidade xeográfica. Segundo os datos do ALPI, nos puntos 324 e 333, os máis achegados ó 124 e ó 147, rexistrouse a presenza desta variante, así que cabe a posibilidade de que a forma penetrase en territorio galego por esta vía. Doutra parte, semella que debeu de producirse sen continuidade xeográfica no punto 151. A variante *guisante* foi recollida como resposta única nos nove lugares en que aparece. Chámanos particularmente a atención este feito, pois en xeral nas etapas posteriores o que se produce é un reparto entre respostas únicas e respostas múltiples xunto con unha ou varias solucións patrimoniais.

O mapa 91, elaborado cos materiais do ALGa, mostra que a forma *guisante* deixa de recollerse nos puntos 124 e 151, onde fora rexistrada como resposta única na etapa anterior. Ademais, no punto 123, onde tamén foi a única solución recollida para o ALPI, pasa agora a facer parte dunha dobre resposta xunto con *chícharo*, que debeu de estenderse desde o norte. Con todo, salvando a excepción do punto 124, *guisante* mantén a súa presenza naquela faixa continua con forma de arco. Alén disto, resulta obvio que se expande con rapidez, gañando novas posicións con e sen continuidade xeográfica. Máis concretamente, esta variante de orixe castelá esténdese a 15 puntos desde a súa distribución inicial. Tendo en conta que deixa de rexistrarse en dúas localidades, o cálculo resulta nun balance positivo de 13 novos puntos. Así pois, como se ve na táboa 29, pasa de nove a 22 rexistros totais, o que supón un crecemento máis que notable. A variante *guisante* semella estenderse cara á maior parte destes 13 puntos con continuidade xeográfica e faino en todas as direccións desde a súa

distribución inicial no ALPI. Porén, nas localidades 100 e 108 parece claro que a difusión se produce de xeito descontinuo. Podería presentar algunha dúbida a aparición de *guisante* no punto 113, pero a comprobación dos datos do ALGa revela que, xunto con *chícharo*, esta variante foi rexistrada nos puntos P.03 e P.04, establecendo unha posible vía para a súa propagación desde o 129.

Pode apreciarse que en moitas ocasións a solución *guisante* foi recollida como forma única. No entanto, en once lugares (xusto a metade) forma parte dunha resposta múltiple. No punto 100 rexistrouse xunto con *chícharo* e *garavanzo*, as dúas variantes máis fortes no norte do territorio nesta etapa. Nos puntos 108, 113, 123, 145 e 147 comparte espazo só con *chícharo*. No 137 e no 138 faino con *ervilla*. No 144 aparece acompañada de *pedrolo* e no 149 de *pedrelo*. Por último, no punto 121 recóllese xunto con *perico*. Deste xeito, o avance de *guisante* non implica unha contracción das variantes patrimoniais na mesma proporción, pois unha e outras solucións coexisten en moitas localidades. Como xa comentamos, *guisante* aumenta a súa presenza en 13 puntos no paso do ALPI ó ALGa, pero o conxunto de voces patrimoniais tan só perde dúas posicións, como se pode comprobar ó consultar os datos da táboa 29. No aspecto que máis se percibe a recesión das formas patrimoniais é no número de puntos en que se rexistran como formas únicas, que pasa de 44 a 31. Obviamente, esta cifra descende na mesma medida en que sube a cantidade de respostas múltiples.



Mapa 90. Distribución de *guisante* no ALPI.



Mapa 91. Distribución de *guisante* no ALGa.



Mapa 92. Distribución de *guisante* na NEnq.

No mapa 92, en que se representan os resultados da NEnq, pódese ver como a forma *guisante* se rexistra na maior parte do territorio. Apenas nove puntos, distribuídos en diferentes zonas sen continuidade xeográfica entre eles, presentan unicamente variantes patrimoniais para designar o *Pisum sativum*: nas localidades 103, 112, 112a, 131 e 146 recóllese *chícharo*; na 110, *chícharo / garavanzo*, coa indicación de que a primeira forma é de uso máis actual e corrente; na 111, *perico*; na 140, *ervilla*; e na 148, *garavullo*. Polo demais, a solución de orixe castelá multiplica por dous o número de localidades en que se documenta a súa presenza. Como se pode ver na táboa 29, pasa de 22 a 44. En 26 delas é resposta única, o que supón case a metade do total de puntos da rede empregada.

	ALPI	ALGa	NEnq
chícharo	18/12	18/8	13/4
garavanzo *garvanzo* *garavullo*	14/10	14/9	6/1
ervilla *ervella* *ervello*	11/11	10/8	8/4
pedrolo *pedrelo*	5/5	2/0	0/0
perico	3/2	2/1	2/1
guisante	9/9	22/11	44/26
total formas patrimoniais	44/44	42/31	28/9

Táboa 29. Número de ocorrencias das distintas variantes agrupadas para a variable *chícharo* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

Isto quere dicir que a cantidade de respostas múltiples ascendeu de 11 a 18 desde a anterior etapa. En moitos destes casos, como nos puntos 101, 103, 105, 108 e 133, os informantes indican que as variantes patrimoniais se usaban máis antes ou que *guisante* lles parece unha denominación máis actual, consideración que semella apoiada pola difusión desta innovación nas últimas décadas. No punto 126, onde se rexistrou a dobre resposta *ervella / guisante*, o entrevistado ofreceu unha información significativa sobre o uso dunha e outra variante ó afirmar o seguinte: "Esas son *ervellas* [sinalándoas na fotografía que se lle presentou], pero bueno, cando as vas comprar ó supermercado chámaslles *guisantes*". Ó ser

preguntado pola razón desta variación, respondeu: "Porque *guisante* é o máis normal, vas alí e dis «Dáme un quilo…» ou «Dáme medio quilo de *guisantes*», non lle dis «Dáme medio quilo de *ervellas*», non sei. Ahora, se falas cun veciño, dislle «Ai, Pascual […], botaches as *ervellas*?». Pero ser, son a misma cousa".

Daquela, parece que, polo menos para este falante, hai unha cuestión diafásica que podería determinar o emprego das dúas variantes. É posible que, coma el, outras persoas que coñecen cando menos dúas denominacións, *guisante* mais a forma patrimonial característica da súa variedade local, opten por unha ou outra en función do contexto comunicativo. Non é estraño, en consecuencia, que co paso do tempo acabe consolidándose o uso daquela variante que se considera "máis normal" (empregando palabras do propio informante), coñecida comunmente por un espectro máis amplo de posibles interlocutores. Talvez isto é o que acontece con algúns castelanismos léxicos. De ser así, desde logo, explicaríase a rapidez coa que algúns deles se difunden.

4.3.6 Riles

Os dous órganos situados a cada lado da rexión lumbar e que teñen como función principal a elaboración da urina a partir do filtrado do sangue (DRAG) levaban o nome de RĒNES no latín clásico (Glare *et al.* 1968-1982). Segundo Houaiss (2009), a perda no -N- intervocálico e a nasalización da vogal precedente deu en portugués medieval unha forma *rẽes*, documentada desde o século XIII. A partir de aí produciuse a crase das vogais e desenvolveuse unha consoante nasal na coda silábica, dando lugar á solución *rins*. Esta forma é a empregada no *padrão* portugués actual e tamén a que foi recollida de xeito maioritario nos inquéritos do ALPI no territorio de Portugal. Porén, consonte Ferreiro (1995: 90) as variedades galegas herdaron por vía patrimonial un derivado de RĒNES por sufixación, RĒNĪLES. A dicir deste autor, tras a caída do -N- intervocálico e a nasalización da vogal anterior, debeu de dar unha forma **rẽiles* ou **rĩiles*. Logo da crase das vogais, producíronse dous resultados diferentes e que coinciden coas formas patrimoniais máis estendidas: *riles*, con desnasalización completa, e *rinles*, con desenvolvemento dunha consoante nasal na coda silábica. Alén destas dúas, existe unha terceira solución patrimonial na que se desenvolveu un *-o-*, probablemente como marca gramatical de masculino, dando como resultado a variante *rilos*, presente nunha área moi reducida, como se verá a seguir.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Pola súa parte, segundo Corominas, o castelán tomou unha palabra derivada da mesma raíz, pero con diferente sufixo para designar estes órganos. Semella que sobre RĒNES se formou en latín vulgar a forma *RĒNIŌNES, que posteriormente experimentaría dúas mudanzas fónicas. Dunha parte, o iode palatalizou a nasal anterior; doutra, talvez coa axuda

do influxo do propio iode (comenta o autor), a vogal pretónica pechou un grao. Deste xeito, orixinouse a voz *riñones* (e o singular *riñón*), que se documenta desde o século XV (Corominas / Pascual 1980-1991). Esta forma castelá, adaptada ás solucións morfolóxicas galegas para a formación do plural das palabras oxítonas rematadas en consoante nasal, semella estar cada vez máis integrada no galego popular. Variantes como *riñóns*, *riñós* ou *riñois*, recóllense con crecente frecuencia no tempo que vai do ALPI á NEnq. Ademais, rexístranse tamén nos nosos materiais formas con harmonización vocálica como *roñóns* e *roñós*.

O seu uso tamén se rexistra na escrita. Segundo o TILG, a primeira ocorrencia dunha destas variantes data de 1860 e recóllese na obra *Ensaios poéticos en dialecto berciano*, de Antonio Fernández Morales, no seguinte contexto: "Muitas dunha labazada desvían os moscardois; mais algúa infortunada na luita, dá unha zoupada no suelo e rompe os *riñois*". Tamén atopamos *riñós* nun poema de Curros Enríquez e *riñóns* nunha carta de Xosé Baña Posse, xunto con outras 18 ocorrencias anteriores ó levantamento de datos para o ALPI. Porén, non se encontra ningún caso de *riñones*, polo que se trata dun castelanismo adaptado en todos os casos documentados.

Para dar conta da distribución das diferentes maneiras de designar estes órganos e a súa evolución no espazo ó longo do período estudado, elaboramos unha serie de mapas en que se representan catro variantes: *riles*, *rilos*, *rinles* e *riñóns*. Baixo esta última forma, a fin de simplificar a cartografía e a súa interpretación, agrupamos os resultados *riñóns*, *riñós*, *riñois*, *roñóns* e *roñós*. Lembremos que a distribución das diferentes solucións existentes en galego para a formación do plural das palabras oxítonas rematadas en *-ón* e a súa evolución no período que comprenden as tres fontes de datos empregadas neste traballo xa foron tratadas no apartado § 4.2.2.

No mapa 93, confeccionado cos materiais do ALPI, pódese ver que a variante *riles* é claramente maioritaria. Como se pode ver na táboa 30, recóllese nun total de 38 puntos, en 36 deles como resposta única. Esténdese por boa parte do territorio, agás por certas áreas marxinais, de maior ou menor tamaño, nas que atopamos outras variantes. Por exemplo, nos puntos 101 e 102 documéntase a forma *rilos*. Doutra banda, a forma *rinles* aparece espallada en catro zonas. A máis occidental é tamén a máis ampla, pois está conformada por oito puntos e comprende boa parte do occidente da provincia da Coruña mais un punto no norte da provincia de Pontevedra. Máis ó sur, na fronteira entre as provincias de Pontevedra e Ourense atopamos unha pequena área integrada por tres puntos: 138, 143 e 150. Por outra parte, na localidade 118 a variante *rinles* é rexistrada xunto con *riles* sen que ningunha nota achegue información sobre o uso dunha ou outra forma. Por último, na fronteira nororiental recóllese no punto 117.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Como se pode ver, esta variante atópase esparexida por diversas áreas sen continuidade xeográfica entre elas. Talvez isto poida interpretarse como o indicio dunha maior extensión no pasado. É posible que estes puntos estivesen conectados e que as variantes con desnasalización completa (*riles* e *rilos*) se propagasen ata deixalos illados uns dos outros. A existencia da dobre resposta *riles / rinles* no punto 118 e a posterior desaparición da forma con consoante nasal na coda silábica nos materiais do ALGa podería interpretarse como unha proba disto. Con todo, cos datos de que dispomos non é posible ter ningunha certeza ó respecto; ben podería tratarse de desenvolvementos paralelos a partir das solucións medievais con vogal nasal.

Por outra parte, obsérvase que as variantes agrupadas baixo a etiqueta *riñóns* aparecen en catro localidades: na 102 rexístrase *roñós* canda *rilos*; na 108 recóllese *roñóns* xunto con *rinles*, solución característica da área na que se inscribe; na 136 documéntase unha dobre resposta *riñóns / riles*; e, finalmente, na 110 rexístrase *riñós* como forma única. Como se ve, trátase de catro puntos sen continuidade xeográfica entre eles. Este tipo de difusión xa o temos visto noutros castelanismos léxicos. A xulgar polo seu reducido número de ocorrencias, semella que as formas derivadas de *RĒNIŌNES non eran moi frecuentes no galego empregado na altura polos informantes do ALPI.



Mapa 93. Resultados de *riles* no ALPI.



Mapa 94. Resultados de *riles* no ALGa.



Mapa 95. Resultados de *riles* na NEnq.

Ó fío disto, cómpre sinalar un par de cuestións. A primeira ten que ver con que en dous dos catro rexistros observamos solucións con harmonización vocálica, unha variación sobre a forma orixinal castelá que podería tomarse (aínda que non necesariamente) como un sinal de que esta non debía de ser aínda moi coñecida e de que o seu emprego non estaba aínda moi asentado. A segunda das cuestións está relacionada coa información adicional recollida nas notas dos cadernos de campo. Nos tres casos en que se rexistra unha dobre resposta (puntos 102, 108 e 136), a carón da forma patrimonial correspondente (*rilos*, *rinles* e *riles*, respectivamente) apuntouse a seguinte aclaración: "los del cerdo". Dáse a entender, logo, que as solucións de orixe castelá (*roñós*, *roñóns* e *riñóns*, respectivamente) designan os órganos humanos. Esta distinción é moi importante, pois volverá especificarse nos materiais dos proxectos posteriores. Semella que este castelanismo, en moitas ocasións, non substitúe a forma patrimonial en todos os seus usos, senón que coexiste con ela e é empregada para referirse á anatomía humana de xeito exclusivo.

Esta situación pode apreciarse con claridade ó analizar os datos do ALGa cos que está elaborado o mapa 94. A presenza das formas agrupadas baixo a etiqueta *riñóns* aumenta considerablemente e o número de respostas dobres é alto (27 de 33, como se pode deducir ó observar a táboa 30). En 14 deses casos especifícase que a forma patrimonial designa os órganos do porco ou ben que a forma de orixe castelá fai referencia ós das persoas. Por outra parte, parece constatarse que a difusión de *riñóns* se produce con e sen continuidade xeográfica. A difusión con descontinuidade xeográfica dáse, cando menos, nos puntos 138, 148 e 150. Nos dous primeiros recóllese unha dobre resposta *rinles / riñóns* e no outro *riles / riñós*. Estes tres puntos están rodeados por un arco con continuidade xeográfica no que se rexistran só formas patrimoniais (*rinles* na localidade 143 e *riles* nas localidades 135, 137, 139, 144 e 151) por un lado e polas falas miñotas portuguesas polo outro, de maneira que as variantes de orixe castelá deberon de chegar aquí por outra vía.

Obsérvase que tamén aumenta o número de puntos en que *riñóns* se documenta como forma única. Concretamente, pasa de un a seis. Nos puntos 108 e 136, onde formaba parte dunha dobre resposta xunto con solucións patrimoniais, acaba impoñéndose sobre estas. Noutros catro lugares, espallados en diferentes localizacións do territorio (112, 121, 133 e 146) substitúe as formas patrimoniais preexistentes. Curiosamente, no punto 110, o único no que no ALPI se documentaba unha forma de orixe castelá sen facer parte dunha dobre resposta, a variante *riñós* deixa de recollerse e só se rexistra *rinles*, que é a solución patrimonial característica dos polígonos cos que linda polo oeste.

Polo demais, as formas patrimoniais manteñen máis ou menos as súas respectivas áreas. A variante *rinles*, pese a deixar de rexistrarse nos puntos 108 e 112, segue sendo documentada naquela área occidental, agora formada por sete polígonos. No grupo do sur mantense nos tres puntos en que fora recollida para o ALPI e mesmo segue a ser resposta única no 143. Tamén segue documentándose no 117, desta volta xunto con *riñós*. Porén, deixa de recollerse

no punto 118, onde facía parte dunha dobre resposta xunto con *riles*. Pola súa parte, *riles* continúa a ser a solución maioritaria, pero por pouca marxe. Como se pode ver na táboa 30, nos materiais do ALGa recóllese en 35 ocasións, fronte ás 33 das variantes etiquetadas como *riñóns*. En relación coa súa presenza, perde só tres puntos respecto dos datos do ALPI. Onde máis se nota o cambio é no número de rexistros como resposta única, que pasa de 36 a 13. Con todo, mantén a grandes trazos a súa distribución. Finalmente, a variante *rilos* é substituída polo rexistro de *riles* no punto 102, aínda que continúa a recollerse no 101, se ben como parte dunha dobre resposta xunto con *riñós*.

No mapa 95, en que se representan os resultados da NEnq, obsérvase unha mudanza evidente. A expansión de *riñóns* continuou e agora xa é claramente a forma predominante. A súa presenza esténdese á práctica totalidade do territorio, con excepción dos puntos 106, 127 e 129. Por tanto, como se pode ver na táboa 30, as variantes de orixe castelá aparecen nun total de 50 localidades. En 41 delas rexístranse como formas únicas. Esta cifra medrou moito no paso do ALGa á NEnq, ó tempo que minguou considerablemente o número de dobres respostas, que pasa de 27 a 9. En seis deses casos en que hai dobre resposta, os informantes indican que a solución patrimonial designa os órganos do porco ou ben que castelanismo nomea os órganos humanos; nos tres restantes, os entrevistados consideran que a forma patrimonial está en desuso ou que a forma de orixe castelá é máis moderna. Todo parece indicar, pois, que o proceso de substitución se encontra xa moi avanzado.

A difusión de *riñóns* deixa as variantes patrimoniais repartidas en catro grupos sen continuidade xeográfica entre si. A presenza de *rinles* mantense nos puntos 106, 107 e 109, aínda que desaparece do resto de lugares en que se rexistraba. A estes tres polígonos únese o 110, onde pervive *riles*, se ben sinalada como unha forma antiga e en desuso. Esta variante, que no ALPI presentaba unha grande extensión que ocupaba a maior parte do territorio, aparece tamén na localidade 115 e en dúas pequenas áreas de tres e catro puntos respectivamente: unha máis ó leste, formada polos polígonos 120, 123 e 127; e outra máis ó oeste, formada polos polígonos 129, 133, 135 e 141. Na táboa 30 pódese ver que a suma total das ocorrencias destas variantes patrimoniais pasa de 47 a 12 no tempo que media entre o ALGa e a NEnq. Se ademais temos en conta o reducido número de rexistros como respostas únicas en comparación cos datos que presentaba o ALPI, é doado percibir como o emprego destas formas descendeu ó mesmo ritmo que aumentaba o uso do castelanismo *riñóns*.

Como se pode observar ó longo da secuencia, as variantes patrimoniais que conseguen soportar o empuxe das formas de orixe castelá permanecen no que queda das súas zonas orixinais (aquelas nas que foron documentadas para o ALPI). Porén, o mapa mudou moito desde o ALPI á NEnq. Partindo dunha situación minoritaria, as variantes etiquetadas como *riñóns* pasaron a expandirse con forza, provocando un gran número de dobres respostas xunto coas solucións patrimoniais. En boa parte deses casos, a solución castelá asumiu unha función distintiva, designando exclusivamente os riles humanos. Posteriormente, aínda que esta

distinción seguiu sendo operativa nunhas poucas localidades, parece que o castelanismo acabou por asumir todas as acepcións ó tempo que conseguiu propagarse ata ocupar o territorio case por completo.

	ALPI	ALGa	NEnq
riles	38/36	35/13	9/2
rinles	13/11	11/7	3/2
rilos	2/1	1/1	0/0
riñóns	4/1	33/6	50/41
total formas patrimoniais	52/49	47/20	12/3

Táboa 30. Número de ocorrencias de *riles*, *rinles*, *rilos* e *riñóns* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

4.3.7 Xonllo

Segundo o DRAG, a denominación no galego estándar para a articulación do fémur coa tibia (na que tamén intervén a rótula, así como varias cartilaxes e ligamentos) é *xeonllo*. Curiosamente, non atopamos una soa ocorrencia desta forma nos nosos materiais. Non obstante, si hai rexistros de variantes que, igual que esta, proveñen do latín GĔNŬCŬLU, diminutivo de GĔNU, que xa tiña ese sentido de 'articulación' e mesmo, máis concretamente, de 'xeonllo' en época clásica (Glare *et al.* 1968-1982). Case todas estas formas comparten unha característica común, a evolución da terminación -CŬLU latina cara a unha terminación *-llo / -lho* (en principio, cunha lateral palatal /ʎ/) característica do romance galego-portugués (Ferreiro 1995: 147-149; Mariño 2017: 354-355).

Por outra parte, en época medieval, a consoante oclusiva velar sonora /ɡ/ seguida de vogal palatal derivaría nunha africada palatal sonora /dʒ/. Este segmento desafricaría e evolucionaría cara a unha fricativa prepalatal sonora /ʒ/ que posteriormente enxordecería na maior parte do territorio galego, dando lugar a un /ʃ/ (Ferreiro 1995: 182-185; Mariño 2017: 316-348), como aconteceu con exemplos como GĔNTE > *xente* ou VĬRGĬNE > *virxe*. Alén disto, nalgunhas das variantes procedentes de GĔNŬCŬLU produciríase tamén unha despalatalización do /ʃ/, orixinando formas con articulación alveolar, ben apical /s̻/ ou ben predorsal /s/. Pese a non estar tratada como unha variable fonética, para a representación

cartográfica pareceunos oportuno distinguir entre as formas con fricativa palatal e fricativa alveolar, pois mostran unha distribución xeográfica interesante.

Alén disto, observamos tres diferentes evolucións relacionadas coa caída do -N- intervocálico. Segundo Houaiss (2009), a secuencia -ĔNŬ-, tras a desaparición da consoante nasal e a habitual nasalización da vogal precedente, derivou en *-ẽo-*, como se constata coa documentación da forma *gẽolho* no século XIII. A partir de *-ẽo-*, dunha maneira parecida ó que acontecía cos resultados de -ĀNU ou os de -ŌNES (cf. apartados § 4.1.5 e § 4.2.2, respectivamente), déronse tres solucións posibles: unha con asimilación regresiva (*-õo-*), posterior crase e desnasalización completa, *-o-*; outra con asimilación regresiva, crase e desenvolvemento dunha consoante nasal na coda silábica, *-on-*; e outra máis con desnasalización completa, sen crase e con peche dun grao da vogal pretónica, *-io-*.

As variantes patrimoniais que atopamos para nomear esta articulación son as seguintes: *xonllo*, *sonllo*, *xollo*, *sollo*, *xiollo* e *xioño*. Esta última podería explicarse pola influencia da nasal sobre a consoante lateral palatal, dando lugar a unha nasal palatal /ɲ/, como acontece coa forma *fiúño* > FŪRŬNCŬLU, documentada, por certo, no sur da provincia de Pontevedra para os tres proxectos, no punto 138, preto de onde se recolle a variante *xioño*. Ademais destas formas, encontramos numerosos rexistros da variante de orixe castelá *rodilla* desde a etapa do ALPI. Segundo Corominas, esta forma procede do substantivo latino RŎTĔLLA, diminutivo de RŎTA ('roda') empregado para designar o óso que na actualidade denominamos con outro diminutivo da mesma palabra: RŎTŬLA. O termo *rótula* chega tanto ó galego coma ó castelán por vía culta. Nalgún momento, por unha cuestión metonímica, *rodilla* pasou de nomear a rótula a facer referencia ó conxunto da articulación (Corominas / Pascual 1980-1991). Este substantivo aparece con certa profusión en fontes galegas escritas, segundo consta na base de datos do TILG. O seu primeiro rexistro data de 1869 e rexístrase nunha cantiga incluída por Domigo Blanco na súa compilación *A poesía popular en Galicia 1745-1885* no contexto dos seguintes versos: "Téño-che a pluma na man / co tinteiro na *rodilla* / para escribir-ch'unha carta, / miña carrapucheiriña".

Así pois, contamos con sete variantes. Para confeccionar os mapas, de entre as patrimoniais, agrupamos nun mesmo rango de cor as dúas que, desde o punto de vista da fonética histórica, presentan crase e desenvolvemento dunha consoante nasal na coda silábica (*xonllo* e *sonllo*) e as dúas que presentan crase e desnasalización completa (*xollo* e *sollo*). Cada par diferénciase pola sibilante inicial, palatal ou alveolar. Fixemos isto coa intención de que na representación cartográfica se puidese apreciar mellor a súa distribución en conxunto. Como veremos, parece que o desenvolvemento ou non dunha consoante nasal na posición posnuclear da sílaba tónica permite apreciar unha distinción norte-sur no reparto de variantes. Non obstante, a forma *rodilla* encóntrase xa tan estendida que só deixa intuír como puideron estar distribuídas as solucións patrimoniais no pasado, polo que non é posible ter ningunha certeza neste sentido.

O mapa 96, elaborado cos materiais do ALPI, mostra un claro dominio da forma de orixe castelá *rodilla*. Ocupa a maior parte do territorio, estendéndose por un total de 47 localidades, en 41 das cales foi rexistrada como resposta única, tal e como se pode observar na táboa 31. No que respecta ás formas patrimoniais, obsérvase que as variantes *xonllo* e *sonllo* son recollidas, máis ou menos, na metade norte do territorio, mentres que as variantes *xollo*, *sollo* e *xioño* se distribúen pola metade sur. A diferenza do que acontecía con *mañán* ou *gran* en relación con *mañá* e *gra / grao*, parece que esta isoglosa debeu de correr de oeste a leste e non de norte a sur, o que se advirte, sobre todo, pola presenza de *xonllo* no punto 119. Ademais de rexistrarse nesta localidade, onde fai parte dunha dobre resposta xunto con *rodilla*, *xonllo* recóllese como forma única nos puntos 107 e 112. Doutra banda, *sonllo* esténdese por tres puntos con continuidade xeográfica. Nun deles, o 109, rexístrase como forma única, mentres que nos outros dous, o 106 e o 110, forma unha dobre resposta xunto coa solución de orixe castelá. Como se ve, as variantes *xonllo* e *sonllo* son recollidas nunha área compacta integrada por cinco polígonos, pero o rexistro dunha destas formas no punto 119 fai pensar que no pasado puideron ter unha maior extensión, cando menos cara ó leste. Esta hipótese vese reforzada pola presenza da forma *sunllos* no punto zamorano do ALGa Z.02, un dos lugares máis orientais da súa rede.



Mapa 96. Resultados de *xonllo* no ALPI.



Mapa 97. Resultados de *xonllo* no ALGa.



Mapa 98. Resultados de *xonllo* na NEnq.

Ollando cara ó sur atopamos o que poden ser os restos dunha antiga área continua caracterizada pola existencia de formas con crase e desnasalización completa. Pódense apreciar aquí dous grupos claramente diferenciados tanto xeograficamente como polas solucións que presentan. Un está integrado por tres localidades nas que se rexistra a variante *sollo*. En dúas delas, a 141 e a 142, documéntase como forma única; na terceira, a 128, recóllese xunto con *rodilla*. Neste último caso, acompaña o rexistro de *sollo* unha nota do transcritor que di "Recuerda", do que se deduce que é unha forma en desuso. A súa desaparición neste punto mostrada polos datos do ALGa parece confirmar esta suposición. O outro grupo presenta variantes con fricativa palatal. No punto 151 trátase dunha forma [ˈʒoʎo], coa fricativa palatal sonora característica do seu sistema de sibilantes (cf. apartado § 4.1.3), mentres que no punto 148 (xunto con *rodilla*) se rexistra unha variante [ˈʃoʎo], coa fricativa palatal xorda característica da maior parte das variedades galegas.

Por último, na localidade 135 atopamos un derivado de GĔNŬCŬLU diferente dos anteriores: *xioño*. Trátase do único rexistro no ALPI dunha forma na que o grupo *-eo-* non experimentou asimilación regresiva e posterior crase. Non podemos considerar que a desnasalización é completa porque cremos plausible que o primixenio -N- intervocálico ou o seu resto de nasalidade na antiga secuencia medieval *-ẽo-* influísen na xeración da consoante nasal palatal da sílaba postónica [ɲ]. Esta forma, que fai parte dunha dobre resposta xunto con *rodilla*, vai acompañada dunha nota na que se indica que o seu uso é menos frecuente. A escasa vitalidade que debía ter esta variante xa na altura demóstrase no feito de que só se documenta nos materiais do ALPI, pois non volverá recollerse en ningún dos dous proxectos posteriores.

Así o mostra o mapa 97, elaborado cos datos do ALGa, no que se pode observar como a variante *rodilla* substitúe a *xioño* no punto 135, sendo rexistrada como resposta única. No entanto, atopamos unha forma similar, con mantemento da palatal e sen asimilación nin posterior crase vocálica, pero desta volta con desnasalización completa. Trátase da variante *xiollo*, rexistrada como forma única no punto 137, onde substitúe a forma *rodilla*, que fora rexistrada como resposta única nesta localidade na etapa anterior. Esta variante recóllese tamén nos puntos próximos P.22 e P.25 do ALGa, así como no máis distante P.32, o que significa que tiña na altura unha extensión algo maior que a que mostra o noso mapa. Pola súa parte, o resto de formas sen consoante nasal na coda da sílaba tónica corren diferente sorte. No grupo máis meridional, integrado polos puntos 148 e 151, *xollo* (co que representamos as variantes fonéticas [ˈʃoʎo] e [ˈʒoʎo]) mantén a súa presenza. Iso si, agora tamén no 151 a solución patrimonial fai parte dunha dobre resposta xunto con *rodilla*. Por contra, no grupo formado polas localidades 128, 141 e 142 a forma *sollo* deixa de rexistrarse, sendo substituída pola forma de orixe castelá, o que supón unha mingua considerable para este conxunto de variantes.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No que respecta a aquel outro grupo de derivados de GĔNŬCŬLU con desenvolvemento dunha consoante nasal na coda silábica, obsérvanse tamén dúas dinámicas diferentes. Dunha parte, a área de cinco polígonos en que se rexistraban as solucións *xonllo* e *sonllo* experimenta unha contracción por mor da difusión da forma maioritaria. Fica así reducida a tan só tres polígonos. No punto 107 continúa a recollerse *xonllo* como resposta única. No 106 e no 109 tamén se repiten os datos do ALPI: no primeiro volve haber unha dobre resposta *sonllo / rodilla* e no segundo continúa a ser *sonllo* a única variante recollida. Por outro lado, no punto 119, onde se rexistrara *xonllo* / *rodilla*, agora documéntase unha dobre resposta *xonllo / sollo*. Ademais, no punto colindante 118 rexístrase tamén *xonllo*, formando parte dunha dobre resposta xunto coa solución de orixe castelá, que na etapa anterior fora rexistrada como forma única.

De todos modos, a variante *rodilla*, pese a non ser recollida nos puntos 119 e 137 (nos que si fora rexistrada na etapa anterior), mostra unha dinámica expansiva xeral que xa debía de estar a producirse desde antes da década de 1930, a xulgar polo seu elevado número de ocorrencias nos materiais do ALPI. Dada a súa grande extensión territorial, todos os cambios en que se amplía (os máis) ou se reduce (os menos) o seu espazo produ̱cense con continuidade xeográfica. Porén, coñecendo o comportamento doutros castelanismos léxicos similares (dos que hai abondosos exemplos na presente sección) consideramos que é moi probable que, cando menos no inicio da súa difusión en territorio galego, esta se producise tamén de xeito descontinuo. O que está claro é se propaga cunha inercia imparable, como evidencia o mapa 98, elaborado cos materiais da NEnq, no que se observa como non fica nin unha soa mostra da pervivencia de calquera forma patrimonial derivada de GĔNŬCŬLU. Tanto os mapas como as cifras presentadas na táboa 31 dan conta dunha realidade contundente. Segundo os materiais con que traballamos, o proceso de substitución semella completado na totalidade do territorio.

	ALPI	ALGa	NEnq
rodilla	47/41	50/45	53/53
< GĔNŬCŬLU	12/6	8/3	0/0

Táboa 31. Número de ocorrencias de *rodilla* e das variantes patrimoniais derivadas de GĔNŬCŬLU nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.3.8 Nó

A palabra latina NŌDU deu, por lenición e desaparición da consoante oclusiva dental sonora e pola posterior crase do encontro vocálico resultante, a forma *nó*, que chega por vía patrimonial (Corominas / Pascual 1980-1991; Houaiss 2009). Trátase dunha palabra polisémica que aparece relacionada con dous elementos do noso cuestionario. Dunha banda, rexístrase co sentido de 'lazo ou atadura' e tamén en referencia á madeira, co significado de 'parte xeralmente arredondada, máis dura e escura có resto' (DRAG). Doutra banda, alén destas dúas acepcións básicas, nos materiais do ALPI, o ALGa e a NEnq atopamos un terceiro uso desta palabra como denominación anatómica na construción *nó da gorxa* (a carón doutras expresións como *noz* ou *mazán*) co sentido de 'prominencia larínxea' (DRAG).

Por outra parte, a mesma palabra NŌDU deu na lingua castelá *nudo*. A causa do contacto entre o galego e o castelán, esta forma *nudo*, que ten as mesmas acepcións que *nó*, emprégase na fala popular galega. Segundo o TILG, a primeira ocorrencia deste castelanismo nun texto galego rexístrase en 1863, na obra *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, no contexto dos seguintes versos: "[…] ¡Inda rebentes, / larpeiro rabudo; / qu'inda na gorxa / ch'aperten un *nudo*! […]". A partir de aí, a forma aparece nesta base de datos con diferentes sentidos ata en 69 ocasións, repartidas por obras de tipoloxía diversa ó longo dos séculos posteriores ata a actualidade.

Tamén nos materiais con que traballamos se recolle o uso de *nudo*. Para analizar o seu grao de penetración, en contraposición coa forma patrimonial galega *nó*, así como a evolución da súa presenza sobre o espazo, elaboramos a seguinte serie de mapas. Para a súa confección tomamos como referencia unicamente os datos referidos ás dúas primeiras acepcións, a de 'lazo, atadura' e a de 'parte dura da madeira'. As respostas como *nó da gorxa* empregámolas só como información de apoio, pois ofrecen resultados que abranguen só de maneira parcial o territorio.

No mapa 99, elaborado cos datos do ALPI, obsérvase que a variante *nó* é claramente maioritaria. Como se pode comprobar na táboa 32, foi rexistrada como forma única nun total de 37 puntos que cobren a meirande parte do espazo explorado. Ademais, aparece facendo parte dunha dobre resposta xunto con *nudo* noutras cinco localidades. Nalgúns destes casos existen notas que ofrecen información adicional. Por exemplo, no punto 123 recóllese un comentario do transcritor canda *nó* que di que esta forma é de uso menos frecuente. Porén, neste mesmo lugar tamén se rexistra a locución *nó da gorxa* como resposta única. As notas dos puntos 140, 143 e 145, onde tamén se documentaros respostas dobres, apuntan no mesmo sentido de que *nó* é unha forma en desuso. No punto 146 o transcritor mesmo fai constar que o informante rexeita o uso desta variante.

Respecto da forma *nudo*, vemos que aparece como resposta única en dous puntos illados do norte, o 103 e o 114, distanciados entre si. Por outra parte, no sur si se pode apreciar

certa continuidade no espazo ocupado polas respostas coa solución de orixe castelá, ben como resposta única, ben como parte dunha dobre resposta xunto coa forma patrimonial galega. Podería estar a indicar isto unha hipotética vía de penetración do castelanismo desde o leste da provincia de Ourense cara á costa? Non se descarta esta posibilidade. Desde logo, *nudo* é a variante rexistrada para o ALPI nos puntos leoneses e zamoranos máis próximos ás localidades ourensás 146 e 147. Aínda que a difusión de castelanismos léxicos pode producirse paralelamente en diferentes lugares do territorio sen conexión entre eles, iso non impide que tamén poida producirse con continuidade xeográfica.

Esta difusión pódese apreciar no mapa 100, elaborado cos datos do ALGa. Nel obsérvase como a forma *nudo* se estende con maior profusión precisamente a partir da zona meridional en que a súa presenza era máis sólida na etapa anterior. De feito, se exceptuamos os puntos 142, 144 e 150, o rexistro desta variante prodúcese na meirande parte da metade sur do territorio. Non obstante, chama a atención como esta solución, en contra da tendencia xeral, deixa de rexistrarse no punto 123, onde fora recollida para o ALPI. Pola súa parte, desde aqueles dous puntos do norte, o 103 e o 114, *nudo* tamén consegue difundirse, pois estas pequenas áreas aumentan a súa extensión nun e catro puntos máis, respectivamente. En relación co 103, cabe salientar o feito de que se pasa dunha resposta única *nudo* a unha resposta dobre *nudo / nó*. Isto debe de significar que, aínda que non se documentou o seu uso no ALPI, nesta zona nunca debeu de deixar de coñecerse a forma *nó*. É posible que, neste tipo de casos, os falantes coñezan as dúas variantes, pertencentes ós dous códigos, e que, polo menos durante un tempo, ambas coexistan no seu inventario léxico ata que chega a producirse (ou non) a substitución.

Desconectado das tres vías mencionadas de propagación da forma de orixe castelá, o punto 108, o máis occidental da nosa rede, mostra un cambio de *nó* para *nudo*. Confírmase, logo, este comportamento xa mencionado de difusión con e sen continuidade xeográfica. Trátase dun modelo que, polo que podemos observar, actúa dunha maneira rápida, estendendo a variante expansiva ó longo dun espazo considerable nun prazo de tempo relativamente curto. Lembremos que no ALPI o número total de puntos que presentaba *nó* como resposta única era de 37 e reparemos en que agora é tan só de 20, como se pode observar na táboa 32. Ó tempo, o número total de localidades que presentaban rexistros da forma *nudo* pasa de 16 (en once delas como resposta única) a 33 (en 25 delas como resposta única). O cambio experimentado pola distribución destas dúas variantes no período que media entre o ALPI e o ALGa é notable.

A tendencia expansiva da variante *nudo* continúa no seguinte salto temporal, o que vai do ALGa á NEnq. O mapa 101, elaborado cos materiais deste último proxecto, non deixa lugar a dúbidas: a forma *nudo* acaba por ocupar a meirande parte do territorio. E non só iso, senón que na maioría das ocasións foi rexistrada como resposta única. Unicamente non se recolle en tres puntos: o 121, o 138 e o 150. Tanto o 121 como o 150 mantéñense á marxe do

cambio durante todo o período, desde o ALPI ata a NEnq. No entanto, o 138 presenta a secuencia *nó* - *nudo* - *nó*. Quere dicir isto que a forma patrimonial deixou de usarse en tempo do ALGa e foi recuperada posteriormente? Con toda probabilidade, non. Seguramente se trata dun novo caso en que as dúas variantes coexisten no inventario léxico dos falantes e poden ser empregadas por algúns deles ou nalgunhas ocasións.

A difusión de *nudo* no tempo que media entre o ALGa e a NEnq semella producirse en todas direccións. Como se pode ver na táboa 32, esta variante rexístrase en 50 dos 53 puntos totais. En 43 destas localidades recóllese como forma única. Nas sete restantes, nas que se rexistrou tamén a forma *nó*, abundan as notas que que fan referencia a que esta última é unha variante que se encontra en desuso ou que se considera antiga. Por exemplo, o informante principal do punto 108 afirma coñecer a súa existencia, pero asegura que non se emprega actualmente na súa localidade, senón que "máis ben era unha palabra de antes… «fai un *nó*, facer un *nó*», pero ahora máis ben é *nudo*, dise *nudo*".



Mapa 99. Resultados de *nó* no ALPI.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa 100. Resultados de *nó* no ALGa.



Mapa 101. Resultados de *nó* na NEnq.

En definitiva, o período iníciase cunha situación na que a forma *nudo* tiña un uso minoritario e aparecía en cando menos tres focos sen aparente conexión entre si. A partir de aí continúa a súa difusión, en parte estendéndose desde estes focos a polígonos colindantes e en parte aparecendo en novas localizacións sen continuidade xeográfica. A propagación é tan rápida e chega a abranguer tanto espazo que no final do período a forma *nó* ten unha presenza minoritaria no territorio. Podería dicirse que estas dúas variantes inverten os seus papeis: a forma que no ALPI era dominante acaba sendo minoritaria e a forma minoritaria acaba ocupando a maior parte do espazo. Tal e como se pode ver na táboa 32, os rexistros de *nudo* aumentan progresivamente, a un ritmo semellante ó da diminución dos rexistros de *nó*. De continuar a tendencia observada, podería chegar a producirse a substitución de *nó* por *nudo* en todos os puntos.

	ALPI	ALGa	NEnq
nó	42/37	28/20	10/3
nudo	16/11	33/25	50/43

Táboa 32. Número de ocorrencias das variantes *nó* e *nudo* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

4.3.9 Berce

Xunto con *bercio*, *berzo* e *birzo*, *berce* é a denominación máis común en galego para 'cama de neno pequeno', poida esta abanearse ou non (DRAG). Segundo Corominas, non hai certeza sobre a orixe etimolóxica destas formas, pero a súa extensión xeográfica semella apuntar cara ó céltico. Nos dominios galego-portugués, catalán e galorrománico impuxéronse sobre o latín clásico CŪNA, mais non no castelán. Algúns autores consideran que poden proceder dun substantivo *BERTIUM ou *BRETIUM que tería o significado inicial de 'cesto de vimbios', mentres que outros coidan que pode estar relacionado cun verbo *BERTIARE, emparentado co irlandés *bertaim*, co sentido de 'sacudir, facer oscilar' (Corominas / Pascual: 1980-1991). En todo caso, parece que as formas actuais chegan a través do latín vulgar *BERTIUM ou *BERCIUM (Houaiss: 2009).

Alén deste grupo de variantes, atopamos nos nosos materiais outras denominacións para esta mesma realidade. Dunha banda temos *rolo, rola*, *rulo* e *arrulo*. A orixe destas tres formas non está de todo clara e semella haber dúas explicacións posibles. Segundo Houaiss (2009), poderían proceder en último termo de ROTŬLU ('rolo, cilindro') a través da forma

latina medieval ROLLU e terían o sentido primario de 'cousa arredondada', pero tamén é posible que veñan da voz onomatopeica *ro-ró* empregada mentres se abanea o neno para que durma. A dicir doutros autores, tamén puido haber un cruzamento entre ROLLU e *ro-ró* (Corominas / Pascual: 1980-1991). No caso de *rolo*, pareceunos oportuno distinguir o grao de abertura da vogal tónica, xa que *r*[ɔ]*lo* e *r*[o]*lo* presentan unha distribución e unha evolución independentes e claramente definidas.

Por outra parte, encontramos tamén a forma *barrelo*. De orixe incerta, podería estar relacionada coa voz *barrela*, documentada por Sarmiento na zona de Viveiro co significado de 'recipiente para lavar a roupa'. No caso, viría dunha antiga raíz *BARR-, probablemente gálica, de onde semellan proceder tamén *barrica*, *barriga* e *barril* (Corominas / Pascual: 1980-1991; Houaiss: 2009).

Outro nome diferente rexistrado nos nosos materiais para este concepto é *camareta*. Trátase, como veremos, dunha variante minoritaria, recollida en tan só dúas localidades. Semella un caso de sufixación sobre o substantivo *cámara*. No entanto, non se descarta a posibilidade de que sexa un diminutivo de *cama* (substantivo co que comparte certa carga semántica) que experimentase un cruzamento con esta forma derivada de *cámara*. A acepción de *camareta* como 'berce' non aparece recollida en ningún dicionario nin tampouco existe no TILG rexistro da forma con este significado.

Por último, recóllese tamén a forma *cuna*, de uso común en castelán, como xa se sinalou. É herdeira directa do latín CŪNA, con mantemento de -N- intervocálico, propio dos falares asturleoneses e casteláns, entre outros, en contraposición co bloque galego-portugués. En época clásica adoitaba empregarse en plural (nom. CŪNÆ, ac. CŪNAS), pero xa en Varrón se documenta o uso singular que se acabou impoñendo (Corominas / Pascual: 1980-1991). Existe en portugués como cultismo, aínda que só se emprega en rexistros formais, en moitas ocasións co sentido figurado de 'orixe, terra natal' (Houaiss: 2009). En galego non forma parte do estándar, pero aparece con certa frecuencia en textos a partir do século XIX. Segundo o TILG, a primeira ocorrencia deste vocábulo rexístrase na *Égloga de Belmiro e Benigno*, de Nicomedes Pastor Díaz, datada en 1828, nos seguintes versos: "[…] Vente, Belmiro, vente; / ven consolar a túa triste xente. / Vente prá casa que te veu na *cuna*, / ven pra a porta en que tanto traveseabas, / vente pra os campos donde festa algunha / n'houbo compreta si é que tu n'estabas […]".

Dado o número de variantes, que ascende a un total de once, e o feito de que en non poucas ocasións se rexistran duplas e mesmo triplas respostas, decidimos desglosar a información e elaborar cinco series de mapas independentes agrupando as formas pola súa raíz léxica. Isto permite simplificar a representación cartográfica, ó tempo que facilita a análise da distribución de cada grupo de variantes e a súa evolución no tempo. Ademais, como se verá, non supón un grande impedimento para abordar a cuestión desde unha

perspectiva de conxunto. A continuación comentaremos as secuencias de mapas correspondentes a *berce*, *rolo*, *barrelo*, *camareta* e *cuna*.

O mapa 102, confeccionado cos datos do ALPI, mostra a distribución das solucións *berce*, *bercio*, *berzo* e *birzo*. Como se ve, agrupadas, as variantes con esta raíz son claramente maioritarias. Rexístranse nun total de 39 puntos (táboa 33), 36 dos cales forman unha grande área que cobre boa parte do norte e o oeste do territorio, mentres que os tres restantes se encontran agrupados no sueste. Tendo en conta esta distribución mais o feito de que se trata de formas que, segundo parece, teñen a súa raizame en época prerromana, cabe interpretar que nalgún momento tamén puideron ser empregadas na zona pintada de amarelo correspondente a formas máis novas que se foron estendendo. Por outra parte, cómpre sinalar que a área ocupada por variantes coa mesma raíz que *berce* é maior que a que mostra o mapa, pois no ALPI se recollen as respostas *berzo*, *bercio* e *bierzu* en puntos asturianos, leoneses e zamoranos, así como *berço* en case todo o territorio portugués.

A forma predominante en territorio galego é *berce*, que se estende por un total de 28 polígonos ó longo dun amplo espazo continuo. Por outra parte, atopamos a variante *berzo* en localizacións aparentemente desconectadas como os puntos 117, 135 e 141, 145 e 149 mais o 150. Quere dicir isto que no pasado *berzo* se estendía por un espazo moito maior que conectaba estes lugares? É posible. Tamén é posible, como vimos no apartado § 4.1.1 en relación co grupo *-ngh-*, que variedades distantes cheguen a solucións similares. Se temos en conta a terminación da palabra, a este grupo hai que engadir o punto 146, onde se rexistra *birzo*. Chama a atención a abertura mínima da vogal tónica, pois en case todo o resto do territorio o que se recolle son formas con [ɛ] na sílaba tónica nas tres fontes de datos, agás dúas excepcións en que se rexistran formas con [e] e que non se corresponden cos puntos máis próximos a este. Non obstante, non estraña tanto ó saber que está documentado o uso das formas *birzo* e *brizo* en falares leoneses e zamoranos (Corominas / Pascual: 1980-1991). En todo caso, trátase do único rexistro de *birzo* en todo o corpus que manexamos. Por último, no punto 120 recóllese a variante *bercio*, igual que no veciño punto asturiano 300 (Salgueiras). Como veremos, esta forma manterá a súa posición ó longo de todo o período estudado.

Na maior parte dos casos, estas variantes foron recollidas como resposta única nos respectivos lugares. No entanto, hai algunhas excepcións que convén comentar. No punto 114, *berce* rexistrouse canda *cuna*, resposta que viña acompañada dunha nota na que se indicaba que era de uso máis frecuente. No punto 119 recolleuse tamén a variante *barrelo*, de cuxa distribución falaremos máis adiante. No 120, xunto con *bercio* anotouse a forma *cuna*, canda a seguinte información adicional: “Cuando es grande”. Neste caso, logo, as variantes teñen significados un tanto diferentes. A xulgar por esta anotación do transcritor, cada unha das formas debía de empregarse para designar dúas realidades similares, pero distintas. Non se trata, logo, de sinónimos totais intercambiables. Isto mesmo acontece

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

noutras ocasións, particularmente, na etapa da NEnq, como se verá máis adiante. No punto 135, a forma *berzo*[60] fai parte dunha dobre resposta xunto con *cuna* sen que ningunha nota achegue información sobre o sentido ou o uso destas dúas voces. Por último, no punto 145 recóllese a dobre resposta *berzo / camareta*, tamén sen información aclaratoria.

O mapa 103, elaborado cos datos do ALGa, mostra algunhas mudanzas respecto do anterior. Talvez a máis salientable sexa a desaparición da forma *berzo* en catro dos seis puntos en que se rexistraba no ALPI. Nas localidades 117 e 135 é substituída pola variante maioritaria *berce*; na 145 é substituída por *rulo* (que, como veremos, se encontraba nun proceso de expansión na altura); e na 145 é substituída por *cuna* (forma que tamén mostra unha gran difusión no ALGa e, especialmente, na NEnq). Por outra parte, a pesar desta tendencia recesiva xeral, *berzo* rexístrase nun novo polígono, o 146, onde na etapa anterior se recollera *birzo*. Pola súa banda, a forma *bercio* mantense no punto 120. Deste xeito, como se pode ver na táboa 33, o conxunto destas variantes agrupadas pasa de ocupar 39 polígonos a 37 e o número de rexistros como respostas únicas pasa de 34 a 25. A pesar desta mingua xeral, a forma maioritaria *berce* vese reforzada, pois aumenta en dous (de 28 a 30) o número de puntos en que aparece recollida.



Mapa 102. Distribución de *berce*, *bercio*, *berzo* e *birzo* no ALPI.

[60] Curiosamente, esta forma aparece transcrita como [ˈbɛrʒo]. Podería interpretarse como o vestixio dun pasado seseante na zona. Lembremos que na altura o punto colindante 143, situado máis ó leste, aínda presentaba un 100% de respostas con seseo, tanto en posición prenuclear como en posición posnuclear.



Mapa 103. Distribución de *berce*, *bercio* e *berzo* no ALGa.



Mapa 104. Distribución de *berce*, *bercio* e *berzo* na NEnq.

Respecto das respostas múltiples, non representadas nesta serie de mapas, cómpre sinalar que en seis localidades a variante *berce* foi rexistrada xunto con *cuna*. De entre todos estes casos só contamos cunha nota informativa no punto 115. A carón da transcrición de *cuna* pódese ler "Hoxe", dando a entender que a forma *berce* se empregaba máis no pasado. Este tipo de situacións son habituais cando aparece nun lugar unha variante nova. Porén, como veremos no seguinte mapa, a forma nova non acabou substituíndo a vella neste punto, pois continuarán rexistrándose as dúas. Por outra banda, *berzo* fai parte tamén dunha dobre resposta xunto con *cuna* no punto 149 e xunto con *arrulo* no 150. Nestes dous casos veremos que a aparición das formas novas si terá como consecuencia a substitución da variante rexistrada con anterioridade.

O mapa 104, feito con base nos datos da NEnq, presenta mudanzas notables respecto da etapa do ALGa. A variante *berce*, ata agora maioritaria e mesmo caracterizada por unha certa tendencia expansiva, experimenta unha contracción considerable da súa extensión. Deixa de rexistrarse nun total de 12 puntos, sendo substituída en todos eles por *cuna*. Por outra parte, gaña o punto 141, polo que a suma das localidades en que se recolle pasa de 30 a 19. Ademais, nestes 19 puntos en que permanece, rexístrase sempre como parte dunha dobre resposta xunto con *cuna*. Algo semellante acontece con *berzo* no punto 146, que pasa de ser resposta única a facer parte dunha dobre resposta tamén xunto con *cuna*. No punto 149, a variante de orixe castelá, que xa se recollera na etapa anterior na resposta *berzo / cuna*, é documentada como forma única. Esta mesma forma *berzo*, recollida xunto con *arrulo* no punto 150 para o ALGa, deixa de rexistrarse tamén aquí, pois a NEnq recolle unha dobre resposta *cuna / arrulo* nesta localidade. Pola súa parte, a variante *bercio* continúa a manterse no punto 120, desta volta acompañada tamén por *cuna*, cunha nota que di que esta última forma é de uso máis actual e frecuente.

Como se pode ver na táboa 33, non hai na NEnq nin un só caso en que algunha das variantes deste grupo fose recollida como forma única. Ó igual que no caso do punto 120, boa parte das dobres respostas obtidas na NEnq para este ítem do cuestionario veñen acompañadas de información adicional sobre as especificidades de cada solución respecto do seu uso e do seu significado. Como en todas estas situacións está implicada a variante *cuna*, abordaremos a súa análise na parte correspondente ó comentario da evolución desta forma que con tanta forza semella difundirse e trataremos de procurar unha explicación a esta dinámica. Entrementres, continuemos botando unha ollada ó comportamento do resto de variantes que etiquetamos como patrimoniais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

No mapa 105, en que se mostran os resultados do ALPI, obsérvase que as formas *r*[ɔ]*lo, r*[o]*lo* e *rulo* ocupan unha área que se estende ó longo dunha faixa vertical continua desde o punto 121 ata o punto 148 e que está composta por un total de sete polígonos. No 148 rexístrase *rulo*, no 126 e no 144 rexístrase *r*[o]*lo* e no grupo formado polos puntos 121, 125, 128 e 142 rexístrase *r*[ɔ]*lo*. Na maior parte dos casos trátase de respostas únicas, pero na

localidade 128, a forma *r*[ɔ]*lo* é recollida xunto con *berce*, como xa se comentou. Por outra parte, na 126 recóllese unha dobre resposta *r*[o]*lo* / *r*[o]*la* coa indicación de que a forma con marca de feminino refire a un obxecto de menor tamaño.

No mapa 106, en que se representan os resultados do ALGa, pódese ver que este grupo de variantes ten unha maior extensión. En conxunto, pasan de sete a dez as localidades en que se rexistra algunha destas formas. Dunha banda, *r*[o]*lo* esténdese cara ó leste desde o punto 126 e ocupa o punto 127, aínda que deixa de rexistrarse no 144. Pola súa parte, a forma *r*[ɔ]*lo* mantense nas tres localidades da parte máis setentrional da área, pero deixa de recollerse no punto 142, onde é substituída por *rulo*. Esta variante con abertura mínima da vogal tónica parece propagarse cara ó norte desde o punto 148. Esténdese ós puntos 144 (onde substitúe a *r*[o]*lo*), 142 (onde substitúe a *r*[ɔ]*lo*) e 141 (onde substitúe a *berzo*). Ademais, talvez fose determinante na aparición da variante *arrulo* (ben formada por prótase sobre *rulo*, ben formada como substantivo deverbal sobre *arrular*) no veciño punto 150. No caso, fai parte dunha dobre resposta xunto coa forma *berzo*, que fora rexistrada como resposta única no ALPI.



Mapa 105. Distribución de *r*[ɔ]*lo*, *r*[o]*lo* e *rulo* no ALPI.



Mapa 106. Distribucón de *r*[ɔ]*lo*, *r*[o]*lo*, *rulo* e *arrulo* no ALGa.



Mapa 107. Distribución de *r*[ɔ]*lo*, *r*[o]*lo*, *rulo* e *arrulo* na NEnq.

No mapa 107, que mostra os resultados da NEnq, obsérvase unha viraxe na tendencia expansiva deste grupo de formas, particularmente da variante *rulo*, experimentada na etapa anterior. Esta solución, que se estendera ata os puntos 144, 142 e 141 no paso do ALPI ó ALGa, volve rexistrarse só no punto 148, como na primeira etapa. Nas localidades 142 e 144 é substituída por *cuna* como resposta única, mentres que na 141 o que se recolle é unha dobre resposta *berce / cuna*. Cómpre sinalar que nos datos do ALPI aparecía *berzo* neste punto, pero a forma que agora aparece é *berce*, a variante maioritaria de entre as que comparten esta raíz. Doutra banda, a forma *r*[o]*lo* xa non se rexistra no punto 127 e só se documenta no punto 126, onde deixa de ser resposta única para pasar a facer parte dunha dobre resposta xunto con *cuna*. A zona máis setentrional en que se rexistraba *r*[ɔ]*lo*, integrada polos polígonos 121, 125 e 128, mantense. Porén, no ALGa esta variante fora recollida como resposta única, mentres que agora se rexistra xunto con *cuna* nos tres casos. Por último, *arrulo* volve recollerse no punto 150. A diferenza está en que na etapa anterior fora rexistrada canda a variante *berzo* e nesta etapa é rexistrada canda a solución de orixe castelá. Como se pode ver nos mapas e na táboa 33, este conxunto de variantes experimenta primeiro unha expansión e posteriormente unha contracción da área en que se recollen.

A seguinte serie de mapas mostra a distribución da variante *barrelo*, que se recolle nunha área situada cara ó leste do territorio. Nos mapas 108 e 109 preséntase a súa extensión no ALPI e no ALGa. Como se pode apreciar, para estes dous proxectos a forma foi rexistrada nos mesmos catro puntos. No entanto, existen algúns datos que cómpre comentar. Segundo os materiais do ALPI, no punto 119 documéntase unha dobre resposta *barrelo / berce*, mentres que nos puntos 122, 123 e 124 o que se recolle é unha dobre resposta *barrelo / cuna*. No caso do 122, a transcrición de *cuna* vai acompañada da seguinte nota: "Ten pés, está no aire i-o barrelo non". Tendo en conta o xeito como está escrita, representando a oralidade con ese "i-o", e o feito de que o investigador Aníbal Otero adoita facer as súas anotacións en castelán, entendemos que aquí está a dar conta literalmente das palabras do informante. Isto quere dicir que xa na altura, cando menos neste lugar (igual que no 120, como xa se comentou), a variante *cuna* estaba asociada a unha realidade similar á de *barrelo* (ou *bercio* no caso do punto 120), pero un tanto distinta, cunhas características morfolóxicas diferentes, aínda que cun mesmo uso, servir de 'cama para neno pequeño'. Pola súa parte, os materiais do ALGa presentan exactamente as mesmas respostas para estas catro localidades: *barrelo / berce* no punto 119 e *barrelo / cuna* nos puntos 122, 123 e 124.

No mapa 110, que presenta os resultados da NEnq, vemos que se produce unha mudanza na extensión da variante *barrelo*. Ocorre no punto 124, onde *cuna* se rexistra como forma única. Anteriormente, como xa se sinalou, esta variante facía parte dunha dobre resposta xunto coa solución patrimonial. Máis alá disto, cómpre salientar que na localidade 119 a dobre resposta *barrelo / berce* é substituída por *barrelo / cuna*, nunha mostra máis da forza expansiva desta forma, que xa estaba presente en varios polígonos limítrofes, como se pode ver no mapa 115, desde os que puido propagarse cara a este.

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



Mapa 108. Distribución de *barrelo* no ALPI.



Mapa 109. Distribución de *barrelo* no ALGa.



Mapa 110. Distribución de *barrelo* na NEnq.

A variante con menor extensión, *camareta*, rexístrase nunha zona moi pequena. No mapa 111, elaborado cos datos do ALPI, móstrase a súa presenza nos puntos 127 e 145. No primeiro deles foi recollida como forma única, mentres que no segundo foi recollida xunto coa variante *berzo*. Curiosamente, non se documenta nin unha soa ocorrencia de *camareta* en toda a base de datos do ALGa, como se pode observar no mapa 112. Porén, si volve ser rexistrada nos materiais da NEnq, concretamente no punto 145, tal e como mostra o mapa 113. Nesta ocasión, a variante *camareta* recóllese como parte dunha dobre resposta xunto coa variante *cuna* e vai acompañada dunha nota na que se indica que é unha denominación "moi antiga" e en desuso. Parece verosímil pensar que *camareta* non debía de ser un vocábulo descoñecido no punto 145 na época do ALGa. Con todo, é probable que xa daquela fose unha forma pouco coñecida e que por iso non quedase constancia do seu uso nese proxecto. Do mesmo xeito, cabe a posibilidade de que os informantes da NEnq, de 65 e 61 anos, só a lembrasen da súa infancia, mesmo de oírllela empregar a seus avós. Sexa como for, coa información que manexamos o que si podemos afirmar é que se trata dunha forma con pouca vitalidade.



Mapa 111. Distribución de *camareta* no ALPI.



Mapa 112. Distribución de *camareta* no ALGa.



Mapa 113. Distribución de *camareta* na NEnq.

Por último, a variante *cuna*, como xa adiantamos, presenta un comportamento diferente ó das demais. Para abordar a evolución da distribución de *cuna* ó longo do período estudado elaboramos unha serie de mapas que se distingue dos anteriores en que mostra non só a presenza desta variante, senón tamén a eventual coexistencia dalgunha das outras, etiquetadas como formas patrimoniais. Pareceunos oportuno debido ó elevado número de dobres respostas, particularmente na NEnq, acompañadas de notas que sinalan algún tipo de diferenza entre as denominacións, non só respecto do seu uso, senón tamén en relación coas características da realidade extralingüística designada.

No mapa 114, feito cos materiais do ALPI, obsérvase que *cuna* ten unha presenza descontinua no espazo, repartida en catro áreas distantes entre si. Ó norte, recóllese no punto 114 xunto con *berce*. Unha nota do transcritor indica que nesta localidade o uso de *cuna* é máis corrente. Por outra parte, encontramos un grupo de catro puntos no leste que comprende parte das provincias de Lugo e Ourense. Nos puntos 122, 123 e 124 rexístrase xunto con *barrelo*. Como xa se comentou, no caderno correspondente ó 122 hai unha nota na que se indica que a *cuna* é diferente do *barrelo*, pois ten pés que manteñen o leito suspendido, mentres que o *barrelo* non. Para os puntos 123 e 124 non se rexistrou ningunha información adicional. Pecha esta área o punto 147, onde *cuna* é recollida como resposta única. O mesmo acontece máis ó sur, na localidade 151, onde *cuna* se mantén como forma única ó longo de

todo o período. Finalmente, atopamos un grupo de dous polígonos máis cara ó oeste. Está formado polo 135, onde *cuna* se rexistra xunto con *berzo*, e o 143, onde se recolle como resposta única.

No mapa 115, feito cos materiais do ALGa, aprécianse cambios significativos respecto do anterior. De maneira xeral, vese que a difusión da variante *cuna* é notable, pasa de ser recollida en oito puntos a ser recollida nun total de 18. Porén, dentro desta tendencia xeral pódense observar ata catro comportamentos diferentes: expansión con continuidade xeográfica, expansión sen continuidade xeográfica, mantemento e mesmo contracción. Desde o punto 114, *cuna* semella difundirse a catro localidades máis (115, 116, 118 e 111), formando unha faixa continua que se estende desde a costa en dirección suroeste. O outro caso de difusión con continuidade espacial é o que se produce desde o punto máis meridional en que se constataba a súa presenza na etapa anterior, o 151. Desde esta localidade, a forma *cuna* espállase cara a catro novos puntos (144, 145, 146 e 148), constituíndo unha área compacta que cobre boa parte da provincia de Ourense.



Mapa 114. Distribución de *cuna* e as variantes patrimoniais para 'berce' no ALPI.



Mapa 115. Distribución de *cuna* e as variantes patrimoniais para 'berce' no ALGa.



Mapa 116. Distribución de *cuna* e as variantes patrimoniais para 'berce' na NEnq.

Por outro lado, vese que a variante *cuna* tamén se difunde con descontinuidade xeográfica, pois é documentada en lugares que non gardan conexión espacial con aqueles en que previamente fora rexistrada. Isto é o que acontece nos puntos 103, 106 e 131. Este último xeraba certas dúbidas en relación coa posibilidade de que o castelanismo chegase desde o 135 e o feito de que este movemento puidese non ficar representado no mapa pola relativamente baixa densidade da rede. Porén, logo de consultar os cadernos do ALGa correspondentes ás localidades P.14, P.15 e P.16, que son as que se sitúan entre a P.12 (131 na numeración do ALPI) e a P.17 (135 na numeración do ALPI), comprobouse que en todos eles a resposta é *berce*, polo que semella non haber unha vía de expansión para *cuna* desde 135 a 131. Confírmase, logo, que se trata dunha difusión sen continuidade xeográfica.

Como avanzamos, tamén se observa mantemento na distribución desta variante no caso da área situada ó leste e formada polos puntos 122, 123, 124 e 147. Non só permanece nas mesmas catro localidades, sen que haxa movementos de expansión nin contracción, senón que, ademais, nos tres casos en que se rexistra como parte dunha dobre resposta. A forma coa que coexiste continúa a ser *barrelo*. Por outra parte, contrariamente á dinámica expansiva que mostra de maneira xeral, *cuna* desaparece do punto 143, onde fora rexistrada como resposta única para o ALPI. Así, aquela pequena área formada xunto co punto 135, experimenta unha contracción. Porén, como veremos, a forma de orixe castelá volverá ser rexistrada na localidade 143 para o proxecto da NEnq.

Como se pode observar na táboa 33, agás en tres puntos (145, 147 e 148), nos que a variante *cuna* se recolle como resposta única, o máis común é que forme parte dunha dobre resposta xunto con algunha variante de orixe patrimonial. En nove localidades comparte espazo con *berce*, nunha con *berzo*, noutra con *rulo*, noutra máis con *arrulo* e, finalmente, en tres delas con *barrelo*. De entre todos eses casos, que ascenden a un total de 15, non contamos cunha nota informativa máis que no punto 115, onde se indica que a forma *cuna* é a que se emprega modernamente. No entanto, a xulgar polos datos posteriores, é probable que esa concepción como denominación máis en voga estivese presente tamén noutras localidades xa nesta época.

O mapa 116, feito cos materiais da NEnq, dá conta da difusión acadada pola variante *cuna*, cuxa presenza chega a estenderse á totalidade do territorio. Isto quere dicir que pasa de 18 a 53 puntos, como se reflicte na táboa 33. Ademais, recóllese como resposta única en 19 deles, que se encontran espallados por diversas zonas. O grupo de maior extensión forma unha faixa continua que corre máis ou menos pola costa desde o golfo Ártabro ata a ría de Pontevedra. Curiosamente, as dúas únicas localidades costeiras situadas neste treito nas que *cuna* non se recolle como única solución son a 103 e a 106, onde a súa presenza xa fora rexistrada na etapa anterior. No resto de puntos desta área, agás no caso do 131, a variante de orixe castelá substitúe a *berce* sen pasar polo estadio de variación que podemos denominar intermedio en que se rexistra unha dobre resposta. Máis ó sur e cara ó interior obsérvase outra

faixa, desta volta formada por cinco polígonos, que atravesa a provincia de Ourense. No leste, coincidindo parcialmente con aquela área compacta de *cuna* xa mostrada polos materiais do ALPI, vese un grupo de tres polígonos nos que se recolle só esta variante. Por último, no norte, dúas localidades illadas, a 100 e a 117, rexistran tamén a forma *cuna* como resposta única.

	ALPI	ALGa	NEnq
berce *bercio* *berzo* *birzo*	39/34	37/25	24/0
r[ɔ]lo *r[o]lo* *rulo* *arrulo*	7/5	10/7	6/0
barrelo	4/0	4/0	3/0
camareta	2/1	0/0	1/0
cuna	8/3	18/3	53/19
total formas patrimoniais	50/45	49/34	34/0

Táboa 33. Número de ocorrencias das distintas variantes agrupadas para a variable *berce* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

Desde unha perspectiva cuantitativa, a evolución observable na táboa 33 dá conta dunha veloz expansión de *cuna*, especialmente acelerada no paso do ALGa á NEnq. Paralelamente, a presenza de formas patrimoniais non mingua tanto, o que quere dicir que o uso de *cuna* non as está desprazando por completo, senón que a forma de orixe castelá coexiste con elas, polo de agora, na maior parte das localidades. Con todo, como consecuencia do espallamento da variante *cuna* por todos os puntos da rede, nos datos da NEnq ningunha forma patrimonial foi rexistrada como resposta única. No período que vai do ALPI ó ALGa, a extensión das formas patrimoniais pasa de 50 a 49 puntos, mentres que o seu rexistro como formas únicas descende de 45 a 34. Agora ben, entre o ALGa e a NEnq prodúcese un cambio abrupto. Neste período, a extensión das voces patrimoniais pasa de 49 a 34 puntos, mentres que a súa recollida como respostas únicas descende de 34 a 0. Este

último dato é demoledor se pensamos na futura pervivencia destas variantes, que semella correr un grave risco.

Para tratarmos de entender mellor o que acontece cómpre analizar a información adicional de que dispomos. Como se ve no mapa 116, e como se pode deducir doadamente das cifras da táboa 33, aínda que a variante *cuna* chegou a ocupar a todo o territorio, na maior parte dos casos (34 de 53) convive con algunha forma patrimonial. Moitos destes rexistros dobres veñen acompañados de notas que reflicten as consideracións dos informantes sobre, cando menos, unha das dúas variantes. De maneira xeral, estas valoracións dos falantes pódense resumir en tres tipos:

- Aquelas que indican que a forma patrimonial era máis común no pasado e agora se encontra en desuso. Tamén se dá o caso, con idéntico resultado, de notas que indican que *cuna* é de uso máis frecuente e moderno.
- Aquelas que sinalan que a forma patrimonial e *cuna* designan realidades con características diferentes. De maneira xeral, as variantes patrimoniais semellan designar un obxecto móbil, arroladeiro, mentres que a variante *cuna* parece referir a un obxecto máis ben estático, firme, con patas.
- Aquelas en que se combinan os dous tipos anteriores. Dunha banda, a palabra antiga, patrimonial, designa unha realidade tamén antiga e en desuso: o tipo de berce con base curva que se podía abanear. Doutra banda, a palabra nova, *cuna*, designa unha realidade tamén nova, moderna, o tipo de berce con pata fixas que parece ser máis empregado na actualidade.

Sirvan como exemplo as manifestacións que a este respecto fixeron tres persoas entrevistadas para a NEnq. A informante do punto 103 dixo o seguinte: “Tamén se chamaba o *berce*, pero o *berce* era distinto. A *cuna* é unha que non se move e o *berce* era como un balancín, non sabes? Era no que se arrolaban os nenos, que na *cuna* non se poden arrolar”. Pola súa parte, unha das informantes do punto 112 comentou: “Pero hai outro que é máis gallego, o *berce*, que é de madeira, pero é máis antigo, que ten aquí como un pau así… atravesado. E traíase [fai o aceno de traer para si algo coa man e despois apartalo]. Ese é o *berce*, o *berce* do neno. A *cuna* xa é como unha cama, como unha camiña pequena, pero igual, pero destas cunas modernas, con rodas e todo, bueno, ho!”. Por último, a informante do punto 115 deixou esta reflexión: “Antes chamábanlle o *berce* e despois foi vindo a *cuna* e agora xa hai portabebés, que sabe o Demo o que é”.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Estas observacións das entrevistadas achegan unha información moi valiosa, pois co simple rexistro das denominacións escaparíanos un feito fundamental para entender o que puido suceder para que *cuna* experimentase unha difusión tan rápida e tan ampla. En moitos

dos casos en que se rexistran dobres respostas os informantes indican que cada unha delas fai referencia a unha realidade extralingüística diferente. Cabe no posible que coa aparición dun novo produto, o moderno berce con patas, chegase tamén unha nova denominación, *cuna*, difundida a través de empresas de comercialización e medios de comunicación que empregaban o castelán como lingua vehicular. Con todo, cómpre non esquecer que boa parte das notas só indican que a variante patrimonial está en desuso. Tampouco hai que perder de vista o feito de que os datos da NEnq mostran un total de 19 rexistros de *cuna* como forma única, o que quere dicir que ou ben serve para designar os dous tipos de berce (arroladeiro e estático), ou ben o berce antigo xa nin se lembra e, por tanto, non precisa denominación ningunha.

Pódense observar certas similitudes co caso de *riñóns* (apartado § 4.3.6), no sentido de que o castelanismo vai gañando uso no territorio pero non substitúe de primeiras as denominacións preexistentes, senón que convive con elas nomeando unha realidade diferente, cun sentido máis específico que o que ten na súa lingua de orixe, na que posúe un significado máis abranguente. Porén, o caso de *cuna* parece resolverse, na maior parte das ocasións (polo menos, ata agora) no establecemento dunha dicotomía entre 'cama para nenos pequenos arroladeira' e 'cama para nenos non arroladeira', mentres que as variantes de *riñóns* semellan ir camiño de superar a distinción humano/porco, asumindo todos os usos, para acabar substituíndo por completo as variantes patrimoniais, cousa que xa se pode constatar, como vimos, na maior parte do territorio.

4.3.10 Cedo

O adverbio latino CĬTO empregábase co sentido de 'pronto, brevemente, rapidamente' (Glare *et al.* 1968-1982). Alén dos diferentes resultados posibles do /k/ inicial mais vogal palatal (xa tratados no apartado § 4.1.2), no paso ó galego-portugués esta palabra experimentou dúas transformacións comúns nas variedades deste dominio románico: a abertura dun grao na vogal tónica, ĭ > /e/ (de igual xeito que SĬCCU > *seco* ou NĬGRU > *negro*); e a lenición da consoante oclusiva dental xorda, que sonoriza, T > /d/ (de igual xeito que MĔTU > *medo* ou RŎTA > *roda*); (Ferreiro 1995: 103-105; Mariño 2017: 361-363). O resultado é unha forma *cedo*, que polo menos desde o século XIII engade ó seu significado orixinal o de 'ó amencer, no abrente do día' (Houaiss 2009). Segundo parece, nunca chegou a ter esta nova acepción no castelán antigo, no que unicamente se documenta o seu uso co sentido de 'pronto, decontado' nos séculos XIII e XIV (Corominas / Pascual 1980-1991).

A variante *cedo* rexístrase maioritariamente nos materiais empregados para o presente traballo. No entanto, tamén se recollen algunhas mostras do uso de *temprano*. Esta palabra

procede en último termo do latín clásico TĔMPORĀNEU (de onde nos chegan os cultismos *temporáneo*, *extemporáneo* ou *contemporáneo*) a través do latín vulgar TĔMPORĀNU, que sufriu a síncopa da vogal postónica. Trátase dun adxectivo que, no seu sentido inicial, se aplicaba a algo 'que ocorre ou se fai nun tempo dado, no tempo certo' (Glare *et al.* 1968-1982). No portugués actual, tras a perda do -N- intervocálico e a nasalización da vogal precedente, derivou na forma *temporão* (Houaiss 2009). Doutra banda, no galego actual, tras experimentar as transformacións descritas no apartado § 4.1.5 para as palabras rematadas na terminación latina -ĀNU, así como a harmonización da vogal pretónica co núcleo silábico precedente, deu como resultado tres variantes por vía patrimonial: *temperán*, *temperá* e *temperao*.

Segundo Corominas, aplicado no ámbito rural, este adxectivo comezou a empregarse para facer referencia ós cultivos que primeiro se recollen, os da primavera, co que acabou asumindo o novo significado de 'precoz, producido pronto' (v.g. *millo temperán*, en oposición a *millo serodio*), mesmo 'antes do habitual'. Tanto no caso portugués coma no galego, estas formas manteñen un uso adxectivo. Por contra, no castelán, con esta idea de prontitude, a forma *temprano* acaba transcategorizando e converténdose nun adverbio (Corominas / Pascual 1980-1991), equivalente ó *cedo* galego-portugués. Por este uso adverbial e pola súa evolución fonética consideramos que a utilización de *temprano* en galego obedece á interferencia da lingua castelá. O emprego de *temprano* como adverbio está documentado no TILG. A primeira ocorrencia data de 1810 e que rexístrase na obra *Proezas de Galicia*, de José Fernández y Neira, no seguinte contexto: "[…] volvemos á casa, e pola mañán *temprano* tocaron un clarín, e foron a chamar polos tres […]".

Para analizar a distribución das variantes *cedo* e *temprano*, así como a súa evolución ó longo do período comprendido entre os traballos de campo para o ALPI e os traballos de campo para a NEnq, elaboramos unha serie de mapas en que se mostran os rexistros destas dúas formas nas tres fontes de datos empregadas. Como noutras ocasións, ó tratarse dunha variable de tipo léxico, prescindimos da representación de variantes fonéticas como as relacionadas coa realización da sibilante inicial en *cedo*. Os mapas 117 e 118 presentan os datos do ALPI e do ALGa, respectivamente. Ambos os dous proxectos mostran idénticos resultados: *cedo* é a única variante recollida nos 53 puntos da rede utilizada nesta investigación. Analizamos tamén o resto de localidades da rede do ALGa na procura dalgún rexistro de *temprano*, pero só atopamos esta forma cun uso adxectivo nas expresións *trigo temprano*, recollida nos puntos ourensáns O.09, O.17, no pontevedrés P.15 e no leonés Le.05, e *meíz temprano*, recollida na localidade asturiana A.04. Así pois, non se atopou ningún indicio do uso de *temprano* como adverbio nos materiais do ALPI e do ALGa.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Polo contrario, o mapa 119, elaborado cos datos da NEnq, si mostra o rexistro de *temprano* cun uso adverbial en seis puntos, como se pode ver na táboa 34. Catro deles forman unha faixa continua formada polos polígonos 108, 112a, 130 e 131. Tamén na costa

occidental, pero separada deste grupo, atopamos esta forma rexistrada no punto 134. Lonxe desta zona, na costa luguesa, recóllese tamén no punto 114. En todos estes casos a resposta rexistrada é dobre, *cedo / temprano*. A maior parte dos informantes indican que se poden empregar as dúas variantes indistintamente. Só a persoa entrevistada na localidade 112a di algo distinto ó afirmar que a forma *cedo* lle parece "máis galega". Máis alá deste tipo de consideracións, semella que o grao de penetración de *temprano* é relativamente baixo, especialmente se o comparamos con outros castelanismos léxicos como *nudo* ou *rodilla*.

	ALPI	ALGa	NEnq
cedo	53/53	53/53	53/47
temprano	0/0	0/0	6/0

Táboa 34. Número de ocorrencias das variantes *cedo* e *temprano* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).



Mapa 117. Resultados de *cedo* no ALPI.



Mapa 118. Resultados de *cedo* no ALGa.



Mapa 119. Resultados de *cedo* na NEnq.

4.3.11 Onte

Segundo autores como Ferreiro e Mariño, a locución latina AD NŎCTEM, co sentido de 'na noite pasada' experimentou unha serie de transformacións ata dar lugar ó actual adverbio galego *onte*, non só desde o punto de vista fonético, senón tamén en relación coa súa carga semántica. Semella que o primeiro que puido acontecer, aínda en latín tardío, foi a síntese dos dous elementos, a preposición e mais o substantivo. Neste proceso, a preposición perdeu o -D final. Ó tempo, desapareceu tamén a marca de acusativo -M do substantivo. Máis adiante, o /k/ do grupo -CT- vocalizou nun /i/ (de igual xeito que PĔCTU > *peito* ou SĔCTŪRA > *seitura*); (Ferreiro 1995: 151-153; Mariño 2017: 139-142). Así, debeu de resultar unha forma **anoite* que continuou a evoluír por mor da caída do -N- intervocálico característica do dominio galego-portugués.

Segundo Houaiss, a perda desta consoante deixou un resto de nasalidade na vogal anterior, o que orixinaría unha forma **ãoite*. A partir de aquí produciuse unha asimilación regresiva que deu lugar a *õoite*, seguida da absorción da semivogal que orixinou a forma *õote*. A dicir deste autor, posteriormente produciuse unha crase entre as dúas vogais velares e, como acontecía con solucións como *mañán* ou *verán*, desenvolveuse unha consoante nasal na coda da sílaba tónica, resultando *onte*, forma xa consolidada desde polo menos o século XIII, segundo os datos do TMILG. Contra o final do século XIV comezan a aparecer en textos portugueses variantes con desenvolvemento dunha nasal bilabial final, como a actual *ontem*, presente na maior parte das variedades lusófonas (Houaiss 2009).

Cabe sinalar tamén que en certas falas do norte de Galicia, na zona que comprende, máis ou menos, desde o Ortegal ata o Eo, sobre a forma *onte* agregouse o chamado *-s* adverbial, dando lugar á variante *ontes* (Ferreiro 1995: 348). Segundo parece, esta terminación *-s* estendeuse analoxicamente por influencia de adverbios como *atrás*, *despois* ou *máis*, entre outros, e consolidouse nos adverbios *antes*, *mentres* e *xalundes* (segundo Ferreiro, talvez puido ter tamén algo que ver na formación de *quizais / quizabes*, *algures* e *ningures*). Alén destes casos, o *-s* adverbial analóxico aparece dialectalmente en expresións como *a rentes*, *somentes* ou no propio *ontes*.

No que respecta á evolución semántica do termo, Corominas sinala que a expresión latina HĔRĪ AD NŌCTEM, literalmente 'onte á noite', puido ser determinante na asunción do significado que na actualidade posúe *onte*, no que a idea de 'noite' ou mesmo de 'a noite pasada' desapareceron por completo para deixar paso á nova acepción de 'no día inmediatamente anterior ó presente', que é a que prevalece na actualidade tanto en galego como en portugués. Por causa desta mudanza no significado e mais da distancia fonética que finalmente existe entre *noite* e *onte*, a idea de 'noite' que inicialmente albergaba *onte* ficou completamente opacada, de tal xeito que na actualidade é preciso dicir *onte á noite* ou *onte pola noite* (Corominas / Pascual 1980-1991).

Por outra parte, o adverbio latino HĔRĪ, que era o que se empregaba en época clásica para expresar a idea de 'onte' (Glare *et al.* 1968-1982) deu en galego-portugués medieval a forma *eire* (ou *eiri*), con transposición do -ī. Parece que esta solución gozou de certa difusión no período trobadoresco, en autores nacidos tanto ó norte como ó sur do Miño (Corominas / Pascual 1980-1991). Porén, o seu uso decaeu, como demostra o feito de que o rexistro máis recente deste adverbio no TMILG data, como moi tarde, de 1300. Con todo, no castelán, así como na maior parte das variedades asturleonesas, HĔRĪ chegou ata os nosos días, con algunhas alteracións fonéticas que imos comentar, pero mantendo o seu sentido orixinal. Consonte Corominas, -ī final caeu e o Ĕ transformouse nun ditongo crecente /ie/ (de igual xeito que MĔL > *miel* ou CĔNTU > *ciento*), característico dos falares casteláns e asturleoneses. En posición inicial de palabra, a vogal palatal consonantizou e deu lugar a unha antiga solución *yer*, cunha oclusiva palatal sonora /ɟ/ reforzando o ataque silábico. Posteriormente, esta forma acabou derivando na actual *ayer*. A prótase de *a-* parece explicarse como unha simple ampliación do corpo fónico do adverbio, similar á experimentada por *así* > SĪC (Corominas / Pascual 1980-1991).

Este castelanismo rexístrase no TILG en 20 ocasións, en textos datados desde 1909 ata 2000. Tamén se encontran neste corpus 16 ocorrencias da forma adaptada *aier*. O que non podemos saber con certeza é se esta adaptación obedece a un criterio ortográfico ou se está a representar a realización dunha semiconsoante palatal. Á vista dos datos xeolingüísticos que manexamos, comentados xa no apartado § 4.1.10, decantámonos pola primeira posibilidade. A ocorrencia máis antiga de *aier* é de 1884. Rexístrase nunha cantiga popular incluída por Domingo Blanco na súa compilación *A poesía popular en Galicia 1745-1885* no contexto dos seguintes versos: "Hoxe veñen os soldados, / nosos irmáns queridiños; / *aier* foron como rosas, / hoxe veñen tostadiños". A documentación máis recente desta forma data de 2004. Por tanto, suman 36 ocorrencias de *ayer / aier* no TILG ó longo dun período de 120 anos. Non parece que o emprego destas formas sexa frecuente nas fontes escritas.

Nos materiais empregados na presente investigación tamén se rexistra o uso de *ayer*, sempre transcrito cunha aproximante palatal sonora [j]. Contamos, logo, con tres variantes para esta cuestión: *onte*, *ontes* e *ayer*. Aínda que o obxectivo principal deste apartado é analizar a distribución e o grao de penetración da variante de orixe castelá, decidimos representar a forma *ontes* de maneira individualizada porque mostra unha evolución interesante na súa distribución diatópica en relación coa da outra solución patrimonial *onte*, moi diferente á do castelanismo *ayer*.

Deste xeito, no mapa 120, elaborado con base nos materiais do ALPI, vese como a variante *onte* se recolle na meirande parte do territorio. Unicamente non se rexistra nos catro puntos setentrionais en que se documenta *ontes*. Estes catro puntos (100, 114, 116 e 117) forman unha faixa ó longo da costa que vai, como adiantabamos máis arriba, desde a zona de Ortegal ata a do Eo. Por outra parte, a pesar da constatación do seu uso en textos escritos

anteriores ós traballos de campo para o ALPI, a forma *ayer* non se rexistra nas variedades orais tradicionais que son obxecto de estudo do proxecto.

No 121, elaborado con base nos materiais do ALGa, obsérvase que *ontes* experimenta unha pequena difusión con continuidade xeográfica. Desde a súa área inicial esténdese cara ó punto 115, onde se rexistra en substitución da solución maioritaria *onte*. Por outra parte, a variante *ayer* recóllese en catro pequenas áreas sen que exista conexión espacial entre elas. Tres destas áreas están constituídas por un único punto (122, 126 e 131), mentres que a cuarta está formada por dous (148 e 151), o que suma un total de cinco, como se pode ver na táboa 35. Agás no caso da localidade 122, que está preto da asturiana 323, na que se rexistrou *ayer* no ALPI, debemos entender que a difusión do castelanismo nestes puntos se produce sen continuidade xeográfica. Agora ben, en ningún destes casos é resposta única, senón que se recolle como parte dunha dobre resposta xunto con *onte*. Respecto desta situación de variación, cómpre sinalar que tan só no punto 148 dispomos dunha nota con algún dato adicional. A carón de *ayer* pon "Úsase moito". Non se trata dunha información moi precisa, pero o certo é que na seguinte etapa continuará a darse conta do emprego desta variante, polo que a percepción do falante entrevistado resultou acertada.



Mapa 120. Resultados de *onte* no ALPI.



Mapa 121. Resultados de *onte* no ALGa.



Mapa 122. Resultados de *onte* na NEnq.

O mapa 122, elaborado con base nos materiais da NEnq, mostra unha contracción notable da área de *ontes*. En catro dos cinco puntos que ocupaba foi substituída polo rexistro da forma *onte*, que xa estaba presente en toda a contorna e que con este movemento pasa a ocupar 52 dos 53 puntos da rede. Trátase, novamente, dun cambio con continuidade xeográfica. Por contra, a forma *ayer* mostra unha dinámica distinta, que case se podería cualificar de errática: difúndese, pero tamén deixa de rexistrarse nalgúns puntos. Dunha parte, esténdese con continuidade espacial desde o punto 122 ó 124. Cabería conxecturar que desde o 151 ó 149 tamén se propaga deste mesmo xeito, pero o curioso é que desaparece do punto 151 (que formaba unha pequena área xunto co 148 con presenza do castelanismo no ALPI), o que xera certa dúbida ó respecto.

Tendo en conta que nos puntos do ALGa situados entre estes dous, o O.22 e o O.29, a forma recollida para este proxecto foi *onte*, dá para pensar que a difusión de *ayer* no punto 149 se puido producir con descontinuidade xeográfica, pois parece non existir unha vía pola que se puidese propagar. De igual modo que no punto 151, a solución de orixe castelá deixa de rexistrarse no punto 126. Poden chamar a atención estes datos en relación cunha variante que, polo xeral, tende a expandirse. Non obstante, xa vimos noutras ocasións que algúns destes castelanismos léxicos poden mostrar puntualmente comportamentos recesivos dentro dunha dinámica xeral expansiva.

Por outra parte, *ayer* rexístrase nos puntos 102 e 118. Nestas localidades, a difusión prodúcese claramente sen continuidade xeográfica, pois non hai ningún lugar na súa contorna en que se recollese esta variante para o ALGa. Por último, mantense nos puntos 131 e 148. Como acontecía na etapa anterior, en todos os casos forma parte dunha dobre resposta xunto con *onte*. Dispoñemos de notas en tres destas localidades; cada unha delas achega unha información un tanto diferente: no punto 102 o informante principal afirma que *ayer* é a solución máis usada; no punto 118 o informante máis novo di que *ayer* se utiliza "bastante"; e no punto 122 un dos informantes di que se usan as dúas formas indistintamente (de feito, iso foi o que fixeron as dúas persoas entrevistadas nesta localidade de maneira espontánea ó longo da gravación).

Así pois, as tres variantes presentan evolucións diferentes. Por un lado, *onte* móstrase como a solución claramente dominante ó longo de todo o período. Como se ve na táboa 35, parte de ocupar 49 dos 53 polígonos do mapa e, a pesar de ceder un deles a favor de *ontes* na época do ALGa, acaba estendendo a súa presenza a un total de 52. Con todo, cómpre matizar que o número de rexistros como forma única mingua pola irrupción de *ayer*. Falamos de irrupción porque dá a sensación de que aparece de súpeto; é coma se non existise no tempo do ALPI e de repente comezase a abrollar aquí e acolá sen un patrón aparente nas etapas posteriores. Porén, polos datos do TILG sabemos que era unha solución xa empregada cando menos desde finais do século XIX por parte da poboación. Trátase da parte ilustrada, con formación académica, que con toda probabilidade era coñecedora do código castelán. Por

tanto, podemos supoñer que non era unha forma completamente descoñecida para algúns galegofalantes (probablemente bilingües) na década de 1930, pero está claro que no ámbito rural e tradicional explorado polo proxecto do ALPI en Galicia non se utilizaba.

Para finalizar, a variante *ontes* presenta unha dinámica cambiante. Comeza ocupando unha extensión relativamente pequena no norte do territorio. No paso do ALPI ó ALGa dá mostra dunha certa forza expansiva, sumando un punto ós catro que xa conformaban a súa área. Porén, esta tendencia revértese no lapso que vai do ALGa á NEnq, pois *ontes* deixa de rexistrarse en catro localidades e a súa presenza fica relegada a un único punto. Polo observado nesta secuencia de mapas, parece que a forma cede ante a presión da solución maioritaria *onte*, presente en toda a contorna e difundida, ademais, a través do galego estándar. Por outra parte, é posible tamén que pouco a pouco continúe difundíndose o uso de *ayer*, aínda que ata o de agora mostra un grao de penetración moito menor que o doutros castelanismos léxicos como *cuna* ou *riñóns*, por exemplo.

	ALPI	ALGa	NEnq
ontes	4/4	5/5	1/1
onte	49/49	48/43	52/45
ayer	0/0	5/0	7/0

Táboa 35. Número de ocorrencias das variantes *ontes*, *onte* e *ayer* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

4.3.12 Agora

A locución latina HĀC HŌRA experimentou a sonorización da oclusiva velar xorda /k/ en posición intervocálica propia do fenómeno xeral de lenición consonántica do que xa se ten falado no presente traballo. Deste xeito, acabou sintetizando nun adverbio *agora*, común ós falares galego-portugueses (Houaiss 2009), asturleoneses e mesmo ó castelán antigo. Segundo Corominas, no castelán, de maneira xeral, na meirande parte do territorio, a forma *agora* deu un paso máis no proceso de lenición. A consoante velar, convertida xa en aproximante [ɣ], acabou debilitándose e desaparecendo, dando lugar á forma moderna *ahora*, de uso amplamente difundido e pertencente á variedade estándar (Corominas / Pascual 1980-1991). Pese a tratarse de dúas variantes fonéticas do mesmo étimo latino, abordamos a súa análise nesta sección de léxico porque consideramos que o uso da forma *ahora* é un castelanismo.

Como sucede con algunhas outras voces de orixe castelá, o emprego de *ahora* é relativamente frecuente nos rexistros coloquiais do galego na actualidade. Non obstante, o seu uso, cando menos o escrito, vén de antigo. Na base de datos do TMILG atópanse catro ocorrencias desta forma, todas elas en textos de tipo notarial. A máis antiga data de 1275 e encóntrase nun contrato de venda de terras redactado en Chantada e compilado na colección diplomática de Santa María de Oseira. O contexto en que aparece é o seguinte: "Conosçuda cousa seya a us que *ahora* son et a us que am de viir, que eu Maria Perez outorgo […]". Ademais, atopamos no corpus do TMILG 28 ocorrencias da variante grafemática *aora*, todas elas tamén en documentos notariais. Á máis temperá atribúeselle unha data próxima á da variante grafada con <h> etimolóxico: entre 1275 e 1280. Aparece nunha queixa anónima no seguinte contexto: "E fomonos queyxar ao bispo e o bispo deunos carta porque nos entregasse o lugar e todas las cousas que nos filou e *ahora* non podemos auer en terza". Son en total, xa que logo, 32 rexistros de *ahora / aora* nun período que vai desde finais do século XIII a inicios do XVI, pois o último ten data de 1502. Para contrastar, cómpre indicar que neste mesmo período (1275-1502) o número de ocorrencias de *agora* no corpus do TMILG ascende a 2.257. A proporción, por tanto, é dun rexistro de *ahora / aora* por cada 70 de *agora*, aproximadamente.

Se consultamos o TILG, con datos que van do século XVII ata a actualidade, observamos que a primeira ocorrencia de *ahora* se encontra no *Romance da Urca de Santo Antón*, de autor descoñecido, que data de 1777. Rexístrase no contexto dos seguintes versos: "Aló polo mes de Maio / saleu da Habana a'ste sitio / a Urca de San Antón / qu'así é o seu apilido; / quen era o seu Capitán / por *ahora* non cho digo, / porque logo cho direi / in vindo ó caso decí-lo […]". Nesta mesma obra altérnase o seu uso co de *agora*. A forma *ahora* conta con 1.280 rexistros no TILG, que se estenden desde 1777 ata 2004. Por outra parte, a variante *aora* rexístrase en 389 ocasións. A súa primeira ocorrencia neste corpus en 1810 e a última en 1995. No total, logo, son 1.669 casos de *ahora / aora*. Para o mesmo período (1777-2004), a forma *agora* conta con 23.706 rexistros. A proporción é dun caso de *ahora / aora* por cada 14 de *agora*, aproximadamente. A análise da información destas dúas bases de datos conformadas por fontes escritas non se cingue á metodoloxía empregada na presente investigación e mesmo se podería considerar un tanto arbitraria a división temporal entre elas, pero as cifras indican claramente un aumento na frecuencia de uso de *ahora* en relación con *agora*. Por máis que debamos tomar isto con cautela, como un dato simplemente orientativo, resulta significativa a coherencia que mantén coa dinámica expansiva de *ahora* observada a través dos nosos materiais.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No tempo que vai do ALPI ata a NEnq, se reparamos na distribución diatópica de *agora* e *ahora*, vemos que esta última variante experimenta unha difusión considerable, o que concorda coa tendencia percibida na comparación dos datos do TMILG e o TILG. Para abordar esta cuestión elaboramos unha serie de mapas en que se mostra a presenza destas dúas formas, prescindindo da representación de variantes fonéticas con e sen gheada, así

como daquelas variantes relacionadas co grao de abertura da vogal tónica. Desta maneira, distinguimos unicamente unha variante *ahora* en que o proceso de lenición culminou coa desaparición da consoante que mediaba entre a vogal tónica e a pretónica, dando lugar a un encontro vocálico heterosilábico e outra, representada por *agora*, en que existe un elemento consonántico (ben aproximante, ben fricativo) entre estas dúas vogais.

O mapa 123, elaborado cos materiais do ALPI, mostra que o uso de *ahora* era minoritario na época. Como se pode ver na táboa 36, esta variante rexístrase en tan só once puntos, localizados en seis áreas distintas, sen continuidade xeográfica entre elas. Catro destas áreas atópanse espalladas en diferentes zonas do territorio e están constituídas por un único polígono; corresponden ós puntos 114, 110, 139 e 150. Outra área, situada na costa occidental, está formada por dous polígonos, o 108 e mais o 112a. En todos estes casos, *ahora* foi recollida como resposta única. Por último, a área de maior extensión está integrada por cinco polígonos agrupados nunha faixa situada ó leste do territorio, os correspondentes ós puntos 124, 127, 146, 147 e 149. En catro destas localidades a forma *ahora* tamén foi rexistrada como resposta única, mentres que na 146 foi recollida como parte dunha dobre resposta xunto con *agora*.



Mapa 123. Resultados de *agora* no ALPI.



Mapa 124. Resultados de *agora* no ALGa.



Mapa 125. Resultados de *agora* na NEnq.

O mapa 124, elaborado cos materiais do ALGa, mostra unha extensión da variante de orixe castelá moito maior. Como se pode observar na táboa 36, pasa de 11 a 31 puntos, 16 dos cales rexistran *ahora* como resposta única. Aumenta tamén o número de dobres respostas xunto con *agora*, que pasan de tan só unha no ALPI a 15 no ALGa. Destes casos en que se recolle unha dobre resposta, unicamente nun, o correspondente ó punto 128, se achega algunha información adicional. Unha nota do transcritor a carón de *agora* di o seguinte: "Os vellos". Breve, pero reveladora. Non por acaso, a variante *ahora* acabará por substituír a forma patrimonial nesta localidade, como veremos no seguinte mapa. Aínda que non dispomos de máis indicacións deste tipo nos materiais do ALGa aquí empregados, cabe conxecturar que o mesmo que aconteceu neste punto 128 (en que a xente máis nova comezou a empregar a variante nova, importada do castelán) estivese acontecendo tamén noutros lugares. Desde logo, o número de rexistros de *agora* descende, especialmente daqueles en que se recolle como resposta única, que pasa de 42 a 22.

Respecto da distribución xeográfica, obsérvase que a variante *ahora* ocupa un maior espazo en relación coa etapa anterior. Esténdese ó longo dunha gran área continua que conecta os polígonos 114 e 150, o máis setentrional e o máis meridional, respectivamente, en que esta variante fora rexistrada nos materiais do ALPI. A área resultante está formada por un total de 21 puntos, en 14 dos cales se rexistra a forma *ahora* como resposta única. Esta expansión puido producirse con continuidade xeográfica a partir deses puntos 114 e 150 e tamén desde aquela área compacta de cinco puntos situada no leste do territorio que se podía ver no mapa 123.

Doutra parte, observamos que aquela pequena área formada polos puntos 108 e 112a chega a conectar coa localidade 110, onde tamén se recollera a variante *ahora* para o ALPI. A consecuencia é a conformación dunha área maior integrada por sete polígonos. Agás no 112a, onde se repite o rexistro de *ahora* como resposta única, nestes puntos documéntase unha dobre resposta *agora / ahora*. Curiosamente, isto sucede tamén no 108, onde se rexistrara unicamente *ahora* na etapa anterior. Veremos esta mesma situación noutros casos. A diferenza do que cabería agardar, a variante nova non sempre substitúe a vella nun punto logo de ser rexistrada nel. Aínda que a tendencia xeral é de expansión da forma *ahora*, obsérvase que en ocasións a forma patrimonial *agora* recupera algunha posición, convivindo coa variante de orixe castelá ou mesmo presentándose como única resposta. Isto lévanos a pensar que en boa parte das variedades son coñecidas as dúas solucións e que tal vez dependa do falante, ou do momento, o emprego dunha, o emprego doutra ou a variación entre elas. Isto explicaría certos cambios na evolución da distribución que semellan non obedecer á tendencia xeral de expansión da variante *ahora*.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Outro exemplo similar encóntrase no punto 139. A resposta recollida para o ALPI nesta localidade foi *ahora*. Non obstante, nos materiais do ALGa rexístrase *agora*. Quere dicir isto que a variante *ahora* desapareceu desta zona? Probablemente non, pero está claro que o

informante do ALGa non empregou esta forma para responder a cuestión correspondente. No mapa da seguinte etapa veremos que se recolleron as dúas variantes neste punto. Pese a non aparecer *ahora* neste período, o punto 139 ben puido ser o foco desde onde esta solución se estendeu cara ós puntos 134 e 136. Con todo, dado o comportamento destas variantes que se difunden con e sen continuidade xeográfica, tamén é posible que aparecese por simple interferencia directa do castelán, sen necesidade de propagarse desde un espazo contiguo cunha variedade galega na que se empregase *ahora*.

Por último, *ahora* rexístrase no punto 128. A súa difusión neste caso semella producirse sen continuidade xeográfica. Como vai dito, fai parte dunha dobre resposta na que a forma *agora*, segundo o propio informante, é empregada polas persoas de máis idade. Coñecendo a rede de puntos do ALPI, poderíase pensar que talvez esta ruptura da continuidade xeográfica en relación co polígono 112, o máis próximo con presenza da forma de orixe castelá, fose só aparente. É por isto que comprobamos os rexistros das localidades circundantes da rede do ALGa, que é máis fita. Deste xeito, puidemos constatar a descontinuidade, pois nos dous puntos que median dunha a outra parte, o C.40 e o P.02 rexistrouse a variante *agora*. Sendo así, parece pouco probable que *ahora* se difundise desde o 112 cara ó 128.

O mapa 125, elaborado cos materiais da NEnq, mostra como a tendencia expansiva de *ahora* continúa. A pesar de que esta forma deixa de recollerse en cinco puntos (112a, 113, 116, 130 e 148), a súa presenza constátase nun total de 38 localidades, sete máis que na etapa anterior, como se pode ver na táboa 36. Chama particularmente a atención o caso do punto 112a, onde se viña rexistrando *ahora* como resposta única desde o tempo do ALPI e no que para este último proxecto se rexistra *agora*, tamén como forma única. É de supoñer que, aínda que non se recolleu para a NEnq, esta variante non debe de ser descoñecida na variedade local. A mesma suposición é extensible ós outros catro puntos que acabamos de mencionar.

Dúas localidades en que só se rexistrou *ahora* no ALGa presentan dobre resposta *agora / ahora* nos materiais da NEnq. Trátase dunha mostra máis de que, a pesar das tendencias que poidamos observar, a variación é susceptible de producirse en diferentes sentidos para unha mesma variable e nun mesmo período. Porén, á marxe destes casos particulares, semella claro que, analizando os datos en conxunto, *agora* mostra unha dinámica recesiva, xusto o contrario que a variante de orixe castelá. Paralelamente á difusión espacial de *ahora*, obsérvase un aumento da localidades en que se rexistra como resposta única (ata un total de 23, como se pode ver na táboa 36). Máis alá do feito de que a forma *ahora* non se recolla en certas localidades nas que fora rexistrada con anterioridade, o incremento xeral do seu número de rexistros non deixa lugar a dúbidas sobre a difusión experimentada por esta variante ó longo do período estudado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Segundo os datos da NEnq, a forma de orixe castelá está presente na maior parte do territorio, deixando só 15 puntos en que *agora* é rexistrada como resposta única. Noutros tantos recóllese unha dobre resposta *agora / ahora*. En catro deles sinálase que a solución patrimonial é menos usada ou máis antiga. Nos once puntos restantes os informantes empregan as dúas variantes alternativamente no seu discurso. Isto reforza a idea de que, en moitos casos, unha e outra forma son coñecidas polos falantes e, por tanto, son susceptibles de seren utilizadas en diferentes momentos. Con todo, a forza con que se propaga *ahora* fai que a forma patrimonial *agora*, que partía dunha situación claramente dominante, se converta en minoritaria.

	ALPI	ALGa	NEnq
agora	43/42	37/22	30/15
ahora	11/10	31/16	38/23

Táboa 36. Número de ocorrencias das variantes *agora* e *ahora* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

4.3.13 Concello

Para rematar esta sección expoñemos un caso de difusión con e sen continuidade xeográfica no que a forma que se estende non é un castelanismo. Ó contrario, *concello*, a denominación do galego estándar para a 'corporación encargada da administración dun municipio' ou para o 'edificio en que se encontran as oficinas desta corporación' (DRAG), semella en proceso de substituír as diferentes variantes preexistentes relacionadas coa forma castelá *ayuntamiento*. É dicir, que unha forma galega está a desprazar nalgúns puntos un castelanismo que conta cun uso moi estendido.

No ALPI recóllense ata 15 variantes diferentes para denominar esta realidade, todas elas derivadas do substantivo castelán *ayuntamiento* (derivado, en última instancia, da preposición latina AD mais o verbo IUNCTĀRE); (Corominas / Pascual 1980-1991). Trátase de formas adaptadas en maior ou menor grao como *aiuntamento*, *axuntamento*, *auntamento*, *entamiento*, *outamento* ou *untamiento*, entre outras. Lamentablemente, non dispoñemos de datos para a etapa do ALGa porque no seu cuestionario do ALGa no existe unha pregunta que faga referencia a esta realidade. Porén, quixemos incluíla no cuestionario da NEnq coa intención de avaliar o posible impacto do modelo galego estándar, difundido a través da

administración, a escola e os medios de comunicación. E resultou que, efectivamente, a resposta *concello* foi recollida en moitos puntos da rede neste último proxecto.

A variante *concello* é un substantivo derivado do latín CONCĬLĬU, que tiña o significado orixinal de 'reunión' ou 'asemblea' (Corominas / Pascual 1980-1991; Houaiss 2009). No TMILG documéntase xa co sentido de 'corporación municipal' desde inicios do século XIII con diferentes grafías (*concello*, *concelho*, *conçello*, *conçelo*). Atopamos un exemplo no seguinte fragmento dun texto notarial: "Eu Vidal Domĩguiz, notario público do *concello* de Bayona de Miñor, vy una carta feyta per Martĩ Peris […]". Nesta base de datos aparece rexistrado en numerosos escritos datados ata finais do século XV, case sempre no eido da prosa tabeliónica. A partir de aí non se atopan rexistros ata 1861. No corpus do TILG, a primeira ocorrencia de *concello* con este significado rexístrase nun ensaio de Antonio Fernández Morales no seguinte contexto: "Como a misa tén sermón tal día todos os anos i a canta o sobrín do cura co ferreiro e secretario do *concello*, dura sempre, cuando máis pouco, hora e cuarto". Desde esa data ata 2013, nesta base de datos pódense atopar máis de tres mil rexistros de *concello*, polo que é posible deducir que ten un uso relativamente frecuente na escrita.

Non obstante, a xulgar polos datos do ALPI, na altura este emprego escrito non tiña o seu correlato na oralidade. Para coñecer a distribución da solución *concello* elaboramos un único mapa con base nos materiais da NEnq, pois é o único proxecto no que aparece. A fin de simplificar a cartografía e a súa interpretación, prescindimos da representación de variantes fonéticas relacionadas coa articulación da sibilante ou da consoante palatal. Polas mesmas razóns, unificamos as variantes de orixe castelá baixo a etiqueta *ayuntamiento*, respectando a forma estándar orixinal. Respecto disto, cabe sinalar que mentres no ALPI se recollían ata 15 variantes diferentes, mentres que na NEnq o número vese reducido a oito. Tamén é de destacar que nos datos do primeiro proxecto só se atopa a forma castelá sen adaptar nunha única ocasión, mentres que entre os materiais do proxecto máis recente encontramos 29 ocorrencias de *ayuntamiento*. Vese que co paso do tempo a forma do castelán estándar foi gañando difusión, ó tempo que se foron perdendo algunhas variantes fonéticas relacionadas con ela.

No mapa 126 pódense ver os resultados da NEnq para esta cuestión. A variante *concello* aparece en cinco áreas diferentes sen continuidade xeográfica entre si. Tres destas áreas están constituídas por puntos illados, pero as outras dúas (sobre todo a situada máis ó leste) presentan unha extensión considerable. Dunha maneira similar a como vimos que se difunden certos castelanismos (como *zorro* ou *nudo*, por poñer algún exemplo), *concello* parece difundirse con e sen continuidade xeográfica. Como se pode ver na táboa 37, a forma *concello* pasa de non ter un só rexistro no ALPI a contar un total de 25 na NEnq. En catro destes casos, ademais, esta variante foi recollida como resposta única. Tres deles encóntranse agrupados nunha pequena área integrada polos puntos 105, 118 e 119. Talvez nesta zona o seu uso se

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

consolidase máis rapidamente por algunha razón. Nas restantes 21 localidades recóllense dobres respostas. En 18 delas, os informantes sinalan que *concello* é unha forma nova, que antes non se empregaba. Moitos coinciden en facer manifestacións aludindo á cartelería ou ós documentos empregados pola administración municipal. Algúns mesmo mostran certa reticencia ó cambio (108: "Toda a vida foi o *ayuntamiento*"), pero recoñecen que *concello* é unha palabra que cada vez se usa máis. Así pois, a forma *ayuntamiento* segue a ser maioritaria, pero o seu número de rexistros como resposta única baixou de 53 a 28.



Mapa 126. Resultados de *concello* na NEnq.

	ALPI	NEnq
concello	0/0	25/4
ayuntamiento	53/53	49/28

Táboa 37. Número de ocorrencias das variantes *concello* e *ayuntamiento* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Eis un cambio que non se produce unicamente con continuidade xeográfica e no que a variante en expansión non é de orixe castelá. Isto demostra que este tipo de mudanzas se producen independentemente da procedencia da solución que mostra unha tendencia expansiva; o que importa é o medio polo que se difunde. Tanto no caso dos castelanismos coma neste, parece que as formas que se propagan non precisan (aínda que poida axudarse del) do contacto entre variedades próximas sobre o terreo, senón que se espallan grazas a canles de difusión que actúan por igual sobre todo o territorio. Sobre esta cuestión trataremos máis de vagar nas conclusións do traballo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Parte III. Análise estatística dos datos

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

5 ABORDAXE ESTATÍSTICA DOS MATERIAIS

5.1 REDUCIÓN DO NÚMERO DE VARIANTES

Durante o desenvolvemento do presente traballo observouse unha tendencia xeral á diminución do número de variantes para boa parte das variables co paso do tempo. Ben pola difusión dunha forma de orixe castelá, ben pola extensión dunha solución patrimonial ou ben pola combinación de ambas, moitas variantes deixan de rexistrarse. No caso de *pedrelo* e *pedrolo* puidemos ver que se trataba de dúas formas que partían cunha extensión relativamente pequena segundo os datos do ALPI e que esta extensión experimentaba unha contracción no paso á etapa do ALGa. Finalmente, o número de puntos en que se rexistraron estas variantes na NEnq redúcese a cero. Nos lugares en que se recolleran *pedrelo* e *pedrolo* nos proxectos anteriores, documentouse para a NEnq a forma *guisante*. Deste xeito, unha variable, a que nós etiquetamos coa denominación patrimonial maioritaria *chícharo*, que contaba cun total de once variantes no ALPI pasou a ter nove segundo os datos na NEnq. Algo semellante acontecía coas variantes fonéticas de *ayuntamiento*, tal e como se comentou no apartado anterior. No ALPI rexistráronse 15, mentres que na NEnq o número de variantes foi de oito, o que supón que sete das solucións documentadas no ALPI deixaron de rexistrarse.

Esta redución do número de formas diferentes recollidas para unha mesma cuestión percíbese con maior claridade naquelas variables que contan cunha cantidade elevada de variantes. Para ilustrar este fenómeno seleccionamos as once preguntas do cuestionario que presentan maior variación nas súas respostas e fixemos un reconto da cantidade de variantes diferentes para cada proxecto que se pode consultar na táboa 38. Como todas elas son cuestións de tipo léxico, no cómputo prescindimos de variantes fonéticas como as relacionadas coa gheada, o seseo, a realización de [ʎ] ou [ʝ], o rotacismo ou certos fenómenos de harmonización ou disimilación vocálica.

Pódese apreciar a redución do número de variantes en todas as variables do listado. Nalgúns casos é máis acentuada, coma no de *demo*, para a que se rexistran 20 denominacións diferentes no ALPI, nove no ALGa e tan só cinco na NEnq. Noutros, como os de *carabuña* ou *nocello*, a diminución no número de formas distintas documentadas entre proxecto e proxecto vaise producindo dunha maneira paulatina. En ocasións non hai diferenza de resultados entre unha etapa e a seguinte, como no caso de *xoaniña* entre o ALPI e o ALGa, que se mantén con 20 variantes, ou o de *arco da vella* entre o ALGa e a NEnq, que se mantén con seis variantes. No entanto, tomando como referencia o período completo, constátase a redución do número de variantes recollidas.

	ALPI	ALGa	NEnq
bolboreta	23	10	9
píntega	21	19	16
xoaniña	20	20	15
demo	20	9	5
carabuña	18	17	16
cóxegas	17	16	11
landra	15	13	12
néboa	15	11	9
pinguel	14	11	10
nocello	13	12	11
arco da vella	12	6	6

Táboa 38. Evolución do número de variantes para as cuestións con maior variabilidade.

5.2 AUMENTO DA PRESENZA DE CASTELANISMOS

Durante o desenvolvemento desta investigación, particularmente no referente á sección 4.3, percibiuse que determinadas variantes de orixe castelá experimentaban unha difusión notable ó longo do período estudado. Trátase dun feito que xa fora percibido desde o inicio do proxecto, pois unha das diferenzas atopadas na comparación entre os datos do ALGa e do ALPI durante a transcrición destes últimos foi precisamente a desigual proporción da presenza de castelanismos. De maneira xeral, os datos recadados para o proxecto do ALPI revelaban unha menor incidencia de interferencias do castelán sobre o galego popular estudado nestes traballos de xeografía lingüística. Vendo que era un aspecto que ofrecía claras mostras de cambio, tívose en conta á hora de elaborar o cuestionario da NEnq. Das 368 preguntas de que consta, 54 eran susceptibles de obter como resposta algunha forma de procedencia castelá. Pertencen a diferentes campos semánticos, tales como o dos animais (*jabalí*, *mariposa*, *yegua*…), o das plantas (*hueso/ghueso* –da froita–, *lechuga*, *judías*…), o das partes do corpo (*cuello*, *muñeca*, *frente*…) ou os meses do ano (*enero*, *junio*, *septiembre*…), entre outros.

Anteriormente analizamos o comportamento diatópico dalgunhas destas variantes e puidemos observar que se difunden no espazo con e sen continuidade xeográfica. Partindo

desde diferentes situacións iniciais, vimos diferentes casos de castelanismos cuxa extensión xeográfica aumentaba co paso do tempo. Así, estudamos exemplos como o da forma *rodilla*, xa moi estendida na época do ALPI, ou o de *temprano*, que só aparece na etapa da NEnq. Entre un extremo e outro, tratamos casos como os de *nudo* e *guisante*, que comezan cunha presenza minoritaria e rematan ocupando a maior parte do territorio, ou o de *zorro*, que empeza tamén rexistrándose en poucos puntos e acaba rexistrándose nunha área compacta mais algunhas localidades soltas en diferentes partes do territorio, pero sen chegar a consolidarse como a solución maioritaria.

Visto que a frecuencia con que se recollen castelanismos tende a incrementarse co paso tempo, e coñecida xa a maneira en que se difunden estas variantes, decidimos abordar a cuestión desde unha nova perspectiva. A fin de avaliar en que medida aumenta a presenza de formas de orixe castelá nos materiais empregados, cuantificamos os seus rexistros por punto. Con isto, ademais, pretendiamos observar se existe algún patrón xeográfico que puidese indicar cales son as zonas en que este fenómeno propio do contacto de linguas ten maior ou menor incidencia ou, mesmo, se hai algunha vía xeográfica de penetración pola que se introduce este tipo de solucións.

Para desenvolver a análise o que fixemos foi contar o número de respostas que incluían algún castelanismo para as 54 preguntas do cuestionario ás que fixemos referencia anteriormente, sen termos en conta se esas variantes de orixe castelá formaban parte dunha dobre resposta xunto con algunha outra ou eran respostas únicas. É dicir, o que se mide é, simplemente, o rexistro destas formas. A partir de aí, calculamos as medias por punto, que se redondearon en tramos de 0,05 unidades para simplificar a representación cartográfica. Con estes datos elaboramos unha serie de catro mapas: un para cada proxecto e outro máis de síntese no que se mostra a media xeral para todo o período. Están elaborados empregando unha escala gradual de verdes, de xeito que as cores máis clarasrepresentan medias máis baixas de respostas con variantes de orixe castelá, mentres que as cores máis escuras representan medias máis altas.

Na lenda do mapa 127, confeccionado cos datos do ALPI, pódese observar que a media de castelanismos abrangue un rango que vai do 0,15 ó 0,5 por cuestión. O valor medio, como se pode ver na táboa 39, sitúase en 0,3. De tonalidade máis clara vemos os puntos 100, 109, 112, 128, 141 e 142, aqueles que teñen unha menor presenza de variantes de orixe castelá. Na contorna destes polígonos é posible apreciar dúas zonas que semellan máis resistentes á penetración de solucións castelás: unha no norte, que vai desde os puntos 101 e 102 ata o 117 (coa excepción do 114, que mostra un rexistro de castelanismos superior á media); e outra que conforma unha faixa de anchura irregular e que corre desde os puntos 106 e 107 ata o 150 e o 151 (coa excepción do 148, que presenta un valor coincidente coa media para o proxecto.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

No extremo oposto, nun verde algo máis escuro, atopamos os puntos 127 e 147, ambos con 0,5 castelanismos por pregunta, a cifra máis alta nesta etapa. Outras localidades próximas (122, 123, 146 e 149) mostran tamén valores por riba da media, o que fai que conformen unha área cunha presenza particularmente elevada de solucións de orixe castelá. Precisamente, a maior presenza de castelanismos nesta zona oriental levounos a considerar se habería unha vía de penetración para este tipo de formas desde terras leonesas, tal e como parecía que podía suceder con *guisante*, *zorro* ou *nudo*. Con todo, sen descartarmos esta posibilidade, a difusión de variantes de orixe castelá sen continuidade xeográfica impide apreciar un patrón espacial claro no seu proceso de expansión. De feito, os restantes puntos con valores altos atópanse moi afastados desta área (108, 114, 134, 139 e 140).

No mapa 128, en que se representan os datos do ALGa, vemos como determinados puntos que mostraban un rexistro baixo de castelanismos na etapa anterior, como o 100 ou o 128, teñen agora valores medio-altos. O 131, que mostraba un valor de 0,3 no ALPI (coincidente coa media xeral do proxecto), pasa agora a un 0,7, a cifra máis alta. Por outra banda, os puntos 127 e 147, cuxa media estaba en 0,5 (o maior na altura, como comentamos), non experimentan un aumento paralelo ó que se dá de maneira xeral en todo o territorio. Fican nun valor de 0,55, mentres a media do proxecto sube 0,15 en relación cos datos do ALPI, como se pode ver na táboa 39.



Mapa 127. Media de castelanismos por punto no ALPI para as variables seleccionadas.



Mapa 128. Media de castelanismos por punto no ALGa para as variables seleccionadas.



Mapa 129. Media de castelanismos por punto na NEnq para as variables seleccionadas.

As dúas áreas que segundo os datos do ALPI se mostraban máis conservadoras presentan consonte os datos do ALGa uns resultados diferentes. Na área do norte, salvo os puntos 101 e 102, todos mostran nesta etapa valores por riba da media. Respecto da outra área, obsérvase que algúns dos polígonos que a integraban seguen a ter verdes máis claros en relación co conxunto (o 106, o 107 e, particularmente, o 109), mentres que noutros (como o 112, o 128 ou o 143) comezan a aparecer as tonalidades máis escuras. Pola súa parte, a zona oriental que mostraba unha maior presenza de castelanismos continúa, en xeral, con valores altos, pero dous dos puntos que a integraban (o 122 e o 124) xa non contan con cifras superiores á media do proxecto.

Por tanto, non se percibe un patrón claro para a difusión dos castelanismos no tempo que vai do ALPI ó ALGa, cando menos un que estea claramente vencellado á cuestión espacial. O que si se pode apreciar é o aumento xeneralizado de rexistros con variantes de orixe castelá. Mentres no mapa 127 predominan os tons claros, no mapa 128 xa se poden apreciar, de maneira xeral, unhas tonalidades de verde máis escuras. Se observamos a lenda, é posible observar tamén que o rango de valores se sitúa en niveis máis altos, que van do 0,25 ó 0,7. Isto significa que o valor mínimo aumentou en 0,1 e o máximo en 0,2 con respecto da etapa anterior.

No mapa 129, elaborado cos datos da NEnq, pódese ver que a tendencia ó aumento da media de castelanismos rexistrados continúa. De maneira xeral, este incremento prodúcese en todo o territorio. Mesmo os dous puntos con menor número de rexistros deste tipo de variantes teñen uns valores por riba da media global para o proxecto do ALPI, cun valor de 0,3. Trátase das localidades 138 e 150, con 0,35 e 0,45, respectivamente. A progresión é evidente. As tonalidades máis escuras predominan e o rango de valores volve situarse en niveis máis altos respecto dos do ALGa. Agora vai do 0,35 ó 0,8, o que supón unha suba de 0,1 tanto no valor máximo coma no mínimo. A isto hai que sumar que a media xeral do proxecto ascende de novo considerablemente, pasando dun 0,45 a un 0,65 e superando, deste xeito, a barreira do 50% de respostas con presenza dalgunha solución de orixe castelá. Isto quere dicir que na NEnq, para estas 54 preguntas, se rexistraron máis castelanismos que formas patrimoniais.

Por outra parte, continúa sen percibirse un patrón xeográfico claro na difusión de formas de orixe castelá. Por exemplo, os catro puntos co valor máis alto (102, 117, 134 e 144) están bastante distanciados entre si e non corresponden a lugares en que a incidencia dos castelanismos fose especialmente alta nas etapas anteriores. O mesmo se pode dicir dos lugares con valores máis baixos; tan só os puntos 138, 148 e 150 parecen formar unha pequena área máis resistente á introdución deste tipo de variantes, porque os outros tres (109, 120 e 121) tamén se encontran afastados uns dos outros. A distribución que presentaba o mapa inicial, o do ALPI, está moi cambiada. Segue habendo valores relativamente altos naquela área oriental que foi sinalada como posible vía de entrada para os castelanismos

desde terras leonesas, pero xa non é a zona onde se marcan os máximos (xa deixara de selo segundo os datos do ALGa). A área do norte que se mostraba conservadora presenta agora cifras superiores á media e aquela outra faixa que corría en diagonal desde os puntos 106 e 107 ata o 150 e o 151 xa non é posible percibila, aínda que algúns polígonos que a constituían seguen a ser dos que menos variantes de orixe castelá presentan (106, 109 e os xa mencionados 138, 148 e 150). No entanto, apréciase unha zona cun alto rexistro de castelanismos que na etapa do ALPI non existía e que na etapa do ALGa non se percibía con claridade; ocupa o terreo costeiro que vai do punto 108 ata o 136 e desde a zona do Morrazo esténdese cara ó interior ata chegar ó punto 144.



Mapa 130. Media de castelanismos por punto durante todo o período para as variables seleccionadas.

Por último, o mapa 130, en que se mostran os valores medios para todo o período, presenta un aspecto un tanto semellante ó do mapa 128, confeccionado cos datos do ALGa e correspondente, logo, á etapa intermedia. Isto confirma que a difusión dos castelanismos estudados se produciu de maneira progresiva. Doutra banda, a representación deste cómputo xeral semella mostrar unha área con continuidade xeográfica bastante extensa na que o rexistro de castelanismos é algo maior. Esta área comprende boa parte das provincias de Lugo e Ourense mais un polígono da de Pontevedra. Ademais, atopamos unha faixa tamén continua

na costa occidental, que se estende desde a localidade 131 ata a 140, e un par de puntos soltos, o 108 e o 110, cun número elevado de rexistros de formas de orixe castelá. No total, son 26 puntos con valores superiores á media. Paralelamente, 12 puntos sitúanse xusto no valor medio, mentres que os restantes 15 presentan valores máis baixos. Estes últimos tampouco presentan unha distribución clara. Pódense observar tres pequenas agrupacións (a formada polas localidades 106, 107 e 109; a formada polas localidades 129, 133, 141 e 142; e a formada polas localidades 137, 138, 148 e 150), ás que se unen varios puntos soltos (101, 105, 120 e 121), pero tampouco se percibe un patrón xeográfico claro na súa distribución.

	ALPI	ALGa	NEnq	media total
castelanismos	0,30	0,45	0,65	0,45

Táboa 39. Media de castelanismos por punto en cada proxecto
e en todo o período para as variables seleccionadas.

5.3 ÍNDICE DE CAMBIO

Desde unha perspectiva cualitativa é doado determinar cando e onde se produce un cambio nos nosos materiais, dado que dispomos de información datada e xeorreferenciada. Se unha determinada variante mantén a súa presenza nun determinado punto entre unha etapa e outra das tres que manexamos, non se produce ningunha mudanza. Polo contrario, a modificación da distribución diatópica dunha variante ó longo do tempo constitúe un cambio. Agora ben, unha abordaxe cuantitativa presenta algunhas complicacións. Como se pode medir o cambio? É o mesmo cambio o que se produce nun punto que, por exemplo, para a variable *vagalume*, pasa de rexistrar *verme de lume* a rexistrar *verme canteiro* que o que se produce nun punto que pasa de rexistrar *verme de luz* a rexistrar *vella da noite* ou *luciérnaga*? Podemos entender que unha determinada variedade cambia na mesma medida se, por exemplo, nos materiais do ALPI está caracterizada polo uso de formas con gheada e nos materiais do ALGa presenta respostas con e sen ela ou se o trazo deixa de rexistrarse por completo? Probablemente non. Desde logo, un pensamento intuitivo dinos que non se está a dar un cambio igual.

No primeiro caso, as respostas *verme de lume* e *verme canteiro* teñen dúas características en común: trátase de compostos sintagmáticos e, sobre todo, o seu núcleo nominal é o mesmo, *verme*. En comparación, *vella da noite* segue a ser un composto sintagmático, pero o seu núcleo nominal é diferente; o cambio pode parecer maior. Pola súa

parte, *luciérnaga* non só non é un composto sintagmático e posúe un lexema distinto, senón que tamén se podería ter en consideración o feito de que é unha forma procedente do castelán, en oposición ó resto, que son todas patrimoniais; o cambio, nesa ocasión, podería semellar maior aínda. No segundo caso, o paso dunha resposta [ˈθɛ̞ho] a unha dobre resposta [ˈθɛ̞ho] / [ˈθɛɣo] parece un cambio menor que o paso de [ˈθɛ̞ho] a [ˈθɛɣo], pois na dobre resposta aínda está presente a variante orixinal, mentres que na outra deixa de documentarse, o que podería ser interpretado como un indicio dunha mudanza fonética estrutural.

Poderiamos pensar que se trata de cambios de diferente magnitude. Non obstante, resulta extremadamente complicado atopar un método coherente para cuantificalos. Ante a dificultade para desenvolver unha escala fiable que medise dalgunha maneira a cantidade de cambio (se é que isto é verdadeiramente posible), optamos pola vía da sinxeleza. Coidamos que o mellor sería establecer unha diferenciación básica entre cambio e non cambio e asignar un valor de 1 e 0 respectivamente para poder levar conta non de canto cambio se produce, senón de cantos cambios se producen. Se para unha mesma cuestión, nun mesmo punto se recolle unha mesma resposta entre unha etapa e a seguinte, o cambio é igual a 0, isto é, non hai cambio. Se para unha mesma cuestión, nun mesmo punto se recolle unha resposta diferente entre unha etapa e a seguinte, o cambio é igual a 1, é dicir, hai cambio. Como explicamos na parte introdutoria, entendemos que a aparición dunha variante nova formando unha dobre resposta xunto coa variante xa recollida no proxecto anterior constitúe unha mudanza. Por exemplo, se nun punto pasamos dunha resposta *chícharo* no ALPI a unha resposta *chícharo / guisante* no ALGa, asignamos un valor de 1, pois consideramos que se produciu un cambio.

Deste xeito, colocando un 0 nos casos de mantemento e un 1 nos casos de mudanza, elaboramos un índice de cambio por punto. Dado que contamos con datos de tres momentos históricos diferentes, dispomos de dúas fases de cambio, as constituídas polos períodos que median entre o ALPI e o ALGa e entre o ALGa e a NEnq. Referirémonos á primeira como fase I e á segunda como fase II. O índice de cambio por punto calculouse achando a media de cambios, isto é, sumando todos os valores asignados a cada punto e dividíndoos entre o número de cuestións. Obtívose así unha cifra entre o 0 e o 1 que serve para mostrar en que medida se produciron mudanzas nas respostas dunha determinada localidade. De maneira que se as formas recollidas para cada pregunta fosen sempre as mesmas, o índice de cambio sería igual a 0, mentres que se fosen sempre diferentes, o índice de cambio sería igual a 1. Non atopamos casos tan extremos. De feito, o rango sitúase entre o 0,2 nos casos de puntos máis conservadores e o 0,55 nos casos con maior variación. O valor medio para todo o período ronda os 0,33 cambios por cuestión e punto, como se pode ver na táboa 40.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A fin de procurar posibles patróns xeográficos na incidencia do cambio lingüístico, logo de calcular o índice elaboramos unha serie de mapas que mostran os resultados sobre o espazo: un para a fase I, un para a fase II e outro para o cómputo total do período. Ó igual

que no apartado en que calculamos a media de rexistros de castelanismos, coa intención de simplificar a representación cartográfica e facilitar a propia interpretación dos datos, redondeamos os valores en tramos de 0,05 unidades. Do mesmo modo, tamén empregamos unha escala gradual de cor, neste caso vermella, na que as tonalidades máis claras representan índices de cambio máis baixos, mentres que as tonalidades máis escuras representan índices de cambio máis altos.

No mapa 131, correspondente á fase I, pódese ver que predominan os tons claros e intermedios. Porén, chaman a atención os puntos 128, 131 e 142, con índices de cambio relativamente elevados, particularmente tendo en conta que a media para esta fase se sitúa no 0,30, como se pode ver na táboa 40. Non existe continuidade xeográfica entre eles, de xeito que non podemos falar dunha área con maior propensión ás mudanzas claramente identificada. O que si parece poder distinguirse son catro zonas un tanto difusas con maior resistencia ó cambio. Coinciden vagamente cos catro cantos do territorio (noroccidental, nororiental, suroccidental e suroriental), deixando unha especie de cruceta no medio onde os valores son un pouco máis altos.



Mapa 131. Índice de cambio por punto para a fase I.



Mapa 132. Índice de cambio por punto para a fase II.



Mapa 133. Índice de cambio por punto para a totalidade do período.

No mapa 132, correspondente á fase II, obsérvase que non necesariamente os puntos con maior índice de cambio na fase anterior continúan presentando as cifras máis altas e que os puntos con menor índice de cambio tampouco son necesariamente os que presentan agora as cifras máis baixas. De maneira xeral, o que se percibe é un lixeiro aumento das mudanzas e unha maior concentración de puntos con valores de cambio altos na metade occidental do territorio, que é a máis poboada e a máis urbanizada. Como se pode ver na táboa 40, o valor medio ascende a un 0,35 e o rango experimenta tamén unha lixeira suba, pois pasa de estar entre o 0,2 e o 0,5 a situarse entre o 0,25 e o 0,55. As catro localidades cun índice de cambio máis baixo atópanse moi distanciadas entre si. Dúas delas, a 110 e a 148, están practicamente rodeadas por outras con valores medios e altos. Por outra parte, as localidades cun índice máis alto tampouco se encontran agrupadas, aínda que se pode ver unha zona relativamente ampla con valores por riba da media que se estende en dirección suroeste desde os puntos 101 e 115 ata o 112a e o 131. A esta zona habería que sumar algúns puntos cun índice de cambio alto, especialmente o 117 e o 139.

Por último, no mapa 133 represéntanse os valores medios para todo o período, tendo en conta os resultados da fase I e os da fase II. Como se pode observar, a maior parte das localidades mostra cifras próximas á media. Algúns puntos máis resistentes ó cambio aparecen espallados por diversas zonas do territorio, tanto nas súas marxes coma en posicións centrais. Por outra parte, os puntos con maior índice de cambio tampouco se encontran agrupados. Non é posible, por tanto, apreciar un patrón xeográfico que nos permita distinguir con claridade áreas con maior ou menor propensión ás mudanzas ó longo de todo o período. Segundo estes datos, semella que a forza do cambio lingüístico actuou con relativa uniformidade sobre o espazo ó longo do tempo que vai desde o ALPI ata a NEnq.

	fase I	fase II	período total
Media do índice de cambio	0,30	0,35	0,33

Táboa 40. Media do índice de cambio para as fases I e II e para a totalidade do período estudado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Parte IV. Interpretación dos resultados

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6 CONCLUSIÓNS

Este traballo naceu co obxectivo de analizar o cambio lingüístico do galego falado nun período de aproximadamente un século, desde o primeiro terzo do século XX ata a primeira década do século XXI. Os datos que se estudan están tomados de tres proxectos de documentación xeolingüística realizados en tres momentos deste intervalo: o Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (1934-1935), o Atlas Lingüístico Galego (1974-1977) e a Nova Enquisa (2008), denominación coa que identificamos unha investigación de campo desenvolvida especificamente para rexistrar os datos do período máis recente. A investigación enmárcase dentro do ámbito da lingüística variacionista e de xeito específico na análise do cambio lingüístico en tempo real. No traballo combinamos a observación do cambio lingüístico de variantes correspondentes a un conxunto de variables fonéticas, morfosintácticas e léxicas coa análise da evolución da súa distribución espacial ó longo de tres etapas marcadas pola datación dos materiais empregados. En relación con esta evolución, é dicir, coa variación temporal, a primeira clasificación que se pode facer é a que establece unha división entre aquelas variables que presentan cambios no eixe diacrónico e aqueloutras que se mostran constantes. Con todo, con respecto a estas últimas debemos referirnos a elas en singular porque só atopamos unha variable cuxas variantes se mostran sen modificación nos materiais das tres fontes de materiais utilizadas neste estudo. Trátase da variable que abordamos no apartado § 4.1.6 sobre os resultados da terminación latina -ĪNU. Se lembramos, as variantes [-iɲo] e [-iŋ] foron rexistradas exactamente nos mesmos puntos para os tres proxectos. É o único caso en que non se observou ningunha mudanza na distribución de ningunha das variantes ó longo de todo o período estudado.

Con todo, tamén puidemos observar un exemplo de mantemento (non cambio) de todas as variantes dunha variable, aínda que non durante todo o período. De acordo co exposto no apartado § 4.1.9, a distribución no espazo das formas [ˈoʃe], [ˈuʃe], [ˈuʒe] e [ˈoj] non experimentou ningunha variación consonte os materiais do ALPI e do ALGa. Ambos os proxectos presentan respostas iguais en todas as localidades para a pregunta correspondente. Porén, os datos da NEnq revelan unha distribución de variantes un tanto diferente: mentres [ˈuʃe] e [ˈuʒe] se manteñen, a área de [ˈoʃe] amplíase na mesma medida en que mingua a área de [ˈoj], que fica reducida a un único punto.

Por outra parte, detectamos casos de mantemento dunha soa variante ó longo de todo o período, sen termos en conta as mudanzas na distribución das demais variantes que fan parte da mesma variable. Lembremos, por exemplo, as formas [ˈkaz̪a] e [ˈʒenro] estudadas no apartado § 4.1.3 sobre o sistema de sibilantes no punto 150. Aínda que palabras como *aceite*, *tesoira* e *cereixa* presentan variación no tempo, con respostas que difiren nalgún dos proxectos en función da articulación sonora ou xorda da fricativa interdental, apicoalveolar ou prepalatal, respectivamente, as variantes [ˈkaz̪a] e [ˈʒenro] foron documentadas nesta localidade para o ALPI, para o ALGa e para a NEnq. Tamén a variante *golpe*, abordada na

epígrafe 4.3.2, foi rexistrada nos mesmos cinco puntos para os tres proxectos. A súa área non se expande nin se contrae en ningún momento. Por contra, o que si cambia é a distribución das variantes *raposo* e *zorro*. De feito, co paso do tempo, estas dúas solucións difúndense dentro da zona de *golpe* ata o punto de que na NEnq esta forma xa non se rexistra como resposta única en ningunha das localidades en que foi recollida. Pese a isto, a extensión da variante *golpe* permanece inalterada desde o principio ata o final.

Algo similar puidemos observar no caso de *bercio*, que se mantén no punto 120, e *garavullo*, que se mantén no punto 148. Alén destes exemplos, atopamos outros casos de mantemento na distribución dalgunha variante en variables estudadas para o desenvolvemento da análise estatística presentada na sección § 5. Entre a gran variedade de denominacións (ata un total de 23) para o insecto da orde dos lepidópteros comunmente coñecido en galego como *bolboreta* (DRAG) documentadas nos materiais con que traballamos, hai dúas que se rexistran nas mesmas localidades ó longo de todo o período. Trátase de *paxarela* (puntos 120 e 122) e *polboretesa* (punto 151), cuxa distribución podemos ver no mapa 134. Por outra parte, para nomear o anfibio *Salamandra salamandra* (DRAG) rexistrouse tamén un bo número de variantes (21 en total), de entre as cales, segundo os nosos datos, a máis empregada é *píntega*. A distribución da maior parte desas formas varía ó longo do tempo, pero hai dúas que non presentan cambios. Son *sarabanduxa* (punto 108) e *pesoia* (puntos 106 e 109), como se pode ver no mapa 135.



Mapa 134. Distribución de *paxarela* e *polboretesa* en todo o período.



Mapa 135. Distribución de *pesoia* e *sarabanduxa* en todo o período.

Outro animal, o mamífero salvaxe da familia dos súidos *Sus scrofa*, comunmente coñecido como *porco bravo* (DRAG), entre outras denominacións, recibe na localidade 150 o nome de *porco veado* (mapa 136). Esta variante aparece unicamente neste punto de enquisa e recóllese para os tres proxectos empregados. Por último, a semente dura dalgunhas froitas como a ameixa, a cereixa ou o pexego (DRAG) pode ser designada de diferentes maneiras en galego. Consonte os nosos materiais, a máis frecuente é *carabuña* (dun total de 18 variantes rexistradas). Case todas estas formas experimentan cambios na súa distribución diatópica ó longo do tempo, pero atopamos dúas que non o fan, como se pode ver no mapa 137: *caruña* (puntos 136 e 140) e *garaboia* (punto 147).

Todos estes casos teñen dúas características en común: i) están atinxidas variantes minoritarias, rexistradas en poucos puntos; e ii) as súas áreas de uso sitúanse zonas marxinais do territorio, como se pode apreciar nos mapas. Así pois, vese que hai un número reducido de variantes con escasa extensión (a maior é a de *golpe*, rexistrada en cinco localidades, pero as demais rexístranse en tan só dúas ou unha) que manteñen a súa distribución no espazo ó longo do tempo. Constitúen excepcións á tendencia xeral de cambio observada para a meirande parte de variantes no desenvolvemento deste traballo. Ademais, cómpre non esquecer que estamos a computar todos os rexistros destas formas e non os casos en se recollen como respostas únicas; de ser así, o número de exemplos de non cambio minguaría considerablemente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa 136. Distribución de *porco veado* en todo o período.



Mapa 137. Distribución de *caruña* e *garaboia* en todo o período.

Xa que logo, os datos que empregamos mostran que, no período de tempo que os materiais empregados nos permiten estudar, o cambio nas variedades galegas analizadas se produce con máis frecuencia ca o mantemento. Volvendo ó sinalado no inicio deste apartado, lembremos que tan só atopamos unha variable cuxas variantes manteñen a mesma distribución ó longo de todo o período. As restantes variables presentan modificacións vinculadas co cambio (frecuencia de formas, rexistro de formas etc.) e tamén coa súa distribución espacial. Existen variantes que se difunden co paso do tempo, que van incrementando o número de puntos en que son rexistradas. Ó tempo, existen variantes que se contraen, que cada vez son recollidas nun número menor de localidades e mesmo variantes que deixan de rexistrarse na documentación manexada dun período a outro. En ocasións, o aumento da área dunha variante expansiva dáse na mesma medida en que se reduce a área da variante recesiva. Lembremos, por exemplo, o caso de [maˈɲaŋ] e [maˈɲa] visto no apartado § 4.1.4 sobre os resultados da terminación -ĀNA latina. A forma [maˈɲa] esténdese cara ó oeste; a súa área suma dous novos polígonos no tempo que media entre o ALPI e o ALGa e outros dous no tempo que media entre o ALGa e a NEnq. Paralelamente, a área da forma [maˈɲaŋ] diminúe a súa extensión ó deixar de ser recollida nos catro puntos correspondentes.

Agora ben, non sempre a difusión dunha determinada variante se produce na mesma medida en que se contraen as demais variantes dunha mesma variable. O que atopamos, en moitas ocasións, é o que rexistro dunha variante nova nunha determinada localidade se produce en forma de dobre resposta xunto coa variante recollida no proxecto anterior, o que orixina unha situación de variación nese punto. Reparemos, por exemplo, na expansión da solución *-ós* que foi analizada no apartado § 4.2.2 sobre a formación do plural dos substantivos e os adxectivos oxítonos rematados en *-ón*. Segundo os materiais do ALGa, a variante *-ós* foi rexistrada no punto 143, onde se recollera á variante *-óns* para o ALPI. Deste xeito, a área de *-ós* gañaba un punto e a área de *-óns* perdía ese mesmo punto. Porén, consonte os datos da NEnq, na localidade 149 documentouse unha dobre resposta *-ois / -ós*, mentres que a solución documentada para o ALGa fora unicamente *-ois*. Así, a área da variante *-ós* aumenta nun punto (o 149), pero a área da variante *-ois* non diminúe, pois volveu ser rexistrada nesa localidade.

Como puidemos ver ó longo deste traballo, as dobres respostas son recollidas con frecuencia nos proxectos de xeografía lingüística empregados como fontes de datos. Con todo, atopamos dúas variables nas que o número de dobres respostas é particularmente elevado. Trátase da variable *riles*, analizada no apartado § 4.3.6, e da variable *berce*, analizada no apartado § 4.3.9. En ambos os casos difúndese, co tempo, unha variante de orixe castelá. Estas variantes son *riñóns* e *cuna*, respectivamente. O que acontece é que moitos dos rexistros dobres van acompañados dunha nota en que se sinala que o castelanismo designa unha realidade distinta. Se lembramos, no caso de *riñóns* as notas indicaban que facía referencia ós órganos do corpo humano, en oposición ós do porco ou ós dalgún outro animal; no caso de *cuna* sinalábase que esta forma se emprega para nomear unha cama para bebés

moderna e fixa, con patas, en oposición a unha cama para bebés antiga, sen patas e arroladeira. Así pois, nestes exemplos, a difusión destas dúas variantes non implica a contracción das súas covariantes na mesma medida. De feito, o seu uso cun significado máis restrinxido favorece que o resto de formas se poida manter, pois designan realidades diferentes. Non obstante, tal e como se puido apreciar nos dous casos (especialmente no de *riñóns*), semella constatarse certa tendencia a que as variantes de orixe castelá acaben por asumir todos os significados e substitúan así as variantes patrimoniais.

Respecto da difusión de variantes, observamos que se produce con diferentes ritmos en función do tipo de variables. De maneira xeral, as variables de tipo fonético e morfolóxico experimentan cambios na súa distribución que afectan a un número reducido de puntos, mentres que as variables de tipo léxico (particularmente, aquelas nas que se estende o uso dun castelanismo) adoitan experimentar mudanzas que afectan ós rexistros dunha maior cantidade de localidades. A difusión de variantes co segmento fónico [ʝ], abordada no apartado § 4.1.10, constitúe unha excepción a esta tendencia xeral, pois prodúcese dunha maneira máis rápida e nun número maior de puntos que a do resto de variantes fonéticas. Ademais, esta difusión de [ʝ] prodúcese con e sen continuidade xeográfica. Por estas razóns, será abordada á parte, máis adiante.

Coa excepción da distribución de [ʎ] e [ʝ], a variable fonética que presenta un maior cambio ó longo do tempo que abranguen os nosos materiais é a da gheada. Como puidemos ver no apartado § 4.1.1, as variantes con [g] rexístranse cada vez en máis localidades, en detrimento das variantes con [ɦ]. Para ver con maior claridade onde se produciron as mudanzas, recuperamos os datos da cuestión *agulla* e elaboramos un mapa de síntese, o mapa 138, que presenta os resultados de todo o período. Pintados de azul podemos ver aqueles polígonos en cuxos puntos sempre se recolleu [aˈɦuʎa], pintados de amarelo podemos ver aqueles polígonos en cuxos puntos sempre se recolleu [aˈɣuʎa] e pintados de verde podemos ver aqueles puntos en que se constatou un cambio, que sempre é de [ɦ] para [g].

Son en total dez puntos os que experimentaron mudanzas nos rexistros do ALPI, o ALGa e a NEnq para a pregunta *agulla*. No caso, trátase de localidades que comezaron presentando respostas con [ɦ] e remataron presentando respostas con [g]. Xa que logo, a área da variante [aˈɣuʎa] sumou os dez puntos correspondentes. As demais variables fonéticas ofrecen cifras máis baixas de puntos en que se producen cambios. Por exemplo, cando analizamos o seseo en posición de ataque silábico na epígrafe § 4.1.2, vimos que as formas con [θ] sumaban un rexistro (correspondente ó punto 143) no paso do ALPI ó ALGa e outro máis (correspondente ó punto 139) no paso do ALGa á NEnq. Estes cambios pódense apreciar no mapa 139, no que se representan os resultados da pregunta *cabeza* para todo o período.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Este tipo de mudanzas, nas que unha determinada variante incrementa o seu número de rexistros nun punto ou dous, son características da maior parte das variables fonéticas estudadas nesta investigación. Na táboa 41 móstrase a media de puntos sumados polas variantes expansivas para a fase I (o tempo que media entre os inquéritos do ALPI e os do ALGa), a fase II (o tempo que media entre os inquéritos do ALGa e a NEnq) e a totalidade do período estudado (o tempo que media entre os inquéritos do ALPI e da NEnq). Como se poder ver, as variantes fonéticas que se propagan na fase I rexístranse en 1.55 puntos máis no ALGa que no ALPI se contamos todas as respostas e en 1.35 puntos máis se só contamos as respostas únicas. Pola súa parte, as medias da fase II sitúanse unha décima por riba, con valores de 1.65 e 1.45, respectivamente, o que concorda co lixeiro aumento do índice de cambio da fase II observado no apartado § 5.3 en relación coa fase I (táboa 40). En efecto, que o número de ocorrencias das variantes expansivas sexa maior fai aumentar o índice de cambio.



Mapa 138. Resultados de *agulla* en todo o período.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa 139. Resultados de *cabeza* en todo o período.

Pola súa parte, as variables de tipo morfolóxico analizadas experimentan cambios na súa distribución semellantes ós da maior parte das variables fonéticas. Dispomos dunha mostra moi reducida, formada por tan só dúas variables, pero ambas presentan unha evolución no tempo semellante. Unha delas é a da formación do plural dos substantivos e os adxectivos oxítonos rematados en *-ón*, que xa foi comentada neste apartado. Outra é a da distribución das dúas solucións para o pronome tónico nominativo de segunda persoa: *ti* e *tu*. Como puidemos ver no apartado § 4.2.1, a área de *ti* medra ó rexistrarse esta variante nun novo punto (o 135) no tempo que vai do ALPI ao ALGa. Nesta etapa intermedia, a do ALGa, hai unha localidade (a 143) que pasa de rexistrar *ti* a rexistrar unha dobre resposta *tu / ti*. Finalmente, logo desa coexistencia das dúas solucións no mesmo punto documentada no ALGa, a variante *tu* acaba sendo a única resposta recollida para a NEnq. Xa se comentou noutras ocasións ó longo deste traballo que é relativamente frecuente este proceso: cando se rexistra unha situación de variación onde non a había, a seguir adoita completarse un proceso de substitución. Dito doutro xeito, é relativamente frecuente que a variante nova acabe por desprazar a vella. Xa que logo, nos nosos materiais parece confirmarse o principio da sociolingüística variacionista de que a variación é un paso previo ó cambio (Labov 1982, 1994).

Máis alá destas dinámicas de variación e mudanza, o que se constata neste caso é que a área de cada unha destas variantes aumenta nun punto e diminúe noutro, polo que o balance final de ocorrencias dunha e outra forma permanece igual, mentres que a súa distribución espacial si que muda. No mapa 140, no que se mostran os rexistros de *ti* e *tu* para todo o período, pódese observar a localización dos puntos en que se produce o cambio. Ademais, é posible comprobar algo que tamén se aprecia nos mapas 139 e 138 e que xa se comentou para todas as variables fonéticas (agás a da distribución de [ʎ] e [ɟ]) e morfolóxicas): a difusión de variantes e, por tanto, a mudanza, prodúcese con continuidade xeográfica. Tal e como se explicou no apartado § 3.1, tendo en conta as características dos nosos materiais e a maneira que empregamos para representalos cartograficamente, entendemos que existe continuidade xeográfica entre dous polígonos que comparten un dos seus lados. En coherencia con isto, consideramos que unha determinada variante se difunde con continuidade xeográfica cando esta difusión se produce entre polígonos colindantes, é dicir, entre localidades que están próximas entre si.



Mapa 140. Distribución de *ti / tu* en todo o período.

Nestes casos é de supoñer que o motor do cambio nos rexistros dunha determinada localidade da nosa rede teña orixe no contacto directo con variedades xeograficamente próximas (isto é, o contacto directo dos falantes locais con falantes da contorna), caracterizadas polo emprego de determinadas variantes. Así, por exemplo, no apartado § 4.1.7 sobre a distribución de [ˈejɾa] e [ˈajɾa] puidemos observar como os cambios se orixinaban en localidades situadas na faixa vertical en que se produce o contacto entre variedades. Todos os polígonos en cuxos puntos de referencia se pasou de rexistrar [ˈajɾa] a rexistrar [ˈejɾa] ó longo do tempo estaban en contacto (compartían cando menos un dos seus lados) con algún polígono no que se documentara [ˈejɾa] na etapa anterior. E viceversa, pois tamén puidemos constatar algún cambio no sentido contrario. Como vai dito, este modo de difusión é compartido polas variables morfolóxicas e a maior parte das variables fonéticas. Xa que logo, estas variables teñen en común dúas características: i) que as súas variantes expansivas aumentan os seus rexistros nun número reducido de puntos entre proxecto e proxecto e ii) que esta difusión se produce con continuidade xeográfica. Se unimos estes dous factores, poderiamos afirmar que este tipo de variantes ten un ritmo de expansión lento; as súas áreas medran pouco e sempre se estenden cara a zonas anexas á que xa ocupaban previamente.

Pola súa parte, a difusión da variante [ʝ], que foi analizada no apartado § 4.1.10 en relación coa variante [ʎ], presenta unhas características diferentes. Como adiantamos, a pesar de tratarse dunha variable fonética, a evolución da súa distribución ó longo do tempo é diferente á das demais deste tipo. Lonxe de experimentar mudanzas de ritmo lento (que afecten a un número reducido de puntos) e producidas con continuidade xeográfica, os cambios na distribución de [ʎ] e [ʝ] teñen un ritmo rápido (afectan a unha gran cantidade de puntos) e prodúcense con e sen continuidade xeográfica. Cómpre lembrar que o mapa 51, correspondente ós datos do ALPI, non mostra nin unha soa ocorrencia de [ʝ] nas respostas das sete cuestións analizadas e que o mapa 53, correspondente ós datos da NEnq, mostra un total de 49 puntos cun 100% de respostas con [ʝ], un punto con variación [ʎ] / [ʝ] e tan só tres con 100% de respostas con [ʎ]. Entre un e outro, o mapa 52 presenta unha distribución de [ʝ] comparable coa de *saltamontes* (que veremos no mapa 143), no sentido de que se poden observar certas áreas continuas, pero separadas entre si, mais algún punto tamén distanciado destas.

Respecto das variables léxicas, apréciase que o cambio é máis frecuente e que se produce con máis rapidez, isto é, nun maior número de puntos entre proxecto e proxecto. Como se pode ver na táboa 41, as variantes léxicas expansivas engaden entre proxecto e proxecto un número medio de ocorrencias que supera o das variantes fonéticas e morfolóxicas. Se observamos as medias para a totalidade do período, que se sitúan en 21,80 se temos en conta todas as respostas e en 13,50 se computamos só as respostas únicas, vese que a diferenza respecto dos outros tipos de variantes é notable. A análise dos resultados por fase revela que, ó igual que acontece coas variantes fonéticas, as medias da fase II son

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

maiores que as da fase I. Este incremento, de novo, podémolo relacionar coa suba do índice de cambio para este lapso de tempo comentada anteriormente.

	fase I	fase II	período total
variantes fonéticas	1,55 / 1,35	1,65 / 1,45	3,2 / 2,80
variantes morfolóxicas	1 / 0,50	1 / 0	2 / 0,50
variantes léxicas	9,75 / 2,85	12,05 / 10,65	21,80 / 13,50

Táboa 41. Media de rexistros sumados polas variantes expansivas para as fases I e II e para a totalidade do período estudado (datos totais/respostas únicas).

Respecto da fase I, chama a atención o valor relativamente baixo do dato referente ás respostas únicas. Obviamente, isto está relacionado cunha cantidade elevada de respostas múltiples rexistradas. Ó longo deste traballo puidemos observar que as respostas múltiples son máis frecuentes nas variables léxicas. Porén, en ningunha outra fase e para ningún outro tipo de variante se detecta unha diferenza tan grande entre número total de novas ocorrencias e o número de novas ocorrencias obtidas como respostas únicas. Isto débese a que a cantidade de respostas duplas e triplas é maior no ALGa que nos outros proxectos. En boa parte dos casos, esta situación de variación remata nun proceso de substitución como o que comentabamos antes, cun período de variación intermedio previo a un proceso de substitución. Se reparamos nos valores da fase II, observamos que gardan entre si unha proporción semellante á dos outros tipos de variantes, o que significa que o número de respostas múltiples descendeu e que moitos deses exemplos de coexistencia de formas se resolveron a favor dunha delas; xeralmente, a favor da variante nova, a variante expansiva, que acaba por ocupar o lugar da vella.

Agora ben, aínda que poidamos afirmar que, de maneira xeral, a distribución espacial das variables de tipo léxico experimenta maiores cambios que a das variables fonéticas e morfolóxicas, o certo é que non todos eses cambios se producen da mesma maneira. Se lembramos os diferentes casos expostos ó longo da sección § 4.3, había certas variantes que se expandían con continuidade xeográfica e outras que se expandían con e sen continuidade xeográfica. Reparemos nas primeiras. No apartado § 4.3.5 sobre as diferentes denominacións para o *Pisum sativum*, había un grupo de variantes composto polas formas *rolo*, *rulo* e *arrulo* que experimentaba unha certa expansión no tempo que media entre o levantamento de datos para o ALPI e o levantamento de datos para o ALGa. Así, segundo os materiais do primeiro proxecto, estas variantes formaban unha área continua de sete puntos, mentres que, consonte os materiais do segundo proxecto, esta área pasaba a estar integrada por dez puntos. As tres

localidades en que se documentou o novo rexistro dalgunha destas variantes corresponden a puntos próximos con algúns daqueles nos que xa se documentaran anteriormente, polo que a área resultante segue a ser continua.

Outro exemplo puidémolo observar no apartado § 4.3.11 sobre a distribución de *onte*, *ontes* e *ayer*. Segundo os datos do ALPI, catro puntos do norte do territorio rexistraron a variante *ontes*, mentres que no resto de localidades se recolleu *onte*. No lapso que vai desde esta etapa á do ALGa, *ontes* pasou a rexistrarse nun punto máis, colindante con outros tres nos que xa se rexistrara para o proxecto anterior. Esta variante difundiuse, logo, con continuidade xeográfica. Finalmente, no lapso que vai desde o tempo do ALGa ó da NEnq, é a variante *onte* a que expandiu a súa área en relación con *ontes*, pois pasou a ser documentada en catro dos cinco puntos en que se recollera a solución setentrional na etapa anterior. Logo desta mudanza, a área de *onte* segue sendo continua, polo que entendemos que o cambio tamén se produciu con continuidade xeográfica.

No mapa 141 podemos ver os resultados da variable *galo* para todo o período estudado. Como se pode observar, os puntos en que se rexistra variación forman unha área continua. Se lembramos o exposto no apartado § 4.3.1, a variante *capón* parte cunha extensión que abrangue cinco localidades segundo os datos do ALPI. Na etapa do ALGa o número de rexistros ascende a dez, se ben en sete dos casos se trata de respostas dobres *capón / galo*. Xa na etapa da NEnq, a área de *capón* redúcese a nove polígonos, pero o número de respostas únicas ascende de tres a seis. Todos estes cambios prodúcense dentro da área continua que no mapa 141 está pintada de verde. Así pois, obsérvase que existen variantes léxicas que se difunden con continuidade xeográfica, igual que as variantes fonéticas e morfolóxicas comentadas anteriormente. Formas como *raposo* (§ 4.3.2), *saltón* (§ 4.3.3), *coello* (§ 4.3.4), *chícharo* (§ 4.3.5) ou *berce* (4.3.9), xunto coas xa mencionadas *rolo*, *rulo*, *arrulo*, *onte* e *ontes*, son variantes léxicas que nalgún momento da liña temporal estudada neste traballo experimentan un proceso de difusión. Todas elas comparten dúas características: i) o feito de se expandiren con continuidade espacial e ii) o feito de seren formas patrimoniais.

A relación entre o modo en que se difunden estas variantes e a súa procedencia é relevante, pois tamén puidemos comprobar ó longo da sección § 4.3 que as variantes de orixe castelá presentan cambios na súa distribución que se producen dunha maneira parcialmente diferente. Polo que se puido observar nesta investigación, os castelanismos léxicos difúndense con e sen continuidade xeográfica. Conforme se explicou no apartado § 3.1, tendo en conta as características dos nosos materiais e a maneira que empregamos para representalos sobre o mapa, entendemos que existe descontinuidade xeográfica entre dous polígonos que non comparten ningún dos seus lados. En coherencia con isto, consideramos que unha determinada variante se difunde sen continuidade xeográfica cando esta difusión se produce entre polígonos non colindantes, o que resulta nunha extensión de tal variante en dúas ou máis áreas diferentes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO



Mapa 141. Resultados de *galo* en todo o período.

No desenvolvemento da investigación puidemos apreciar estes dous tipos de difusión, con e sen continuidade espacial, en variantes como *conexo* (§ 4.3.4), *nudo* (§ 4.3.8), *ayer* (§ 4.3.11) ou *ahora* (§ 4.3.12), por citar algúns exemplos. De feito, a expansión de castelanismos léxicos con e sen continuidade xeográfica constatouse en todos os casos agás no de *rodilla* (§ 4.3.7), que estaba xa presente en case todo o territorio segundo os datos do ALPI. A súa difusión nas etapas posteriores só se produciu con continuidade xeográfica porque non existía ningún polígono en que se rexistrase unha variante patrimonial e que non estivese xa en contacto con algún outro en que se documentase a forma *rodilla*. A seguir mostraremos tres casos de variantes expansivas de orixe castelá a través de mapas de síntese elaborados cos datos de todo o período (os datos conxuntos das tres fontes documentais) nos que consideramos que se pode apreciar con claridade este dobre modo de difusión.

No mapa 142 podemos ver representado o primeiro destes casos: a distribución da variante *zorro* en relación coas variantes *golpe* e *raposo*, etiquetadas como "formas patrimoniais". Se lembramos o apartado § 4.3.2, en que foron analizados os cambios na distribución destas formas, segundo os datos do ALPI, o castelanismo *zorro* ten unha extensión descontinua. Nesta primeira etapa só se rexistra no punto 123 e mais nunha pequena área formada polos puntos 145 e 146. A partir de aí, esta variante difundiuse con continuidade xeográfica ó longo do tempo por unha área de 13 polígonos, se ben para o

proxecto da NEnq non se rexistrou nalgún deles. Paralelamente, a variante *zorro* tamén se difundiu sen continuidade xeográfica e foi recollida en diferentes puntos do territorio afastados desta área, como se pode ver no mapa.



Mapa 142. Distribución de *zorro* e as formas patrimoniais para denominar o *Vulpes vulpes* en todo o período.

O segundo caso é un tanto diferente. Trátase da difusión do castelanismo *saltamontes*, cuxa distribución foi analizada no apartado § 4.3.3, xunto coa de *saltón* e *saltagrao*. A diferenza de *zorro*, a variante *saltamontes* non foi documentada para o proxecto do ALPI; as súas primeiras ocorrencias nos nosos materiais corresponden ó proxecto do ALGa. Nesta etapa, *saltamontes* rexístrase en seis áreas diferentes, cinco delas formadas por un único polígono e unha sexta formada por tres polígonos. A súa difusión prodúcese, xa que logo, de xeito descontinuo. Na seguinte etapa, a da NEnq, a variante *saltamontes* experimenta un proceso de expansión, é recollida en localidades nas que non fora documentada. Algunhas destas localidades correspóndense con polígonos adxacentes a outros nos que o seu uso xa fora rexistrado no ALGa; porén, algunhas outras non. De novo atopamos difusión con e sen continuidade xeográfica. O resultado pódese apreciar no mapa 143, no que se representan os resultados das tres fontes de datos. A distribución dos puntos nos que se rexistrou a variante *saltamontes* nalgún momento preséntase, dunha parte, en forma de faixas continuas, pero

separadas entre si. Por outra banda, a estas faixa que hai que sumar algúns puntos que tamén se encontran distanciados destas e entre si.



Mapa 143. Resultados de *saltón* en todo o período.

O terceiro caso é o da difusión da forma *guisante*, representada no mapa 144 xunto coa distribución das denominacións patrimoniais que recibe este legume nos nosos materiais. Como vimos no apartado § 4.3.5, a variante *guisante* foi rexistrada para o ALPI en nove puntos. Segundo os datos do ALGa, este castelanismo foi documentado en 13 novas localidades. A maior parte delas forman unha área continua xunto con aqueles nos que a forma *guisante* xa fora rexistrada na etapa anterior, mentres que outras se corresponden con polígonos afastados desta zona, coa que non manteñen unha relación de continuidade. Porén, o proceso de difusión experimentado por esta variante no tempo que media entre os datos do ALGa e os da NEnq, no que multiplica por dous o número de puntos en que é documentada, fai que eses puntos afastados acaben integrados nunha gran área con presenza da forma *guisante* que abrangue a meirande parte do territorio. Como se pode ver no mapa 144, tan só oito puntos mantiveron durante todo o período o rexistro único de formas patrimoniais.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mapa 144. Distribución de *guisante* e as formas patrimoniais para denominar o *Pisum sativum* en todo o período.

Estas variantes léxicas que se expanden con e sen continuidade xeográfica teñen unha característica en común: seren produto do contacto das variedades galegas coa lingua castelá. Segundo Conde Silvestre (2007: 144) as mudanzas son transmitidas de falante a falante, pero modernamente os medios de comunicación, a escola, a administración etc. actúan como elementos difusores de norma lingüística. Consonte o propio autor, os estándares son asintópicos e, espallados a través destes medios, poden influír en todo un territorio por igual. Deste xeito explícase que os cambios inducidos nas variedades galegas estudadas neste traballo por interferencia do castelán poidan producirse sen continuidade xeográfica, porque o contacto coa variedade en que se emprega a variante que se difunde (unha variedade na que se utilice a forma *nudo*, por exemplo) non ten que darse necesariamente por proximidade espacial. Con todo, ó mesmo tempo, a análise dos nosos materiais revela que cando un determinado castelanismo se rexistra dun determinado punto, pode difundirse desde aí a localidades veciñas do mesmo xeito que calquera variante patrimonial. Entendemos que, unha vez que a variante de orixe castelá pasa a formar parte da variedade local, é susceptible de propagarse polo contacto con outras variedades coas que garde unha relación de proximidade xeográfica.

De todos modos, no apartado § 4.3.13 deste traballo comprobamos que non só as variantes de orixe castelá se difunden con e sen continuidade xeográfica. A forma *concello* presenta unha distribución comparable á dos castelanismos léxicos que mostran unha tendencia expansiva. Nos datos da NEnq aparece rexistrada nalgunhas áreas continuas, pero distantes entre si, mais nalgúns polígonos tamén separados destas. No caso, entendemos que esta variante, característica da variedade estándar do galego, debeu de ser difundida a través dos medios de comunicación e as institucións. Ó tempo, é posible que tamén se difunda entre variedades que manteñen unha proximidade espacial, ó igual que acontece cos castelanismos.

Cómpre sinalar que, tal e como se puido observar na sección § 5.2, o número de rexistros de castelanismos foi aumentando ó longo do período estudado. A causa disto debe asociarse ó incremento do uso do castelán en Galicia ó longo do século XX. O aumento xeral do emprego de variantes de orixe castelá está relacionado, de maneira particular, co incremento do número de falantes bilingües, pois nestas persoas poden darse con máis frecuencia as transferencias entre códigos.

> Durante o século XX, a son coa transformación da Galicia tradicional nun país con grandes elevacións dos índices de urbanización, diversificación laboral e económica e alfabetización obrigatoria en castelán case ata o final do período, crebouse netamente o incontestable predominio do secular monolingüismo en galego en favor dun aumento do número dos bilingües con maior ou menor predominio dunha lingua ou outra (Mariño 1998: 369).

Segundo Mariño (1998: 369-370), o cálculo aproximativo sobre usos lingüísticos en Galicia entre 1877 e 1974 realizado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1995: 51-55) confirma que a cantidade de bilingües aumentou en máis do 50% neste período e que "o progreso castelanizador máis brusco" parece situarse na xeración dos nacidos entre 1924 e 1947. Tendo en conta que a media de idade dos informantes da NEnq é aproximadamente de 67 anos, esta sería a súa xeración. O autor relaciona esta castelanización con varios factores: o crecemento das cidades (nas que o emprego da lingua castelá era máis frecuente ca no ámbito rural), o aumento do número de persoas escolarizadas (lembremos que na altura a única lingua vehicular da escola era a castelá) e "a coerción exercida durante o franquismo sobre as linguas de España distintas do castelán". A dicir do propio autor (Mariño 2017: 71), nunha situación de convivencia prolongada de linguas como a que se produce entre o galego e o castelán, é frecuente que se produzan préstamos e transferencias entre unha lingua e outra. Afirma que o número de préstamos que van desde a lingua dominante cara á lingua dominada adoita ser maior e que "conforme nunha sociedade vai aumentando o número de bilingües diglósicos habituais, aumentan canda el a cantidade e a frecuencia de uso dos préstamos traspasados desde a lingua alta ata a lingua baixa".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os castelanismos léxicos analizados neste traballo presentan diferentes niveis de difusión consonte os datos do primeiro proxecto, o do ALPI. Así, nun extremo temos o exemplo de *ayer*, unha variante non rexistrada en ningún punto para o ALPI, e no outro temos *rodilla*, unha variante rexistrada en 47 dos 53 puntos para este mesmo proxecto. Porén, o que demostran os resultados é que todas estas formas experimentan procesos de expansión ó longo do período estudado e que o incremento do seu número de ocorrencias é, como se viu na sección § 5.2, lixeiramente maior na fase II que na fase I. É dicir, que é máis acentuado nos falantes desa xeración sinalada por Mariño e que coincide coa dos informantes da NEnq. O maior número de rexistros de variantes de orixe castelá é tamén un factor relevante no aumento do índice de cambio na fase II respecto da fase I. Ó tempo, a difusión de castelanismos, unida á difusión dalgunhas variantes patrimoniais maioritarias (como *berce*, *coello*, *demo* ou *onte*, por poñer algúns exemplos), inflúe na redución do número de variantes que foi sinalada na sección § 5.1. A incorporación dunha forma nova, obviamente, incrementa o número de variantes, pero se esa forma nova acaba substituíndo a outras preexistentes, o número de variantes diminúe.

De maneira xeral, ó longo do traballo puidemos observar como se manifestan a variación e o cambio lingüístico en tempo real partindo de materiais datados e xeorreferenciados. Empregando datos fornecidos por tres proxectos de xeografía lingüística de tres épocas distintas recollidos en territorio galego, analizamos as mudanzas experimentadas por unha selección de variables fonéticas, morfolóxicas e léxicas. Grazas á representación cartográfica e á secuenciación dos mapas, puidemos ver cal foi a evolución das distintas variantes no espazo e no tempo. Pola súa parte, a abordaxe estatística dos resultados exposta na sección § 5.3 fixo posible ver que a mudanza foi maior entre o ALGa e a NEnq que entre o ALPI e o ALGa, aínda que a diferenza nos respectivos valores do índice de cambio é pequena (táboa 40). Ademais, representados sobre o mapa, estes datos estatísticos permitiron apreciar cales son as zonas nas que se produciron máis mudanzas e cales son as que se mostran máis conservadoras.

Os procedementos e ferramentas empregados neste estudo poden ser replicados e adaptados para futuros proxectos que teñan como obxectivo investigar o cambio lingüístico a través do espazo e do tempo. Con todo, non debemos esquecer que, en boa medida, esta metodoloxía está fundamentada nunha xeografía lingüística tradicional desenvolvida no século pasado e deseñada en función da realidade social do seu tempo. Cómpre continuar analizando as variedades galegas desde a perspectiva da dialectoloxía axeitando os seus métodos ás mudanzas experimentadas pola sociedade nas últimas décadas.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Bibliografía

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ALI, M. S. (1971): *Gramática Histórica da Língua portuguêsa*. Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica.

ALONSO, D. (1962): «Ensordecimiento en el norte peninsular de alveolares y palatales fricativas», en *La fragmentación fonética peninsular*, tomo I de M. Alvar *et alii* (dirs.): *Enciclopedia Lingüística Hispánica*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 85-103.

ALVAR, M. (1973): *Estructuralismo, geografía lingüística y dialectología actual*. Madrid: Gredos.

ALVAR, M. (1985-1989): *Léxico de los marineros peninsulares*. Madrid: Arco Libros.

ÁLVAREZ BLANCO, R. (2007): «Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro: Algúns procesos de cambio lingüístico testemuñados en apuntamentos onomásticos de Martín Sarmiento», en L. Méndez e G. Navaza (eds.), Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento» (Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002). Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 49-67.

ÁLVAREZ, R. / REGUEIRA, X. L. / MONTEAGUDO, H. (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

ÁLVAREZ, R. / DUBERT GARCÍA, F. / SOUSA FERNÁNDEZ, X. (2006): «Aplicación da análise dialectométrica aos datos do *Atlas Lingüístico Galego*», en Rosario Álvarez / Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.) *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 461-527.

ÁLVAREZ, R. / XOVE, X. (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

ÁLVAREZ, R. / SOUSA, X. (2017): «A Investigación sobre a variación lingüística do galego desde o ALGa ata a actualidade», en *LaborHistórico 3 / Número 1*, Henrique Monteagudo / Rosario Álvarez (orgs.), *Lingüística galega. A contribución do Instituto da Lingua Galega*. Rio de Janeiro: Universidade Federal do Rio de Janeiro, 63-75.

ALVAR, M. (1964). *Los atlas lingüísticos de España. Presente y Futuro de la Lengua Española*. Madrid: Ediciones Cultura Hispánica, vol. I, 417–426.

AMBROSE, J. / WILLIAMS, C. H. (1991): «Language made visible: representation in geolinguistics», in C. H. Williams (ed.), *Linguistic Minorities, Society and Territory*. Clevedon: Multilingual Matters, 298-314.

ARIZA, M. (2012): *Fonología y fonética históricas del español*. Madrid: Arco/Libros.

AUER, P. / SCHMIDT, J. E. (2010). *Language and space: an international handbook of linguistic variation*. Berlin: De Gruyter Mouton.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

AXELSEN, J. B. / MANRUBIA, S. (2014): «River density and landscape roughness are universal determinants of linguistic diversity», *Proceedings of the Royal Society of London B: Biological Sciences, 281*(1784) doi:10.1098/rspb.2013.3029

BERTONI, G. / BARTOLI, M. (1928). *Breviario di neologuistica*. Módena: Società Tipografica Modenese.

BLOOMFIELD, L. (1933): *Language*. New York: Holt, Rinehart and Winston.

BOULLÓN AGRELO, A. I. (2002): «Onomástica e dialectoloxía: A propósito de *raposo* e *golpe*», en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 115-136.

BRITAIN, D. (2002): «Space and Spatial Diffusion», en J. K. Chambers / P. Trudgill / N. Schilling-Estes (eds.), *The Handbook of Language Variation and Change*. Oxford: Blackwell Publishing Ltd, 603-637.

CANO AGUILAR, R. (1999): *El español a través de los tiempos*. Madrid: Arco/Libros.

CANO [AGUILAR], R. (2004): «Cambios en la fonoloxía del epañol durante los siglos XVI y XVII», en R. Cano (coord.): *Historia de la lengua española*. Barcelona: Ariel, 825-827.

CARBALLO CALERO, R. (1969): «Sobre os dialectos do galego», *Grial*, 23, 1-15.

CARRÉ ALVARELLOS, L. (1951): *Diccionario galego-castelán*, Terceira Edizón. A Coruña: Roel.

CARRÉ ALVARELLOS, L. (1967): *Gramática gallega*. A Coruña: Moret.

CHAMBERS, J. K . (2002): «Studying Language Variation: An Informal Epistemology», en J. K. Chambers / P. Trudgill / N. Schilling-Estes (eds.), *The Handbook of Language Variation and Change*. Oxford: Blackwell Publishing, 3-14.

CHAMBERS, J. K. / TRUDGILL, P. (1998): *Dialectology* (2nd ed.). Cambridge: Cambridge University Press.

CIDRÁS ESCÁNEO, F. A. (2009): «Os camiños da gramática: unha aproximación á variación e o cambio lingüístico desde a sintaxe do galego», en Estudos de lingüística galega, 1, 27-46.

CINTRA, L., F., Lindley (1964): «Nova proposta de clasificación dos dialectos galego-portugueses», en *BdF*, XXII, 1-2, 86-116. Reproducido no volume de traballos do autor, (1983) *Estudos de Dialectologia Portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa, 117-163.

CONDE SILVESTRE, J. C. (2007): *Sociolingüística histórica*. Madrid: Gredos.

COROMINAS, J. / PASCUAL, J. A. (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 6 vols. Madrid: Gredos.

COSERIU, E. (1967): *Teoría del lenguaje y lingüística general*. Madrid: Gredos.

COSERIU, E. (1973): *Sincronía, diacronía e historia. El problema del cambio lingüístico*. Madrid: Gredos.

COSERIU, E. (1977): *El hombre y su lenguaje. Estudios de teoría y metodología lingüística*. Madrid: Gredos.

CREANZA, N. / RUHLEN, M., PEMBERTON, T. J. / ROSENBERG, N. A. / FELDMAN, M. W. / RAMACHANDRAN, S. (2015): «A comparison of worldwide phonemic and genetic variation in human populations», *Proceedings of the National Academy of Sciences of the United States of America, 112*(5), 1265-1272.

DAUZAT, A. (1942): *Le nouvel atlas linguistique de la France par régions*. Luçon: Impr. S. Pacteau.

DUBERT GARCÍA, F. (2005): «Interferencias del castellano en el gallego popular», en *Bulletin of Hispanic Studies* 82, 271-291.

DUBERT GARCÍA, F (2013): «El yeísmo y el fortalecimiento de /j/ en Galicia», en R Gómez / I Molina Martos (eds.): *Variación yeísta en el mundo hispánico*. Frankfurt am Main / Madrid. Vervuert / Iberoamericana, 39-58.

DUBERT GARCÍA, F. (2015): «Variación e cambio na morfoloxía do artigo definido galego», en R. Mariño Paz e X. Varela Barreiro (eds.) Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 127-146.

DUBERT GARCÍA, F. (2021): «Lo que el ALPI le ofrecía a la lingüística gallega en 1962», *Dialectologia. Special Issue*, IX, 39-67.

EBELING, W. (1932): «Die lanswirtschaftliche Geräte im Osten der Provinz Lugo (Spanien). Sach- und wortklunliche Unertsuchungen», *Volkstum un Kultur der Romanen. Sprache, Dichtung, Sitte*, 5, 50-151.

FEAGIN, C. (2002): «Enterin the Community: Fieldwork», en J. K. Chambers / P. Trudgill / N. Schilling-Estes (eds.), *The Handbook of Language Variation and Change*. Oxford: Blackwell Publishing, 20-39.

FERNÁNDEZ REI, F. / HERMIDA GULÍAS, C. (eds.) (1996): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FERNÁNDEZ REI, F. (1980): «Áreas lingüísticas do galego», en A. Moll (ed.), *Actes del XVI Congrés Internacional de Lingüística i Filologie Romàniques*. Mallorca: Moll, 485-495.

FRENÁNDEZ REI, F. (1982): «Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno», *Grial*, 77, 131-150.

FRENÁNDEZ REI, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

FERNÁNDEZ REI. F. (1994): «Galego: Áreas lingüísticas», en G. Holtus / M. Metzelin / C. Schmitt (eds.), *Lexicon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 2, 87-92.

FERNÁNDEZ REI, F. (2004): «Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presencia nos media e nos textos musicais», en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: Historia e Actualidade.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 307-336.

FERNÁNDEZ REI, F. (2007): «A Contribución de Alonso Zamora Vicente á dialectoloxía galega», *Revista de Filología Románica*, 24, 13-27.

FERREIRO, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.

FREIXEIRO MATO, X. R. (2006): *Gramática da lingua galega*, 4 vols. Vigo. A Nosa Terra.

GARCÍA ARIAS, X. L. (2018-2021): *Diccionariu Etimolóxicu de la Llingua Asturiana* (DELLA), 6 vols. Uviéu: Ediuno.

GARCÍA, C. / SANTAMARINA, A. (dirs.); ÁLVAREZ BLANCO, R. / FERNÁNDEZ REI, F. / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega - Fundación Pedro Barrié de la Maza.

GARCÍA DE DIEGO, V. (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología*. Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez. Ed. facsímil: Anexo 23 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

GARCÍA MOUTON, P. (1982): «Las disciplinas tradicionales (II.) Dialectología y Geolingüística», en Iorgu Iordan y María Manoliu: *Manual de Lingüística Románica*. Madrid: Gredos, 319-349.

GARCÍA MOUTON, P. (2006): «Dialectología y geografía lingüística», en Manuel Alvar (dir.), *Manual de dialectología hispánica. El Español de España*. Barcelona: Ariel (Lingüística), 63-77.

GARCÍA MOUTON, P. (2010): «El procesamiento informático de los materiales del *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* de Tomás Navarro Tomás». *Tools for linguistic variation*. Universidad del País Vasco, 137-174.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GARCÍA MOUTON, P. / HEAP, D. / PEREA, M. P. (2012): «The Present and the Future of the *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*», en *Dialectologia* 3:1-6.

GARCÍA MOUTON, P. (coord.); Inés Fernández-Ordóñez, David Heap, Maria Pilar Perea, João Saramago, Xulio Sousa (2016): ALPI-CSIC [WWW.ALPI.CSIC.ES], edición dixital de

GLARE, P. G. W. *et al.* (1968-1982): *Oxford Latin Dictionary*. Oxford: Oxford Univesity Press.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/dicionario>

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (1983): «O Atlas Lingüístico Galego, un paso adiante nos estudios de lingüística galega». *Grial*, 81, 267-286.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (1991): «Subsistemas de sibilantes do galego actual», en D. Kremer (ed.), *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie romanes (Université de Trier, 1986)*, vol. III. Tübingen: Max Niemeyer, 531-548.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (1992): «Metodología de los atlas lingüísticos en España», en Aurrekoetxea, Gotzon e Videgain, Xarles (eds.): *Nazioarteko dialektologia biltzarra. Agiriak*. Euskaltzaindia.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (2002): «El subsistema *arcaico* de las fricativas dentoalveolares del gallego, una reliquia en vías de extinción», en J. Díaz García (ed.), *Actas del II Congreso de Fonética Experimental* (Sevilla, 5-7 marzo 2001). Sevilla: Universidad de Sevilla, 215-219.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (2002): «A dialectoloxía ó servicio do estudio da estratigrafía do léxico», en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 29-40.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (2007a): «El *Atlas Lingüístico Galego*: planificación y desarrollo de los trabajos», en Vito Matranga e Roberto Sottile (eds.), *Esperienze geolinguistiche: Percorsi di recerca italiani e europei: Atti del Seminario di Studi su Percorsi di Geografia Linguistica: Esperienze italiane e europee*. Università di Palermo, 11-23.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (2007b): «El *Atlas Lingüístico Galego*, un hito en la historia de la dialectología gallega», en Dorta, Josefa (ed.), *Temas de dialectología*. La Laguna (Tenerife): Instituto de Estudios Canarios, 95-121.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, María (1996): «Atlas Lingüístico Galego (ALGa): xénese, desenvolvemento e actualidade». *Bolletino dell'Atlante Linguistico Italiano*, III, Serie 20, 203-223.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GUILLIÉRON, J. / ÉDMONT, É. (1902-1910): *Atlas Linguistique de la France*. Paris: Champion, 9 vol.

HEAP, D. (2002): «Segunda noticia histórica del ALPI a los cuarenta años de la publicación de su primer tomo». *Revista de Filología Española*, LXXXII: 5–19.

HEAP, D. (2008): «The Linguistic Atlas of the Iberian Peninsula (ALPI): A geolinguistic treasure 'lost' and found», en Sarah Cummins, Bridget Jankowski e Patricia Shaw (eds.): *All the Tinhgs You Are: A Festschrift in Honour of Jack Chambers*. Toronto Working Papers in Linguistics, 27, 87-96.

HEAP, D. (2012): «Ten years of the online ALPI (*Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*)», en *Dialectologia* 3:43-56.

HOUAISS, A. (dir.) (2009): *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Instituto Antônio Houaiss / Objetiva.

ILG / RAG (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo.

JABERG, K. (1959): *Geografía lingüística. Ensayo de interpretación del «Atlas Lingüístico de Francia*», tradución de A. Llorente e M. Alvar. Universidad de Granada.

JABERG, K. / JUD, J. (1928-1940): *Sprach- und Sachatlas Italiens und der Südschweiz*. Zofingen: Ringier.

JOHNSTONE, B. (2010): «Language and geographical space», en P. Auer e J. E. Schmidt, *Language and Space*, vol. 1, *Theories and Methods*. Berlin: De Gruyter Mouton, 1-18.

JULIÀ LUNA, C. (2010): *Estructura y variación en el léxico del cuerpo humano*, tese de doutoramento dirixida por Glòria Claveria Nadal, Universitat Autónoma de Barcelona.

KABATEK, J. (2017): «Dez teses sobre o cambio lingüístico (e unha nota sobre o galego)», en X. L. Regueira e E. Fernández Rei (eds.), *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 21-44.

KEHREIN, R. (2012a): «Linguistic Atlases: Empirical Evidence for Dialect Change in the History of Languages», in J. M. Hernández-Campoy, & J. C. Conde-Silvestre (Eds.), *The Handbook of Historical Sociolinguistics*. Oxford: Blackwell Publishing, 480-500.

KELLER, A. von (1855): «Anleitung zur Sammlung des schwäbischen Sprachschatzes», en: *Einladungsschrift der Universität Tübingen zum 27. September 1855*. Tübingen: Fues.

KRÜGER, F. (1927): «Die nordwestiberische Volkskultur», *Wörter und Sachen*, X, 45-137. Tradución castelá (1947): «El léxico rural del noroeste ibérico», *Revista de Filología Española*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LABOV, W. (1963): «The social motivation of a sound change», en *Word*, 19, 273-309.

LABOV, W. (1966): *The social stratification of English in New York City*. Washington: Center for Applied Linguistics.

LABOV, W. (1972): «Principles of Linguistic Methodology», en *Language and Society*, vol. 1, n.º 1. Cambridge University Press, 97-120.

LABOV, W. (1982): «Building on empirical foundations», in W. P. Lehmann, & Y. Malkiel (eds.), *Perspectives on historical linguistics*. Amsterdam / Philadelphia: J. Benjamins, 79-92.

LABOV, W. (1994): *Principles of Linguistic Change. Internal factors*, vol. 1. Oxford: Blackwell.

LAMELI, A. (2010): «Linguistic atlases – traditional and modern», en P. Auer e J. E. Schmidt, *Language and Space*, vol. 1, *Theories and Methods*. Berlin: De Gruyter Mouton, 567-592.

LAPESA, R. (1981): *Historia de la lengua española*. Madrid: Gredos.

LAUSBERG, H. (1976): *Lingüística románica*, 2 volumes. Madrid: Gredos.

LORENZO, R. (1995): «La koiné gallega», en G. Holtus / M. Metzelin / Ch. Schmitt (eds.): *Lexicon der Romanistischen Linguistik*. Vol. 2, 2: *Die enzelmen romanischen Sprachen un Sprachgebiete vom Mittelalter bis zur Renaissance / Les différentes langues romanes el leurs régions d'implantation du Moyen Âge à la Renaissance*. Tübingen: Max Niemeyer, 649-679.

LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1934): «As dornas de Porto do Son», *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, 16, 109-116.

LOUREDO, E. (2019): Variación e cambio en tempo aparente: o galego do Ribeiro. Tese de doutoramento dirixida por X. Sousa. Universidade de Santiago de Compostela.

MALKIEL, Y. (1983): *Fron Particular to General Linguistics. Selected Essays 1965-1978*. Amsterdam: John Benjamins.

MARIÑO PAZ, R. (1996): «Aproximación ó mapa dialectal galego dos séculos XVIII e XIX», en R. Lorenzo e R. Álvarez (coords.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 77-105.

MARIÑO PAZ, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

MARIÑO PAZ, R. (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MITCHELL, D. (2000): *Cultural Geography: A Critical Introduction*. Malden, MA: Blackwell.

MIRÁS, F. (1864): *Compendio de gramática gallego-castellana, con un vocabulario de nombre y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias.* Santiago de Compostela: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás. Reedición facsímil de 1978. Madrid: Akal.

MONTEAGUDO ROMERO, H. (2019): «Variación e cambio lingüístico no galego-portugués (séculos XIII-XIV): os clíticos me / mi e lle / lhi e outras formas en -e final», Boletín da Real Academica Galega, 380, 303-395.

MOUZO VILLAR, R. (2008): «Análise contrastiva dalgúns castelanismos léxicos entre os materiais do ALPI e do ALGa», en *Interlingüística* 19, Daniela Ibba (coord.) *La lingüística entre los jóvenes investigadores*. San Francisco, CA: 282-297.

MOUZO VILLAR, R. (2009): «Varia

MÜHLHÄUSLER, P. (2010). «Mapping linguistic typology», in A. Lameli, R. Kehrein & S. Rabanus (Eds.), *Language and space. Language mapping*. Berlin / New York: Walter de Gruyter, 355-374.

MURRAY, R. W. (2010): «Language and space: The neogrammarian tradition», en P. Auer e J. E. Schmidt, *Language and Space*, vol. 1, *Theories and Methods*. Berlin: De Gruyter Mouton, 70-87.

NAVARRO TOMÁS, T. (1915): «Alfabeto fonético», *Revista de Filología Española*, 2, 374-376.

NAVARRO TOMÁS, T. (1962): *Atlas lingüístico de la Península Ibérica*, v. 1, *Fonética-1*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

NAVARRO TOMÁS, T. (1975): «Noticia histórica del *ALPI*», *Capítulos de geografía lingüística*. Bogotá: Instituto Caro y Cuervo, 9-20.

NETTLE, D. (1999). *Linguistic diversity*. Oxford: Oxford University Press.

OTERO, A. (1952): «Irregularidades verbales del gallego», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 7, 339-405.

OTERO, A. (1949-1977): «Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués», *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

OTERO, A. (1953-1964): «Contribución al léxico gallego y asturiano», *Archivum*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

PAIVA BOLÉO, M. d. (1931). *Orientações da filologia românica na Alemanha e o Seminario românico de Hamburgo*. Coimbra: Biblos.

PAUL, H. ([1886] 1920): *Prinzipien der Sprachgeschichte*, 5th ed. Halle/Saale: Max Niemeyer.

PENNY, R. (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.

PENSADO, J. L. (1970): «Interferencicias estructurales castellano-gallegas: el problema de la geada y sus causas», *Revista de Filoloxía Española*, LIII, 27-44.

PENSADO, J. L. (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Xerais.

PENSADO, J. L. (1985): «La geada y los maestros poco idóneos», en *La Voz de Galicia*, 6 de novembro de 1985.

PENSADO, J. L. / PENSADO RUIZ, C. (1983): *«Gueada» y «geada» gallegas*, anexo 21 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela.

PÉREZ CAPELO, C. (2017): «O cambio lingüístico nos nomes de lugar. Notas a partir da toponimia galega», en X. L. Regueira e E. Fernández Rei (eds.), Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 271-295.

PÉREZ PASCUAL, J. I. (1982): «Observaciones en torno a la desaparicións de la -N- intervocálica en gallego», en *Verba*, 9, 201-213.

PÉREZ PASCUAL, J. I. (1999): «Algunas notas sobre la prehistoria del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica», en M. Casado et al. (eds.): *Lengua y discurso*. Madrid: Arco/Libros, 751-760.

POP, S. (1950): *La dialectologie: aperçu historique et méthodes d'enquêtes linguistiques*, vol. I: *Dialectologie romane*, vol. II: *Dialectologie non romane*. Louvain: Chez l'auteur.

PRADA RODRÍGUEZ, J. / GRANDÍO SEOANE, E. / RODRÍGUEZ, J. / PONCE ALBERCA, J. (2017): «El franquismo en construcción (1936-1953): Introducción», en D. A. González Madrid, M. Ortiz Heras e J. S. Pérez Garzón (coords.), *La historia: lost in translation?* Ediciones de la Universidad da Castilla-La Mancha: 253-258.

PRESTON, D. R. (1989): *Perceptual dialectology: nonlinguists' views of areal linguistics*. Dordrecht: Foris.

PRIETO ALONSO, D. (1980): «Algunhas hipóteses sobre a geada», en *Verba*, 7, 223-241.

PRIETO ALONSO, D. (1981): «Fonoloxía do Galego: II. A geada: variantes fonéticas, distribución xeográfica e interpretacións», en *O Ensino*, 3, 39-45.

PRISTA, L. (1994): «Tentativa de cenário para tš > š», en *Variação linguística no espaço, no tempo e na sociedade. Actas do encontro regional da Associação Portuguesa de Linguística (Miranda do Douro, Setembro de 1993)*. Lisboa: Associação Portguesa de Linguística / Edições Colibri, 183-226.

RECALDE FERNÁNDEZ, M. (1994): «Gheada e situación», en *Verba*, 21, 339-367.

RECALDE FERNÁNDEZ, M (1995): «Unha aproximación ás actitudes e prexuízos cara á gheada dos alumnos de 2.º de BUP de catro centros galegos», en *Cadernos de lingua*, 12, 5-31.

RECALDE [FERNÁNDEZ], M. (2002/2003): «The castilianist theory of the origin of the *gheada* revisited», en *Estudios de sociolingüística* 3, 2 (2002) / 4, 1 (2003), 43-74.

REGUEIRA FERÁNDEZ, X. L. (1996): «Galician», en *Journal of the International Phonetic Association* 26 (2), 119-122.

REGUEIRA FERNÁNDEZ, X. L. (2004): «Fonética», en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 18, 182-186.

REGUEIRA FERNÁNDEZ, X. L. (2014): «Mantenimiento y cambio lingüístico: fricativas sibilantes en gallego», en Revista de filología románica, 31, 151-168.

REGUEIRA FERNÁNDEZ, X. L. (2016): «Variación lingüística, dialectoloxía e gramática histórica: algúns problemas do cambio lingüístico en galego e portugués», en A. Rodríguez Guerra (ed.), Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico. Vigo: Universidade de Vigo, 17-34.

REGUEIRA, X. L. / FERNÁNDEZ REI, E. (2017): *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

RISCO, V. (1933): «Estudo etnográfico da Terra de Melide», *Galicia. Terra de Melide*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos, 325-425.

ROBERTS, S. / WINTERS, J. (2013): «Linguistic Diversity and Traffic Accidents: Lessons from Statistical Studies of Cultural Traits», *PLoS ONE, 8*(8), e70902.

ROBINS, R. H. (1979): *A Short History of Linguistics*, 2nd ed. London: Longman.

RODRÍGUEZ GUERRA, A. (2016): Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico. Vigo: Universidade de Vigo.

RODRÍGUEZ LORENZO, D. (2008a): «Análise contrastiva entre os materiais do ALGa e do ALPI no campo léxico das partes do corpo», en Alexandre Veiga e María Isabel González

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rey (eds.), *La diversité linguistique: actes du XXXI Colloque de la Société Internationale de Linguistique Fonctionelle (Lugo, 11-15 septembre 2007)*. Lugo: Axac, 219-223.

RODRÍGUEZ LORENZO, D. (2008c): *Evolución diatópica da gheada no século XX. Análise contrastiva dos materiais que ofrece a Xeografía Lingüística*, tesiña para o Diploma de Estudos Avanzados dirixida por Xulio César Sousa Fernández, Universidade de Santiago de Compostela.

RODRÍGUEZ LORENZO, D. (2009a): «Evolución do castelanismo no léxico do fogar. Análise contrastiva entre os materiais do ALGa e do ALPI», en *Interlingüística* 19, Daniella Ibba (coord.) *La lingüística entre los jóvenes investigadores*. San Francisco, CA: 309-318.

RODRÍGUEZ LORENZO, D. (2009b): «A gheada, un fenómeno innovador do galego. Evolución diatópica no século XX», en Armanda Costa, Isabel Falé e Pilar Barbosa (orgs.), *Textos seleccionados do XXIV Encontro Internacional da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, 453-465.

RODRÍGUEZ LORENZO, D. (2012): «The diatopic development of aspects of twientieth-century Galician. A contrastive analysis of linguistic geography data», en *Dialectologia* 3, 143-156.

RODRÍGUEZ LORENZO, D. (2019): «Algúns exemplos de variación léxica espazo-temporal no galego moderno fornecidos pola xeografía lingüística», en *LaborHistórico 5 / Número especial 2*, Rosario Álvarez e Eduardo Louredo (orgs.), *Cabalgando nas ondas do Atlántico. Estudos sobre léxico galego e portugués*. Rio de Janeiro: Universidade Federal do Rio de Janeiro, 100-130.

SACO ARCE, J. A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.

SAMPSON, R. (1999): *Nasal vowel evolution in Romance*. Oxford / New York: Oxford University Press.

SANCHIS GUARNER, M. (1953): *La cartografía lingüística en la actualidad y el Atlas de la Península Ibérica*. Madrid: Instituto Miguel de Cervantes.

SANCHIS GUARNER, M. / RODRÍGUEZ CASTELLANO, L. / OTERO ÁLVAREZ, A. / CINTRA, L.F. Lindley (1961): «El Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI): Trabajos, problemas y métodos», *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica*, vol. III. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, 113-120.

SANTAMARÍA SANDE, M. P. (1965): «La geada en la provincia de Lugo», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, 8, 71-81.

SANTAMARINA, A. (1973): *El habla del valle de Suarna*, tese dirixida por Constantino García. Santiago de Compostela: Secretariado de Publicacións da USC.

SANTAMARINA, A. (1975): «Aníbal Otero (1911-1974)», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 2, 7-12.

SANTAMARINA, A. (1980): «Novas consideracións ó redor das orixes da gheada», *Verba*, 7, 243-249.

SANTAMARINA, A. (1982): «Dialectoloxía Galega: historia e resultados», en D. Kremer e R. Lorenzo (eds.): *Tradición, actualidade e futuro do Galego. Actas do Coloquio de Tréveris (Tréveris, 1980)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, 153-187.

SANTAMARINA, A. (dir.) (2003): *Dicionario de dicionarios da lngua galega*. A Coruña: Biblioteca Filolóxica Galega do ILG. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

SANTAMARINA, A. (2007): «Trinta anos de *Atlas Lingüístico Galego*», en *A Trabe de Ouro*, 72, 47-62.

SANTAMARINA, A. (dir.) / GONZÁLEZ SEOANE, E. / ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M.: *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG) (Versión 4.1). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. http://ilg.usc.gal/TILG/

SARMIENTO, M. (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega: Edición y estudio* por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad de Salamanca.

SAUER, C. (1952): *Agricultural Origins and Dispersals*. New York: American Geographical Society.

SAUSSURE, F. ([1916] 2000): *Curso de lingüística general*. Madrid: Akal.

SCHNEIDER, H. K. (1938): «Studien zum Galizischen de Limiabeckens (Orense-Spanien)», *Volkstum un Kultur der Romanen. Sprache, Dichtung, Sitte*, 11, 193-281.

SCHRAMBKE, R. (2010): «Language and space: Traditional dialect geography», en P. Auer e J. E. Schmidt, *Language and Space*, vol. 1, *Theories and Methods*. Berlin: De Gruyter Mouton, 87-107.

SCHROEDER, W. (1937): «Die Fischerbote von Finisterre», *Volkstum un Kultur der Romanen. Sprache, Dichtung, Sitte*, 10, 157-2011.

SCHROEDER, W. (1938): «Hausbau en NW-Spanien (Finisterre)», en *Travaux du Premier Congrès International de Folklore (Pasi, 1937)*. Tours: 62-78.

SCHROTEN, J. (1980): «Interpretación de la geada gallega», en *Verba*, 7, 209-222.

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SLETSJØE, L. (1959): *Le developpement de* l *et* n *en ancient portugais. Étude fondée sur les diplômes des Portugaliae Monumenta Historica*. Oslo / Paris: Presses Universitaires d'Oslo / Boyveau & Chevillet.

SOUSA, X. (2008): «Notas sobre o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* en Galicia», en Mercedes Brea López / Francisco Fernández Rei / Xosé Luís Regueira Fernández (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía: homenaxe a Antón Santamarina*. Universidade de Santiago de Compostela, 299-308.

SOUSA, X. (2010): «Xeolingüística e cambio lingüístico: gheada e seseo no ALPI e no ALGa», en Maria Iliescu / Heidi Siller-Runggaldier / Paul Danler (eds.), *Actes du XXVè Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes. Vol. VI*. Tübingen: Niemeyer, 257-267.

SOUSA, X. (2012) «Dialect change and variation: the *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*», en *Dialectologia* 3, 189-207.

SOUSA, X. (2016): «A xeolingüística e o estudo da historia das linguas», en Alexandre Rodríguez Guerra (ed.), *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 35-52.

SOUSA, X. (2020): «El Atlas Lingüístico de la Península Ibérica y el gallego del siglo XX», en *Investigaciones geolingüísticas en la Península Ibérica*. Madrid: CSIC, 55-70.

SOUSA, X. (2021): «Odres nuevos para vino añejo: la edición digital del *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*», en M. Avanzi / N. LoVecchio / A. Millour / A. Thibault (eds.), *Nouveaux regards sur la variation dialectale / New Ways of Analyzing Dialectal Variation*. Strasbourg: Éditions de Linguistique et de Philologie, 91-107.

SOUSA, X. / RODRÍGUEZ LORENZO, D. (2017): «Do espazo ao tempo: o cambio lingüístico en galego a partir da xeolingüística», en X. L. Regueira / E. Fernández Rei (eds.), *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

SOUSA, X.: *Índices do Atlas Lingüístico Galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/indices/> [Consultado: <21/12/21>]

STEPP, J. / CERVONE, S. / CASTAND, H. / LASSETER, A. / STOCKS, G. (2004): «Development of a GIS for global biocultural diversity», *Policy Matters, 13*, 267-270.

SUÁREZ QUINTAS, S. (2017): «O galego non é o ghallegho que falamos nós: a percepción e as actitudes como condicionantes do cambio lingüístico», en X. L. Regueira e E. Fernández Rei (eds.), Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 187-203.

SWANN, J. et alii (2012): *A dictionary of sociolinguistics*. Edinburg: Edinburg University Press.

TOBLER, W. R. (1970): «A Computer Movie Simulating Urban Growth in the Detroit Region», *Economic Geography, 46*, 234-240. doi:10.2307/143141

TRUDGILL, P. (1974): «Linguistic change and diffusion: description and explanation in sociolinguistic dialect geography», *Language in Society, 3*(02), 215-246. doi:10.1017/S0047404500004358

TRUDGILL, P. (1982): «The contribution of sociolinguistics to dialectology», *Language Sciences, 4*(2), 237-250.

VAN DER MERWE, I. (1993): «The Urban Geolinguistics of Cape Town», *GeoJournal, 31*(4), 409-417.

VARELA BARREIRO, X. (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/tmilg>

VIDAL FIGUEROA, T. (1997): «Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo», en *Verba* 24, 313-332.

VIDAL FIGUEROA, T. (2000): «Fonética e fonoloxía», en Fernando Ramallo, Gabriel Rei-Doval e Xoán Paulo Rodríguez (eds.), *Manual de Ciencias da Linguaxe*. Vigo: Xerais.

VILABOA CEBREIRO, MANUEL (2019): «A Inestabilidde das consoantes oclusivas velares tras nasal na fala de Pazos de Borbén», en *Cumieira*, 4, 61-86.

VILLENA PONSODA, J. A. (2012): «La investigación sociolingüística de la comunidad de habla: el origen inconformista de la dialectología social», *Revista De Filología De La Universidad De La Laguna,* 30, 155-176.

WEIGAND, G. (1909): *Linguistischer Atlas des dacorumänischen Sprachgebiets*. Leipzig: J. A. Barth.

WENKER, G. (1881): *Sprachatlas von Nord- und Mitteldeutschland*. Estrasburgo: Karl J. Trübner / Londres: Trübner & Comp.

WENEGER, p. ([1880] 1976): Über deutsche Dialectforschung. *Zeitschrift für Deutsche Philologie* 11: 450-480. Reimpreso en Joachim Göschel, Norber Nail and Gaston van der Elst, *Zur Theorie des Dialekts. Aufsätze aus 100 Jahren Forschung. Mit biographischen Anmerkungen zu den Autoren*, 1-29. Wiesbaden: Steiner.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

WENREICH, U. / LABOV, W. / HERZOG, M. I. (1968): «Empirical foundations for a theory of language change, en W. P. Lehman e Y. Malkiel (eds.), *Directions for Historical Linguistics*. Austin: University of Texas Press, 97-195.

WILLIAMS, C. H. (1996): *Geography and contact linguistics*. Berlin / Boston: De Gruyter. doi:10.1515/9783110132649.1.2.63

ZAMORA VICENTE, A. (1951): «Geografía del seseo gallego», *Filología* 3, 84-95. Reeditado en Zamora Vicente (1986: 1-10)

ZAMORA VICENTE, A. (1952): «La frontera de la geada», en *Homenaje a Fritz Krüger*, I, 56-72. Mendoza: Universidad Nacinal de Cuyo. Reeditado en Zamora Vicente (1986, 11-25).

ZAMORA VICENTE, A. (1953): «De geogarfía dialectal: *-ao, -án* en gallego», *Nueva Revista de Filología Hispánica*, 7, 73-80. Reeditado en Zamora Vicente (1986: 27-34).

ZAMORA VICENTE, A (1963): «Los grupos *-uit-, -oit-* en gallego moderno: su repartición geográfica», *Boletim de Filologia*, 21, 57-68. Reeditado en Zamora Vicente (1986: 35-44).

ZAMORA VICENTE, A. (1986): *Estudios de dialectología hispánica*. Anexo 25 de *Verba, Anuario Galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Anexos

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ANEXO I. CUESTIONARIO

	PREGUNTA	N. PR. ALPI	N. PR. ALGa	N. P. NEnq
1	pexego	469	7	1
2	leituga	202	1232	2
3	cereixa	169	1303	3
4	mazá	484a	1309	6
5	noz	482	1227	7
6	guisante	458	945	8
7	xudías verdes	462	1205	10
8	millo	464	926	11
9	gran	77	936	12
10	landra	481	1324	13
11	acio	795	1026	14
12	uva	795a	1027	15
13	fiúncho	453b	1191	17
14	carabuña	473	1299	19
15	folla	168	24	26
16	trevo	200	1498	29
17	ovella	561	1605	30
18	galiña	81	1775	35
19	galo	520	1780	40
20	coello	158	1479	49
21	egua	39	1732	48
22	xabarín	520a	170	45
23	raposo	285	1450	50
24	pega	501	1429	47
25	ra	54	69	56
26	píntega	497	1388	60
27	piollo	224	1374	32
28	pulga	118	43	39
29	grilo	53	1356	33
30	formigueiro	71	1378	34
31	bolboreta	487	1383	51
32	xoaniña	493	1370	54
33	saltón	494	1368	55

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	PREGUNTA	N. PR. ALPI	N. PR. ALGa	N. P. NEnq
34	vagalume	495	1396	57
35	fouciña	69	851	58
36	muíño	79	1043	36
37	espantallo	472	834	37
38	eira	786b	861	67
39	camiño	91	676	73
40	concello	716		81
41	noite	715d	44	86
42	ceo	426b	608	89
43	mañá	715b	451	90
44	lóstrego	429	640	92
45	arco da vella	433	644	95
46	néboa	434	645	96
47	verán	380	556	100
48	xaneiro	230a	553.1	101
49	febreiro	230b	553.2	102
50	marzo	230c	553.3	103
51	abril	230d	553.4	104
52	maio	231	553.5	105
53	xuño	232	553.6	106
54	xullo	233a	553.7	107
55	agosto	233b	553.8	108
56	setembro	233c	553.9	109
57	outubro	233d	553.10	110
58	novembro	233e	553.11	111
59	decembro	233e	553.12	112
60	domingo	244	546	255
61	orella	16	2139	114
62	ollo	13	2077	116
63	pé	32	117	117
64	cabeza	11	93	118
65	uña	29	1711	119
66	man	25	2148	120
67	testa	12	11	125
68	enxiva	21	2127	127
69	tempas	583	2068	129
70	pinguel	594	2119	138

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	PREGUNTA	N. PR. ALPI	N. PR. ALGa	N. P. NEnq
71	nó da gorxa	595	2138	139
72	gorxa	596	2145	140
73	cóbado	598	2152	141
74	cadrís	600a	1543	142
75	embigo	600	2158	147
76	sobaco	597e	2155	148
77	riles	600b	26	150
78	canela	601b	2168	152
79	nocello	603a	2175	153
80	pulso	605	2182	154
81	nádega	30	2163	156
82	calcañar	602	2176	157
83	lágrima	14	4	345
84	voz	141		346
85	espido	10	108	145
86	pantalóns	366	167	143
87	la	1110		294
88	agulla	66	50	283
89	nó	40	80	295
90	berce	704	1870	309
91	cabezal	706	1877	310
92	espello	114	1868	289
93	caixa	257	140	290
94	cadeira	193	47	299
95	vasoira	660	2035	301
96	funil	798	1038	302
97	tixola	691	1946	304
98	culler	144	1927	296
99	coitelo	145	1929	297
100	auga	401	709	191
101	aceite	148	57	192
102	xamóns	580	147	193
103	lacóns	581a		194
104	eixo	38	981	276
105	fume	340	1893	277
106	dez	288a	183	167
107	cen	300	199	187

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	PREGUNTA	N. PR. ALPI	N. PR. ALGa	N. P. NEnq
108	xenro	134	2364	208
109	irmán	361	2411	211
110	curmán	260	2415	214
111	sobriño	658	2413	215
112	afillado	657c	2370	219
113	rapaz	654	2401	221
114	cego	215	20	259
115	fungón	632	2222	274
116	zapateiro	65	2687	284
117	ti	337	247	229
118	ninguén		232	247
119	ningún	280	464	248
120	hoxe	379	27	320
121	agora	304	345	324
122	cedo	375	567	327
123	cruz	124	142	349
124	diaño	33	2519	357
125	adro	716a	2495	360

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO II. PUNTOS DE ENQUISA

N.	ALPI	N.	ALGa	N.	NEnq
100	**Cariño** Sismundi (Santo Estevo)	C.03	**Ortigueira** San Claudio (San Claudio) San Claudio	100	**Cariño** Sismundi (Santo Estevo) O Pazo
101	**Valdoviño** Valdoviño (Santalla) Valdoviño	C.04	**Valdoviño** Valdoviño (Santalla) A Carreira	101	**Valdoviño** Valdoviño (Santalla) Valdoviño
102	**Miño** Miño (Santa María) Miño	C.09	**Pontedeume** Pontedeume (Santiago) Pontedeume	102	**Miño** Miño (Santa María) A Carreira
103	**Oleiros** Oleiros (Santa María) Oleiros	C.10	**Sada** Carnoedo (Santo André)	103	**Oleiros** Oleiros (Santa María) O Real
104	**Abegondo** Mabegondo (San Tirso)	C.19	**Carral** Paleo (Santo Estevo) Carral	104	**Abegondo** Mabegondo (San Tirso) O Penedo
105	**Aranga** Aranga (San Paio) Aranga	C.20	**Aranga** Aranga (San Paio) Aranga	105	**Aranga** Aranga (San Paio) Aranga
106	**Zas** Baio (Santa María) Baio	C.22	**Vimianzo** Bamiro (San Amedio) Bamiro	106	**Zas** Baio (Santa María) Baio Pequeno
107	**Carballo** Berdillo (San Lourenzo) Berdillo	C.18	**Carballo** Sísamo (Santiago) O Outeiro	107	**Carballo** Berdillo (San Lourenzo) O Añón de Berdillo
108	**Corcubión** Corcubión (San Marcos) Corcubión	C.34	**Fisterra** Duio (San Vicenzo) San Salvador de Duio	108	**Corcubión** Corcubión (San Marcos) Corcubión
109	**Santa Comba** Santa Comba (San Pedro) Santa Comba	C.27	**Santa Comba** Grixoa (San Xoán) Vilar de Céltigos	109	**Santa Comba** Santa Comba (San Pedro) Santa Comba
110	**Ordes** Ordes (Santa María) Ordes	C.31	**Deixebre** Deixebre (Santa María)	110	**Ordes** Ordes (Santa María) Ordes
111	**Boimorto** Boimorto (Santiago) Boimorto	C.26	**Vilasantar** Mezonzo (Santa María)	111	**Boimorto** Boimorto (Santiago) Bieite
112	**Santiago de Compostela** Sabugueira (San Paio) A Lavacolla	C.35	**Santiago de Compostela** Sar (Santa María) O Outeiro	112	**Santiago de Compostela** Sabugueira (San Paio) A Lavacolla
112a	**Muros** Muros (San Pedro) Muros	C.43	**Muros** Louro (Santiago) Louro	112a	**Muros** Esteiro (Santa Mariña) Creo

N.	ALPI	N.	ALGa	N.	NEnq
113	**Rois** Rois (San Mamede) Rois	C.46	**Dodro** Dodro (Santa María) Vigo	113	**Rois** Herbogo (San Pedro) Herbogo
114	**Viveiro** Covas (San Xoán) Covas	L.01	**Viveiro** Vieiro (San Cibrao) Pelourao	114	**Viveiro** Covas (San Xoán) Covas
115	**Muras** Muras (San Pedro) Muras	L.07	**Muras** Muras (San Pedro) Muras	115	**Muras** Muras (San Pedro) Muras
116	**O Valadouro** Ferreira (Santa María) Ferreira	L.05	**O Valadouro** Ferreira (Santa María) Ferreira	116	**O Valadouro** Ferreira (Santa María) Ferreira
117	**Ribadeo** A Devesa (Santalla)	L.04	**Ribadeo** Rinlo (San Pedro) Rinlo	117	**Ribadeo** Piñeira (San Xoán) Folgosa
118	**Guitiriz** Lagostelle (San Xoán) Guitiriz	L.17	**Guitiriz** Lagostelle (San Xoán) Guitiriz	118	**Guitiriz** Lagostelle (San Xoán) Guitiriz
119	**Cospeito** Sistallo (San Xoán) Sistallo	L.14	**Cospeito** Sistallo (San Xoán) Feira do Monte	119	**Cospeito** Sistallo (San Xoán) Sistallo
120	**A Fonsagrada** San Pedro de Neiro (San Pedro) San Pedro de Neiro	L.16	**A Fonsagrada** O Trobo (Santa María) Vilarín do Castelo	120	**A Fonsagrada** A Fonsagrada (Santa María) A Fonsagrada
121	**Palas de Rei** O Mato (San Xoán) O Mato	L.28	**Palas de Rei** San Cibrao da Repostería (San Cibrao) San Cibrao	121	**Palas de Rei** Meixide (San Pedro) Saa
122	**Navia de Suarna** A Pobra de Navia (Santa María Madalena) A Pobra	L.23	**Navia de Suarna** Rao (Santa María) Rao	122	**Navia de Suarna** A Pobra de Navia (Santa María Madalena) A Pobra
123	**Sarria** Meixente (San Xulián) Meixente	L.26	**Láncara** A Pobra de San Xiao (San Xiao) A Pobra de San Xiao	123	**Sarria** Meixente (San Xulián) O Sisto
124	**Pedrafita do Cebreiro** Pedrafita do Cebreiro (Santo Antón) Pedrafita do Cebreiro	L.29	**Cervantes** Noceda (San Pedro) A Lama	124	**Pedrafita do Cebreiro** Pedrafita do Cebreiro (Santo Antón) Pedrafita do Cebreiro
125	**Chantada** Líncora (San Pedro)	L.36	**Carballedo** Lousada (Santiago) A Barrela	125	**Chantada** Líncora (San Pedro) Vilachá

N.	ALPI	N.	ALGa	N.	NEnq
126	**Sober** Arroxo (San Martiño) Verea	L.39	**Sober** Proendos (Santa María) Os Pacios	126	**Sober** Arroxo (San Martiño) Sober
127	**Ribas de Sil** Ribas de Sil (San Clodio) San Clodio	L.38	**Ribas de Sil** Nogueira (Nosa Señora das Neves) Nogueira	127	**Ribas de Sil** Ribas de Sil (San Clodio) San Clodio
128	**Agolada** Ferreiroa (San Pedro) Agolada	P.02	**Agolada** Ferreiroa (San Pedro) Agolada	128	**Agolada** Ferreiroa (San Pedro) Agolada
129	**Silleda** Manduas (San Tirso) A Bandeira	P.05	**Silleda** Moalde (San Mamede)	129	**Silleda** Manduas (San Tirso) A Bandeira
130	**Cuntis** Cuntis (Santa María) Cuntis	P.09	**Moraña** Saiáns (San Salvador) Santa Lucía de Moraña	130	**Cuntis** Cuntis (Santa María) Cuntis
131	**Vilanova de Arousa** Vilanova de Arousa (San Cibrán) Vilanova de Arousa	P.12	**Cambados** Cambados (Santa Mariña) Fefiñáns	131	**Vilanova de Arousa** Vilanova de Arousa (San Cibrán) Vilanova de Arousa
132	**Meaño** Meaño (San Xoán)	P.16	**Sanxenxo** Nantes (Santa Baia) A Cancela	132	**Meaño** Lores (San Miguel) Paradela
133	**Cerdedo** Cerdedo (San Xoán) Cerdedo	P.10	**Forcarei** Forcarei (San Martiño) Forcarei	133	**Cerdedo** Cerdedo (San Xoán) Cerdedo
134	**Bueu** Bueu (San Martiño) Bueu	P.18	**Bueu** Cela (Santa María)	134	**Bueu** Bueu (San Martiño) Bueu
135	**Fornelos de Montes** Fornelos de Montes (San Lourenzo)	P.17	**A Lama** A Lama (San Salvador) A Lama	135	**Fornelos de Montes** Fornelos de Montes (San Lourenzo) A Igrexa
136	**Nigrán** Nigrán (San Fiz) Nigrán	P.28	**Baiona** Santa Cristina da Ramallosa (Santa Cristina) Sabarís	136	**Nigrán** Nigrán (San Fiz) Nigrán
137	**Ponteareas** Ponteareas (San Miguel) Ponteareas	P.25	**Ponteareas** Guillade (San Miguel)	137	**Ponteareas** Angoares (San Pedro) Abelleira
138	**Arbo** Arbo (Santa María)	P.27	**Arbo** Sela (Santa María)	138	**Arbo** Sela (Santa María) Os Eidos de Arriba

N.	ALPI	N.	ALGa	N.	NEnq
139	**Tui** Randufe (Santa María da Guía) A Abelleira	P.29	**Salceda de Caselas** Entenza (Santos Xusto e Pastor) O Barreiro	139	**Tui** Randufe (Santa María da Guía) O Montiño
140	**O Rosal** O Rosal (Santa Mariña)	P.33	**A Guarda** Salcidos (San Lourenzo) Salcidos	140	**O Rosal** O Rosal (Santa Mariña) Viso dos Eidos
141	**O Irixo** Campo (Santa María) O Irixo	O.02	**Boborás** Brués (San Fiz) Brués	141	**O Irixo** Campo (Santa María) O Irixo
142	**Vilamarín** Vilamarín (Santiago) Vilamarín	O.01	**San Cristovo de Cea** Cea (San Cristovo) Cea	142	**Vilamarín** Vilamarín (Santiago) Vilamarín
143	**A Arnoia** A Arnoia (San Salvador)	O.10	**Ribadavia** Regodeigón (San Cristovo) San Cristovo	143	**A Arnoia** A Arnoia (San Salvador) Os Chaos
144	**Maceda** Maceda (San Pedro) Maceda	O.14	**Baños de Molgas** Baños de Molgas (San Salvador) Baños de Molgas	144	**Maceda** Maceda (San Pedro) Maceda
145	**Chandrexa de Queixa** Celeiros (San Martiño) Celeiros	O.13	**Chandrexa de Queixa** Rabal (Santa María) Acevedo	145	**Chandrexa de Queixa** Celeiros (San Martiño) Celeiros
146	**O Bolo** O Bolo (Santa María) O Bolo	O.12	**A Veiga** Lamalonga (Santa María) Lamalonga	146	**O Bolo** O Bolo (Santa María) O Bolo
147	**Rubiá** Rubiá (Santa Mariña) Rubiá	O.03	**Rubiá** A Veiga de Cascallá (Santa Cruz) A Veiga de Cascallá	147	**Rubiá** Rubiá (Santa Mariña) Rubiá
148	**Rairiz de Veiga** Rairiz de Veiga (San Xoán) Rairiz de Veiga	O.20	**Xinzo de Limia** Xinzo de Limia (Santa Mariña) Xinzo de Limia	148	**Rairiz de Veiga** Rairiz de Veiga (San Xoán) A Saínza de Arriba
149	**A Gudiña** A Gudiña (San Martiño e San Pedro) A Gudiña	O.21	**A Gudiña** A Gudiña (San Martiño e San Pedro) A Gudiña	149	**A Gudiña** A Gudiña (San Martiño e San Pedro) A Gudiña
150	**Entrimo** Entrimo (Santa María a Real)	O.26	**Entrimo** Entrimo (Santa María a Real) A Terrachá	150	**Entrimo** Entrimo (Santa María a Real) A Terrachá
151	**Oímbra** Oímbra (Santa María) Oímbra	O.30	**Oímbra** Oímbra (Santa María) Oímbra	151	**Oímbra** Oímbra (Santa María) Oímbra

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO III. INFORMANTES

INFORMANTES DO ALPI

100. Cariño
Informante 1
Home.
59 anos.
Labrego e mariñeiro.
Sabe ler.
Viaxes de días á Coruña.

101. Valdoviño
Informante 1
Home.
53 anos.
Labrego.
Non sabe ler.
Viaxes de días a Ferrol e á Coruña.

Informante 2
Home.
61 anos.
Labrego.
Le algo
Viaxes de días a Sevilla, a Madrid, a Ferrol e á Coruña.

102. Miño
Informante 1
Home.
64 anos.
Labrego.
Le algo.
Servizo militar en Cuba catro anos.

103. Oleiros
Informante 1
Home.
82 anos.
Labrego.
Le algo.
Nunca viaxou.

104. Abegondo
Informante 1
Home.
59 anos.
Labrego.
Le algo.
Nunca viaxou. Non fixo o servizo militar.
Coñece as feiras de Santiago e Betanzos.

105. Aranga
Informante 1
Home.
60 anos.
Labrego.
Le algo.
Viaxes breves á Coruña e Betanzos.

106. Zas
Informante 1
Home.
55 anos.
Canteiro.
Le algo.
Viaxes breves á Coruña e Santiago.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

107. Carballo
Informante 1
Home.
65 anos.
Labrego.
Le algo.
Algunha viaxe á Coruña.

108. Corcubión
Informante 1
Home.
55 anos.
Labrego.
Non sabe ler.
Estadía de seis meses na Coruña.

109. Santa Comba
Informante 1
Home.
55 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Algunha viaxe a Santiago.

110. Ordes
Informante 1
Home.
65 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Viaxes de ida e volta á Coruña, Ferrol e Santiago.

111. Boimorto
Informante 1
Home.
47 anos.
Carniceiro.
Sabe ler.
Servizo militar en Ferrol.

Informante 2
Home.
69 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Sen datos sobre viaxes.

112. Santiago de Compostela
Informante 1
Home.
46 anos.
Labrego.
Le algo.
Estadía de dous anos en África.

112a. Muros
Informante 1
Home.
61 anos.
Labrego.
Le algo.
Algunha viaxe de días a Santiago e á Coruña.

113. Rois
Informante 1
Home.
62.
Cesteiro.
Le algo.
Estadía de ano e medio en Arxentina.

114. Viveiro
Informante 1
Home.
54 anos.
Mariñeiro.
Sabe ler.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dúas estadías de tres anos cada unha na Habana.

115. Muras
Informante 1
Home.
54 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Breves estadías en Viveiro e A Coruña.

116. O Valadouro
Informante 1
Home.
42 anos.
Labrego.
Le algo.
Estadía dun ano en Madrid. Servizo militar en Ferrol.

117. Ribadeo
Informante 1
Home.
49 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Sen datos sobre viaxes ou estadías.

118. Guitiriz
Informante 1
Home.
56 anos.
Labrego.
Le algo.
Viaxes breves á Coruña, a Lugo e a Ferrol.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

119. Cospeito
Informante 1
Home.
73 anos.
Labrego.
Le algo.
Viaxes breves a Mondoñedo e á Coruña.

120. A Fonsagrada
Informante 1
Home.
41 anos.
Labrego.
Le algo.
Non viaxou. Non fixo o servizo militar.

121. Palas de Rei
Informante 1
Home.
40 anos.
Barbeiro.
Le algo.
Tres anos de servizo militar en África.

122. Navia de Suarna
Informante 1
Home.
60 anos.
Labrego.
Le algo.
Viaxes a Castela para a seitura.

123. Sarria
Informante 1
Home.
48 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Estadía de tres anos en Arxentina.

124. O Cebreiro
Informante 1
Home.

65 anos.
Labrego.
Le algo.
Sete ou oito viaxes breves a Lugo.

125. Chantada
Informante 1
Home.
70 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Emigrou dúas veces. Na primeira, estadía de oito meses en Bos Aires e, despois, de cinco anos en Montevideo. Na segunda, estadía de tres anos en Bos Aires. Non fixo servizo militar.

126. Sober
Informante 1
Home.
59 anos.
Labrego.
Le algo.
Viaxes a Castela para a seitura.

127. Ribas de Sil
Informante 1
Home.
53 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Estadía de tres meses en Asturias. Estadía dun mes en León. Estadía de tres meses en Monforte.

128. Agolada
Informante 1
Home.
72 anos.
Labrego.
Non sabe ler.
Viaxes de días a Santiago, Pontevedra, Ourense e A Coruña.

Informante 2
Home.
47 anos.
Carpinteiro.
Sabe ler.
Viaxes de días a Madrid e á Coruña.

129. Silleda
Informante 1
Home.
52 anos.
Labrego.
Le algo.
Viaxes de días a Santiago e Pontevedra.

130. Cuntis
Informante 1
Home.
68 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Viaxes de días a Santiago, Pontevedra e Ourense.

Informante 2
Home.
63 anos.
Labrego.
Le algo.
Viaxes de días a Santiago e a Padrón.

131. Vilanova de Arousa
Informante 1
Home.
61 anos.
Labrego.
Le algo.
Estadía de dous anos en Arxentina.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

132. Meaño
Informante 1
Home.
58 anos.
Labrego.
Non sabe ler.
Non viaxou.

133. Cerdedo
Informante 1
Home.
63 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Estadía de dous anos no Brasil. Estadía de seis meses en Cuba. Estadía de seis meses en Cabillanes (León).

134. Bueu
Informante 1
Home.
60 anos.
Labrego e mariñeiro.
Le algo.
Só viaxou faenando como pescador.

135. Fornelos de Montes
Informante 1
Home.
62 anos.
Labrego.
Non sabe ler.
Non fixo viaxes.

Informante 2
Home.
65 anos.
Labrego.
Sen datos sobre formación.
Estadía de dous anos en Lisboa.

136. Nigrán
Informante 1
Home.
82 anos.
Labrego.
Non sabe ler.
Servizo militar de tres semanas en Pontevedra.

137. Ponteareas
Informante 1
Home.
60 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Estadía de nove anos en Arxentina.

138. Arbo
Informante 1
Home.
65 anos.
Labrego.
Le moi pouco.
Viaxe de 21 días a Lisboa.

Informante 2
Home.
61 anos.
Labrego.
Le algo.
Estadía de seis anos en Cuba.

139. Tui
Informante 1
Home.
51 anos.
Labrego.
Le moi pouco.
Non fixo servizo militar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

140. O Rosal
Informante 1
Home.
75 anos.
Muiñeiro.
Non sabe ler.
Non viaxou nunca.

Informante 2
Home.
46 anos.
Telleiro.
Le algo.
Tempadas en Portugal e Castela traballando de telleiro.

141. O Irixo
Informante 1
Home.
60 anos.
Canteiro e labrego.
Le algo.
Estadía de seis meses en Miranda do Douro (Portugal). Estadía de sete meses en Puebla de Sanabria. Outras estadías máis breves traballando como canteiro na provincia de León.

142. Vilamarín
Informante 1
Home.
62 anos.
Carpinteiro e labrego.
Le algo.
Viaxes de días a Ourense.

Informante 2
Home.
75 anos.
Labrego.
Sen datos sobre formación.
Nunca viaxou.

143. A Arnoia
Informante 1
Home.
69 anos.
Labrego.
Le algo.
Viaxes de días a Vigo, a Ourense e á Coruña.

144. Maceda
Informante 1
Home.
58 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Viaxe de oito días a Portugal. Non fixo o servizo militar.

145. Chandrexa de Queixa
Informante 1
Home.
56 anos.
Labrego.
Le algo.
Nunca viaxou.

146. O Bolo
Informante 1
Muller.
39 anos.
Labrega.
Sabe ler.
Nunca viaxou.

Informante 2
Home.
67 anos.
Labrego.
Non sabe ler.
Servizo militar de catro anos en Cuba. Foi repetidas veces á seitura a Castela.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

147. Rubiá
Informante 1
Home.
62 anos.
Labrego.
Le algo.
Oito ou dez viaxes a Ávila durante o mes da seitura.

Informante 2
Home.
48 anos.
Panadeiro.
Sabe ler.
Servizo militar: ano e medio en León e ano e medio en Melilla. Viaxes de días a Ourense.

148. Rairiz de Veiga
Informante 1
Muller.
45 anos.
labrega.
Non sabe ler.
Viaxes de días a Celanova e a Xinzo vendendo patacas.

Informante 2
Home.
57 anos.
Labrego.
Le algo.
Viaxes de días a Ourense.

149. A Gudiña
Informante 1
Muller.
65 anos.
Labrega.
Le algo.
Nunca viaxou.

Informante 2
Home.
56 anos.
Labrego.
Le algo.
Viaxes de días a Ourense e ó Barco de Valdeorras.

150. Entrimo
Informante 1
Muller.
57 anos.
Labrega.
Sabe ler e escribir.
Tres viaxes ós baños do Río Caldo.

Informante 2
Home.
62 anos.
Canteiro.
Non sabe ler.
Tempadas en Portugal traballando de canteiro. Estadía de cinco meses en Zamora.

151. Oímbra
Informante 1
Muller.
79 anos.
Labrega.
Non sabe ler.
Nunca viaxou.

Informante 2
Home.
54 anos.
Labrego.
Le algo.
Servizo militar de dous anos repartidos entre Madrid, Santiago, Zaragoza e Jaca.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

100 (C.03) Ortigueira
Informante 1
Home.
50 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar. Viaxes por Galicia.

101 (C.04) Valdoviño
Informante 1
Home.
70 anos.
Carpinteiro.
Estudos primarios.
Traballou na Bazán de Ferrol.

Informante 2
Varios veciños.

102 (C.09) Pontedeume
Informante 1
Home.
Sen datos sobre a idade.
Electricista e labrego.
Sen datos sobre formación.
Fixo o servizo militar.

Informante 2
Home.
Sen datos sobre a idade.
Electricista e labrego.
Sen datos sobre formación.
Fixo o servizo militar.

103 (C.10) Sada
Informante 1
Home.
54 anos.
Mariñeiro e labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar.

Informante 2
Home.
80 anos.
Carpinteiro e labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar.

Informante III
Muller.
86 anos.
Labrega.
Non sabe ler.
Sen datos sobre viaxes.

104 (C.19) Carral
Informante 1
Varios veciños

105 (C.20) Aranga
Informante 1
Varios veciños.

106 (C.22) Vimianzo
Informante 1
Home.
62 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar. Foi á guerra en Asturias, Guadalajara e Teruel. Viaxou por puntos de Galicia.

107 (C.18) Carballo
Informante 1
Muller.
76 anos.

Labrega.
Estudos primarios.
Non viaxou.

108 (C.34) Fisterra
Informante 1
Home.
70 anos, aproximadamente.
Labrego.
Sen datos sobre formación.
Sen datos sobre viaxes.

Informante 2
Muller.
70 anos, aproximadamente.
Labrega.
Sen datos sobre formación.
Sen datos sobre viaxes.

109 (C.27) Santa Comba
Informante 1
Home.
74 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Non fixo o servizo militar. Viaxou ó Brasil e a Montevideo.

110 (C.31) Oroso
Informante 1
Muller.
63 anos.
Labrega.
Estudos primarios.
Sen datos sobre viaxes.

Informante 2
Home.
69 anos.
Carpinteiro e labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar.

111 (C.26) Vilasantar
Informante 1
Home.
50 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Sen datos sobre viaxes.

112 (C.35) Santiago de Compostela
Informante 1
Home.
53 anos.
Ebanista.
Estudos primarios.
Sen datos sobre viaxes.

Informante 2
Varios veciños.

112a (C.43) Muros
Informante 1
Home.
Sen máis datos.

113 (C.46) Dodro
Informante 1
Home.
79 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Estadía de seis anos en Arxentina.

Informante 2
Muller.
63 anos.
Labrega.
Estudos primarios.
Estadía de dous meses en Holanda.

114 (L.01) Viveiro
Informante 1
Home.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

60 anos, aproximadamente.
Labrego.
Sen datos sobre formación.
Sen datos sobre viaxes.

115 (L.07) Muras
Informante 1
Muller.
40 anos, aproximadamente.
Sen máis datos.

116 (L.05) O Valadouro
Informante 1
Home.
46 anos.
Comerciante.
Estudos primarios.
Viaxes por Galicia

Informante 2
Home.
62 anos.
Carpinteiro e labrego.
Non fixo o servizo militar. Viaxou por Galicia e algunha vez a Portugal.

117 (L.04) Ribadeo
Informante 1
Home.
75 anos.
Mariñeiro e labrego.
Estudos primarios.
Servizo militar en Ferrol, Barcelona e Marrocos. Estadía en Nova York.

Informante 2
Home.
70 anos.
Mariñeiro e labrego.
Estudos primarios.
Non fixo o servizo militar. Estadía de 11 anos en Cuba.

118 (L.17) Guitiriz
Informante 1
Varios veciños.

119 (L.14) Cospeito
Informante 1
Muller.
41 anos.
Fondista.
Estudos primarios.
Non viaxou.

Informante 2
Varios veciños.

120 (L.16) A Fonsagrada
Informante 1
Home.
67 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Servizo militar en Tetuán. Foi á guerra do 36.

Informante 2
Muller.
90 anos.
Sen máis datos.

121 (L.28) Palas de Rei
Informante 1
Home.
61 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Foi á guerra do 36.

Informante 2
Home.
78 anos.
Labrego.
Estudos primarios.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Non fixo o servizo militar.

122 (L.23) Navia de Suarna
Informante 1
Varios veciños.

123 (L.26) Láncara
Informante 1
Home.
55 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Servizo militar na Coruña. Viaxes por Galicia e zonas do Estado Español.

124 (L.29) Cervantes
Informante 1
Muller.
58 anos.
Labrega.
Sen datos sobre formación
Viaxou a Barcelona.

Informante 2
Home.
44 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Non fixo o servizo militar. Viaxou a Barcelona e á Coruña.

Informante 3
Home.
50 anos.
Labrego.
Sen datos sobre formación.
Servizo militar en Ferrol. Non viaxou.

125 (L.36) Carballedo
Informante 1
Home.
51 anos.
Gandeiro e labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Muller.
50 anos.
Labrega.
Sen datos sobre formación.
Viaxou por Galicia.

126 (L.39) Sober
Informante 1
Tres veciños.

127 (L.38) Ribas de Sil
Informante 1
Home.
53 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Foi á guerra do 36.

128 (P.02) Agolada
Informante 1
Home.
36 anos.
Labrego.
Sen datos sobre formación.
Estadía de seis anos en Bilbo.

Informante 2
Home.
48 anos.
Tratante de viños, tratante de patacas e labrego.
Estudos primarios.
Polo traballo viaxa por toda Galicia.

129 (P.05) Silleda
Informante 1
Home.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

68 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar. Foi á guerra do 36.

130 (P.09) Moraña
Informante 1
Home.
76 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou a Sevilla e a Cuba.

Informante 2
Home.
64 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar. Non viaxou.

131 (P.12) Cambados
Informante 1
Muller.
51 anos.
Peixeira.
Estudos primarios.
Viaxou a Portugal.

Informante 2
Home.
50 anos.
Mariñeiro.
Estudos primarios.
Non fixo o servizo militar. Estivo emigrado oito anos en Holanda e Inglaterra.

Informante 3
Muller.
50 anos.
Labrega.
Estudos primarios.
Non viaxou.

132 (P.16) Sanxenxo
Informante 1
Home.
72 anos.
Labrego.
Sen datos sobre formación.
Viaxou a Buenos Aires.

Informante 2
Muller.
58 anos.
Sen máis datos.

133 (P.10) Forcarei
Informante 1
Home.
59 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Servizo militar durante a guerra do 36.

Informante 2
Un veciño.

134 (P.18) Bueu
Informante 1
Home.
63 anos.
Labrego.
Sen máis datos.

Informante 2
Home.
78 anos.
Sen máis datos.

135 (P.17) A Lama
Informante 1
Home.
55 anos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Zapateiro.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar. Foi á guerra do 36.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Home.
65 anos.
Labrego.
Sen datos sobre formación.
Estadía de dous anos en Lisboa.

136 (P.28) Baiona
Informante 1
Un veciño.

137 (P.25) Ponteareas
Informante 1
Varios veciños.

138 (P.27) Arbo
Informante 1
Home.
55 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar. Viaxou por Galicia.

139 (P.29) Salceda de Caselas
Informante 1
Home.
70 anos.
Canteiro, carpinteiro e labrego.
Estudos primarios.
Foi á guerra do 36 en Teruel.
Informante 2
Muller.
40 anos.
Sen máis datos.

140 (P.33) A Guarda
Informante 1
Home.
74 anos.
Telleiro e labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar. Viaxou por Galicia e Castela.

141 (O.02) Boborás
Informante 1
Home.
71 anos.
Canteiro e labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar.
Traballou por Galicia e Castela.

142 (O.02) Cea
Informante 1
Home.
49 anos.
Sen datos sobre a profesión.
Estudos primarios.
Viaxou por Madrid, Barcelona e Zaragoza.

143 (O.10) Ribadavia
Informante 1
Varios veciños.

144 (O.14) Baños de Molgas
Informante 1
Varios veciños

145 (O.13) Chandrexa de Queixa
Informante 1
Home.
62 anos.
Labrego.

Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Varios veciños.

146 (O.12) A Veiga
Informante 1
Home.
53 anos.
Fontaneiro.
Sen datos sobre formación.
Non fixo o servizo militar. Viaxou por Galicia.

Informante 2
Home.
52 anos.
Labrego.
Sen datos sobre formación.
Fixo o servizo militar. Estadías en Bilbo e Francia.

147 (O.03) Rubiá
Informante 1
Home.
67 anos.
Labrego.
Sen datos sobre formación.
Viaxou ó Brasil. Viaxou por Galicia.

Informante 2
Home.
60 anos.
Sen máis datos.

148 (O.20) Xinzo de Limia
Informante 1
Home.
72 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Fixo o servizo militar. Viaxou por Galicia.

Informante 2
Home.
46 anos.
Labrego e industrial.
Sen datos sobre formación.
Viaxou por fóra de Galicia.

149 (O.21) A Gudiña
Informante 1
Varios veciños.

150 (O.26) Entrimo
Informante 1
Muller.
65 anos, aproximadamente.
Sen máis datos.

Informante 2
Muller.
30 anos.
Sen máis datos.

151 (O.30) Oímbra
Informante 1
Home.
79 anos.
Carpinteiro.
Estudos primarios.
Sen datos sobre viaxes.

Informante 2
Home.
66 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Sen datos sobre viaxes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

100. Cariño
Informante 1
Home.
68 anos.
Labrego e mariñeiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, por diversos puntos de España e polo norte de Portugal.

Informante 2
Home.
71 anos.
Labrego e mariñeiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia. Traballou un ano e medio en Inglaterra.

101. Valdoviño
Informante 1
Home.
75 anos.
Labrego e tendeiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal. Foi algunha vez a Madrid.

102. Miño
Informante 1
Home.
52 anos.
Mariñeiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Home.
72 anos.
Labrego e gandeiro.
Sabe ler e escribir.
Viaxou por Galicia para asistir a distintas feiras de gando.

103. Oleiros
Informante 1
Muller.
82 anos.
Labrega e costureira.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

104. Abegondo
Informante 1
Muller.
77 anos.
Labrega.
Sabe ler e escribir.
Viaxou por Galicia.

105. Aranga
Informante 1
Home.
63 anos.
Labrego e gandeiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Muller.
61 anos.
Labrega e gandeira.
Estudos primarios.

Informante 3
Muller.
41 anos.
Auxiliar de farmacia.
Estudos secundarios.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

106. Zas
Informante 1
Muller.
71 anos.
Labrega.
Sabe ler.
Viaxou algo por Galicia.

Informante 2
Home.
57 anos.
Tractorista.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, polo norte de Portugal e por distintos puntos de España.

107. Carballo
Informante 1
Muller.
67 anos.
Labrega e queixeira.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Home.
62 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia. Traballou seis anos en Barcelona.

108. Corcubión
Informante 1
Home.
65 anos.
Mariñeiro.
Estudos primarios.
Viaxou algo por Galicia.

Informante 2
Un veciño.

109. Santa Comba
Informante 1
Muller.
78 anos.
Labrega.
Sabe ler.
Algunha viaxe a Santiago de Compostela.

Informante 2
Home.
49 anos.
Gandeiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, polo norte de Portugal e por distintos puntos de España.

110. Ordes
Informante 1
Home.
71 anos.
Labrego e madeirista.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia. Traballou durante uns tres anos en Suíza.

Informante 2
Muller.
59 anos.
Ama de casa.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

111. Boimorto
Informante 1
Muller.
86 anos.
Labrega.
Sabe ler.
Viaxou algunhas veces a Santiago de Compostela.

USC DE COMPOSTELA

Informante 2
Muller.
80 anos.
Labrega.
Sabe ler.
Viaxou algo por Galicia.

112. Santiago de Compostela
Informante 1
Muller.
79 anos.
Ama de casa.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Muller.
73 anos.
Labrega.
Sabe ler.
Viaxou por Galicia.

112a. Muros
Informante 1
Home.
61 anos.
Labrego e mariñeiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia. Traballou algúns anos en Francia.

113. Rois
Informante 1
Muller.
62 anos.
Cociñeira.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Home.
60 anos.
Estudos primarios.
Mecánico e tractorista.
Viaxou por Galicia.

114. Viveiro
Informante 1
Muller.
65 anos.
Ama de casa.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e por distintos puntos de España.

Informante 2
Home.
62 anos.
Electricista.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e por distintos puntos de España.

115. Muras
Informante 1
Muller.
69 anos.
Labrega.
Estudos primarios.
Viaxou algo por Galicia.

Informante 2
Home.
70 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou algo por Galicia. Traballou durante un ano e medio en Avilés.

116. O Valadouro
Informante 1
Home.
87 anos.
Zapateiro.

Sabe ler e escribir
Viaxou moi pouco. Visitou localidades da Mariña lucense, a capital da provincia e Santiago de Compostela.

117. Ribadeo
Informante 1
Muller.
73 anos.
Labrega.
Sabe ler e escribir.
Viaxou algo por Galicia.

Informante 2
Home.
55 anos.
Albanel e pintor.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e por distintos puntos de España.

118. Guitiriz
Informante 1
Home.
66 anos.
Mecánico de maquinaria agraria.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, e distintos puntos de Portugal e España.

Informante 2
Home.
71 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

119. Cospeito
Informante 1
Muller.
61 anos.
Carniceira.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Home.
48 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

120. A Fonsagrada
Informante 1
Home.
58 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou algo por Galicia.

Informante 2
Muller.
74 anos.
Labrega.
Sabe ler e escribir.
Viaxou algunha vez a Lugo.

121. Palas de Rei
Informante 1
Muller.
67 anos.
Labrega.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Muller.
65 anos.
Labrega e queixeira.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 3
Muller.
67 anos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Labrega.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

122. Navia de Suarna
Informante 1
Home.
67 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e por distintos puntos de España. Traballou algúns anos nas minas en León.

Informante 2
Muller
Labrega.
64 anos.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e por distintos puntos de España.

Informante 3
Varios veciños.

123. Sarria
Informante 1
Home.
58 anos.
Carpinteiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, polo norte de Portugal e por distintos puntos de España.

124. O Cebreiro
Informante 1
Home.
76 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou algo por Galicia, Asturias e León.

125. Chantada
Informante 1
Home.
71 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Viaxou moi pouco, sempre visitando localidades galegas.

Informante 2
Muller.
68 anos.
Labrega.
Sabe ler.
Viaxou moi pouco, sempre visitando localidades galegas.

126. Sober
Informante 1
Home.
72 anos.
Labrego e carpinteiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Un veciño.

127. Ribas de Sil
Informante 1
Home.
60 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, polo norte de Portugal e por distintos puntos de España.
Traballou durante sete anos en Suíza.

Informante 2
Home.
57 anos.
Mecánico de automóbiles.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

128. Agolada
Informante 1
Muller.
72 anos.
Labrega.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Muller.
57 anos.
labrega.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

129. Silleda
Informante 1
Muller.
69 anos.
Ama de casa e costureira.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

130. Cuntis
Informante 1
Home.
69 anos.
Albanel.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e por distintos puntos de España.

Informante 2
Un veciño

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

131. Vilanova de Arousa
Informante 1
Muller.
76 anos.
Asistente doméstica.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

132. Meaño
Informante 1
Home.
63 anos.
Padexeiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e por distintos puntos de Portugal, España e Francia.

Informante 2
Muller.
53 anos.
Cociñeira.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, polo norte de Portugal e por distintos puntos de España.

133. Cerdedo
Informante 1
Home.
71 anos.
Labrego.
Sabe ler.
Viaxou algo por Galicia.

Informante 2
Home.
65 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

134. Bueu
Informante 1
Home.
67 anos.
Mecánico naval e mariñeiro.

Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e por distintos puntos de Portugal e España.

135. Fornelos de Montes
Informante 1
Home.
68 anos.
Tendeiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

Informante 2
Muller.
67 anos.
Panadeira.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

136. Nigrán
Informante 1
Home.
76 anos.
Mariñeiro.
Sabe ler.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

137. Ponteareas
Informante 1
Muller.
62 anos.
Labrega.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

Informante 2
Home.
65 anos.
Labrego e albanel.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal. Traballou algún tempo en Alacante.

138. Arbo
Informante 1
Muller.
77 anos.
Labrega.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia. Traballou varias tempadas en Lisboa durante dez ou doce anos.

Informante 2
Muller.
53 anos.
Costureira e comerciante.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, polo norte de Portugal e por distintos puntos de España.

139. Tui
Informante 1
Muller.
55 anos.
Asistente doméstica.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

140. O Rosal
Informante 1
Home.
72 anos.
Vendedor de materiais de construción.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, por España, por Portugal e por Francia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

141. O Irixo
Informante 1
Home.
72 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

Informante 2
Home.
54 anos.
Canteiro.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, por Portugal e por León, principalmente por mor do seu traballo.

142. Vilamarín
Informante 1
Home.
78 anos.
Labrego.
Sabe ler e escribir.
Viaxou algo por Galicia.

Informante 2
Muller.
75 anos.
Labrega.
Sabe ler e escribir.
Viaxou algo por Galicia.

143. A Arnoia
Informante 1
Muller.
73 anos.
Labrega.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

144. Maceda
Informante 1
Home.
69 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia.

145. Chandrexa de Queixa
Informante 1
Muller.
61 anos.
Labrega.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, polo norte de Portugal e por algúns puntos de España.

Informante 2
Home.
65 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, polo norte de Portugal e por algúns puntos de España.

146. O Bolo
Informante 1
Muller.
77 anos.
Labrega.
Sabe ler e escribir.
Viaxou algo por Galicia.

Informante 2
Muller.
79 anos.
Labrega.
Sabe ler e escribir.
Viaxou algo por Galicia.

Informante 3
Home.

USC DE COMPOSTELA

76 anos.
Labrego e apicultor.
Sabe ler e escribir.
Viaxou algo por Galicia. Traballou algún tempo nunha fábrica de penso en Ponferrada.

147. Rubiá

Informante 1
Home.
69 anos.
Labrego e viticultor.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

Informante 2
Home.
67 anos.
Labrego e viticultor.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, polo norte de Portugal e por algúns puntos de España.

148. Rairiz de Veiga

Informante 1
Home.
74 anos.
Labrego e tratante de patacas.
Sabe ler e escribir.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

149. A Gudiña

Informante 1
Home.
51 anos.
Albanel.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia, polo norte de Portugal e por distintos puntos de España.
Traballou algunha tempada en Mallorca.

Informante 2
Home.
67 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

150. Entrimo

Informante 1
Muller.
87 anos.
Labrega.
Sabe ler e escribir.
Viaxou algo por Galicia e polo norte de Portugal.

151. Oímbra

Informante 1
Home.
69 anos.
Carpinteiro e labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

Informante 2
Home.
54 anos.
Labrego.
Estudos primarios.
Viaxou por Galicia e polo norte de Portugal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Este traballo ten o obxectivo de estudar o cambio lingüístico do galego falado nun período que vai desde o primeiro terzo do s. XX ata a primeira década do s. XXI. Os materiais que se analizan están tomados de tres proxectos de documentación xeolingüística realizados en tres momentos deste intervalo: o ALPI (1934-1935), o ALGa (1974-1977) e a NEnq (2008), denominación coa que identificamos un estudo de campo desenvolvido especificamente para rexistrar os datos do período máis recente. A investigación enmárcase dentro do ámbito da lingüística variacionista e da análise do cambio en tempo real. Nela combínase a observación do cambio lingüístico de variantes correspondentes a un conxunto de variables fonéticas, morfolóxicas e léxicas coa análise da súa evolución ó longo de tres etapas delimitadas pola datación dos materiais empregados.